ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Luis Martín
Agrelo Janza

Tese de doutoramento

A patrimonialización dos espazos naturais protexidos galegos: análise de territorios de montaña

Santiago de Compostela, 2024

Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

A PATRIMONIALIZACIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS GALEGOS: ANÁLISE DE TERRITORIOS DE MONTAÑA

Luis Martín Agrelo Janza

Directores: Valerià Paül Carril e Juan Manuel Trillo Santamaría

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2024

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Esta tese de doutoramento desenvolveuse ao abeiro do «Programa de axudas á etapa predoutoral da Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional)»

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Á miña nai Loli, pois acompañoume co seu amor até quedar sen folgos. E ao meu pai Luis, que é todo bondade e todo comprensión.

Ás miñas irmás Elena e Irene. Son parte de min e fixeron posible iniciar este camiño acompañándome onde for preciso para facer traballo de campo nos momento máis difíciles. Á miña irmá Ana e ao meu avó Guillermo. As súas ensinanzas axúdanme a medrar.

Á miña sobriña Xiana. Chegou para alumear o final desta etapa.

A Paula. O teu amor, apoio e comprensión infinitos déronme azos para chegar a bo porto. Seguiremos creando xuntos.

Aos meus apoios de San Roque e de Barna: Ali, Lucía, Paula L., Ana, Mike, Michael, Abraham, Marcos e Paula F. As viaxes compartidas, o asesoramento lingüístico e cartográfico. Todo está reflectido nesta tese e todo gardado na nosa memoria. Tamén a Rebeca, que en parte tamén é lindeira do Monte Pindo. Ás amizades de Caldas, Pontevedra e Santiago. Seguir aí despois destes anos ten o seu mérito.

Á Asociación Monte Pindo Parque Natural, que axudou en todo o posible para coñecer o Olimpo Celta de preto. Tamén a Cholo e Marcos, que fixeron o propio con Pena Trevinca brindando un bo fogar e unhas mellores conversas. En xeral a todas as persoas que colaboraron desinteresadamente nas entrevistas realizadas. Elas e as súas historias son paisaxe.

Ao grupo do Instituto de Xeografía da Universidade de Innsbruck e do proxecto Highlands.3 en xeral, por abrirme novos horizontes.

A todas as amizades da facultade, en especial ás do café das 11: Ismael, Inês, Diego, Rubén, Alejandro, Roberto, Poso, María, Nerea, Antonio, Ramón, Daniel... Sen elas todo sería moito máis difícil e, sobre todo, máis aburrido.

Ao Departamento de Xeografía da USC, que me acolleu e brindou o espazo de traballo necesario.

Aos meus directores e mestres, Valerià e Juanma. Sen a súa paciencia e a súa guía, nada disto sería posible.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

ÍNDICE 7
ÍNDICE DE FIGURAS 10
ÍNDICE DE TÁBOAS 13
ÍNDICE DE ABREVIATURAS 14
RESUMO / RESUMEN / ABSTRACT 15
1 INTRODUCIÓN 17
1.1 Obxecto de estudo 19
1.2 Relevancia científica e social da cuestión 22
1.3 Obxectivos de investigación 26
1.4 Hipóteses de investigación 27
1.5 Antecedentes. A creación dos espazos protexidos galegos 27
1.5.1 Os primeiros espazos protexidos, e outros tantos frustrados. Entre a II República e a ditadura franquista 28
1.5.2 O xiro ecoloxista e os primeiros parques galegos (1975-1989) 31
1.5.3 O desenvolvemento das competencias autonómicas en materia de protección da natureza a partir de 1989 38
1.5.4 O fracaso dunha nova etapa expansiva (2004-2014). A introdución formal da paisaxe nos espazos protexidos 44
1.5.5 Os espazos protexidos galegos na actualidade 48
1.5.6 Xustificación dos casos de estudo elixidos: parques naturais frustrados na montaña galega 52
1.6 Estrutura xeral da tese 54
2 MARCO TEÓRICO 57
2.1 Paisaxe 57
2.1.1 Orixes do concepto de paisaxe 57
2.1.2 Os achegamentos materiais á paisaxe. Do positivismo científico á Ecoloxía da Paisaxe 61
2.1.3 O achegamento inmaterial. A paisaxe como construción cultural 69
2.1.4 A superación dos dualismos na representación da paisaxe. Unha conflitiva integración de suxeito e obxecto, de natureza e cultura, do tanxible e intanxible 74
2.1.5 A patrimonialización da paisaxe 79
2.1.6 As montañas na paisaxe galega 86
2.2 Espazos protexidos 89
2.2.1 Orixe e evolución dos espazos protexidos 89
2.2.2 A definición de espazo protexido 101
2.2.3 As formas que adquire a protección da natureza 102
2.2.4 Actitudes ante os espazos protexidos 108
2.2.5 As paisaxes de montaña: protagonistas na declaración de espazos protexidos 110
3 CARACTERIZACIÓN DAS ÁREAS DE ESTUDO 113
3.1 Delimitación 114
3.1.1 A área de estudo de Pena Trevinca 114
3.1.2 A área de estudo do Monte Pindo 116
3.2 As figuras de protección actuais en pena trevinca e monte pindo 118
3.2.1 ZEC Pena Trevinca 118

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2.2 ZEC Monte Pindo ... 119
3.3 Aspectos físicos ... 119
3.3.1 Caracterización física da alta montaña de Pena Trevinca ... 120
3.3.2 Un gran penedo granítico na costa galega ... 123
3.4 Aspectos humanos ... 127
3.4.1 Do protagonismo gandeiro ao extractivismo no teito de Galiza ... 127
3.4.2 Aspectos humanos do Monte Pindo ... 133
3.5 Contexto social e cultural ... 136
3.5.1 Lugar de resistencia e berce do montañismo galego ... 136
3.5.2 A acumulación simbólica do Monte Pindo ... 139
4 METODOLOXÍA ... 147
4.1 Premisas metodolóxicas ... 147
4.2 Métodos e técnicas empregados ... 149
4.2.1 Revisión bibliográfica e documental ... 149
4.2.2 Entrevistas ... 150
4.2.3 Observación participativa e traballo de campo ... 156
5 RESULTADOS (I): PENA TREVINCA ... 159
5.1 Protección dos ecosistemas de montaña ... 160
5.1.1 Natureza pura de (alta) montaña ... 160
5.1.2 Unha paisaxe natural descoñecida ameazada de destrución ... 164
5.1.3 A protección dos valores naturais e o turismo de baixa densidade ... 168
5.1.4 Un cambio no modelo de protección: a posibilidade do parque natural ... 172
5.2 Protección como ferramenta de desenvolvemento ... 175
5.2.1 Unha paisaxe cultural alén da natureza ... 176
5.2.2 Cambios nunha paisaxe humanizada e produtiva ... 177
5.2.3 Concertación entre a protección da natureza e as actividades económicas ... 179
5.2.4 Un modelo menos ríxido e máis participado de espazo protexido ... 184
5.3 O discurso escéptico cara á protección ... 188
5.3.1 Unha paisaxe cotiá en abandono ... 188
5.3.2 Os intereses das comunidades locais priman sobre a protección da natureza ... 191
5.3.3 A protección como problema. A mala experiencia da Rede Natura 2000 e do parque natural seabrés ... 193
6 RESULTADOS (II): MONTE PINDO ... 199
6.1 Protección para a conservación do Monte Pindo ... 200
6.1.1 A singularidade do “deserto de pedra” ... 201
6.1.2 O pasado salvaxe do Monte Pindo: a natureza cando “cada pedra ten un nome” ... 208
6.1.3 Desprotección ... 210
6.1.4 Un parque natural para protexer o Monte Pindo ... 215
6.2 Protección con desenvolvemento turístico ... 216
6.2.1 Un monte conectado ás comunidades locais ... 218
6.2.2 De lugar para o traballo a destino de lecer ... 222
6.2.3 O turismo atrae a poboación local a causa da AMPPN ... 228
6.2.4 Un parque natural que atraia e controle o turismo ... 231
6.3 O discurso contrario ao parque natural no Monte Pindo ... 235
6.3.1 Un “pedregal” aínda pouco valorado ... 235

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.2 Cara a un Monte Pindo sen aproveitamentos e abandonado ... 236
6.3.3 As interferencias políticas na loita pola declaración ... 237
6.3.4 O medo ás restricións do parque natural ... 238
7 DISCUSIÓN ... 241
7.1 Patrimonialización das paisaxes ... 241
7.2 Paradigmas e actitudes na declaración de espazos protexidos ... 245
8 CONCLUSIÓNS ... 249
8.1 Cumprimento dos obxectivos e das hipóteses de partida ... 250
8.2 Aprendizaxes e limitacións identificadas ... 252
8.3 Propostas de xestión de cara ao futuro ... 254
9 CONCLUSIONS ... 259
9.1 Verification of objectives and hypothesis ... 260
9.2 Lessons and limitations ... 262
9.3 Management proposals for the future ... 264
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS ... 269
REFERENCIAS LEXISLATIVAS ... 287

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Mapa de espazos protexidos propostos como unha rede de "Zonas de protección y acondicionamiento del medio ambiente", segundo o Plan Director Territorial de Coordinación de Galicia 34

Figura 2. Distribución das nove rexións bioxeográficas nas que a Rede Natura 2000 divide Europa 42

Figura 3. Evolución (1984-2024) da superficie protexida en Galiza de acordo coas leis de espazos protexidos estatais e autonómicas e coa Directiva Hábitats 47

Figura 4. Espazos protexidos da Rede Natura 2000 e da RGEP 49

Figura 5. Superficie protexida baixo figuras propias de cada CCAA, expresadas en % 50

Figura 6. Superficie terrestre protexida (%) por CCAA 51

Figura 7. As cinco fases do *xogo da patrimonialización* 84

Figura 8. Théodore Rousseau. *Un petit matin d'été dans la forêt de Fontainebleau*, 1861 94

Figura 9. Mapa esquemático de Yellowstone realizado con intencionalidade turística, no que se resaltan os principais atractivos que o goberno federal e os múltiples concesionarios de servizos querían ofrecer aos visitantes 95

Figura 10. As categorías de espazos protexidos da UICN segundo as súas condicións naturais, de menor a maior grao de modificación medioambiental 105

Figura 11. Localización das áreas de estudo no contexto dos espazos protexidos do Estado Español 113

Figura 12. Localización da área de estudo de Pena Trevinca e zonificación interna de acordo co Plan Director da Rede Natura de Galiza 115

Figura 13. Localización da área de estudo de Monte Pindo e zonificación interna de acordo co Plan Director da Rede Natura de Galiza 117

Figura 14. Vista do Fial, pico arredondado onde predominan as herbáceas e pequenas arbustivas, arredor dos 1.800 m de altura 121

Figura 15. Vista do val alto do Bibei, onde deixaron a súa pegada o glaciarismo cuaternario e mais a gandaría secular 122

Figura 17. Formas graníticas acasteladas, características do Monte Pindo (vista II) 124

Figura 16. Formas graníticas acasteladas, características do Monte Pindo (vista I) 124

Figura 18. As inusuais covas graníticas como esta no Campo das Cortes, preto do cumio, son, porén, frecuentes no Monte Pindo. Moitas delas atópanse agochadas entre a vexetación. No pasado existía un gran coñecemento de cada unha delas nas comunidades locais, pois todas tiñan o seu nome e desde séculos atrás foron empregadas con diversos usos, mesmo como refuxio dos fuxidos da Guerra Civil e dos pastores até hai só unhas décadas 125

Figura 19. Ortofotografía do Monte Pindo, na que destaca o macizo granítico case espido, así como a grande masa de auga do encoro de Santa Uxía, na parte nororiental do mapa. 126

Figura 20. Vista parcial da aldea da Ponte, cunha proporción considerable de inmobles en ruínas 128

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Figura 21. Vista parcial da aldea de Xares, cunha proporción considerable de inmobles en ruínas 128

Figura 22. Ortofotografía do sector ao norte do ZEC Pena Trevinca. Nela poden observarse as extensas minas a ceo aberto que se estenden polo concello de Carballeda de Valdeorras e que, nalgún caso, ultrapasan os límites do espazo protexido. 130

Figura 23. Evolución da poboación nas parroquias dos concellos da área de estudo de Pena Trevinca entre os anos 2000 e 2023 131

Figura 24. Entulleiras de lousa en Alto do Campo, con grandes acumulacións e ausencia aparente de xestión. Localízanse xusto no límite da ZEC Pena Trevinca, invadindo o camiño que conduce aos cumios de Pena Trevinca a través da Portela de Portas. 132

Figura 25. Evolución da poboación nas parroquias dos concellos da área de estudo de Monte Pindo entre os anos 2000 e 2023 134

Figura 26. Logo da marca Trevinca-A Veiga, impulsado polo Concello da Veiga 138

Figura 27. Logo do xeodestino Trevinca-Valdeorras, impulsado pola Xunta de Galiza 138

Figura 28. Dobre espiral reconstruída por Barreiro Barral 139

Figura 29. Vista do Monte Pindo desde o lugar de Enxilde, onde Sarmiento se detén a observar a silueta do macizo. Na actualidade alí existe un miradoiro habilitado e sinalizado. Na panorámica tamén destaca a lámina de auga do encoro construído nos anos de 1980 e a aldea do Fieiro, nunha aba arredondada xusto ao pé do Pedregal. 141

Figura 30. Percorrido realizado por Sarmiento bordeando o Monte Pindo en 1745 143

Figura 31. Métodos mobilizados no desenvolvemento da tese 149

Figura 32. Sistema snowballing de selección de participantes 151

Figura 33. Distribución do perfís das persoas entrevistas para o caso de Pena Trevinca (verde) e Monte Pindo (azul) 152

Figura 34. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso conservacionista da protección de Pena Trevinca 160

Figura 35. Minaría de lousa a ceo aberto nas proximidades de Casaio (Carballeda de Valdeorras) 165

Figura 36. Minaría de coltán en Penouta (Viana do Bolo) 165

Figura 37. Descenso en grupo a poucos metros do punto culminante de Pena Trevinca, a 2.127 m de altitude 167

Figura 38. En primeiro plano, a aldea de Vilanova (A Veiga), cos últimos restos dunha nevarada caída dous días antes. Ao fondo, os cumios de Trevinca aínda cubertos de manto branco grazas ás persistentes baixas temperaturas 170

Figura 39. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) da protección de Pena Trevinca baseado no desenvolvemento. 176

Figura 40. Lagoa da Serpe (A Veiga), un exemplo de lagoa de orixe glaciar nas montañas de Trevinca 185

Figura 41. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso escéptico cara á protección de Pena Trevinca 188

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 42. Vista de Pena Surbia, un dos tres principais picos do macizo de Trevinca, desde unha intersección entre o camiño de ascenso e o carreiro que conduce ao Teixadal de Casaio (Carballeda de Valdeorras). Pouco despois deste sinal, o acceso rodado interrómpese mesmo para os vehículos de tracción integral 196

Figura 43. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso conservacionista da protección do Monte Pindo 201

Figura 44. Vistas da pedra do Monte Pindo con distintas tonalidades (I) 202

Figura 45. Vistas da pedra do Monte Pindo con distintas tonalidades (II) 203

Figura 46. Baixada a última hora da tarde cara á vila do Pindo a carón do "Castelo" de San Xurxo 205

Figura 47. Vista do "Castelo" de Penafiel desde a Laxe da Moa. En primeiro plano pode observarse parte do conxunto de pías, microxeoformas graníticas alveolares. Ao fondo á dereita, a cola do encoro de Santa Uxía (río Xallas), e á esquerda o parque eólico Ameixenda-Filgueira. 206

Figura 48. Exemplar de carballo anano rodeado por eucaliptos e piñeiros na contorna de San Cibrán (Carnota), ao sur do Monte Pindo 207

Figura 49. Comezo dun roteiro interpretativo organizado pola Asociación Monte Pindo Parque Natural, con motivo do Día Internacional do Patrimonio 211

Figura 50. Descubrimento dunha placa en homenaxe a José Barreiro Barral, autor da primeira obra monográfica sobre o Monte Pindo. O logo da Asociación Monte Pindo Parque Natural inclúe a folla do carballo anano, dando conta así do valor simbólico desta especie 213

Figura 51. Detalle da placa en homenaxe a Barreiro Barral 213

Figura 52. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso de protección como desenvolvemento do turismo no Monte Pindo. 217

Figura 53. Monte Pindo visto desde o areal de Carnota 219

Figura 54. Campo das Cortes, unha das pequenas depresións que permitían o pasto de gando grazas á humidade que posibilitaba a abundancia de herba fresca, preto xa do cumio 224

Figura 55. O Monte Pindo visto desde a praia de Carnota, coa aldea de Caldebarcos á esquerda 227

Figura 56. Persoas practicando deportes acuáticos na Fervenza (ou Cadoiro) do río Xallas, no lugar de Ézaro (Dumbría). Situada ao norte da Moa, constitúe un exemplo singular de caída vertical de augas doces sobre o esteiro deste curso fluvial, xa en contacto co Océano Atlántico 233

Figura 57. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso contrario á protección do Monte Pindo 235

Figura 58. Campaña publicitaria da Xunta de Galiza orientada á difusión dun canon paisaxístico concreto para o rural 244

Figura 59. Presentación dunha nova campaña de atracción de visitantes aos seis parques naturais e ao parque nacional de Galiza, titulada "7 días, 7 parques", na maior feira internacional de turismo (FITUR) 249

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Categorías de espazos protexidos segundo a UICN 21

Táboa 2. Espazos protexidos declarados como Sitios Naturais de Interese Nacional e Paraxes Pintorescas até a derrogación da figura en 1985, coa equivalencia da categoría de protección actual 30

Táboa 3. Síntese a escala estatal das categorías de protección das CCAA en 2023 37

Táboa 4. Parques (naturais e nacionais) declarados en Galiza 40

Táboa 5. Definición de Patrimonio Cultural e Patrimonio Natural de acordo coa Convención Mundial do Patrimonio da UNESCO (1972). 83

Táboa 6. Posición da poboación local ante a declaración dun espazo protexido en función do estado do conflito 109

Táboa 7. As catro actitudes principais para "salvar a natureza" de acordo cos posicionamentos na dicotomía natureza/cultura (N/C) e co sistema capitalista 110

Táboa 8. Variación de poboación desde 1900 (Pena Trevinca) 131

Táboa 9. Variación de poboación desde 1900 (Monte Pindo) 133

Táboa 10. Superficies de Espazos Naturais Protexidos afectadas por incendios forestais en Galiza (2013-2024) 135

Táboa 11. Contraste teórico entre o estilo cuantitativo-positivista e o cualitativo-interpretativo 148

Táboa 12. Contido dos temas abordados en común nos dous guións das entrevistas 150

Táboa 13. Entrevistas realizadas no caso de Pena Trevinca 153

Táboa 14. Entrevistas realizadas no caso do Monte Pindo 154

Táboa 15. Modelo de cadro analítico que estableceu os núcleos temáticos principais 156

Táboa 16. Actividades de observación participante realizadas nas áreas de estudo 157

Táboa 17. Correspondencia entre os núcleos temáticos e os discursos identificados a través da análise dos principais códigos obtidos nas entrevistas 159

Táboa 18. Correspondencia entre os núcleos temáticos e os discursos identificados a través da análise dos principais códigos obtidos nas entrevistas 200

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE ABREVIATURAS

ADEGA: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
AEIP: Área de Especial Interese Paisaxístico
AMPPN: Asociación Monte Pindo Parque Natural
BNG: Bloque Nacionalista Galego
BOE: Boletín Oficial do Estado
CBD: Comisión para a Diversidade Biolóxica
CEE: Comunidade Económica Europea
DOG: Diario Oficial de Galicia
EEA: Axencia Ambiental Europea
ENIL: Espazo Natural de Interese Local
EPIN: Espazo Privado de Interese Natural
ICONA: Instituto para la Conservación de la Naturaleza
IGME: Instituto Geológico y Minero de España
IGN: Instituto Geográfico Nacional
LCA: Landscape Character Assessment
LIC: Lugar de Interese Natural
MAGRAMA: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente
MITECO: Ministerio para la Transformación Ecológica y el Reto Demográfico
OECMs: Other Effective Area-Based Conservation Measures
PORN: Plan de Ordenación dos Recursos Naturais
PP: Partido Popular
PRUX: Plan Reitor de Uso e Xestión
PSOE: Partido Socialista Obrero Español
RGEP: Rede Galega de Espazos Protexidos
SGHN: Sociedade Galega de Historia Natural
UE: Unión Europea
UICN: Unión Internacional para a Conservación da Natureza
UNESCO: Organización das Nacións Unidas para a Cultura
ZEC: Zona de Especial Conservación
ZEPA: Zona de Especial Protección para as Aves
ZEPVN: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESUMO / RESUMEN / ABSTRACT

Esta tese de doutoramento analiza o proceso de creación de parques naturais en Galiza, centrándose no papel dos discursos paisaxísticos e das representacións sociais nas iniciativas de declaración de senllos espazos protexidos en Pena Trevinca e no Monte Pindo. A partir dunha aproximación exploratoria ao problema evidenciouse que a declaración destas figuras de protección non segue necesariamente criterios obxectivables, senón que entran en xogo argumentos construídos culturalmente. En consecuencia, faise preciso problematizar os significados patrimoniais que a sociedade lle dá a determinados territorios, pois estes non sempre se axustan ás decisións administrativas levan ao recoñecemento oficial. Partindo desta premisa, o estudo pretende cuestionar as razóns polas que as montañas galegas permanecen fóra destas categorías de protección a pesar do seu potencial patrimonial.

O marco teórico sitúase na intersección entre os conceptos de paisaxe e espazos protexidos, e mobiliza en particular a idea de patrimonialización como proceso que integra o paso da identificación do patrimonio até a súa protección. A partir de aí, formúlase unha metodoloxía baseada en entrevistas semiestruturadas e observación participante para analizar as representacións das comunidades locais en relación a estes espazos. Os resultados evidencian a aparición de novos imaxinarios paisaxísticos que desafían a visión hexemónica do territorio galego, desprazando paradigmas tradicionais e biocéntricos nas propostas de creación de parques naturais.

Os capítulos empíricos ofrecen diversas lecturas innovadoras sobre estes procesos, identificando transformacións nas percepcións sociais e nos discursos favorables á protección das montañas galegas. Neste contexto, a investigación propón un decálogo de estratexias e propostas dirixidas á administración para abordar os retos na declaración e xestión destes espazos protexidos, co obxectivo de harmonizar a protección ambiental coa lexítima aspiración ao desenvolvemento das comunidades locais.

****

Esta tesis doctoral analiza el proceso de creación de parques naturales en Galicia, centrándose en el papel de los discursos paisajísticos y las representaciones sociales en las iniciativas de declaración de espacios únicos protegidos en Peña Trevinca y Monte Pindo. Desde una aproximación exploratoria al problema, se ha demostrado que la declaración de estas figuras protectoras no necesariamente sigue criterios objetivos, sino que entran en juego argumentos construidos culturalmente. En consecuencia, es necesario problematizar los significados patrimoniales que la sociedad otorga a ciertos territorios, porque estos no siempre se ajustan a las decisiones administrativas que conducen al reconocimiento oficial. Partiendo de esta premisa, el estudio pretende cuestionar los motivos por los que los montes gallegos quedan fuera de estas categorías de protección a pesar de su potencial patrimonial.

El marco teórico se ubica en la intersección entre los conceptos de paisaje y espacios protegidos, y moviliza en particular la idea de patrimonialización como proceso que integra el paso de la identificación del patrimonio a su protección. A partir de ahí, se formula una metodología basada en entrevistas semiestructuradas y observación participante para analizar las representaciones de las comunidades locales en relación a estos espacios. Los resultados muestran la aparición de nuevos imaginarios paisajísticos que cuestionan la visión hegemónica

USC DE COMPOSTELA

del territorio gallego, desplazando paradigmas tradicionales y biocéntricos en las propuestas de creación de parques naturales.

Los capítulos empíricos ofrecen diversas lecturas innovadoras sobre estos procesos, identificando transformaciones en las percepciones sociales y en los discursos favorables a la protección de la montaña gallega. En este contexto, la investigación propone un decálogo de estrategias y propuestas dirigidas a la administración para abordar los retos en la declaración y gestión de estos espacios protegidos, con el objetivo de armonizar la protección ambiental con la legítima aspiración de desarrollar las comunidades locales.

****

This thesis analyzes the process of creating natural parks in Galicia, focusing on the role of landscape attitudes and social representation in the initiatives to declare protected areas in Pena Trevinca and Monte Pindo, respectively. Taking an exploratory approach to the problem, it became evident that the declaration of protection classifications does not necessarily follow objective criteria, but rather that culturally constructed arguments come into play. Consequently, it became necessary to question the denotations of cultural heritage that society gives to certain territories, since these do not always conform to the administrative decisions leading to official recognition. Starting from this premise, this study aims to question the reasons why the Galician mountains remain outside these protection categories despite their potential as cultural heritage.

The theoretical framework is located at the intersection between concepts of landscape and protected areas, and specifically mobilizes the idea of cultural heritage creation as a process that integrates the identification of heritage to its protection. From there, a methodology based on semi-structured interviews and participant observation was formulated to analyze the representations of local communities in relation to these spaces. The results demonstrate the emergence of new landscape imaginaries that challenge the hegemonic vision of the Galician territory, ousting traditional and biocentric paradigms in proposals for the creation of natural parks.

The empirical chapters offer several innovative readings on these processes, identifying transformations in social perceptions and in attitudes favorable to the protection of the Galician mountains. Within this context, the research proposes a decalogue of strategies and proposals aimed at the administration to address challenges in the declaration and management of these protected spaces, with the aim of integrating environmental protection with the legitimate aspiration for development experienced by local communities.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 INTRODUCIÓN

Os espazos protexidos son resultado dunha representación cultural da natureza. Ao declarárense, institucionalízase unha percepción concreta do territorio: unha paisaxe. E, en efecto, ollar calquera paisaxe como natural é, de cheo, un acto humano, pois involucra necesariamente un suxeito que a observa con intencionalidade e emite o xuízo correspondente sobre ela (Besse, 2000). Polo tanto, é a nosa capacidade reflexiva a que infunde a categoría de natural a un territorio. Por máis barreiras conceptuais que se ergan para separar o natural do cultural, estes dous son ámbitos que se entrecruzan de formas que escapan o frío control e delimitación das disciplinas científicas modernas.

Podemos experimentar esa imbricación no día a día, na conexión entre as persoas e o territorio que habitan, nas vivencias que nos ancoran ou afastan aos lugares (Nogué, 2010; Tuan, 1974). A estes últimos seleccionámolos, entre toda a súa enorme diversidade, en base a traxectorias persoais e colectivas para facérmolos nosos, para crear a nosa propia representación deles. Desde a suposta prístina *wilderness* do parque nacional de Yellowstone até as montañas galegas protexidas baixo a Rede Natura 2000, un fío argumental mantense: a selección do natural en base a argumentos culturais.

En ocasións incluso imos alén, xeramos opinións firmes sobre paisaxes remotas, que non contemplamos máis que a través de produtos audiovisuais. Nalgúns casos, esas paisaxes afastadas non teñen unha contraparte material, son meras simulacións creadas para o consumo, pero o impacto que teñen en nós e no territorio si que son reais (Nogué, 2014). Isto débese á extraordinaria capacidade da paisaxe para se fusionar coa arte, até o punto que é xa un lugar común concibila como unha creación cultural máis (Berque, 2009; Roger, 2007).

Con todo, os espazos protexidos non son exclusivamente un lugar inerte que ollar. As máis das veces, unha vez declarados, tórnanse tamén nun instrumento de ordenación do territorio cunha alta incidencia na vida das poboacións por eles afectadas. Fronte ao que se dá a entender nos textos legais que acompañan a maioría de designacións de espazos protexidos, estes non son porcións de territorio agardando ser descubertos, delimitados e preservados. Hai outras razóns que subxacen tras os indicadores de biodiversidade ou de calidade ambiental. É tan preciso como difícil rastrexar as motivacións da protección dunha paisaxe a partir da incontrolable e cambiante sensibilidade humana. Por ese motivo iniciamos esta tese de doutoramento, que se adentra de cheo nunha contradición sen solución inequívoca: os espazos protexidos como produto dun ollar humano cara á natureza.

Ese comezo retrotráenos a outubro de 2018, cando principia formalmente o proceso de elaboración da presente tese de doutoramento. Se cadra, a orixe deste traballo hai que procurala algo antes, pois enmárcase nunha bagaxe persoal e académica prolongada que fai del o resultado de diferentes reflexións acumuladas no tempo, e cun nexo en común: a percepción da paisaxe e a súa protección. Desde ben cativo, o investigador lembra camiñar os montes que circundan o val do Umia, percorrer cada unha das valgadas, dos prados, das toxeiras ou dos socalcos patrios. Todo debía ser gravado na memoria para facer un seguimento exhaustivo da súa evolución. Esa íntima conexión co territorio, que posiblemente emerxe en todas as persoas como expresión da sensibilidade humana, foise configurando neste caso en vocación académica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fronte á paixón por recompoñer esas pezas dunha paisaxe da infancia para entendela, como se dun crebacabezas se tratase, cos anos evidenciouse a imposibilidade de reter todo nunha única visión verdadeira. Si, era posible recoller imaxes cunha cámara de fotos, gardar rochas como mostra de roteiros, e todo tipo de outras probas empíricas sobre a paisaxe, mais había algo que era máis complexo expresar. Ese baleiro é a frustración ante a imposibilidade de descubrir o mundo exclusivamente cos lentes da verdade científica, da descrición. Se un lugar tan pequeno como a parroquia na que un nace pode chegar a semellar inabarcable, como estudar outros territorios máis extensos, como son a maioría de parques naturais?

Un par de anos antes de emprender este traballo, por volta do 2016, o investigador que escribe estas liñas preguntábase por que existen espazos protexidos como o da illa de Cortegada, baixo a máis alta das restricións a 500 metros de distancia do maior corredor urbano e de comunicacións do país galego: o eixo atlántico. Non foi unha reflexión casual, froito dun brinde ao sol, senón que abrollou como resultado do traballo de campo do Traballo de Fin de Grao (TFG) que o autor desenvolveu no Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia naquelas datas. Era, en efecto, un exemplo evidente das contradicións nas que afondan as políticas de protección da natureza. Se en Occidente levamos tantos anos construíndo a idea de natureza como oposición á acción humana, como é posible que se designe parque nacional unha das paisaxes máis alteradas de Galiza?

Desa pregunta inicial, que se propoñía nun territorio de 54 ha, chegouse á conclusión de que se estaba a construír desde a administración un relato sobreimposto de natureza en chave turística (Agrelo e Paül, 2018). O obxectivo: posicionar un territorio litoral das Rías Baixas como destino alternativo. Moi ao contrario do que ditan os acordos internacionais de referencia (Dudley, 2008), non se tiveron en conta as comunidades locais para a protección, ordenación e xestión do único parque nacional galego.

Máis adiante, coa experiencia acumulada da investigación no seo do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e de estadías en Portugal na Universidade do Porto (UP) e en República Checa na Universidade Técnica de Liberec (TUL), o autor decidiu cambiar de escala. Deste xeito, elevouse a problematización da percepción da paisaxe das poboacións locais a outros parques (naturais, neste caso) galegos, para así achegar inferencias sobre o proceso de declaración destas figuras de protección, que xa se identificara problemático durante o traballo de campo do TFG. Tamén se modificou o obxecto de estudo, ao decidirse pousar a mirada en dúas montañas, pois xulgouse oportuno *a priori* indagar nuns territorios que globalmente son considerados prioritarios, como apunta Paül (2017a), á hora de implementar medidas de protección da natureza.

Xa cos estudos de doutoramento iniciados, concretamente en decembro de 2019, deuse outro paso fundamental no percorrido do investigador, pois comezou un contrato predoutoral na USC. Grazas a esta vinculación laboral financiada polo «Programa de axudas á etapa predoutoral» da Xunta de Galiza (Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional), puidéronse desenvolver as actividades académicas con total dedicación e maiores recursos, sempre dentro do establecido polo regulamento de estudos de doutoramento (Universidade de Santiago de Compostela, 2024). Ademais, a elaboración da tese enriqueceuse das experiencias achegadas pola formación docente que contempla este tipo de postos de traballo.

A finais de outono de 2024 culmínase esta tese de doutoramento que pretende achegar novas ideas sobre a protección da natureza en Galiza. O firme convencemento de que outra realidade é posible está detrás destas liñas. Sen esa visión transformadora nada disto tería

sentido, pois a ciencia xeográfica non pode, e non debe, ser allea ao mundo que lle tocou vivir. Sen a intención de descubrir a solución ao problema da creación dos espazos protexidos, mais coa firme determinación de avanzar nun horizonte mellor para esta terra, preséntase este traballo.

1.1 OBXECTO DE ESTUDO

A creación de espazos protexidos é un tema central en Xeografía, pois implica a selección dun territorio e o establecemento dos seus límites a partir dunha atribución de valores que se asume que o fan merecedor de recoñecemento legal. No entanto, loxicamente esa atribución de valores non é neutra e, polo tanto, non é completamente obxectivable. A existencia de gran parte dos espazos protexidos baseouse nunha apreciación socialmente construída da natureza, como un estado ideal ao que se debe aspirar. Por iso compréndese que a designación dun territorio como parque, monumento ou reserva *natural* mobiliza, mesmo desde antes da súa creación, unha serie de valoracións persoais e colectivas que se ancoran en gran medida en percepcións subxectivas. Neste punto, entran en xogo as olladas paisaxísticas que conflúen no territorio en cuestión. Un espazo poderá ter diversos graos de protección, ou mesmo non tela, en función de como é percibido, xa sexa pola poboación que eventualmente o patrimonialice ou pola institución que outorgue o recoñecemento legal.

Nesta tese de doutoramento proponse un achegamento á declaración de espazos protexidos como paisaxes patrimonializadas, é dicir, como territorios que se protexen en función da atribución de valores *naturais* que son construídos culturalmente pola sociedade. Para facelo estudaranse dous casos concretos (ver Capítulos 5 e 6) de montañas nas que existen propostas para incrementar o seu nivel de protección baixo a figura de parque natural. Trátase de Pena Trevinca —teito de Galiza— e do Monte Pindo —un macizo granítico á beira do mar da Costa da Morte—.

O presente traballo entende eses valores *naturais* asociados aos espazos protexidos como unha representación social e política, de xeito que se enmarca na lectura social formulada por Depraz (2008). Este autor considera que as Ciencias Sociais teñen un papel propio a cumprir no estudo da conservación da natureza en xeral, e dos espazos protexidos en particular. En contraste coa Ecoloxía, a Xeografía pode librarse de "toute opposition simpliste homme/nature" (Depraz, 2008: 25) grazas ao seu enfoque integrador e ao recurso dos métodos cualitativos, que a afastan da necesidade de dar unha resposta infalible a cada pregunta sobre protección que se formule. En consecuencia, as disciplinas sociais si poden afrontar as cuestións ecolóxicas contidas nun obxecto de protección da natureza, como é o caso dun parque natural, pero unicamente en tanto que esas cuestións "justifient des choix opérés par des groupes d'acteurs et qu'elles constituent des représentations politiquement marquées de l'idée de nature, et non parce qu'elles sont une justification absolue aux enjeux environnementaux" (Depraz, 2008: 25). Por ese motivo, conceptos como a biodiversidade ou a calidade paisaxística, que, segundo algunhas voces, son cuantificables e definibles de xeito illado, neste caso serán analizadas como construcións culturais que responden a percepcións subxectivas.

O informe *Protected Areas in Europe: An Overview*, da Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA polas súas siglas en inglés) afirmaba que existe unha preferencia polos territorios de montaña á hora de os gobernos estatais europeos designaren espazos protexidos (EEA, 2012: 60). As razóns aludidas polo devandito informe inclúen a capacidade das montañas de ofrecer xeralmente "greater oportunities for designing protected areas because competition for land use is much lower than in plains or in coastal areas". Ese documento tamén concluíu

que o nesgo a favor das montañas se debe á consideración destas como "important reservoirs of biodiversity", por seren xeralmente máis remotas.

Se na concreción das figuras de protección xogan un papel chave os valores naturais atribuídos a un territorio delimitado, entón será relevante comprender como se atribúen e quen decide que son —ou non— obxecto de protección legal (Nogué, 2019). Nese sentido, os estados-nación occidentais, e as estruturas ao seu servizo, teimaron durante longo tempo en fixar unha valoración paisaxística normativa da natureza (Latour, 2017), que poida soster a ilusión da obxectividade da súa existencia e valide a creación dun novo espazo protexido como un proceso *natural*. Nese caso, o seu desafío consiste en fixar criterios sistemáticos de medición dos valores naturais, acordes á necesidade de datos (cuantitativos e tamén cualitativos) que sustenten a decisión política. O subseguinte problema radica en que eses criterios adoitan ser demasiado ríxidos para captar a complexidade das paisaxes e as reducen a *arquetipos* previsibles, conformados por elementos simbólicos elixidos *ad hoc* para representar a paisaxe *natural* da nación na que se enmarcan (García Álvarez, 2009), dentro dunha listaxe máis ou menos reducida de símbolos identitarios. Nesa formulación de paisaxes arquetípicas, pódese xerar unha distancia entre o obxecto de protección fixado polas estruturas de poder e a paisaxe tal e como é percibida polas persoas, que con frecuencia non responde á agardable —e agradable, para moitos— medición científica cartesiana do territorio.

> Resultan habituales los casos en los que los espacios naturales protegidos entran en contradicción con las comunidades rurales que los habitan. Ello resulta esperable teniendo en cuenta que, en las actuales coordenadas, la protección de la naturaleza, en última instancia, busca preservar lo natural frente a lo que es considerado artificial. (Paül e Hernández Hernández, 2022: 444)

Certamente esta fenda, que pode parecer irresoluble, foi abordada a escala internacional após as disfuncionalidades detectadas na fixación dun estándar universal de categorías de protección e conservación da natureza. Deste xeito, a maioría dos estados forxaron desde mediados do século XX un consenso de mínimos para a declaración de espazos protexidos, como formas de conservación e protección da natureza. Así o demostran as dúas principais institucións internacionais dedicadas á cuestión a escala global: a Unión Internacional de Conservación da Natureza (UICN) e a Comisión da Diversidade Biolóxica (CBD).

Para a primeira os espazos protexidos son "a clearly defined geographical space, recognised, dedicated and managed, through legal or other effective means, to achieve the long-term conservation of nature with associated ecosystem services and cultural values" (Dudley, 2008: 8) e para a segunda, mecanismos que "safeguard the biodiversity and ecosystems that underpin the Sustainable Development Goals" (CBD, 2018: 3). Como é razoable, ambas definicións responden aos obxectivos de dous organismos distintos: no primeiro o foco posiciónase na natureza como obxecto con valor intrínseco do que se derivan beneficios para a humanidade, mentres que no segundo o concepto de biodiversidade motiva a activación de perímetros de protección que preserven *in situ* especies de flora e fauna, e os ecosistemas que habitan. Aparentemente, ningunha das dúas entende a selección de perímetros de protección como un exercicio identitario de representación de naturezas nacionais, mais a aplicación práctica a escalas inferiores veu repetindo este patrón selectivo.

O sistema de clasificación da UICN formula sete grandes categorías que, porén, non definen necesariamente unha xerarquía (Táboa 1). A interpretación destas como de maior ou menor rango de protección débese máis ás inercias dos sistemas nacionais preexistentes e das posteriores interpretacións normativas dos estados que adoptaron esta terminoloxía internacional.

Táboa 1. Categorías de espazos protexidos segundo a UICN

Código	Nome da categoría
Ia	Reserva natural estricta
Ib	Área silvestre
II	Parque nacional
III	Monumento ou característica natural
IV	Áreas de xestión de hábitats / especies
V	Paisaxe terrestre / marino protexido
VI	Área protexida con uso sostible dos recursos naturais

Fonte: Elaboración propia a partir de Dudley, 2008

Entón, como medir o valor dun espazo para determinar a necesidade da súa protección? Desde a Ecoloxía, a disciplina dominante na materia, tense consolidado nos últimos decenios unha resposta a través do cálculo de indicadores de biodiversidade, de naturalidade ou *wilderness*, e mesmo do valor económico ou *capital natural* (EEA, 2019). Esta estratexia concretouse recentemente na teoría dos servizos ecosistémicos que asigna valores a distintos elementos e características do territorio a protexer. Nos primeiros dous casos, que son os que constitúen os valores naturais "intrínsecos" a toda paisaxe (EEA, 2012: 22), establecéronse as análises do estado de saúde dos ecosistemas, o seu grao de aproximación ao natural como un estadio ideal.

Polo tanto, os espazos protexidos son designados en base a argumentos cun alto contido paisaxístico. Así pois, no cerne mesmo do acto de protexer unha fracción de territorio preséntase esta valoración sobre el mesmo. E esa ollada nunca é completamente imparcial, mesmo cando se invoca tal calidade. Polo contrario, a necesidade de salvagardar un territorio da acción humana ou de conservar a biodiversidade, patrimonio material ou inmaterial a costa de restrinxir o acceso das persoas debe ser obxecto de debate. O estudo das actitudes fronte á creación dun espazo protexido require entender como se chegou até o punto de rexeitar ou apoiar unha determinada declaración. As paisaxes xeran opinións e sentimentos que permiten deitar luz sobre esta toma de partido, ou mesmo sobre a ausencia de posición ou absentismo (Depraz, 2008).

Entre a multitude de figuras de protección que existen a día de hoxe no mundo, case incontables (Dudley, 2008), neste traballo centrámonos nos proxectos de novos parques naturais. Esta é unha figura que existe en diversos países europeos (*Parc Naturel Régional* en Francia, *Naturpark* en Alemaña, Suíza e Austria, por citar dous referentes emblemáticos) con diferentes medidas de xestión asociadas. No ordenamento xurídico español poderían emprazarse a medio camiño, en termos da clasificación internacional da UICN, entre a Categoría II —*National Park* (UICN e WCMC, 2020)—, e a Categoría VI —*Protected Area with Sustainable Use of Natural Resources*— (Táboa 1). As encadradas nesta categoría recoñecen o papel da acción humana na configuración dos espazos a protexer, de xeito que manteñen unha cautela significativa á hora de limitala.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Para o caso galego son de especial relevancia os parques naturais, pois, excluíndo a superficie protexida como consecuencia da aplicación da Directiva Hábitats como Rede Natura 2000, é a figura de protección que cobre unha maior superficie. Ademais, a diferenza dos espazos protexidos por mandato da Unión Europea (UE), estes perímetros de protección traen asociados obrigatoriamente senllos plans de ordenación e de xestión, así como uns investimentos estables no territorio. En concreto, abordaremos dous parques naturais potenciais, longamente arelados, para entender a que imaxinarios responden e en que sentido patrimonializan a natureza (a tal efecto, véxase o punto 1.5.6). É por todo isto que se considera un obxecto de estudo pertinente para afondar nas interaccións entre ser humano e natureza.

1.2 RELEVANCIA CIENTÍFICA E SOCIAL DA CUESTIÓN

Os espazos protexidos espertan unha grande atención científica, política e, por momentos, mediática. Constitúen desde hai máis dun século un mecanismo utilizado de xeito masivo para recrear o ideal occidental de natureza. E esta afirmación é crítica para entender os debates públicos xerados ao seu redor, que en innumerables ocasións mesturan temas de urxencia a escala global, como o cambio climático e o desenvolvemento sostible, coas axendas propias dos estados-nación (Büscher e Fletcher, 2020; EEA, 2012; Olwig, 2008). De feito, na inmensa maioría dos casos, estas instancias son as encargadas de declaralos ou, cando menos, de xeraren o marco xurídico que os ampara. Deses debates despréndese que non son mecanismos que veñan dados sen máis dunha valoración obxectiva da natureza, senón que traducen unha ideoloxía subxacente, o que Depraz (2008) nomea como "éticas medioambientais". En consecuencia, ao longo dos seus máis de cen anos de existencia, os espazos protexidos foron tanto fermosas postais salvaxes como refuxios de flora e fauna en perigo, así como instrumentos de control colonial europeo (Zanolin e Paül, 2022; Daston, 2020). Deses sentidos ambiguos da protección da natureza emerxe unha tensión entre o que se protexe e o que non (Mata e Rodríguez Rodríguez, 2022), acentuada polo enorme aumento en número e en extensión total do territorio protexido a escala mundial.

Subxace tras os espazos protexidos unha vella tensión natural-cultural que ten sido en si mesma fonte de controversia. No cerne da disciplina xeográfica está inscrito o estudo desta relación, que Alexander von Humboldt se encargou de refrendar no que se deu en catalogar como o obxecto de estudo final da Xeografía (Paül, 2020; Martínez de Pisón, 2017). Semella pertinente, polo tanto, abordar desde esta ciencia a creación de espazos protexidos.

Fóra dos círculos científicos e políticos, o fenómeno é relevante para as persoas no seu día a día, pois segundo a *World Database on Protected Areas* (WDPA), elaborada polas Nacións Unidas e a UICN[1], en 2024 os espazos protexidos cobren o 16,05% da superficie terrestre e o 8,17% dos océanos. Estes abranguen desde pequenos elementos puntuais até vastos territorios que afectan moreas de asentamentos humanos, e desde 2010 compútanse incluso "other effective area-based conservation measures" (OECMs), que non se basean necesariamente en figuras de protección convencionais con recoñecemento legal. De feito, é problemático falar en números absolutos exactos, pois a profusión de designacións —na última década declarouse o 42% do total de superficie protexida, debido ao grande impulso dos espazos protexidos mariños— levou cos anos a unha extraordinaria disparidade de instrumentos legais difíciles de

[1] World Database on Protected Areas. Dispoñible en liña: <https://www.protectedplanet.net/en/thematic-areas/wdpa> [Consultado o 25/3/2024]

rastrexar polas institucións internacionais que elaboran desde hai décadas unha clasificación sistemática (Dudley, 2008). Con estes datos na man, e unha vez case atinxido o Obxectivo 11 de Aichi 2010 (17% de superficie protexida para 2020), é hora de realizar unha revisión crítica desta burbulla ou *boom* (Zimmerer, 2000) na declaración de espazos protexidos.

As diferentes concepcións da protección da natureza, como fenómeno netamente cultural, deron orixe a un mapa complexo no que existen multitude de solapamentos e conflúen numerosos actores (Olcina e Farinós, 2022). Alén mesmo das figuras con alcance xurídico, nalgúns contextos teñen maior impacto territorial aqueles acordos ou pactos verbais para a non explotación dos recursos naturais por riba de calquera figura declarada por un estado (de aí a ambición de computalos como OECMs). Mesmo en Europa, que se adoita presentar como o paradigma destas políticas publicas coa popular Rede Natura 2000, conviven na práctica cando menos 27 redes de espazos protexidos con cadanseu paradigma do que debe ser a protección da natureza. De afondarmos na análise, posiblemente haxa moitas máis ca 27, contando estados como o español, onde as comunidades autónomas (en diante, CC. AA.) teñen as competencias exclusivas neste ámbito. O caso de Galiza, abordado nesta tese de doutoramento a través do estudo de dous espazos protexidos, é un bo exemplo desta disparidade de enfoques da natureza en relación cos espazos protexidos.

Outro motivo para considerar os espazos protexidos un fenómeno cun alto impacto social e político, alén da súa ampla presenza territorial, estriba no papel que se lles asigna nas sucesivas axendas de desenvolvemento sostible, desde o nacemento do concepto co "Informe Brundtland" da Comisión Mundial do Medio Ambiente e o Desenvolvemento (1987) até o Cumio das Nacións Unidas sobre o Desenvolvemento Sostible de 2015. Neles, insistentemente tense equiparado a protección e conservación da natureza coa idea de desenvolvemento sostible. O papel da Comisión para a Diversidade Biolóxica (CBD, nas súas siglas en inglés) foi fundamental, pois supuxo a posta en marcha en 1992 —no marco do famoso Cumio de Río— dun amplo consenso internacional auspiciado polas Nacións Unidas arredor da idea de protección da biodiversidade como reto colectivo da humanidade. Selábase así a que será a axenda expansiva dos espazos protexidos, incardinada no mantemento da biodiversidade como mecanismo xerador de desenvolvemento.

Ojeda (2006) sinala que neste contexto de adopción de medidas a escala planetaria produciuse unha equiparación da idea de natureza —moi connotada polo movemento ecoloxista xa naquel momento— coa de medio ambiente. Este último, un neoloxismo de apenas dúas décadas de traxectoria, viña acoutar o obxecto de protección a un termo antropocéntrico no cal a natureza devén no medio no que o ser humano habita e que ten o deber de administrar baixo o prisma do desenvolvemento sostible (Jaria-Manzano. 2021). Desta forma operouse unha resignificación da natureza, proceso necesario para perpetuar certas relacións de poder a escala global ameazadas polo ecoloxismo máis ortodoxo (Escobar, 1998). Así, por tras destes grandes acordos globais había un cambio de axenda, "crucial for the sustainability of capital today through intensive forms of environmental management", o que Braun (2004: 165) denominou "postmodern form of capitalizing nature". Ese enfoque crítico co que a Xeografía cultural aborda a cuestión do desenvolvemento sostible convida a ir alén das aparencias e sinala un interesante camiño a percorrer no relativo ás repercusións sociais dos espazos protexidos.

> La transformación de la *naturaleza* —categoría omnipresente, trascendental, poética, sublime e íntima— en el *medio ambiente* —categoría concretizada en

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> unos lugares, institucionalizable, técnica, domesticable y vendible. Las expresiones oficiales y empaquetadas de tal transformación son los *parques*.
>
> A tal *medio ambiente* se le otorga un fuerte *protagonismo* en el *discurso* político correcto, pero un *periférico papel real* en el modelo de desarrollo económico, en cuyo núcleo fundamental de crecimiento y expansión no tiene cabida porque supondría un freno demasiado potente. En función de ello, lo ambiental se coloca en los márgenes de tal modelo: [p]or delante, como *espacios naturales protegidos* emplazados en comarcas periféricas para las que se orquestan eufemísticos *desarrollos sostenibles* y, por detrás, como *gran y metafórica escoba* que barre la contaminación necesaria e inexorablemente ocasionada por el propio crecimiento. (Ojeda, 2006: 194; as cursivas figuran no orixinal)

Máis recentemente, na carreira pola súa lexitimación, os espazos protexidos son elevados a artefactos da loita contra a crise climática. Con certeza nos últimos anos esta se ten posicionado ―non sen sonoros disensos por algunhas das potencias máis contaminantes― no centro da axenda internacional. Segundo EUROPARC España (2018: 48) as figuras de protección da natureza constitúen un importante instrumento para a mitigación e adaptación ás consecuencias das mudanzas globais. En primeiro lugar porque favorecen o "mantenimiento de los ecosistemas" para que así poidan "suministrar" os tan ansiados servizos ecosistémicos. Para o caso español tómase como base a *Evaluación de los Ecosistemas del Milenio* (2011) que debuxa un balance certamente negativo da evolución dos últimos decenios en canto á saúde dos ecosistemas. Aliás, en segundo lugar, axudan ás persoas a "adaptarse a los efectos adversos del cambio climático". A afirmación considera que a reserva dalgúns territorios da alteración antrópica debería axudar ao conxunto da humanidade a sobrelevar artificialmente os efectos do cambio climático. Tamén poderían potencialmente axudar as comunidades locais dentro dos espazos protexidos a resistir mellor as consecuencias máis localizadas da crise: secas, incendios ou erosión.

Estas ideas están a se reflectir nos máis recentes acordos internacionais en materia de cambio climático e de protección da biodiversidade (CBD, 2018), que poñen de manifesto un cambio no argumentario sobre os espazos protexidos. Unha vez acadado o aumento cuantitativo de superficie protexida, semella a hora de contrastar a calidade cualitativa destes espazos xa designados. Nesa liña enténdese a iniciativa da *Green List of Protected and Conserved Areas* da UICN, que se está a centrar na vixilancia da adecuada xestión destas áreas, aplicando unha metodoloxía estandarizada (UICN e WCMC, 2020) de análise da gobernanza e dos seus resultados.

> The perception of protected areas has changed greatly in recent years. The earliest motives for protecting an area were probably to safeguard its spiritual significance or its status as a hunting ground. In Europe today, the most common motivation for protecting an area is a blended one and areas are rarely protected for a single reason. Often the rationale is a combination of valuing nature as an intrinsic good, valuing the biodiversity it provides and valuing the economic potential it contains. This greater emphasis on the socio-economic benefits of protected areas has brought with it a requirement to measure these benefits, and to use these measurements in policy decisions. (EEA, 2012: 22)

Desde que a UICN engadiu o rol de provisores de servizos ecosistémicos na súa influínte definición dos espazos protexidos (Dudley, 2008), observouse unha repentina profusión deste

concepto nas normativas de protección ambiental a escala mundial. En efecto, produciuse un novo xiro na concretización, na *raison d'être* dos espazos protexidos dentro dos aparellos lexislativos. En Europa este fenómeno foi realmente intenso, cunha defensa case unánime desde o seu nacemento. Por outro lado, a definición de *infraestrutura verde* realizada pola Comisión Europea considera os espazos "naturais", "seminaturais" e outros "elementos ambientais" como obxecto de planificación estratéxica, deseño e xestión ao servizo da mellora do "capital cultural" (Mata e Rodríguez Rodríguez, 2022: 179). Estas axendas certamente desdebuxan as fronteiras estatais e mesmo os propios límites dos espazos protexidos, de xeito que levan as medidas de conservación da natureza alén da concepción clásica de perímetros pechados.

Nesa liña, a Estratexia da Infraestrutura Verde tivo unha grande implementación debido á aposta orzamentaria da UE coa que foi dotada desde 2013. As institucións comunitarias camiñaron desde entón cara a unha extensión das políticas de conservación da natureza alén dos límites dos espazos protexidos. Foi moi influída polos avances no campo da Ecoloxía da Paisaxe (Mata e Rodríguez Rodríguez, 2022: 179), que entendía que a preservación de *illas* de biodiversidade non resolvía o problema da fragmentación dos ecosistemas. En paralelo, pretendía dárselle acomodo á difícil tarefa de cuantificar e cualificar os beneficios e os custes económicos e sociais de declarar espazos protexidos.

No entanto, a tradución sobre o terreo destes consensos internacionais non estivo, nin está, exenta de incongruencias. Existen disparidades rechamantes entre o que as lexisladoras de distintos territorios definen como servizos ecosistémicos ou por infraestrutura verde. Malia reproduciren sempre unha mesma terminoloxía, concrétase de formas dispares dependendo das diversas bagaxes que cargan nas súas costas. A ninguén se lle escapa que o que en España se entende como espazo protexido está condicionado por unha dilatada traxectoria legal que pouco ten a ver con outros estados-nación.

En Galiza, a cuestión dos espazos protexidos salta á palestra informativa de forma periódica da man de impactos no medio que crean alarma social. Abondan exemplos como o do petroleiro *Prestige*, as minicentrais hidroeléctricas, os incendios no Monte Pindo, así como as recentes implantacións de parques eólicos na meirande parte dos montes que non estaban blindados por perímetros de protección e de megafactorías ligadas ao monocultivo do eucalipto. A acción da administración en todos estes casos encamiñouse a blindar as afeccións ao territorio susceptible de se protexer nun futuro, e mesmo supuxo que se cumpran xa dúas décadas sen avances de relevancia na protección do territorio. A aprobación hai poucos anos da *Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia* (Presidencia da Xunta de Galicia, 2019) confirmou esta axenda de erosión da normativa de ordenación do territorio e de regulación das actividades extractivas. Esta lei en especial ―aínda que enmarcada nunha política xeral de simplificación dos trámites ambientais― exemplifica ben o peculiar entendemento dos espazos protexidos en Galiza e, por extensión, o particular achegamento do goberno autonómico á paisaxe galega.

Esas aproximacións oficiais, lexitimadas nas urnas en repetidas ocasións, están a ser contestadas desde outros actores, como as asociacións pro-declaración de parques naturais, que transmiten unha idea de protección ben distinta:

> O noso obxectivo principal é presionar á Xunta para que dunha vez acepte declarar o Monte Pindo como Parque Natural, o que tentamos conseguir mediante a recollida de apoios humanos (afiliados ou colaboradores individuais ou colectivos), loxísticos e económicos, a promoción de campañas de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> sensibilización coas problemáticas do Monte Pindo, a divulgación de información de actualidade sobre este espazo, a realización de actos e actividades formativas e informativas, culturais, recreativas, reivindicativas... dirixidas aos diversos sectores da nosa sociedade, así como o fomento das accións de voluntariado con obxecto de atender e mellorar os espazos degradados do Monte Pindo e tamén lograr o progreso socioeconómico da súa veciñanza xerando máis oportunidades económicas e de traballo que nos permitan aspirar a ter mellor calidade de vida nunha paisaxe privilexiada. (Asociación Monte Pindo Parque Natural[2])

Existe, polo tanto, un oco no coñecemento sobre espazos protexidos que esta tese pretende colaborar en encher. Por iso, unha vez presentado e delimitado o obxecto de estudo e esclarecida a relevancia que este ten para a sociedade e as Ciencias Sociais, cómpre reflectir os obxectivos e hipóteses desta investigación.

1.3 OBXECTIVOS DE INVESTIGACIÓN

A partir dos dous estudos de caso, este traballo indaga se a emerxencia dun novo imaxinario paisaxístico da montaña galega, identificado en Paül e Trillo Santamaría (2022), podería patrimonializarse mediante a declaración de novos parques naturais.

Fíxanse tres obxectivos principais dos que se derivan seis máis secundarios:

Obxectivo 1: analizar o papel dos novos imaxinarios paisaxísticos da montaña galega nas propostas de declaración de parques naturais.

- Obxectivo 1.1: coñecer as representacións paisaxísticas nos discursos proteccionistas da montaña galega.
- Obxectivo 1.2: identificar conflitos ante a posible declaración dun parque natural no interior das comunidades locais afectadas.
- Obxectivo 1.3: contrastar a percepción doutras categorías de protección posibles fronte á proposta dun parque natural.

Obxectivo 2: estudar os argumentos de persoas e colectivos que impulsan novos parques naturais desde o local.

- Obxectivo 2.1: problematizar os valores naturais e culturais presentes na arela dos parques naturais.
- Obxectivo 2.1: entender as relacións entre os actores involucrados na defensa dos parques naturais e a administración encargada de designalos.
- Obxectivo 2.2: coñecer as actitudes ante as distintas perspectivas de futuro territorial.

Obxectivo 3: Formular propostas que faciliten a participación das comunidades locais na declaración dos parques naturais.

[2] De agora en diante AMPPN. Ver o punto 3.5.2.4 para maior información ao respecto. Dispoñible en liña: <http://www.montepindo.gal/p/amppn.html> [Consultado o 10/2/2024]

1.4 HIPÓTESES DE INVESTIGACIÓN

Hipótese 1: As propostas de creación de parques naturais estudadas están ligadas á emerxencia dunha nova representación da paisaxe de montaña en Galiza.

Hipótese 2: Os criterios supostamente obxectivos esgrimidos pola administración perante as propostas de declaracións de novos parques naturais agochan razóns ideolóxicas. Formúlase a hipótese dunha representación demasiado restritiva da natureza por parte da Xunta de Galiza, que opera por tras de xustificacións técnicas ou positivistas. Esta visión nesgada ponse de manifesto cando se confronta con emerxentes percepcións da poboación local, fundamentadas na compatibilidade de protección e actividades humanas.

Hipótese 3: A delimitación de espazos naturais en Galiza segue a lóxica biocéntrica de conservación por exclusión do humano. Parece entenderse dun modo estrito a natureza, e por iso Galiza, que é vista como un país densamente habitado, non encaixa ben nese marco conceptual. Só de maneira illada, e certamente algo forzada, se atoparon redutos do que na tradición da *Deep Ecology* si se entende como ecosistemas en estado natural ou semi-natural.

1.5 ANTECEDENTES. A CREACIÓN DOS ESPAZOS PROTEXIDOS GALEGOS

A creación de espazos protexidos en Galiza comezou na década dos anos 1930, hai menos dun século, e con máis de cinco décadas de atraso dos primeiros grandes parques nacionais. Formulamos aquí os antecedentes ao obxecto de estudo seguindo unha orde diacrónica desde entón, coa intención de situar/posicionar/contextualizar os dous casos de estudo/análise escollidos de forma conveniente. Identificamos cinco etapas, en parte coincidentes con De Luaces *et al.* (2020) e con Paül (2017a), quen presentaban tres grandes fases de protección das paisaxes naturais galegas. As dúas primeiras —tratadas nos subapartados 1.5.1 e 1.5.2— resultan coherentes no substancial con ambos os dous autores. Mais quixemos desenvolver a terceira fase, correspondente ao período autonómico, e que aquí abordaremos como tres subapartados diferenciados: 1.5.3., 1.5.4. e 1.5.5.

A primeira é a máis longa, pois abrangue desde os anos da II República até a aprobación da primeira lei específica de espazos protexidos en 1975. A segunda contempla década e media de transición entre as primeiras políticas conservacionistas centralizadas do Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (ICONA) e os primeiros pasos da autonomía. Xa no terceiro período, entre 1989 e 2004 faise un repaso dos cambios introducidos a partir da aprobación dunha nova lei estatal, que mudaba significativamente as categorías de protección consonte a lexislación europea, e os anos de goberno de Manuel Fraga Iribarne co seu contraditorio impulso dos parques naturais. No cuarto subapartado trátanse os anos após a aprobación da primeira lei galega sobre espazos protexidos e a creación definitiva da Rede Natura 2000, un intervalo no que os avances iniciais continuados por un breve goberno bipartito de esquerdas non se completaron coa chegada ao goberno de Alberto Núñez Feijoó. Finalmente o quinto período definiuse a partir da aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 en 2014, que significa a confirmación da parálise en canto a creación de espazos protexidos. Nestes últimos anos, a aprobación dunha nova lei galega e a tímida aplicación da lexislación en protección da paisaxe virán a deitar luz na situación actual da rede de espazos protexidos do país.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.5.1 Os primeiros espazos protexidos, e outros tantos frustrados. Entre a II República e a ditadura franquista

Os primeiros espazos protexidos declarados en Galiza datan do 5 de novembro de 1933, cando o goberno republicano español publicou na *Gaceta de Madrid* (antecesor do *Boletín Oficial do Estado*) unha orde do Ministerio de Agricultura de declaración conxunta do monte da Curotiña (A Pobra do Caramiñal), do Cabo Vilán (Camariñas) e de Estaca de Bares (Mañón) como sitios naturais de interese nacional. Esta categoría de protección fora creada na *Real Orden, del 15 de julio de 1927, sobre sitios y monumentos naturales de interés nacional*, e baseábase na valoración estética romántica de determinadas paisaxes (López Silvestre e Zussman, 2008), que xa viña operando na lexislación española desde a creación dos primeiros dous parques nacionais en 1918. A novidade do termo *sitio* debíase á necesidade de recoñecer máis lugares ao mesmo tempo que se salvagardaba a exclusividade da categoría de *parque* para unha reducida listaxe de paisaxes emblemáticas, representativas da identidade española. Unha precaución normativa xustificada pois, visto o exemplo de Covadonga e Ordesa, naqueles anos sucedíanse as peticións de recoñecer novos espazos, como a proposta de Luis Iglesias de converter Os Ancares nun "Parque Rexional Galego" en 1929.

Pouco despois, o 5 de xullo de 1935, aparecería a cuarta designación desta categoría, e a de maior extensión até o momento en Galiza: o Monte Aloia (Tui). Como analiza Paül (2017a) son estas decisións moi mediatizadas polo fenómeno turístico e a imaxe que este proxectaba de Galiza, de aí a expresión "máximas bellezas naturales" para se referir á excepcionalidade estética da costa galega sobre o conxunto do país e de España. No propio argumentario destas ordes ministeriais ficaba en evidencia o carácter discrecional da selección, que emanaba da proposta de dous membros da Comisaría de Parques Nacionales, a pesar de que o texto recoñecía que "la mayor parte del territorio gallego es merecedor de tal distinción" (*Gaceta de Madrid*, 5 de novembro de 1933: p. 883). Segundo López Silvestre e Zusman (2008) detrás de moitas das declaracións destes "sitios" estaba a iniciativa do xeólogo e xeógrafo madrileño Eduardo Hernández-Pacheco, que se fixera cargo do organismo desde a súa creación en 1931. Sen podermos verificar con rotundidade dita afirmación, si é certo que a lectura da paisaxe galega que o académico utilizaba naquel momento (Hernández-Pacheco, 1934) era plenamente concordante coa selección de "sitios" publicada na Gaceta de Madrid.

Pero alén deses "sitios", en realidade, existían até tres categorías de protección dentro da aínda escasísima lexislación que se desenvolvera desde a *Ley del 7 de diciembre de 1916, de Parques Nacionales de España* (Jefatura del Estado, 1916). Precisamente, os parques nacionais españois, que inicialmente foran explorados en múltiples localizacións, incluída Galiza (Paül, 2017a), ficaron reducidos durante décadas a tan só dous, nas cordilleiras do norte do Estado: Covadonga (Asturias) e Ordesa e Monte Perdido (Aragón). Por outro lado, os monumentos naturais, desenvolvidos en 1927 xunto aos Sitios Naturais de Interese Nacional, e que non tiveron eco no territorio galego.

Polo tanto, durante os 43 anos seguintes a 1935, case todos en ditadura, non se produciron novas declaracións de espazos protexidos ao abeiro da lexislación propiamente de protección da natureza. Si se realizaron, en troques, declaracións doutras figuras relacionadas coa protección das "paraxes pintorescas" (Táboa 2), baixo o amparo da Dirección Xeral de Belas Artes, a través das súas delegacións provinciais. En concreto declaráronse en 1946 a contorna do mosteiro de San Salvador de Lérez (Pontevedra), en 1962 o xardín e carballeira de Caldas de Reis (Caldas de Reis) e o Monte Lobeira (Vilanova

de Arousa); e en 1972, a vila de Combarro (Poio), de 18 de agosto, Lugar de Chelo (Coirós e Paderne), a Comarca Eumesa (Pontedeume, Monfero e A Capela) e a Serra de Picos de Ancares (Cervantes). As catro primeiras eran de moi reducidas dimensións, de novo parques urbanos ou miradoiros con vistas á costa. As primeiras excepcións producíronse nunha declaración simultánea de agosto de 1972, de dúas paraxes nas comarcas do Eume e das Mariñas e doutra nos Ancares lucenses, que esta vez si abranguen territorios extensos. En particular, no segundo arguméntase que:

> La sierra de Picos de Ancares, parque natural de Galicia, en el nordeste de esta región y con limites en las de León y Asturias, constituye una comarca de singular interés. La majestuosidad de sus montes y valles, sus arroyos y cascadas, sus bosques milenarios de frondosa y variada flora, la existencia de rica fauna con especies a punto de extinguirse, como el urogallo, y la primitiva y rudimentaria forma de vida de sus habitantes, con pueblos de "pallozas" o casas circulares de piedra y techumbre de paja, hacen que este bello rincón de la provincia de Lugo sea del máximo interés para la conservación del patrimonio cultural de España. (*Ministerio de Educación y Ciencia, 1972b:17597*)

No igualmente breve *Decreto 2646/1972, de 18 de agosto, por el que se declara paraje pintoresco el Lugar de Chelo, de los ayuntamientos de Coirós y Paderne (La Coruña)*, tampouco se aforran as descricións dunha natureza "exhuberante" e sempre "verde", así como pouco humanizada:

> El Mandeo, uno de los ríos gallegos que ofrece más bellos parajes, realiza la primera fase de su recorrido a través de tierras en buena parte yermas, despobladas y de uniforme modelado pero al llegar a las llanuras de Curtis inicia su grácil juego de sumirse en estrechos valles para detenerse después en busca de un reposo que aprovecha la blandura de las tendidas laderas, siempre jugosas y verdes, que recogen su imagen en recreado ofrecimiento de una exuberante y prolija variedad cromática. De nuevo el curso de las aguas abre profundos cauces, que se sumergen y ocultan entra breñales y altos cortes cubiertos de densa y pródiga vegetación. Una serie de meandros, que se desarrollan entre armoniosas terrazas, y vuelve a mostrar el Mandeo sosegado y silencioso, como preparándose para su entrada solemne en el dilatado campo de las Mariñas. El notable contraste que entonces forma el enorme relieve rocoso sobre cuya plataforma se asienta el antiquísimo monasterio de Santa Eulalia o Santa Baya de la Espenuca, con el estrecho pero alargado valle ocupado en la mayor parte de su desarrollo por las remansadas aguas del Mandeo, son artífices naturales de uno de los más deliciosos y admirados parajes de la región gallega y que de antiguo se conoce con el nombre de "Chelo", lugar tradicionalmente ligado a la famosa romería de "Los Caneiros" y que se halla enclavado en los términos municipales de Coirós y Paderne. (Ministerio de Educación y Ciencia, 1972a: 17596)

Resulta significativo que o texto legal se refira ao territorio a protexer como "parque natural" tendo en conta que non existía aínda tal figura de protección no ordenamento xurídico, e que o único experimento similar estaba a levarse a cabo precisamente eses anos na provincia de Barcelona (Paül, 2017a). Outra novidade entre esta última declaración e as anteriores estriba no peso argumental que os valores naturais teñen na exposición. Se as

demais paraxes pintorescas fundamentaban a súa protección en significados artísticos, neste caso xa se referencia abertamente a presenza de especies emblemáticas da flora e fauna eurosiberiana. Unha nova sensibilidade naturalista estaba a emerxer, neste caso desde a protección patrimonial.

Para poñer o ramo a esta figura de protección patrimonial, en 1977 declarouse a contorna da casa de Rosalía de Castro (Padrón), dando un novo e último xiro cara á protección de espazos axardinados e de superficie reducida. Xa desde ese momento, e coa aínda recente aprobación da lei sobre espazos naturais protexidos de 1975, a figura de paraxe pintoresca foi ficando esquecida até que a *Ley 16/1985, del 25 de junio, de Patrimonio Histórico* (Jefatura del Estado, 1985) rematou por homologar todos estes perímetros dentro da categoría de Ben de Interese Cultural (BIC).

Táboa 2. Espazos protexidos declarados como Sitios Naturais de Interese Nacional e Paraxes Pintorescas até a derrogación da figura en 1985, coa equivalencia da categoría de protección actual

Nome	Categoría inicial	Categoría actual	Localización	Declaración
A Curota	SNIN	BIC	Ribeira (O Barbanza)	1932
Cabo Vilán	SNIN	BIC	Camariñas (Costa da Morte)	1932
Estaca de Bares	SNIN	ZEC	Mañón (Ortegal)	1932
Monte Aloia	SNIN	Parque natural	Tui (O Baixo Miño)	1935
Arredores do Mosteiro de San Salvador de Lérez	Paraxe pintoresca	BIC	Pontevedra (Pontevedra)	1946
Xardín e Carballeira de Caldas de Reis	Paraxe pintoresca	BIC	Caldas de Reis (Caldas)	1962
Monte Lobeira	Paraxe pintoresca	BIC	Vilanova de Arousa (O Salnés)	1962
Vila de Combarro	Paraxe pintoresca	BIC	Poio (Pontevedra)	1972
Lugar de Chelo	Paraxe pintoresca	BIC	Coirós (Betanzos)	1972
Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca	Parque natural	Monfero, A Capela e Pontedeume (O Eume)	1972
Serra de Picos de Ancares	Paraxe pintoresca	ZEC	Cervantes (Os Ancares)	1972
Arredores da Casa de Rosalía de Castro	Paraxe pintoresca	BIC	Padrón (Sar)	1977

Fonte: elaboración propia

No estremo oposto ás paraxes pintorescas situouse a *Ley, del 8 de junio de 1957, sobre la nueva Ley de Montes* (Jefatura del Estado, 1957), que no seu desenvolvemento regulamentario contemplaba figuras de protección cun marcado nesgo forestalista, pero que non tivo ningunha concreción en territorio galego neste sentido. Si tivo consecuencias na xestión de amplos sectores da xeografía do país, especialmente coa blindaxe legal da substracción ás comunidades de montes veciñais da súa propiedade e uso dos seus predios. De feito, o *Decreto 485/1962*

(Ministerio de Agricultura, 1962), que fixaba o regulamento da lei de montes, incluirá un artigo específico para Galiza no que lle outorga de xeito automático a titularidade dos comunais aos concellos, e no caso daqueles con interese para a explotación forestal, ao organismo estatal denominado Patrimonio Forestal. Ningunha destas medidas se despregou en liña coa protección da natureza, senón máis ben coa explotación utilitarista dos montes (López Silvestre e Zussman, 2008) concibíndoos como un recurso económico estratéxico.

A normativa de caza e pesca fluvial franquista tamén desenvolveu perímetros de protección da fauna cinexética, en forma das coñecidas como reservas nacionais de caza. Eran figuras focalizadas na conservación das especies emblemáticas da caza. A intención era recuperar as poboacións destas especies mediante a limitación da súa captura e, de ser o caso, restaurar o seu hábitat. Paralelamente, a potenciación do turismo cinexético xa se evidenciaba no articulado da *Ley 37/1966, del 31 de mayo, sobre creación de Reservas Nacionales de Caza* (Jefatura del Estado, 1966), que establecía como obxectivo "mejorar sustancialmente las condiciones económicas y sociales" das comunidades locais. Aínda que na norma subxace ese enfoque utilitarista, a exposición de motivos avanza unha crecente influencia da ciencia ecolóxica e do entendemento da natureza como ben a protexer e conservar por si mesmo:

> Con la creación de estas Reservas se inicia en España un importante programa de protección y conservación de su fauna más selecta, mediante el cual será posible asegurar la utilización racional de estos recursos, contribuyendo así a promover la máxima satisfacción social, económica y recreativa que la Naturaleza y los seres que la pueblan puedan proporcionar a una comunidad. (Jefatura del Estado, 1966)

Nesa altura mesmo chegou a formularse a creación dun parque nacional na comarca da Baixa Limia, a cal, segundo Reza (2021), foi explorada polo goberno español entre 1972 e 1974 a proposta das autoridades portuguesas após a creación do Parque Nacional de Peneda-Gerês. A intención inicial de darlle unha continuidade á protección a ambos lados da fronteira estatal bateu fronte ao criterio marcadamente naturalista do equipo redactor do informe. Argumentaban que "debido á alta densidade de poboación [...] estando aqueles montes en regresión e moi modificados pola man do home [...] desaconsella[ba]n facer o parque nacional" (Reza, 2021: 49). Pola contra, optaron "por unha reserva nacional de caza" que tampouco "chegou a materializarse", ao contrario que nos Ancares. Finalmente o proceso só conduciu a unha "zona de caza controlada", que malia non condicionar máis que o desenvolvemento da actividade cinexética, si tivo unha influencia decisiva na fixación dunha delimitación sobre o mapa do polígono que *a posteriori* se declararía parque natural (Reza, 2021), nun proceso semellante ao vivido polas reservas nacionais de caza.

1.5.2 O xiro ecoloxista e os primeiros parques galegos (1975-1989)

O primeiro cambio substancial na aproximación aos espazos protexidos desde a administración deuse após a creación do ICONA en 1971 (Gómez Moreno, 2022), durante o tardofranquismo, que significaba dispoñer por primeira vez dun organismo público dedicado por completo á conservación da natureza. Ese xiro na política de protección obedecía ao crecente protagonismo do concepto de medio ambiente, que despuntaba como política de alcance internacional nos anos de 1970, a partir da emerxencia e consolidación do movemento

ecoloxista e das cimeiras globais oficiais (Paül, 2017a; Depraz, 2008); esta xeira implicou a aparición de departamentos propios nas estrutura da maioría de gobernos europeos.

O goberno español até entón mantiña as competencias de planificación e xestión dos espazos protexidos dentro da estrutura do Ministerio de Agricultura, en concreto dunha Dirección Xeral de Montes, Caza e Pesca Fluvial que xa era percibida como unha estrutura especialmente reaccionaria (De Luaces *et al*., 2020). Coa aparición do ICONA e a posterior promulgación da *Ley 15/1975, del 2 de mayo, de espacios naturales protegidos* (Jefatura del Estado, 1975), comezou a tomar forma un modelo máis estruturado de declaración de espazos protexidos, que obedecía a unha valoración da natureza como ben ameazado e a conservar polos seus valores intrínsecos. Esta lei, a primeira *ad hoc* promulgada en España, establecía a seguinte tipoloxía de figuras:

- reservas integrais de interese científico;
- parques nacionais;
- sitios naturais de interese nacional;
- parques naturais.

De todas elas desprendíase un crecente interese pola protección da natureza como obxectivo *per se*. Desa intención inicial podían logo implementarse accións orientadas á promoción socioeconómica, turística ou á educación. No entanto, estas estaban sempre supeditadas ao fin principal.

> Uno. Es finalidad de esta Ley contribuir a la conservación de la naturaleza otorgando regímenes de adecuada protección especial a las áreas o espacios que lo requieran por la singularidad e interés, de sus valores naturales. (Jefatura del Estado, 1975)

Será con ese novo marco lexislativo, e coa reforma política seguida á morte do ditador en novembro de 1975, que axiña emerxerán propostas de novos espazos protexidos en Galiza. Nelas tivo unha especial responsabilidade o pulo das primeiras asociacións ecoloxistas constituídas no país, a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) en 1973 e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en 1976. Malia teren ambas as dúas un ideario netamente nacionalista e democrático (Paül, 2017a), e polo tanto hostís ao réxime, foron quen de colocar o seu discurso no debate público mediante accións moi visibles de loita contra grandes proxectos industriais e enerxéticos.

Contarán estes movementos sociais co apoio fundamental dunha incipiente comunidade académica ligada ás Ciencias Naturais. No propio boletín da SGHN publicase unha pioneira proposta de espazos protexidos dentro desa liña de colaboración (Guitián, 1978), o cal constitúe a primeira achega sistemática e global para toda Galiza. É preciso notar que aínda que se realice desde un ecoloxismo militante, esta é froito dun encargo do goberno central a un equipo científico da Universidade de Santiago de Compostela. Os redactores tiveron en conta para a súa elaboración cinco grandes factores de tipo físico: clima, xeoloxía, vexetación, fauna e solos. En definitiva, aplicaron uns criterios e unha metodoloxía que permitiron producir un mapa a escala galega con 28 perímetros concretos, o primeiro deste tipo, e que nas vindeiras décadas será fonte de inspiración e tamén de disputa. En concreto, no tocante á figura de protección que centra esta tese, delimita seis grandes parques na Galiza montañosa sur e oriental (Os Ancares,

O Courel, Pena Trevinca, San Mamede, O Xurés e O Leboreiro), mentres que tamén dedica especial atención á orla costeira mediante outras categorías. As terras intermedias fican practicamente sen propostas de ferramentas de protección, o que fixa un patrón cartográfico que se repetirá desde entón.

Como diciamos, a partir dese estudo o goberno estatal pretendía elaborar a primeira proposta oficial e sistemática de espazos naturais protexidos no marco dun plan para a ordenación territorial galega. No seu impulso, contraditorio coa traxectoria do réxime até entón, tivo moito que ver a herdanza dos últimos anos do franquismo, caracterizados polo *desarrollismo* e a aplicación de políticas de maior pragmatismo tecnócrata que a autarquía dos anos 1939 a 1956. Os impactos territoriais do acelerado desenvolvemento económico favoreceron unha tímida desconcentración da planificación territorial coa intención de amañar parte dos desequilibrios que xa se identificaban na altura. Froito dela xurdiu o denominado Plan Director Territorial de Coordinación (Xunta de Galicia, 1979, de aquí en diante PDTC), que se iniciou e elaborou baixo o Ministerio de Vivenda dos gobernos estatais preconstitucionais e se rematou de editar xa co selo da Consellería de Ordenación do Territorio preautonómica. Curiosamente, nunca sería aprobado e publicado no BOE como un texto normativo, polo que ficou como unha publicación máis.

En calquera caso, a formulación dunha rede de espazos protexidos con relativa coherencia interna e seguindo a xerarquía nos niveis de protección que indicaba o marco normativo foi de obrigada referencia *a posteriori*. Así, despregáronse as catro categorías de protección da lei de 1975 sobre perímetros concretos delimitados nun mapa de Galiza, tal e como sinalara Guitián (1978). E os parques naturais tiñan nesta proposta unha presencia significativa no territorio (Paül 2017a), de acordo coa vontade expresada na devandita lei.

Alén das extensas disposicións de carácter máis analítico, este documento destacou por bosquexar as primeiras propostas globais para unha "estrategia territorial" galega, que repousaba sobre tres piares básicos, véxase: "a) Forzar el proceso urbanizador de la población gallega. [...] b) Desarrollar una política tendente a conseguir una total vertebración del territorio. [...] c) Defender los recursos naturales que permiten un aprovechamiento económico." (Xunta de Galicia, 1979: 112-113). Os tres obxectivos amosan ás claras o nesgo economicista da proposta. Concretamente, no terceiro punto encádrase a proposta de espazos protexidos, que se desenvolve cunha cartografía de escala ampla (Figura 1). O equipo redactor foi claro no sentido dunha protección da natureza como recurso material:

> Se trata de defender a una práctica tradicional y racional del aprovechamiento de los recursos naturales de la agresiones motivadas por el proceso de industrialización y urbanización [que o Plan promove].
> Lo anterior se pretende realizar, fuera de actitudes sentimentales y bucólicas, aplicando criterios de rentabilidad y oportunidad a procesos ecológicos y tratando de compatibilizar, mediante una adecuada política de ordenación, las distintas actividades. Ello se concreta en la defensa de unas áreas medio-ambientales: las Rías Gallegas ―cuya definición y caracterización no es necesario realizar aquí― ya que es en ellas donde en mayor grado se manifiestan las particularidades del territorio gallego. (Xunta de Galicia, 1979: 113)

Case ao mesmo tempo que a publicación do PDTC, saíu do prelo a finais de 1978 a primeira declaración dun parque natural, nova figura que fora formulada na lei de 1975. Neste primeiro caso tratábase en realidade de actualizar o rango e ampliar o perímetro dun espazo protexido

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

preexistente: o Sitio Natural de Interese Nacional do Monte Aloia. Baixo o novo parque natural protexíanse 749 ha, das cales case 200 ha eran monte de repoboado con especies singulares —o núcleo orixinal— e outras 550 ha de piñeiro plantado en terreos comunais usurpados polo Estado durante a ditadura. Polo tanto, e tal como deixa constancia o *Real Decreto 3160/1978, del 4 de diciembre, sobre declaración del «Parque natural del monte Alhoya (Pontevedra)»*, o principal motivo para esta pioneira desginación foi a intervención, a comezos do século XX, do enxeñeiro Rafael Areses no sector máis alto desta pequena montaña do Baixo Miño (Ministerio de Agricultura, 1978).

Figura 1. Mapa de espazos protexidos propostos como unha rede de "Zonas de protección y acondicionamiento del medio ambiente", segundo o Plan Director Territorial de Coordinación de Galicia



Fonte: Xunta de Galicia, 1979: 114

Pouco máis dun ano despois, en 1980, apróbase o primeiro parque natural galego de novo cuño: Illas Cíes. O lugar elixido volta estar nas Rías Baixas, ámbito territorial xa consolidado no imaxinario colectivo a través de insistentes campañas publicitarias (Martins, 2020). Este "interese" na elección dunha paisaxe galega tan concreta se cadra foi pouco inocente, na liña do argumentado por Paül (2017a: 117), a xulgar polos reiterados argumentos turísticos e estéticos empregados polas autoridades españolas até ese momento na declaración dos espazos protexidos do país. En efecto, novamente o *Real Decreto 2497/1980, del 17 de octubre, sobre declaración del Parque Natural de las Islas Cíes (Pontevedra)* insiste na retórica da Galiza costeira atractiva desde a ollada externa (Ministerio de Agricultura, 1980). Menciónase,

textualmente, que as 433 ha que constitúen o arquipélago encádranse "una de las zonas de recreo veraniego más típica y tradicional de la ría de Vigo".

Nestas dúas últimas declaracións certamente tamén concorrían, cada vez con maior protagonismo, os argumentos naturalistas, encadrados nun paradigma biocéntrico, en termos de Depraz (2008), que xustificaban a necesidade de conservación de ecosistemas alén das consideracións estéticas e promocionais. Isto compróbase de xeito especial no arquipélago das Cíes, onde se lle outorga especial significación ás especies de aves migratorias emblemáticas (Fernández de la Cigoña, 1986), que con frecuencia nidifican nestes lugares procedentes doutras rexións ao norte de Europa. Con certeza non era allea esta declaración á presión proveniente dos países comunitarios, onde aspiraba a entrar España. Co exemplo do Parque Nacional de Doñana aínda recente, e coa aprobación da *Directiva 79/498/CEE* (Consejo de las Comunidades Europeas, 1979), o goberno español optou por protexer espazos marítimos e húmidos ao longo do Estado, pois xa naquel momento aspiraba a converxer nesta e noutras materias cos países comunitarios de cara a ser aceptada na Comunidade Europea.

Sirva de exemplo desta viraxe, á calor do impulso ecoloxista nos argumentos pro espazos protexidos, as palabras dun dos impulsores do parque natural nas illas Cíes, Estanislao Fernández de la Cigoña. En relación cun erro do decreto de declaración na determinación das coordenadas dos límites do perímetro de protección, que deixarían parte do arquipélago fóra, afirma:

> Hoy las islas Cíes se debaten entre el caos y la esperanza. Y nuestra obligación es, como la de toda la Junta Rectora, convertir la esperanza en realidad palpable. De todas formas, pronto se sabrá si todo fue un error de medición o si obedece a una mezquina visión de la NATURALEZA [as maiúsculas son do autor]. Más sea como fuere, las Cíes tendrán que seguir, como siempre, siendo un paraíso salvaje en un mundo civilizado. (Fernández de la Cigoña, 1986: 119).

A afervoada retórica naturalista que destilan estas liñas é comprensible no marco do contexto que arrodeou a declaración do parque. Existía por parte dos defensores da protección das Cíes o medo a que se torcera unha das primeiras vitorias do ecoloxismo galego, pois non faltaban as voces contrarias. Quizais por isto mesmo, cando se referían ao arquipélago como un "paraíso salvaje" tentaron crear unha dicotomía respecto da cada vez máis urbanizada faixa costeira da Ría de Vigo. Obviaron, de xeito consciente ou inconsciente, o feito de que as Cíes estaban lonxe de ser un exemplo de natureza prístina, como testemuñan os catálogos de biodiversidade dispoñibles xa naquela época (Rigueiro, 1977), que sinalaban a problemática do eucalipto e do piñeiro que foran plantados masivamente un par de décadas antes no contexto da política forestalista franquista. Se botamos unha ollada ao inventario de especies de Losa (1943) podemos comprobar a magnitude do cambio na paisaxe vexetal, pois en plena posguerra estas illas non contaban con máis ca uns poucos pes de árbores domésticas ao redor das casas da pequena comunidade de residente permanentes. A imaxe icónica das illas ―que circulou con verdadeiro éxito comercial― está unida a unha masa forestal creada a mediados do século XX e que alberga un 29,5% de taxóns de especies exóticas invasoras (Bernárdez *et al*., 2015).

Un ano despois dese segundo parque natural, declarado polo goberno estatal da Unión de Centro Democrático (UCD), prodúcese a constitución da primeira Xunta de Galiza electa democraticamente, que asumirá nestes primeiros anos mediante decretos a maioría das competencias exclusivas que lle asignara o Estatuto de Autonomía. Entre estas, incluíronse as

de "medio ambiente e paisaxe", transferidas mediante *Real Decreto 1535/1984, de 20 de junio* (Presidencia del Gobierno, 1984), xa metidos de cheo no desenvolvemento do primeiro dos dous mandatos conservadores de Gerardo Fernández Albor (1981-1985). Nestes últimos, nunha liña de revisión do formulado uns anos antes durante a Xunta preautonómica, abandonouse a proposta de mapa de espazos protexidos do PDTC de 1979, que ficou, como explica Vales (1992: 233) dentro dun "caixón das boas intencións" da consellería. Na práctica non se deron novos pasos en materia de protección até que o goberno socialista de Felipe González aprobou a nivel estatal a *Ley 4/1989, del 18 de julio, de conservación de los espacios naturales y de la flora y fauna silvestres* (Jefatura del Estado, 1989). O resultado foi un lustro de "parsimonia exasperante" (Paül, 2017a: 131), no que debería ser o momento chave para o avance e desenvolvemento competencial en materia de espazos protexidos.

Mais a ausencia de novos avances nestes primeiros anos de autonomía non significa que non houbese propostas concretas sobre a mesa. De feito, nun informe elaborado polo Consello da Cultura Galega en 1991 co obxectivo de impulsar un parque natural nos Ancares, constátase que desde o ano 1980 a Xunta de Galiza e o Parlamento Galego analizaran propostas de académicos e asociacións ecoloxistas, e mesmo se iniciaran en numerosas ocasións plans para a protección de novos territorios e debates de leis de novos parques naturais, que por motivos non moi claros foron quedando sucesivamente sen aprobar (Consello de Cultura Galega, 1991). Tamén consta que en 1991 se puxo en exposición pública un borrador de plan de ordenación dos recursos naturais ao abeiro da Lei 4/1989 para as Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro (Consellería de Medio Rural, Gandería e Montes, 1991) para as cales existía unha proposta de plan especial desde comezos dos anos 1980 (Centro de estudios de ordenación del territorio y medio ambiente, 1981), nunca aprobado.

Un dos pobres argumentos alegados polo goberno galego para adiar a declaración de novos parques naturais foi a inexistencia dunha lei autonómica na materia, aínda sabendo que as leis de 1975 e 1989 xa permitían designalos. Primeiro, no goberno Albor (1981-1987) prometeuse que se aprobaría tras asumir as competencias plenas (en 1984 recibíronse de mans do ICONA); e despois no goberno tripartito (1987-1990) alegouse a inminente aprobación dunha nova lei estatal de espazos protexidos (que se produciu en 1989) para non dar novos pasos nese sentido. A chamada de atención do Consello da Cultura Galega ten unha dimensión considerable, pois trátase dunha institución pública creada por mandato do Estatuto de Autonomía, coa tarefa esencial de aconsellar o goberno galego, entre outras cuestións, en protección do patrimonio.

Este escenario galego foi diferente ao das outras tres CC.AA. análogas (Catalunya, Euskadi e Andalucía). De feito, o comezo do exercicio das competencias propias das autonomías en materia medioambiental trouxo, en termos globais, unha aceleración no ritmo de aprobación de novos espazos protexidos ao longo da década de 1980 (Garayo, 2000). Isto non quere dicir que todas as autonomías comezasen a súa xeira de autogoberno cun ritmo acelerado desde o primeiro minuto. Para o caso vasco, por exemplo, a lei de 1975, "como toda la legislación estatal precedente sobre la materia, no tuvo aplicación real en el territorio de la CAPV" (Garayo, 2000: 149). E iso foi así, argumenta o autor, até 1989, ano no que Euskadi lexisla os espazos protexidos e comeza a declaralos. A simple vista isto debuxa un paralelismo co caso galego en canto ao papel das institucións estatais, que pareceron non atopar nas paisaxes galega e vasca aqueles "sitios ó parajes excepcionalmente pintorescos, forestales ó agrestes con riqueza de fauna y flora y particularidades geológicas o hidrológicas" que mencionaba a primeira lei española sobre espazos protexidos promulgada en 1916. Con todo, a ausencia de figuras de protección vascas despois da

recuperación da autonomía política sustentouse nun argumentario identitario ben diferente. Así se demostrou a partir de 1989, cando Euskadi pasou en sete anos dun 0% de superficie protexida a un 13,2% en 1996.

Táboa 3. Síntese a escala estatal das categorías de protección das CCAA en 2023

	Nome	Categoría (UICN)	Nº declaracións	Sup. (Ha.)	Sup. (% sobre total España)
Designacións do Estado español	Reservas naturais [a]	Ib e IV	286	158.650	0,3
	Parques nacionais	II	16	391.911	0,8
	Parques naturais [b]	V, II e VI	165	398.4061	7,9
	Monumentos naturais [c]	III	479	89.387	0,2
	Paisaxes protexidas	V	63	156.776	0,3
	Sitios e lugares naturais [d]	II, III, IV e V	257	12.920	0,1
	Areas mariñas protexidas [e]	VI	25	5.052.699	0
	Outros sen área asignada [f]	III, IV e VI	28	0	0
Designacións internacionais	Rede Natura 2000 (ZEC)	IV, V e VI	1.446	13.846.017	27,4
	Rede Natura 2000 (ZEPA)	IV, V e VI	595		
	Reservas da biosfera UNESCO	IV	53	6.275.791	12,6
	Humidais RAMSAR	non asignado	53	25.443	0,4
	Xeoparques UNESCO	non asignado	15	223.123	4,9

Fonte: elaboración propia a partir de datos da EEA.

a. agrupación de reservas naturais, integrais, especiais, parciais, fluviais e de vida silvestre, e microrreservas
b. agrupación de parques naturais, rexionais e periurbanos
c. agrupación de monumentos naturais, árbores singulares e covas
d. agrupación de lugares naturais, sitios naturais, sitios naturais de interese nacional e sitios naturais de interese local, sitios de interese nacional, sitios de interese científico, áreas naturais e áreas de interese rexional
e. agrupación de áreas mariñas protexidas e reservas mariñas
f. agregación de corredores ecolóxicos, corredores ecoculturais, refuxios de fauna, áreas privadas de interese natural e áreas protexidas periurbanas

Pola súa banda, Cataluña e Andalucía, as outras dúas CC.AA. da *vía rápida*, si que exerceron de forma áxil as súas competencias. Certamente neses casos non partían de cero, pois a ditadura franquista xa declarara senllos parques nacionais na alta montaña catalá e nos humidais do Guadalquivir. Mesmo a deputación barcelonesa do tardofranquismo xa comezara unha axenda de declaración de "parques naturais" antes de existir unha lei que os mencionase (Paül, 2017a), a través da aplicación de instrumentos de tipo urbanístico. Estes antecedentes puideron influír nunha chegada ao período de transición democrática cunha experiencia maior na aplicación de figuras de protección. E así constatouse un extraordinario ritmo, en especial en Andalucía, que designa o seu primeiro parque natural

en 1985, só un ano despois de asumir as competencias, e catro anos despois xa contabilizaba 22 (Mulero, 1999). No caso catalán, os numerosos parques naturais creados nos anos de 1980 correspóndense cunha "euforia conservacionista" (Casademunt, 2017; Font, 2001) ancorada nun xa ben fundamentado proceso de valoración identitaria da paisaxe (García Álvarez, 2009; Paül, 2017b).

Desta forma, chegouse ao final da década de 1980 cunha superficie protexida de menos do 0,1% do territorio galego, dentro dun paradigma de espazos protexidos que primaba a delimitación de territorios compactos, que destacasen pola súa "beleza natural" sobre o conxunto do país e illados os uns dos outros. Nese intre activarase un cambio en chave conservacionista, facilitado polo contexto social e político, e explicitado na primeira lei estatal democrática de espazos protexidos. En paralelo, unha serie de decisións políticas a escalas galega e europea darán activado as primeiras declaracións puramente autonómicas de parques naturais, por un lado, e a rede de espazos protexidos comunitarios, polo outro. Ademais, outras figuras irán xurdindo a partir do exercicio das competencias executivas do goberno autonómico.

1.5.3 O desenvolvemento das competencias autonómicas en materia de protección da natureza a partir de 1989

Debemos agardar a inicios dos anos 1990 para observar a concreción material en Galiza do cambio debuxado sobre o papel do BOE desde unha década e media antes. Esta tardía aceleración no ritmo de declaración de espazos protexidos foi favorecida por dous fenómenos case simultáneos pero de índole distinta: a aprobación nas Cortes da nova *Ley 4/1989* (Jefatura del Estado, 1989) e a chegada ao poder de Manuel Fraga nas eleccións autonómicas de 1989 (Reza, 2021).

No primeiro caso, a nova lei viña a emendar unha evidente falta de concreción da emanada do tardofranquismo. O texto de 1975 constaba de 16 artigos que se limitaban a definir as figuras de protección, o organismo que as debía tutelar e as cuestións sobre financiamento e titularidade dos predios. Faltaban, pois, instrumentos de planificación e xestión que viñesen acompañar o voluntarismo no que se deixaba as accións de conservación da natureza encomendadas ao ICONA. Ademais, como indica Garayo (2000), coa ratificación das competencias autonómicas no referido aos espazos protexidos —que reservaba ao Estado central unicamente a fixación dunha lexislación básica— facíase evidente que a norma ficara anacrónica tan só unha década despois de ser promulgada.

Así as cousas, a nova lei de 1989 debuxaba unha listaxe de catro figuras de protección, moi similar á anterior en canto a nomenclaturas, mais coa notoria incorporación dos conceptos de "paisaxe protexida" e de "monumento natural". Estas novas figuras, definidas de xeito expreso como espazos con valores culturais, encarnan a "vontade" da norma por estender a política de conservación da natureza alén do que se xulgaba como estritamente natural. Mesmo se afirma que a lei vén emendar a visión parcial da protección da natureza lexislada até o momento, é dicir, que defende a conservación da natureza como unha tarefa a realizar en todo o territorio, non só nos espazos protexidos. E, con ese obxectivo, engádense novos títulos ao articulado, referentes á protección de especies e á regulación da caza e a pesca, políticas que até entón se lexislaban de forma illada. Tamén se recoñece a capacidade das CC.AA. de establecer as súas propias figuras e instrumentos de protección, como xa se avalara na constitución de 1978.

En concreto, as figuras son as seguintes:

- parques;
- reservas naturais;
- monumentos naturais; e
- paisaxes protexidas.

A outra diferenza substancial estribou nas novas disposicións sobre o proceso previo e posterior á declaración dun espazo protexido. Nese sentido formúlanse dous instrumentos de planificación e xestión: os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) e os Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX), que se debían aprobar respectivamente antes e despois da declaración dun parque. O carácter vinculante e xerarquicamente superior a calquera outra figura de planificación deulles unha relevancia especial desde o punto de vista económico e, especialmente, polo seu impacto no urbanismo.

Como consecuencia case inmediata á promulgación desta lei estatal, a Xunta de Galiza do tripartito —formado por Partido Socialista (PSOE), Coalición Galega (CG) e Partido Nacionalista Galego (PNG)— publicou o *Decreto 82/*1989 (Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, 1989), co obxectivo de crear unha figura de protección propia que permitise declarar espazos protexidos de forma inmediata, alén das catro figuras recollidas a nivel estatal. A formulación deste decreto deixa ás claras a intención de facer compatibles os aproveitamentos das comunidades locais coa declaración dos coñecidos como "Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral" (ENRPX). Con esta figura específica de Galiza permitíase, asemade, dar cumprimento ás directivas europeas e tratados internacionais de conservación da natureza, atribuíndolles automaticamente a categoría de ENRPX aos espazos designados ao abeiro delas.

Por outra banda, o cambio na presidencia da Xunta de Galiza actuou como un segundo factor de cambio, pois propiciou a creación de novos espazos protexidos seguindo unha lóxica exclusivamente galega. Así, na terceira lexislatura autonómica (1989-1993), unha dereita reagrupada no PP gaña a maioría absoluta pola mínima á coalición socialista-nacionalista. Nese contexto, o primeiro goberno Fraga deu un xiro en apariencia galeguista á que fora a traxectoria previa do ex-ministro franquista, coa intención de atraer cara si a sectores galeguistas chaves na configuración dunha maioría electoral estable (Miguélez-Carballeira, 2014). Nese camiño, de afirmación de Galiza como "nacionalidade", entrou na axenda a fixación dun imaxinario paisaxístico galego fundamentado nunha "realidade natural, nos montes, nas rías, na súa virxinal beleza", ademais doutros rasgos de orixe máis "popular" e "folclórica" (Fraga, 1992: 15). Cumpría, así, asumir as competencias propias da nacionalidade histórica que era Galiza segundo a constitución española de 1978.

Este ciclo de novas declaracións de parques naturais (Táboa 4) iniciouse en xuño de 1992 co Parque Natural das Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. O *Decreto 139/1992* argumenta no seu primeiro parágrafo que este é "un lugar privilexiado desde o punto de vista ecolóxico e xeomorfolóxico", e destaca para outorgar esta figura de protección "o seu papel como área de descanso de aves migratorias" (Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, 1992: 5089), en liña co formulado na Directiva Aves. Desde o punto de vista da súa singularidade a escala galega, asígnalle un papel decisivo ás "formacións lacustres" e ao "sistema dunar", que son únicos en "toda a xeografía galega". Para lograr a conservación do espazo delimítanse menos de mil hectáreas neste sector costeiro do concello de Ribeira,

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

rodeadas de parroquias con altas densidades de poboación e unha incipiente expansión da urbanización que ameaza con "degrada-la calidade do contorno".

Táboa 4. Parques (naturais e nacionais) declarados en Galiza

Nome do parque (orixinal/ ampliación)	Ano de declaración (orixinal/ampliación)	Administración declarante	Extensión en hectáreas (orixinal/ampliación)
Monte Aloia	1978	Goberno central	746
Illas Cíes / Illas Atlánticas de Galicia	1980/2002	Goberno central	433/8.332
Comp. dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán	1992	Xunta de Galiza	996
Baixa Limia - Serra do Xurés	1993/2009	Xunta de Galiza	20.920/29.345
Invernadeiro	1997	Xunta de Galiza	5.722
Fragas do Eume	1997	Xunta de Galiza	9.125
Serra da Enciña da Lastra	2002	Xunta de Galiza	3.151

Fonte: Elaboración propia

Só uns meses despois que en Corrubedo, en febreiro de 1993, creouse o Parque Natural da Baixa Limia–Serra do Xurés, no corazón da *raia seca*, a fronteira de Galiza con Portugal. Do contexto da súa creación dá conta o que fora responsable do departamento de Medio Ambiente en Ourense, Xosé Benito Reza, nun fermoso libro monográfico (Reza, 2021). O autor expresa o recorrido desde o intento frustrado de parque nacional e reserva nacional de caza nos anos de 1970 até que, por decisión fundamentalmente persoal do presidente da Xunta (Paül e Trillo Santamaría, 2019), publícase no Diario Oficial de Galiza (DOG). A presencia contigua do Parque Nacional do Peneda-Gerês foi a principal causa da designación (Reza, 2021; Trillo Santamaría e Paül, 2016), mesmo por diante dos argumentos de protección dos valores naturais.

Deses dous primeiros pasos houberon de pasar cinco anos até que se decretaron dúas novas declaracións, nas Fragas do Eume e nos Montes do Invernadeiro. No primeiro caso, xa se aprobara un ano antes o correspondente PORN, mais no caso do Parque Natural do Invernadeiro, non se chegou a aprobar até 1999, incumprindo a obriga de aprobación do instrumento de ordenación previa á creación do espazo protexido.

O caso do Invernadeiro respondeu, como retrata Paül (2011; 2009), á necesidade de lle dar unha saída legal á propiedade pública de 5.722 hectáreas en pleno macizo central ourensán. É proba diso o feito de se ter declarado exactamente a mesma superficie da gran parcela (a maior de Galiza segundo o propio decreto) que fora comprada á Papelera Española após un gran incendio en 1980 e declarada Reserva de Caza (1985) e ENRPX (1989), sen cubrir unha soa hectárea máis dos colindantes montes de San Mamede e Queixa. Mediante esa práctica eludiuse o conflito coa poboación local evitando protexer terras da veciñanza. Certo é que se chegara á exposición pública dun borrador de PORN para o Macizo Central ourensán en 1991, mais finalmente acabou seis anos despois, coa deifnitiva declaración de parque natural, restrinxido ao terreo de propiedade pública.

Pola súa banda, as Fragas do Eume protexían un territorio altamente connotado por constituíren un dos últimos exemplos de bosque atlántico dominado polo carballo (*Quercus robur*), que estaba a

USC DE COMPOSTELA

ser claramente ameazado pola expansión do cultivo do eucalipto (Cidrás e Paül, 2022). Neste caso, como foi sucedendo no resto de parques declarados até o momento, non se despregou o preceptivo Plan Reitor de Uso e Xestión. Sen esa ferramenta de planificación e xestión, sinalan Cidrás e Paül (2022), este parque non cumpriu o seu obxectivo de reducir a superficie ocupada por esta especie e mesmo a viu incrementada nas últimas décadas.

Nese mesmo ano 1997 deuse outro cambio político que afectou os espazos protexidos (Paül *et al*., 2015), cando menos desde un punto de vista simbólico, pois por vez primeira na estrutura da Xunta atopamos un departamento de medio ambiente co rango de consellería. É certo que este foi un fenómeno global, pois a mudanza neste sentido na estrutura dos consellos de ministros e gobernos rexionais xeneralizouse en Europa após a Conferencia de Río de Xaneiro de 1992. En calquera caso, isto daríalle maior protagonismo na axenda institucional galega a un concepto —o de "medio ambiente"— que estaba a ser impulsado con inédita unanimidade desde os organismos internacionais, as grandes ONGs e as organizacións políticas de case todo o espectro ideolóxico.

Neste punto, a finais da década de 1990, xa se deran seis declaracións de parques naturais sen demasiada relación entre si, pois carecían duns criterios homoxéneos e estaban máis próximas de decisións discrecionais que dun proxecto de rede galega de espazos protexidos (Paül 2017a; Reza, 2021). Sexa como for, estas coincidiron no tempo coa aprobación da *Directiva 92/43/CEE* (Consejo de las Comunidades Europeas, 1992), coñecida como «Directiva Hábitats». Nela dispúxose que todos os estados membros da Unión debían elaborar unhas listaxes coherentes de perímetros de protección definidos que contribuísen á conservación dunha serie de hábitats e especies definidos como prioritarios e representativos das rexións bioxeográficas europeas (Figura 2). A elaboración e aprobación desas listaxes correspondía en España ás CC.AA., e Galiza debeu elaborar para 1999 unha primeira proposta de Lugares de Interese Comunitario (LIC). Os efectos xurídicos desta norma —os LIC, xunto coas ZEPA, pasarían a considerarse espazos protexidos con todas as repercusións— supoñían a obrigatoriedade de ampliar considerablemente a superficie protexida até o momento e, quizais aínda máis relevante, de darlle unha representatividade territorial máis equilibrada.

É fundamental considerar que, a pesar da activación dalgunhas das categorías de protección recollidas na lei estatal de 1989 e da publicación do decreto de ENPRPX, até aquel momento Galiza non dispuña dun marco lexislativo de espazos protexidos específico. O exercicio da competencia exclusiva en protección da natureza, recibida do poder central en 1984, non produciu a súa primeira lei orixinal até o ano 2001. Foi este o acontecemento culminante da primeira lexislatura con consellería do ramo, que ademais estaba inmersa no proceso de definición dos LIC.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 2. Distribución das nove rexións bioxeográficas nas que a Rede Natura 2000 divide Europa



Fonte: EEA

A *Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza*, incorporaba de maneira explícita no título o enfoque conservacionista (Presidencia da Xunta de Galicia, 2001). Isto supuxo que na mesma declaración de principios que figuraba no preámbulo da norma se lle dese énfase non só á preservación da biodiversidade, senón tamén ás esferas social, económica e cultural. Nese sentido, tamén se subscribiron abertamente os "principios emanados da Conferencia do Río", realizada nove anos antes, con continuas referencias ao desenvolvemento sostible. En canto ao capítulo de espazos protexidos, desenvolveu unha extensa listaxe de categorías de protección, en total contemplou oito —nove se disgregarmos os parques nacionais e os naturais. En conxunto reproducían un esquema ampliado a partir do estatal da lei de 1989, pois consolidaban o modelo xerárquico desta en canto á importancia dos valores naturais a protexer e en canto ao nivel de exclusión das actividades humanas dentro de cada categoría. Nese sentido, a definición dos parques naturais entra en contradición co espirito defendido no comezo do articulado, pois confírelles unha función biocéntrica. En global, neste esquema formuláronse:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- reserva natural;
- parque nacional;
- parque natural;
- monumento natural;
- humidal protexido;
- paisaxe protexida;
- zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN);
- espazo natural de interese local; e
- espazo privado de interese natural.

Todos eles, salvo os dous últimos, compoñían a Rede galega de espazos protexidos (RGEP), figura nominal que agrupaba todos os espazos baixo xestión da consellería, pero sen estrutura orgánica propia. Polo tanto, a inserción da recentemente elaborada listaxe de Lugares de Interese Comunitario (LIC) era complexa, pois non estaban inicialmente encadrados nesta RGEP. Isto debeuse ao baleiro que existía nese momento, pois en 1999 se elevara a Bruxelas a listaxe de lugares propostos como LIC, mais a Comisión Europea non os oficializaría até 2004. A saída que se lle deu na *Orde, do 28 de outubro de 1999, pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000 como espacios naturais en réxime de protección xeral* foi nomear temporalmente todos os espazos candidatos a Rede Natura 2000 como ENRPX. Nese *caixón de xastre*, que era a categoría máis feble e ideada unha década antes, entrou dun día para o outro gran parte da superficie protexida de Galiza.

O último parque natural declarado en Galiza data do ano 2002, xa na última lexislatura de Manuel Fraga á fronte do goberno galego. Localízase integramente en Rubiá, nos lindeiros da comarca de Valdeorras co Bierzo. No *Decreto 157/*2002, formúlase unha argumentación sustentada no carácter excepcional da súa flora e fauna mediterráneas, así como nunha xeomorfoloxía calcaria, moi rara en Galiza (Consellería de Medio Ambiente, 2002).

E, case seguido a ese último parque natural, prodúcese a primeira e única aparición da figura de parque nacional en territorio galego. O goberno central do conservador José María Aznar, a instancias do Parlamento galego con maioría absoluta do mesmo partido, aproba, mediante a *Ley 15/2002, del 1 de julio, por la que se declara el Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia* (Jefatura del Estado, 2002), a protección de maior rango para os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada. O primeiro dos catro, como vimos, xa era parque natural desde 1980. Mais, alén de ampliar a superficie terrestre cara a novas illas, tamén se produciu unha extraordinaria expansión cara ao mar e, por extensión, aos fondos mariños, chegando así a cubrir un perímetro de protección moito maior. Pasouse das 433 hectáreas iniciais a contar con 7.138 marítimas e 1.194 terrestres. Desa nova realidade con maior protagonismo do medio acuático xurdiu o adxectivo composto, incluído no nome oficial, de parque nacional "marítimo-terrestre", o segundo en España tras o de Cabrera (Illas Baleares).

Cómpre deterse brevemente no significado desta declaración pola súa importancia simbólica e material ―debullada en detalle por Paül e Labraña (2013)―. De todas as paisaxes galegas, o goberno central determinou que serían estas pequenas illas das Rías Baixas as que representarían en Galiza, en termos da lei de 1989 vixente naquela altura, "aquelas áreas naturais, pouco transformadas pola explotación ou ocupación humana" dentro da Rede de

USC DE COMPOSTELA

Parques Nacionais española. Deste modo, non se trataba de recoñecer a "beleza das paisaxes, a representatividade dos ecosistemas" e a "singularidade da flora, fauna" e "formacións xeomorfolóxicas" en clave galega, senón máis ben de completar un catálogo nacional español destas Un dato ilustrativo neste sentido é que apenas o 0,07% da superficie de Galiza é insular, e aproximadamente a metade dese exiguo territorio está baixo os efectos da categoría de protección de maior relevancia internacional. Ao mesmo tempo, as principais montañas do país apenas se viron recoñecidas a través da figura —de forma provisional naquel entón até a chegada da Rede Natura 2000— de ZEPVN.

Con todo, con este último gran paso na declaración de figuras de protección contempladas na lei de 1989 —e na recentísima lei galega de 2001— péchase un ciclo expansivo que, coas súas contradicións, non se volveu abrir até a actualidade. O dato é especialmente rechamante se lembramos que en novembro dese mesmo ano 2002, infelizmente, produciuse o afundimento do buque petroleiro *Prestige*, que inzou a costa (e os fondos mariños) de Galiza dunha densa marea negra de petróleo cru. A afección ás especies de flora e fauna e á paisaxe foi inmensa, e obrigou o pobo galego e os movementos sociais ecoloxistas a autoorganizárense en defensa do medio e das poboacións locais mariñeiras.

1.5.4 O fracaso dunha nova etapa expansiva (2004-2014). A introdución formal da paisaxe nos espazos protexidos

No ano 2004 apróbase nas institucións europeas a listaxe de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) da rexión bioxeográfica atlántica (55 en Galiza) que fora enviada 5 anos antes. Xa en 2006 aprobaríanse os restantes 10 LIC da rexión bioxeográfica mediterránea, e dese xeito consolidábase a protección dun 11,7% da superficie de Galiza, que viña gozando dun réxime temporal de ENRPX prorrogados anualmente desde 1999 (Figura 2). Esa cifra ao redor do 12% permanecerá practicamente invariable desde entón até a actualidade, tendo en conta que só en 2009 se engadiron un par de novos ZEPA á listaxe, ironicamente por obriga da Comisión Europea (Paül *et al*., 2019). E non foi por falta de propostas de ampliación, tanto da RGEP como da Rede Natura 2000.

Chegada a lexislatura 2005-2009 a Xunta de Galiza cambiou de mans por primeira vez en 16 anos, pois desta volta formouse un goberno de coalición entre o PSOE e o Bloque Nacionalista Galego (BNG). Os primeiros fixéronse cargo do departamento responsable da declaración, planificación e xestión dos espazos protexidos. O novo equipo trazou unha folla de ruta ambiciosa centrada na figura dos parques naturais que en boa medida non se cumprirá. Desde o feito da creación dunha Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible xa se dá conta do cambio de foco que se pretendía, agrupando nun mesmo departamento dúas políticas que se abordaran até entón de xeito segregado. Os espazos protexidos —alén da súa orixinal concepción como instrumentos de protección, e acorde a este novo enfoque— deberían devir ferramentas de desenvolvemento, contra os desequilibrios territoriais crecentes que sufría gran parte da Galiza rural. E este non era simplemente un xesto estético, pois os fondos europeos neste eido aínda eran verdadeiramente significativos entre as transferencias que recibía todos os anos o goberno galego.

Ao calor disto xorden nos primeiros anos desta etapa dúas propostas de novas declaracións de parques, e outras tantas de ampliación dos xa existentes, todas enmarcadas nunha reformulación das políticas de desenvolvemento sostible nos espazos protexidos. Hai dúas accións paradigmáticas neste sentido. En primeiro lugar, a presentación dun Plan Director para

o Desenvolvemento Sostible da Montaña Ourensá no ano 2007[3] —sen valor normativo— que propicionou a redacción dun plan de desenvolvemento sostible —que non se chegou a aprobar— onde se fixaba explicitamente, entre as medidas de impulso socioeconómico da montaña ourensá, a declaración do parque natural de Pena Trevinca e unha grande ampliación do xa existente no Invernadeiro cara ao resto das serras de San Mamede e Queixa (Sayfor, 2009). En segundo lugar, no ano 2008 sae a exposición pública o PORN do espazo protexido dos Ancares, con visos a declaralo parque natural, mais nunca pasou dese proceso de participación cidadá.

Neste período dáse tamén o primeiro intento de coordinar a xestión dos parques naturais galegos. O *Decreto 148/2007* dispuxo o funcionamento e estrutura dun "consello" para a Rede de Parques Naturais de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, 2007). Malia a estar contemplado na lei de 2001, non se activa a súa creación até seis anos despois. Lamentablemente, máis unha vez, o intento non pasou do papel, e non se chegou a constituír o organismo, que visaba dotar de coordinación á xestión, e ao mesmo tempo establecer as canles de representación dalgúns dos actores implicados en cada un dos parques.

Alén dos parques naturais, é necesario deterse na *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia* (Presidencia da Xunta de Galicia, 2008) polas implicacións que puido chegar a ter no mapa de espazos protexidos. A norma instaurou un marco lexislativo propio para a paisaxe, sendo esta comunidade autónoma unha das primeiras a escala estatal, pois só dispuñan de lei propia Cataluña e —parcialmente— o País Valenciano. Nela fixáronse novos instrumentos —fundamentalmente catálogos e directrices— que permitían completar a secuencia clásica de análise, diagnose e prognose, cunhas esixencias de participación non vistas até o momento nas políticas de protección da natureza. Brindábase así a oportunidade para as institucións autonómicas construíren en conxunto coas poboacións locais uns instrumentos de protección que se fundamentasen na súa percepción e nas súas aspiracións cara aos seus respectivos territorios.

Finalmente, a Xunta de Galiza tardou bastante en aprobar eses catálogos da paisaxe, e aínda máis as directrices (2016 e 2021, respectivamente), os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. Non se elaboraron a escala subrexional para cada unha das áreas paisaxísticas, como estaba previsto inicialmente, senón que se refundiron en dous instrumentos xerais para todo o territorio. Malia isto, foi especialmente relevante para a cuestión dos espazos protexidos pola definición dunha listaxe de Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), que na práctica funcionan como unha ampliación da RGEP pola porta de atrás. Segundo cálculos de Paül (2017a), case o 30% destas AEIP non estaban incluídas previamente noutros perímetros de protección.

O desenvolvemento desta lei, como tamén o desenlace das propostas abertas de creación de novos parques naturais, será a partir do ano 2009 responsabilidade do conservador Alberto Núñez Feijoó. A remuda de goberno resultante da súa primeira vitoria por maioría absoluta produce un novo cambio de rumbo, de xeito que deixou a experiencia do bipartito nun breve ensaio. As intencións no capítulo de protección da natureza ficaron reflectidas na desaparición da Consellería de Medio Ambiente, por primeira vez desde a súa creación en 1997. A partir de

[3]Nota de prensa "Touriño presenta o Plan de Valorización da Montaña Oriental Ourensá, encamiñado a potenciar o uso racional dos espazos naturais como factor clave de desenvolvemento económico" (Consultada en http://www.xunta.es o 7/3/2007).

entón, e até hoxe, a axenda ambiental dependerá de departamentos máis amplos, xeralmente dentro dos de Infraestruturas, Ordenación do Territorio e, ocasionalmente, Vivenda.

No tocante á Rede Natura 2000 galega, o *Anuncio, do 21 de decembro de 2011*, publicado pola Consellería de Medio Rural (2011) para a participación pública da proposta de ampliación parecía por fin despexar o camiño. Non só se contemplaba o incremento dalgúns perímetros xa aprobados en 2004, senón que se contemplaban novos espazos protexidos. Facíase a expensas, segundo o propio documento de síntese da proposta, da *Decisión 2004/813/CEE* (Comisión Europea, 2004) e da *Decisión 2006/613/CE* (Comisión Europea, 2006), que estableceron para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro, as necesidades de mellora na contribución á Rede Natura 2000 que se debían contemplar nas futuras ampliacións, de xeito que corrixían as insuficiencias detectadas ou melloraban a información. Esas insuficiencias foron sinaladas polas autoridades comunitarias especificamente para o caso galego, pois a listaxe de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) estaba "incompleta"[4] e significaba o non cumprimento da Directiva Hábitats.

> Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandato da Comisión. (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 2012)

Chegados ao ano 2014, acábase publicando o *Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia* e se aproba o *Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia*. Nel non hai rastro da devandita ampliación da Rede Natura 2000 (Figura 3). E aínda na actualidade a páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mantén unha referencia á última prórroga ao prazo de exposición pública da proposta de ampliación, publicado no *Anuncio do 2 de febreiro de 2012* (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 2012). Desde esa data, non hai máis comunicacións oficiais do Estado de aprobación da ampliación.

[4] Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dispoñible en: https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/seccion.html&sub=Rede_natura_2000/ [Consultado o 27/7/2023]

Figura 3. Evolución (1984-2024) da superficie protexida en Galiza de acordo coas leis de espazos protexidos estatais e autonómicas e coa Directiva Hábitats[1]



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EEA e da Xunta de Galiza

Coa aprobación do Plan Director chega por fin algún tipo de regulación normativa da ordenación e xestión dos espazos protexidos baixo esta figura. A escolla dunha regulación conxunta para todos os ZEC e os ZEPA condiciona un documento que só recollerá para cada área unha ficha referente aos hábitats e especies de interese comunitario e outra referente á zonificación. Esta segunda é a verdadeira novidade, pois significa que o case que o 12% de Galiza pasará a estar encadrado nunha das tres categorías (áreas de protección, áreas de conservación e áreas de uso xeral) diferenciadas en función das actividades que pode desenvolverse nelas. O impacto destas é fundamentalmente urbanístico, pois defínese a prevalencia desta clasificación do solo sobre calquera planificación municipal.

Indo polo miúdo, as "áreas de protección" son o núcleo de cada espazo protexido, pois representan aqueles lugares onde as normas de protección e xestión dos ecosistemas naturais son máis estritas, cun nesgo claro cara á recuperación dos bosques autóctonos. En segundo lugar, as "áreas de conservación" marcan unhas limitacións lixeiramente máis laxas, nas que os usos permitidos e autorizables son máis numerosos. Por último, as "áreas de uso xeral" permiten unha longa listaxe de usos residenciais ou industriais propios dos núcleos urbanos, con certas limitacións urbanísticas en canto ao seu impacto visual.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.5.5 Os espazos protexidos galegos na actualidade

Tras menos de dúas décadas en vigor, e cun balance pouco produtivo —polo menos en canto á creación de espazos protexidos baixo figuras de protección propias alén da Rede Natura 2000 (Figura 5)— a disposición lexislativa de 2001 viuse relevada pola *Lei 5/2019, do 7 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*. A nova norma opta, segundo o expresado desde o mesmo preámbulo, por simplificar o mapa de categorías de protección. Identificáronse solapamentos e falta de claridade entre as figuras que se foran aprobando segundo as lexislacións estatal e galega e a listaxe creada ao abeiro da Directiva Hábitats. Como consecuencia disto, desaparecen as ZEPVN, pois eran as mesmas áreas que as clasificadas na listaxe da Rede Natura 2000. Estas serán, na práctica, renomeadas (tanto as ZEC como as ZEPA) dentro da RGEP como unha nova categoría bastante máis neutra: "Espazo protexido Rede Natura 2000", copia da categoría española da *Ley 42/2007* (Jefatura del Estado, 2007), tendo en conta que había espazos que eran da Rede Natura 2000 mais non ZEPVN (Paül et al., 2019).

O mapa que resulta disto (Figura 4) comprende oito categorías, das cales só as seis primeiras forman parte da RGEP: Considerou o lexislador que os espazos protexidos Rede Natura 2000, os Espazos Naturais de Interese Local e os Espazos Privados de Interese Natural eran figuras que non precisaban do mesmo recoñecemento que as demais. Os primeiros xa estaban inseridos por definición dentro nunha rede europea máis ampla, os segundos e os terceiros, en cambio, malia seren declarados directamente pola Xunta, eran xestionados por entidades locais ou privadas:

- reserva natural;
- parque;
- monumento natural;
- zona húmida protexida;
- paisaxe protexida;
- espazo protexido Rede Natura 2000;
- espazo natural de interese local; e
- espazo privado de interese natural

Pola súa banda, os parques permaneceron estes últimos anos case sen cambios, salvo o enigmático proceso de constitución da Rede de parques naturais de Galicia, creada definitivamente a través do *Decreto 69/2016* (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, 2016). Como vimos na etapa anterior, a idea dese órgano para "coordinar a xestión, uso e posta en valor" xa viña xestándose sen éxito desde 2007. Pero este novo decreto é considerablemente máis esquemático e elimina calquera referencia a unha estrutura interna, de xeito que deixa sen concretar unha representación de xuntas consultivas de cada parque ou de concellos e colectivos afectados. Significativo é que as atribucións recaian agora na súa totalidade, en lugar dun "consello", na persoa titular da consellería do ramo. Da vontade desa dirección do departamento autonómico depende, pois, a convocatoria de xuntanzas cos órganos de xestión e consultivos de cada parque. Isto significa a ausencia de autonomía dos órganos dos parques á hora da toma de decisións nesta rede.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 4. Espazos protexidos da Rede Natura 2000 e da RGEP



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EEA e do IGN

Figura 5. Superficie protexida baixo figuras propias de cada CCAA, expresadas en %



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EEA e do MITECO

Aliás, resulta altamente significativo que entre os sete únicos obxectivos desta rede estean "situar a marca Parques Naturais de Galicia como referente en España baixo unha identidade corporativa global", "capitalizar o amplo e diverso patrimonio natural de Galicia a través da promoción dos parques naturais", ou "converter a rede en icona da España verde e como espazos naturais de interese en Europa". O foco resulta evidente que vira cara a un mecanismo de promoción máis que de coordinación da planificación e xestión dos perímetros.

Debe recoñecerse, porén, que nos anos seguintes á aprobación da lei de 2019, activouse ao fin, e con financiamento europeo, a obrigada e atrasadísima renovación dos PORN e dos PRUX dos parques da RGEP. De feito, a maioría dos parques carecían do documento básico de xestión até hoxe, nun sistemático incumprimento do goberno autonómico da súa propia lexislación, pois había tres décadas que se obrigara á aprobación inmediata dos PRUX após a declaración de calquera parque.

Tras case un lustro de vixencia, tampouco hai novos monumentos naturais, zonas húmidas e paisaxes protexidas. O que si se produciu foi un importante desenvolvemento das outras dúas figuras que recollía como novidade a lei de 2001, e a de 2019 referendou: os Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) e os Espazos Privados de Interese Natural (EPIN). Tendo en conta que tanto uns coma outros requiren a aprobación do Plan de Conservación (PC) para se

consideraren declarados definitivamente, entre 2014 e 2023 declaráronse sete ENIL e tres EPIN, alén doutros catro ENIL declarados provisionalmente. Como xa comentamos, ningunha destas figuras se integra na RGEP, e en todos eles a Xunta de Galiza renuncia a calquera responsabilidade na xestión e nos investimentos para conservación do patrimonio natural.

Por último, e como gran novidade desta lei, realízase un cambio de nomenclatura das ZEPVN, que eran totalmente coincidentes coa Rede Natura 2000. Agora xúntanse ambas categorías e intégranse na RGEP, pasando a denominarse Espazos Protexidos Rede Natura 2000. Isto, segundo o texto lexislativo, supón unha simplificación que elimina a redundancia que até entón existía, pero segundo De Luaces *et al*. (2020) tamén introduce confusión á hora de comparar os datos de espazos protexidos de Galiza con respecto a outras CC. AA. (Figura 6). Ao integrar toda a Rede Natura 2000 dentro do sistema de categorías autonómicas prodúcese unha certa distorsión, pois noutras autonomías, así como na administración central, existe unha separación entre as categorías propias e as derivadas da aplicación das directivas europeas. En realidade, Galiza só ten declarado espazos protexidos ao longo destes anos nun 2% da súa superficie, de excluírmos eses Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

Figura 6. Superficie terrestre protexida (%) por CCAA



Elaboración propia a partir de datos da EEA e do MITECO

Ollado ese desequilibrio tan avultado, fica claro que o groso do peso das medidas de protección da natureza en Galiza recae na Rede Natura 2000 (Fernández Piñeiro, 2023). No tocante ao estritamente relacionado coa Rede Natura 2000, o réxime actualmente vixente está constituído pola *Decisión de Ejecución (UE) 2023/238 de la Comisión del 26 de enero de 2023*

e máis a *Decisión de Ejecución (UE) 2023/241 de la Comisión de 26 de enero de 2023*, nas que se adoptan as décimo sextas listas actualizadas de lugares de importancia comunitaria das rexións bioxeográficas atlántica e mediterránea, respectivamente. Esas listaxes son as mesmas que as aprobadas en 2004 na primeira listaxe ―actualízanse cada ano―, coa excepción da engádega da ZEPA de Pena Trevinca en 2008 e da ZEPA da Limia en 2009.

Vemos así como o panorama dos espazos protexidos dentro desta rede apenas mudou en Galiza, alén de cambios de nomenclatura e os impostos polas institucións xudiciais comunitarias. Nese sentido resulta moi ilustrativa a Figura 5, na cal se ve como Galiza ficou na cola entre as CC.AA. por superficie protexida, só superada pola cidade autónoma de Melilla. Esta paralización é para Fernández Piñeiro (2023: 28) consecuencia da "vontade política" dunha Xunta de Galiza que actúa en connivencia cos "lobbys industriais" coa intención de facilitar a implantación de proxectos extractivistas incompatibles coa conservación da biodiversidade.

1.5.6 Xustificación dos casos de estudo elixidos: parques naturais frustrados na montaña galega

Como último punto nesta revisión de antecedentes dos espazos protexidos galegos, cómpre achegar as razóns da escolla dos dous casos de estudo finalmente abordados. Nese sentido, é relevante lembrar o que se procuraba nesta tese de doutoramento, pois as nosas motivacións están intimamente ligadas aos seus obxectivos xerais. Perseguiamos estudar aqueles intentos non consumados de parques naturais —dos que este capítulo de antecedentes deu noticia de seis (Os Ancares, O Courel, Serras de Queixa e San Mamede/Macizo Central, Pena Trevinca, Monte Pindo e Serra do Galiñeiro)— porque intuíamos que neles xurdía a paisaxe como discurso patrimonializador. Polo tanto, cumpría rescatar algúns deses proxectos nunca completados e recoller as percepcións das persoas involucradas directa ou indirectamente neles, no marco dos obxectivos e das hipóteses establecidas nos apartados 1.3 e 1.4.

Nun achegamento preliminar aos seis posibles casos comprobamos dous aspectos relevantes que todos teñen en común: a súa pertenza á Rede Natura 2000 desde hai máis de dúas décadas e que todos están localizados na montaña. Resultounos significativo que esta adscrición europea non conducise co paso do tempo á obtención da categoría de parque natural nalgunha desas montañas no seu conxunto (no caso de Queixa e San Mamede, O Invernadeiro éo polas razóns continxentes esgrimidas no subapartado 1.5.3). Mais, debido á imposibilidade de abordar os seis casos nunha única tese de doutoramento ―cando menos se se procuraba un nivel mínimo de profundidade―, decidimos centrar o foco naqueles que consideramos máis oportunos nesta ocasión. A criba foi realizada tomando en consideración a orixe de cada proposta de declaración, que se puido sintetizar en dúas vías principais: a da administración ou a da sociedade organizada.

No primeiro grupo hai catro parques aínda non declarados e que foran propostos no PDTC hai case cinco décadas (Xunta de Galicia, 1979), como vimos no subapartado 1.5.2. Dentro dese grupo identificamos dous que se adecuaban mellor á nosa pescuda: Os Ancares, que foi en repetidas ocasións sinalado como posible parque antes e despois desa data e finalmente viu como o seu PORN estivo a piques de ser aprobado en 2009 tras un proceso participativo que quedou en suspenso; e Pena Trevinca, no cal estabamos traballando desde antes do inicio da tese e considerabamos que o feito de acoller o punto de maior altitude do país (2.127 m) era un factor simbólico que o facía destacar sobre os demais. En todo caso, é xusto recoñecer certos matices a esta vía administrativa, pois para estes dous espazos protexidos existiron certas

persoas e entidades fóra do ámbito institucional que defenderon a súa declaración como parques naturais, mais aparentemente non co alcance suficiente para consideralos propiamente liderados por organizacións sociais.

En cambio, os outros dous proxectos que seleccionamos inicialmente emerxeron nos últimos anos a partir de movementos asociativos no Monte Pindo e na Serra do Galiñeiro, polo que os consideramos de orixe social. Deste xeito, quixemos contrastar esa pulsión nas comunidades locais como un factor relevante para mobilizarmos casos de estudo neste traballo. Unha vez máis, o feito de seren elixidos como exemplos de propostas cidadás non exclúe a implicación e acompañamento de certos estamentos institucionais nestoutras propostas de parques, nomeadamente as administracións locais das áreas afectadas.

Por outra banda, en referencia ao feito de estaren todos inseridos en paisaxes de montaña, ese criterio de selección tampouco foi arbitrario e resulta coherente cos obxectivos e coas hipóteses fixadas nos apartados 1.3 e 1.4. Como se puido comprobar anteriormente neste capítulo, todas as propostas frustradas ao longo do último século atópanse inseridas precisamente en conxuntos montañosos. Deste modo, os proxectos de parques naturais identificados inicialmente eran pertinentes de acordo co noso obxectivo de contrastar os novos imaxinarios paisaxísticos da montaña galega. Así foi como nun primeiro momento propuxemos tratar neste traballo Pena Trevinca, Monte Pindo, Os Ancares e a Serra do Galiñeiro. De feito, é o que figura literalmente no plan de investigación aprobado nos primeiros meses de matrícula do programa de doutoramento, co que obtivemos o contrato predoutoral que financiou en boa medida esta investigación.

Entre o previsto entón e o finalmente presentado nestas páxinas existe unha diferenza de calado: decidimos realizar unha selección máis restritiva dos casos de estudo. Conforme se avanzou no desenvolvemento deste traballo de investigación constatouse paseniño a imposibilidade de desenvolver os catro posibles parques naturais inicialmente formulados dentro do tempo dispoñible. Tras o avance no traballo de campo e a análise de resultados en Pena Trevinca e Monte Pindo, decidimos centrarnos neles. De feito, consideramos completamente contrastados ambos casos, os cales achegan dous contextos territoriais diferentes a escala galega e dúas iniciativas de protección de orixe diferenciada.

Os motivos principais desta decisión son de tipo metodolóxico e persoal. No primeiro caso debemos mencionar o reto en termos de tempo que supoñen as técnicas cualitativas, especialmente cando se despregan as entrevistas e unha codificación aberta como as que explicamos no capítulo 4. Isto uniuse á concorrencia dunha situación excepcional de confinamento e restricións de mobilidade ao longo dos anos 2020 e 2021. Por último, as situacións de baixa laboral e de baixa académica, que se sucederon durante varios meses en 2022 e 2024 tamén forzaron cambios na programación inicial, desbotando definitivamente a posibilidade de completar cando menos un terceiro caso de estudo.

O caso do Monte Pindo xorde dunha proposta de declaración de parque natural impulsada por unha organización ecoloxista que devén nunha loita veciñal dirixida por parte das comunidades locais. Este fenómeno é de gran interese debido á activación dunha serie de discursos favorables á implantación desta figura entre actores que con frecuencia son vistos como refractarios ás medidas de protección. No capítulo 3 trátase en profundidade este espazo protexido, así como en específico a Asociación Monte Pindo Parque Natural (AMPPN), que protagoniza a proposta.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Pena Trevinca, en cambio, responde a unha vontade administrativa reiterada desde o PDTC de 1979, co artigo de Guitián (1977) como primeira verbalización da proposta. Tendo en conta

que a declaración nunca chegou e hoxe en día carece de respaldo institucional, a idea ficou hoxe máis como unha proposta de persoas e pequenas entidades illadas que como unha loita colectiva.

O achegamento preliminar indicaba un dobre paralelismo, dito sexa de paso, entre os casos abordados e os dous finalmente descartados: Os Ancares pode ser entendido como un territorio similar a Trevinca pola súa localización xeográfica e a súa posible adscrición á idea de alta montaña. Por outra banda, tanto a Serra do Galiñeiro como o Monte Pindo son dúas serras litorais baixas en termos de altitude e ambas teñen unha sociedade civil detrás[5]. No caso do Galiñeiro en parte podería conducirse como ampliación do Parque Natural do Monte Aloia, declarado a finais dos anos 1970 e que se sitúa no extremo meridional da mesma cadea montañosa.

1.6 ESTRUTURA XERAL DA TESE

O traballo consta de oito capítulos que inclúen os contidos previstos no regulamento de estudos de doutoramento vixente para esta cuestión[6] (Universidade de Santiago de Compostela, 2020): introdución, marco teórico, caracterización das áreas de estudo, metodoloxía, dous capítulos de resultados, discusión e conclusións. A continuación presentamos brevemente cada un dos capítulos coa intención de facilitar a comprensión xeral do texto.

A xeito de inicio preséntanse as motivacións persoais de partida así como o contexto que levou á elección do tema. A seguir, dentro do primeiro capítulo, establécese o que será o obxecto de estudo desta tese cunha breve caracterización do mesmo. A relevancia social e científico do tema elixido centrará o segundo subapartado desta introdución, de forma que se poida contrastar a súa pertinencia e o seu impacto na sociedade. Deseguido formulamos os obxectivos e as hipóteses da investigación, que marcaron o enfoque do traballo desenvolvido estes anos. Tamén neste capítulo sistematízanse os principais antecedentes á cuestión dos espazos protexidos en Galiza coa intención de situar no tempo e no espazo os actuais proxectos de parques naturais.

En segundo lugar abordamos unha revisión teórica ampla dos dous núcleos conceptuais sobre os que pivota este traballo: a paisaxe e os espazos protexidos. Quixemos achegarnos de forma transversal á idea de paisaxe, dados os variados prismas cos que se ten abordado en Xeografía e disciplinas afíns nas últimas décadas. Estruturamos estes contidos partindo dos inicios do pensamento da paisaxe, e repasamos os principais achegamentos materiais e inmateriais, así como a aqueles que xa superaron esa distinción dualista.

No tocante á teoría dos espazos protexidos, esta tese activou algúns dos conceptos fundacionais das prácticas conservacionistas. Os parques naturais sitúanse como unha pequena porción dun vasto océano de figuras legais e de outras medidas menos convencionais de protección e de xestión da natureza. Subliñáronse as conexións ideolóxicas dos espazos protexidos no marco da sociedade occidental, e como estes se operativizan nun cada vez máis

[5] Neste sentido, a Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro ten desenvolvido unha actividade similar á da AMPPN, apoiada a maiores no tecido asociativo da maior aglomeración urbana de Galiza (Vigo) e nas comunidades de montes da contorna. Máis información dispoñible en liña: https://serragalinheiro.wordpress.com/ [Consultado o 22/9/2023]

[6] Malia a que se aprobou un novo Regulamento de Estudos de Doutoramento (Universidade de Santiago de Compostela, 2024), os artigos referentes aos contidos das teses de doutoramento seguen vixentes na súa versión de 2020 de forma transitoria até o 31 de agosto de 2025.

complexo sistema de categorías internacional. Para finalizar pousamos a mirada con maior detalle nas premisas teóricas referentes ao xeito no que as persoas se relacionan cos espazos protexidos (actitudes) e no tipo de paisaxes nas que esta tese realizou o seu traballo empírico (montañas).

A caracterización das áreas de estudo centra o terceiro capítulo. Nel defínense os límites territoriais concretos nos que se desenvolveu esta investigación. Ademais preséntanse as figuras de protección actuais que concorren dentro do mesmo lugar. A seguir, realízase unha síntese xeográfica máis clásica con aspectos tanto físicos/naturais como humanos/culturais.

A continuación, no capítulo 4, formulamos o enfoque metodolóxico que guiou a presente tese de doutoramento. Asemade, achegamos unha explicación detallada dos métodos e técnicas despregados, poñendo especial énfase nas fases de preparación, condución e análise das entrevistas semiestruturadas, principal método empregado.

Os capítulos 5 e 6 correspóndense cos resultados empíricos obtidos a partir do despregamento da investigación nas dúas áreas estudadas. Procurouse limitar o contido a unha exposición de todo o obtido no traballo de campo que fose útil para o obxecto da tese,. Isto significa evitar a introdución de xuízos e nesgos persoais do autor na análise do verbalizado polas persoas entrevistadas, dentro do posible en calquera traballo baseado na análise cualitativa de datos.

En ambos os dous capítulos de resultados presentáronse os principais discursos identificados tomando como punto de partida os núcleos temáticos definidos *a priori*. Desta forma o corpo dos capítulos é unha sucesión de discursos identificados polo autor da tese a partir do verbalizado polas persoas entrevistadas. A cada discurso se lle asignan unha sucesión de citas literais das persoas entrevistadas.

En penúltimo lugar abórdase a discusión, é dicir, o contraste dos resultados obtidos coa teoría de partida. A aplicación aos casos de estudo da teoría sobre a patrimonialización da paisaxe e sobre as actitudes da poboación local cara os espazos protexidos centraron as achegas desta tese de doutoramento.

Para finalizar, o octavo capítulo correspóndese coas conclusións obtidas tras o proceso de elaboración da presente tese. Púxose especial énfase na identificación das principais aprendizaxes, así como nas limitacións detectadas. En clave propositiva tamén se achegou de cara ao futuro un decálogo de medidas relativas á declaración de espazos protexidos, coa intención de seren útiles no despregamento de políticas de protección da natureza.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2 MARCO TEÓRICO

2.1 PAISAXE

A paisaxe é un dos conceptos que maior atención recibe na Xeografía porque se insire de cheo nas relacións entre o ser humano e o medio no que vive, é dicir, atópase no celme mesmo da disciplina (Silva *et al.*, 2018; Gómez Mendoza, 2008). Existen, ademais, outros motivos máis conxunturais que a poñen no centro dos debates xeográficos, como evidencia a proliferación de lexislación sobre a materia, que condiciona cada vez máis os intereses económicos ou mesmo a forma de vida das comunidades locais (Depraz, 2008). É patente que este termo ten a capacidade potencial de integrar binomios moi connotados como o de natureza-cultura, e isto confírelle unha relevancia especial nunha disciplina que tenta reivindicar estes vencellos como o seu principal obxecto de estudo (Gómez Mendoza, 2020; Martínez de Pisón, 2017). Mais, indo alén da súa popularidade actual, a traxectoria da paisaxe na investigación xeográfica conta xa con, cando menos, dous séculos de bagaxe (López Silvestre, 2010; Roger, 2007; Capel, 1981) que nos permiten ollar en retrospectiva os distintos xeitos de concibila. Aínda apercibidos da amplitude coa que se concibe a paisaxe hoxe en día, esta é herdeira das diversas escolas e tradicións xeográficas, que nalgúns casos quixeron apropiarse do termo para cinguilo a unha expresión parcial do que é. Sen esa acumulación de paradigmas, que dialogan e, con frecuencia, se solapan, non se podería entender a idea actual de paisaxe.

Nos últimos decenios abriuse un campo de batalla conceptual pola paisaxe, no que non se acaban de poñer de acordo a Xeografía, a Filosofía, a Arquitectura, a Historia da Arte ou as Ciencias Naturais (Besse, 2010). O debate de fondo dáse entre aquelas visións máis materialistas, que consideran primordial coñecer a súa faciana obxectivable, e as posmodernas, que defenden a preeminencia da percepción humana para adentrarse no que Berque (2008) define como o "sentido profundo da paisaxe". Sexa como for, o equilibrio destes enfoques non é doado, e emerxen múltiples desacordos, novas visións, pero tamén en ocasións, puntos de encontro.

Neste primeiro capítulo teórico abordaremos a paisaxe desde o seu nacemento, sen pretender achegar unha definición unívoca do concepto, e poñeremos especial énfase na súa evolución como obxecto de estudo na Xeografía. Isto non debe significar que obviemos as perspectivas doutras disciplinas relacionadas, tendo en conta que o concepto de paisaxe foi longamente traballado desde a Filosofía, a Socioloxía, a Ecoloxía ou a Arquitectura, por só destacar algunhas das múltiples abordaxes que se entrecruzan nun terreo tan fértil como o do estudo da paisaxe (Berque, 2008). Mais si consideramos esencial contribuír desde a nosa disciplina a achegar un enfoque amplo, plural e integrado, que diferencia os estudos xeográficos doutros máis pechados e parciais.

2.1.1 Orixes do concepto de paisaxe

2.1.1.1 Definindo a paisaxe: entre natureza e cultura?

A definición da paisaxe é un exercicio de difícil concreción (Nogué, 2019; Antrop, 2018; Paül, 2017a; Schmitz e Vanderheyden, 2016; Gómez Mendoza 2008; Maderuelo, 2005). Se ben existen consensos para recoñecer a amplitude de significados posibles do termo, esa pluralidade non deu en consolidar un achegamento integrado á paisaxe, pois semella que moitas

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

das disciplinas que a estudan reteñen con celo o seu propio significado. Facendo unha aproximación ás definicións máis difundidas, semellan convivir aínda hoxe dous niveis de conceptualización da paisaxe: por un lado un enfoque compartimentado, no que cadaquén toma o seu posicionamento propio, e polo outro un máis amplo no cal podemos ubicar a influínte definición do Convenio Europeo da Paisaxe (CEP), que analizaremos máis adiante.

No que respecta á Xeografía, a disciplina trazou múltiples camiños —con frecuencia marcados por subdisciplinas incomunicadas entre si— para o estudo da paisaxe. Estes foron decote sintetizados en dúas vías principais: a material e a inmaterial (Paül, 2017; Nogué, 2010; Depraz, 2008; Besse, 2000) ou, dito doutro xeito, a tanxible e a intanxible. A primeira foi hexemónica durante gran parte dos séculos XIX e XX, esencialmente coa institucionalización da Xeografía na academia. A necesidade de reafirmación científica obrigou a concibir os obxectos de estudo da Xeografía como materiais prontos a seren descubertos. De feito, durante moitos anos a paisaxe foi concibida como un termo intercambiable coa descrición xeográfica. Así a ollaban as escolas de Xeografía física alemá do século XIX (Vila *et al.*, 2006), especialmente aquelas vencelladas á Xeomorfoloxía, pero tamén Sauer (1925) desde a perspectiva da Xeografía humana (el denominouna "cultural") e Bertrand (1968), desde unha Xeografía física máis actual.

O que se veu identificando como paisaxe até finais do século XX eran fundamentalmente porcións da superficie terrestre (ou do mar) que destacaban pola súa configuración de elementos físicos e/ou culturais singulares. As paisaxes eran posuidoras dunha existencia obxectiva e eran fixadas por expertos, que retiñan o monopolio da *ollada verdadeira* (Antrop e Van Eetvelde, 2017), da súa percepción normativa. Para que a democratización da paisaxe fose posible, primeiro tiveron que abrirse fendas no paradigma que fixo posible a redución da paisaxe a un obxecto científico: o positivismo.

> Una de las primeras cosas que hay que hacer [en referencia á definición] es deslindar la idea de naturaleza del concepto de paisaje, con el fin de que términos como «paisaje natural» no parezcan tautologías y que otros, como «paisaje urbano» o «paisaje industrial», no se consideren un contrasentido. (Maderuelo, 2005: 17).

O positivismo fixou unha idea de paisaxe cuxos ecos aínda resoan hoxe. Nela tivo un especial papel o uso da poderosa intersección conceptual entre natureza e cultura. Situar o concepto como un punto de encontro entre dous mundos tan antagónicos na sociedade occidental ten certo atractivo, mais tamén presenta o risco de reforzar o dualismo de significados entre eles, como se se tratase de ámbitos independentes que se cruzan circunstancialmente na paisaxe. O problema desa conceptualización radica en que tanto natureza como cultura son termos que se comunican entre si constantemente alén da paisaxe (Harvey, 1996), o que dificulta enormemente illalos o un do outro. Ao final, o que atopamos con frecuencia baixo este prisma positivista son descricións da paisaxe natural ou da paisaxe cultural, por separado ou combinadas, mais a reflexión conxunta, é dicir, integradora, aínda estaría lonxe.

En efecto, pódese identificar un punto de inflexión desde a irrupción dunha nova Xeografía cultural nos anos 1990, e especialmente desde a entrada en vigor do CEP no ano 2000, que alude directamente á "percepción" para definir a paisaxe. Desde entón, está a gañar peso no mundo académico (dentro e fóra da Xeografía) un enfoque que leva a atención alén do estudo sistemático das partes que conforman a materialidade da paisaxe. Comezarase a ter en conta os

filtros que os seres humanos interpoñemos entre a realidade física, por unha banda, e a nosa mente, pola outra.

> Al hablar de paisaje estamos hablando de una porción de la superficie terrestre que ha sido modelada, percibida e interiorizada a lo largo de décadas o de siglos por las sociedades que viven en ese entorno. (Nogué, 2010: 126).

A definición que estableceu o Consello de Europa (2000) no CEP é froito dun consenso que permite na práctica case que todo tipo de achegamentos á paisaxe. Malia o seu innegable éxito —é compartido desde algunhas das posicións máis antitéticas do pensamento da paisaxe (Nogué, 2019)— non foi suficiente para integrar as dúas principais conceptualizacións.

> [P]or "paisaxe" entenderase calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos. (Consello de Europa, 2000).

Nesta definición consúmase o recoñecemento oficial da percepción colectiva e individual en pé de igualdade co medio físico e humano. E iso é unha novidade se ollamos en retrospectiva a traxectoria da protección e xestión da paisaxe até o ano 2000. Cómpre lembrar, iso si, que a sinatura dese texto hai dúas décadas non ratificou directamente a integración pacífica das dúas *ánimas* da paisaxe. É doado hoxe en día verificar a abundancia de traballos que afondan na Ecoloxía da paisaxe (*Landscape Ecology*), que a entende como unha composición de formas e elementos físicos sobre a superficie terrestre. Igualmente, e desde a beira oposta, tamén segue moi viva a concepción da paisaxe como representación estética do percibido (esencialmente polo ollo humano).

Se cadra o principal efecto da sinatura do CEP é máis modesto que a resolución do dualismo natureza/cultura —non por iso menos significativo— e consiste na difusión da dimensión intanxible ou inmaterial da paisaxe dentro dos aparellos lexislativos de moitos países. De feito, nestes últimos anos xeneralizáronse as políticas específicas de paisaxe, unha tendencia que axuda a normalizar unhas prácticas paisaxísticas máis integradoras a través da toma en consideración de valores intanxibles. Un dos resultados máis destacados destas prácticas é a declaración de espazos protexidos tras a análise das valoracións paisaxísticas das comunidades locais afectadas, (Nogué, 2019), e non só sumando valoracións individuais. Estas formulacións axudan tamén a suturar a tradicional fenda entre a protección do patrimonio natural e do patrimonio cultural.

Deste xeito, máis que unha substitución dos dualismos positivistas na paisaxe, estamos a presenciar nos últimos anos a emerxencia dun novo enfoque integrador que convive con outros máis parciais.

2.1.1.2 O(s) nacemento(s) da paisaxe

Determinar o momento exacto do nacemento da paisaxe semella un exercicio verdadeiramente complexo. De feito é moi posible que non exista un lugar e unha data concretos nos que situalo malia a profusión de datas achegadas até o momento. A propia condición da paisaxe, resultado de valoracións culturais dinámicas no espazo e no tempo, obríganos a partillar as palabras de Joan Nogué cando afirma que "cada cultura —y también una misma cultura en diferentes períodos históricos— crea sus peculiares interpretaciones ante el paisaje"

(Nogué, 2008: 12). Aínda así, hai algunhas datas, ou mellor dito, algúns contextos espazo-temporais, nos que a paisaxe emerxeu como categoría autónoma, nos que se comezou a pensar a paisaxe.

Con frecuencia rastréxanse as orixes da paisaxe nas diversas representacións artísticas que as sociedades produciron ao longo da historia (López Sández, 2008; Maderuelo, 2005). Nese sentido, o punto de partida máis repetido na literatura occidental sobre paisaxe é o *Ascenso ao Mount Ventoux* de Petrarca no ano 1336, no alborexar do Renacemento. Mais existe un crecente consenso ao redor da necesidade de liberar esta pesquisa das orixes da paisaxe do nesgo eurocéntrico que habitualmente teñen as lecturas tradicionais da historia. De feito, ficou demostrado que na China do século V xa existía unha conciencia plena da paisaxe (Berque, 2008), case mil anos antes que o coñecido feito do mundo occidental.

Pescudar a orixe do concepto require facer en primeiro lugar unha distinción conceptual entre a paisaxe en si mesma e o pensamento da paisaxe (Berque, 2008). Isto débese a que existe certa controversia en canto se a creación dunha liña de pensamento propia é un requisito previo para podermos falar de paisaxe nun contexto temporal e espacial concreto (Gómez Mendoza, 2013; Berque, 2008). O propio Augustin Berque propón unha serie de condicións para poder falarmos da existencia de pensamento da paisaxe nun momento e lugar determinados.

> 1. Una literatura (oral o escrita) que cante la belleza de los lugares, lo que incluye (1bis) la toponimia [...]; 2. Jardines de recreo; 3. Una arquitectura planificada para disfrutar de hermosas vistas; 4. Pinturas que representen el entorno; 5. Una o varias palabras para decir «paisaje»; 6. Una reflexión específica sobre «el paisaje». (Berque, 2008: 60).

Deténdonos no quinto criterio, un dos que máis controversia xerou (Gómez Mendoza, 2013), resulta significativa a propia existencia dunha palabra para nomear a paisaxe en cada lingua. Por exemplo, a aparición no galego é realmente recente, da man de Rosalía (López Sández, 2008), mais na lingua alemá a palabra *landschaft* vén reproducíndose desde o século VIII (Maderuelo, 2005). O curioso é que esa mesma palabra denominaba algo ben diferente ao que hoxe entendemos por paisaxe, pois era máis equiparable a "rexión". Será xa no Renacemento cando se produza unha verdadeira explosión e profusión no uso da palabra en múltiples versións, tanto xermánicas como latinas.

Nese sentido, Roger (2007: 77) fixa o nacemento da "paisaxe europea" como un proceso que comeza no século XV, coa creación de modelos pictóricos que modelarán o que o autor considera "percepción occidental" da paisaxe, e que chegou até hoxe. Este nacemento tardío e lento da paisaxe na cultura occidental, éo malia as creacións artísticas situadas en xardíns e espazos abertos que aparecen xa desde o mundo clásico de Grecia e Roma (Rancière, 2023). Estas perspectivas adoecían de falta de "perspectiva panorámica" e non acadaron, segundo o autor, a madurez e complexidade suficientes para podermos falar de paisaxe até pasada a Idade Media.

Porén, de acreditarmos no exposto por Martínez de Pisón (2017), sería máis coherente afirmar que a paisaxe en Occidente non acada madurez até as primeiras expedicións montañeiras do século XVIII, nas que o acto de percibir a paisaxe se torna activo. A persoa que observa, habitualmente un home de clase acomodada, non se limita a representar por imitación e de xeito estático a paisaxe, como podería facer un pintor do século XVI, senón que existe unha procura activa da paisaxe. Neste sentido, é fundamental nomear os cadernos de viaxe de Jean-Jacques Rousseau, onde as montañas acadan gran protagonismo como símbolos que

marcan a busca da paisaxe máis salvaxe, máis indómita, é dicir, deveñen depositarias de valores identitarios útiles para os proxectos de construción nacional que comezaban a emerxer naquel momento.

Ortega Cantero (2009) debuxa o xurdimento da concepción moderna da paisaxe na etapa do Romanticismo, concretamente entre a segunda metade do século XVIII e comezos do XIX. Nese momento fundacional entran en xogo as valoracións estéticas e sentimentais propias das representacións artísticas do movemento romántico, que se unen a unha incipiente inquedanza naturalista no ámbito científico. Segundo o autor, figuras precursoras do pensamento moderno da paisaxe, nomeadamente Rousseau e Saussure nas paisaxes de montaña, comezaron a trazar unha vía que unía o achegamento científico á natureza, con vontade obxectivista, coas valoracións e representacións culturais ligadas a ela. Malia a novidade que supuña integrar natureza e cultura baixo un mesmo termo, o certo é que era un achegamento elitista, que concibía a paisaxe como a ollada do experto sobre a natureza, e ao mesmo tempo parcial, xa que a paisaxe debía representar a «orde natural» do mundo (Capel, 1981). Existía pois unha paisaxe verdadeira, obxectivable, que debía ser comprendida por alguén dotado das ferramentas necesarias para analizala.

2.1.2 Os achegamentos materiais á paisaxe. Do positivismo científico á Ecoloxía da Paisaxe

A posición da Xeografía a respecto da paisaxe virou dun enfoque transcendental nos albores da modernidade a considerala un obxecto de análise científica obxectiva a finais do século XIX (Paül, 2017; Ortega Cantero, 1987; Capel, 1981). Conforme se foi asentando como disciplina académica aumentou o interese en asimilar a Xeografía con calquera outra ciencia, e dentro delas, tomouse como modelo o das ciencias naturais e matemáticas, as coñecidas como *puras*. Perante a falta de métodos e obxectos de análise consolidados para conducir os traballos xeográficos nesta liña, tentouse, pode que por imitación, despregar unha apariencia de solidez científica mediante a formulación de hipóteses verificables a través do método científico. A paisaxe a partir deste momento será unha entidade independente do ollar, a súa existencia estará a agardar o descubrimento experto.

Do pouso positivista emerxeu primeiro a *ciencia da paisaxe* que cedo deveu en Ecoloxía da paisaxe (Troll, 1966 [2012]). Son estes termos, considerados disciplinas autónomas da ecoloxía (Turner e Gardner, 2015), unha nova forma de concibir unha palabra con séculos de historia. A paisaxe positivista na súa expresión primixenia trataba exclusivamente un conxunto de elementos físicos que se supoñía que respondían a unha orde natural.

2.1.2.1 O positivismo na emerxencia da ciencia da paisaxe. Identificación da paisaxe coa natureza

A Ilustración significa segundo Harvey (1996: 162-163) un punto chave da historia de Occidente en relación coa idea da natureza e da paisaxe. Definíronse naquela altura as bases para a ciencia positivista, que difundiu a "crenza" no coñecemento científico como a única verdade posible, que "agardaba a ser revelada" polo ser humano. E para o ser humano "autorrealizarse" destapando esa verdade oculta foron aparecendo os grandes sistemas filosóficos dos séculos XVII e XVIII, encarnados en René Descartes, Gottfried Leibniz e Baruch Spinoza, e por riba destes o mito iniciático de Newton, identificado como guía e

USC DE COMPOSTELA

fundador da ciencia moderna (Harvey, 1996). A necesidade de ordenar o mundo segundo leis e principios universais colocou a observación do fenómenos naturais e a súa análise como o único método de acceder ao coñecemento.

Cómpre recoñecer que o pensamento da natureza da Ilustración non é monolítico, e mesmo co paso do tempo irá abrindo novos enfoques. Por exemplo, Jean-Jacques Rousseau, malia que compartía os ideais de autorrealización e autocoñecemento humanos, diferirá dos seus predecesores no xeito de conseguilos. As contradicións inherentes ao método científico, especialmente cando se tenta aplicar a fenómenos sociais, foron presentándose ante os primeiros científicos, e novas formas de pensar a natureza foron abrollando. É nese caldo de cultivo, no que tamén se desenvolven outras Ciencias Sociais como a Economía —da man primeiro do liberalismo clásico de Adam Smith e posteriormente do comunismo de Karl Marx— cando comeza a andar a Xeografía académica.

En efecto, ese pouso de pensamento servirá a Humboldt para percorrer o seu propio camiño científico cara á descuberta da paisaxe. A Xeografía humboldtiana camiñaba entre a Ilustración e o romanticismo, pois buscaba a descrición científica ao tempo que deixaba un oco para a transcendencia, para o inmaterial (Paül, 2020; Paül, 2017a; Gómez Mendoza, 2008). Esa capacidade de síntese, unida á vontade viaxeira do autor alemán facilitaron a posterior constitución dunha primeira teoría da paisaxe plenamente moderna. Pero a súa paisaxe aínda non cadraba plenamente coa ciencia positiva (Gómez Mendoza e Sanz Herráiz, 2010), quedaban elementos conflitivos, cabos soltos en forma de falta de obxectividade. Será a procura da verdade absoluta dos seus herdeiros a que rompa coa mirada máis integradora (Minca, 2007), diríase que visionaria, da paisaxe de Humboldt.

O positivismo científico aplicado ao estudo da paisaxe considerou a esta unha realidade física composta por elementos que se rexen exclusivamente segundo os mesmos principios e leis que o resto da materia. Isto xera certa confusión á hora de definila, ou mesmo de diferenciala, de conceptos propios das ciencias naturais como *ecosistema* ou *biótopo* (Troll, 1966 [2012]). O factor decisivo parece ser o carácter totalizador da paisaxe, de modo que esta sería a faciana recoñecible dos territorios, e nela integraríanse e interactuarían factores naturais e humanos. Esta forma dualista de entender o mundo é tamén herdeira da Ilustración. O peso que se lle deu a cada unha das dúas realidades deste binomio foi cambiante en función da mesma evolución da ciencia.

2.1.2.2 A emerxencia da paisaxe cultural entre as fendas da paisaxe natural

Desde o punto de vista da primeira Xeografía clásica —na que se encadran Humboldt ou Carl Ritter—, é dicir, previa á ruptura positivista, non cumpría analizar a paisaxe de xeito obxectivo, pois nela entraban en xogo factores culturais que transcendían unha descrición física dos seus elementos (Gómez Mendoza, 2007). Nalgún momento ese nexo entre o físico e o inmaterial crebouse, a paisaxe deixaba de ter unha ligazón coa creación (divina) para se tornar en realidade palpable.

Para Vidal de la Blache (1913: 20), a Xeografía debía "étudier les expressions changeantes que revêt, suivant les lieux, la physionomie de la Terre." E esa idea de fisionomía era principalmente a descrición dunha superficie na que interactuaban principalmente leis naturais, das disciplinas "veciñas" da física ou da bioloxía. Pero o autor francés engadía, ademais, as interferencias sociais que modificaban a fisionomía de xeito diferente en cada rexión do globo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As ligazóns desta idea de fisionomía coa idea de paisaxe defendida pola Ciencia da paisaxe que estaba a emerxer son evidentes.

Así foi como co paso das décadas a Xeografía humana de Sauer (1925: 10) tamén marca os límites en sentido oposto, e deixa claro que as percepcións individuais non achegan máis que unha visión "artística" non científica. O autor interésase polos intersticios que pairan entre o "desideratum" *cientificista* e a "selección individualista" subxectiva.

A definición de paisaxe que achega Sauer (1925: 5) xa vai alén do físico. Recoñece que as interrelacións entre o medio físico e o ser humano non son indisociables, e o que a Xeografía debe estudar é unha paisaxe unitaria. Eleva, asemade, esta última a obxecto de estudo da ciencia xeográfica.

> [El paisaje] [p]odría ser definido, por tanto, como un área compuesta por una asociación distintiva de formas, tanto físicas como culturales. [...] Considerar al paisaje como si estuviera vacío de vida es una abstracción forzada, un *tour de force* de toda buena tradición geográfica. [...] El contenido del paisaje se encuentra por tanto en las cualidades físicas del área que son significantes para el hombre y en las formas de su uso del área, en hechos de sustento físico y hechos de cultura humana. (Sauer, 1925 [2006]: 7-8).

Estaba preocupado o autor pola "transformación" humana da "paisaxe natural", que se facía cada vez máis patente conforme avanzaba o século XX. A "paisaxe cultural" é para el a forma última da "paisaxe natural" (Sauer, 1925 [2006]: 16-17). O xeógrafo norteamericano desbota desta forma o estudo da paisaxe como mera combinación de elementos naturais explicables en base a argumentos cartesianos. Conecta así coa Xeografía clásica de Humboldt e Ritter cando reivindica a paisaxe como "rexistro humano" no territorio. Unha pegada que, polo momento será exclusivamente material, pois os "usos e crenzas do home" non son aínda obxecto de estudo.

Sauer (1925: 8) xa trataba a cuestión da disociación da paisaxe en dúas "metades" coa vontade de facilitar a súa comprensión. Ao explicar polo miúdo este binomio, comprobamos como a matriz "física" se subordina á "cultural", en tanto que a segunda é a que lle dá a forma final á paisaxe. Cómpre concluír que o xeógrafo estadounidense aínda entendía a paisaxe como unha realidade fundamentalmente material, polo que por cultura el concibía a "impresión dos traballos do home sobre a área". Unha impresión observable, e na que a xeografia axuda a integrar o mundo físico e o humano nunha "perspectiva" unitaria e sen "dualismo".

2.1.2.3 Paisaxe como (xeo)sistema natural con interferencias antrópicas. O nacemento neopositivista da *Landscape Ecology*

O concepto de "Ecoloxía da paisaxe" formúlase por primeira vez como campo de estudo en 1938 da man do bioxeógrafo alemán Carl Troll (Vila *et al.*, 2006: 153). Desde un primeiro momento ponse de manifesto o afondamento na separación ontolóxica entre natureza e ser humano que o positivismo científico desenvolvera ao longo do século XIX. Segundo este novo enfoque neopositivista, a paisaxe é antes ca nada a expresión dunha orde natural independente da ollada humana (Turner e Gardner, 2015). Esta orde totalizadora é xerarquizada en tres ámbitos ou obxectos de estudo, para organizar a súa análise empírica: o "abiótico", o "biótico" e o "mundo concebido por el hombre" (Troll, 1966 [2012]: 184). Os dous primeiros, que funcionan segundo leis científicas da Físico-química e da Bioloxía respectivamente,

condicionan ao terceiro, ficando así o ser humano como un axente que se limita a "interferir" no mundo natural.

> El nacimiento de la ecología del paisaje (*landscape ecology*) mantiene una clara vinculación con la geografía, pues esta perspectiva científica fue definida e instaurada por un geógrafo. En concreto, a finales de la década de 1930, el geógrafo Carl Troll utilizó por primera vez la expresión *landscape ecology*. (Vila *et al*., 2006: 153).

A introdución do concepto de "ecosistema" por Tansley (1935, *apud* Turner e Gardner, 2015: 287) para describir a característica e persistente interacción dos organismos co seu medio abiótico dentro duns "well defined landscape boundaries" será, asemade, decisiva para fusionar ambos termos ou, visto doutro xeito, para asimilar a paisaxe como obxecto de estudo dentro da Ecoloxía.

> A landscape is therefore made up of an abiotic and biotic component. The existence of a landscape depends on solar energy and living organisms interacting on landforms. (Sanderson e Harris, 2020: 23).

Esa posición abertamente "secundaria" dos aspectos culturais no seu obxecto de estudo é determinante para entender o papel que a Ecoloxía da paisaxe lle outorga á acción humana dentro do que esta disciplina entende como o proceso de xénese das paisaxes: a *sucesión da paisaxe*. Tirada da idea de *sucesión vexetal*, que fora formulada uns anos antes por Clements (1916) para explicar a orixe da actual distribución das plantas, considera que as paisaxes teñen unha forma pura que só alcanzan baixo circunstancias concretas. Teorízase así unha sorte de *clímax de paisaxe* que está determinado exclusivamente por "elementos naturales" e os "condicionantes ambientales" que os alteran (Troll, 1966 [2012]: 184). A partir de aí, as "intervenciones humanas" pasan a estar encadradas dentro destes últimos, reducidas a causa da desfiguración do estado natural ou inalterado da paisaxe, dentro do que o autor alemán denomina "sucesión secundaria", o equivalente paisaxístico ao "subclímax" de Clements (1916: 107). Uns anos máis tarde, Bertrand (1968) recollerá tamén esta noción de clímax na elaboración teórica dos *xeosistemas* como explicación dinámica da paisaxe. Esa dinámica estúdase en comparación co seu respectivo "clímax", o que emparenta directamente esta concepción da paisaxe coa idea de ecosistema. Respecto a este clímax, que se erixe en vara de medir o estado natural das paisaxes, a dinámica pode ser progresiva, regresiva ou estable.

Bertrand elabora unha proposta de análise da paisaxe (*xeosistema*) tomando de xeito preferente os seus elementos físicos, nomeadamente os xeomorfolóxicos e biolóxicos, na liña dos estudos da Ecoloxía, e entendendo a acción antrópica como unha alteración variable en intensidade do equilibrio dese sistema (Tricart e Kilian, 1979 [1982]). Para o autor era unha prioridade racionalizar e sistematizar o estudo da paisaxe, unha tarefa na que se estudaba como unha realidade material dinámica (no espazo-temporal). O seu traballo tivo unha grande repercusión na Xeomorfoloxía, e especialmente na Xeografía física rusa (Frolova, 2010).

Mais xa naquela altura, Bertrand (1968: 249) critica certa "hipertrofia" dos caracteres xeomorfolóxicos nas análises da paisaxe feitas pola Xeografía física tradicional até a data. Asemade, recoñece a dificultade de aplicar o método dos *xeosistemas* no estudo de paisaxes "moi humanizadas", como as urbanas, nas que posiblemente se deberían empregar "métodos análogos" (Bertrand, 1968: 250).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [E]l paisaje es, en una cierta porción de espacio, el resultado de una combinación dinámica, por tanto inestable, de elementos físicos, biológicos y antrópicos que, actuando dialécticamente unos sobre otros, hacen del paisaje un conjunto único e indisociable en perpetua evolución. (Bertrand, 1968: 250).

Co decurso dos anos este último autor tivo unha evolución diverxente, achegándose máis a unha idea integradora de paisaxe (Paül, 2017a). Así, os *xeosistemas* estritamente materiais que desenvolve nun primeiro momento son presentados, sobre todo a partir dos anos 1970, como unha tripla interacción de forzas bióticas, abióticas e antrópicas no territorio, e xa despois da década de 1990 esbozará a "entrada inmaterial" da paisaxe en igualdade de condicións coa "entrada material" (Bertrand e Bertrand, 2002 [2007]). Nese punto incorporará unha visión máis subxectivista, co "sistema XTP" (Xeosistema, Territorio, Paisaxe) de estudo do medio ambiente, onde integra os *xeosistemas* naturalistas iniciais coas outras dúas entradas analíticas, agora xa máis emparentadas coa sociedade, a economía e a cultura: unha material e outra inmaterial.

2.1.2.4 A consolidación da Ecoloxía da paisaxe. Desde a *Deep Ecology* até a noción de medio ambiente

A mediados dos anos 1960 o propio creador do concepto de Ecoloxía da paisaxe define a paisaxe —que intercambia de forma recorrente coas tautoloxías "paisaxe xeográfica" e "paisaxe natural"— como "una parte de la superficie terrestre definida por una configuración espacial determinada, resultante de su aspecto exterior, del conjunto de sus elementos y de sus relaciones externas e internas, que queda enmarcada por los límites geográficos naturales de otros paisajes de distinto carácter" (Troll, 1966 [2012]: 184-185). Polo tanto, nun comezo esta disciplina estudaba uns "fenómenos ordenados en la naturaleza" que permiten observar a súa "armonía". O espazo residual que se deixa á paisaxe cultural é o da investigación "de paisajes agrícolas y de asentamientos" onde, partindo sempre da paisaxe "natural" se dá conta do que esta "ofrece al hombre" (Troll, 1966 [2012]: 191). Este será o enfoque que se matizará conforme se constaten fendas teóricas sobre a importancia da acción antrópica.

Sen poder considerarse unha ruptura cos fundamentos teóricos dos pioneiros da Ciencia da paisaxe alemá (*landschaftökologie*) e de Europa do Leste, senón máis ben unha adaptación, será a *Deep Ecology* a que porá os vimbios a partir dos anos 1970 dunha subdisciplina da Ecoloxía dedicada en exclusiva ao estudo da paisaxe. A *Ecoloxía profunda* remarca o papel de igualdade de todos os organismos vivos dentro dos ecosistemas (Naess, 1973). O ser humano, así como o resto de organismos "more-than-human", seguirá a ser reducido a un factor de cambio das paisaxes, entendidas como a plasmación observable dos ecosistemas (Wiens, 2009). Aquí o *quid* da Ecoloxía da paisaxe será determinar a maior ou menor aliñación dunha paisaxe cos valores ecolóxicos ideais, sempre tendo en mente o que Turner e Gardner (2015: 35) definen como "perfect landscape".

Para comprender o papel da *Deep Ecology* no achegamento ecolóxico á paisaxe cómpre poñer o foco no contexto académico. Nos anos 1950 en Europa, Estados Unidos ou Rusia viviuse un auxe dos estudos sobre a distribución xeográfica das especies animais e vexetais, dentro do paradigma da Bioxeografía cuantitativa. A partir destes primeiros traballos con abondoso traballo de campo, e da compilación dos seus resultados en bases de datos, fíxose patente a necesidade de darlle unha dimensión espacial á Ecoloxía. Sanderson e Harris (2020), explican como os ecólogos e os bioxeógrafos cuantitativos, que na altura dos anos 1970

entendían a paisaxe como sistemas naturais, como fluxos de enerxía e materia nos que a presenza humana era apenas unha interferencia, acaban por decatarse de que obviando o papel do ser humano estaban a introducir un nesgo nas súas investigacións. Vai emerxendo así un novo significado para a palabra paisaxe aplicada ao medio ambiente: a faciana dunha natureza que foi prístina antes de que o ser humano a alterase en diversos graos. O obxectivo será, polo tanto, determinar o grao desa modificación humana da paisaxe.

A institucionalización da nova disciplina aliñada cos principios da *Deep Ecology* virá especialmente nos anos 1980, coa creación de cátedras e centros de investigación centrados na aínda novidosa "*Landscape Ecology*". Neses anos, e a pesar de reflexións teóricas que xa daquela alertaban sobre os nesgos mencionados, Sanderson e Harris (2020: 5) afirman que a inercia conducía aos traballos de Ecoloxía da paisaxe a reproducir a exclusión do ser humano da ecuación. Esta exclusión influíu decisivamente, xa fóra do ámbito académico, na creación e xestión de novos espazos protexidos. Con este enfoque estaba a se reducir a paisaxe natural a aquelas "illas bioxeográficas" que, no caso da creación de espazos protexidos, se traducían con frecuencia en reservas naturais illadas do seu contexto adxacente, é dicir, doutras paisaxes que se consideraban "degradadas" ou "manexadas" pola acción humana. Os "conflitos entre a xestión de especies e a xestión dos ecosistemas" acabaron por amosar a necesidade dun enfoque "rexional", ou integrado, nas políticas de protección da natureza.

Desde algúns postulados da Xeografía física respondeuse a esta crecente importancia do estudo da vexetación e do clima dos ecosistemas na análise da paisaxe, alertando así dun nesgo propio da Ecoloxía. Algúns xeomorfólogos reivindicarán o papel "estrutural" do relevo, como base e sustento de calquera paisaxe (Pérez Alberti, 2000; Tricart e Kilian, 1979 [1982]). As formas xeolóxicas serían segundo estes autores un substrato que evoluciona modelado por unha *ecodinámica* máis ou menos estable. A paisaxe así entendida parte do funcionamento natural primixenio e autónomo da tectónica, onde a acción erosiva da vexetación e do clima estaría condicionada ao relevo. As actividades humanas ―nomeadamente as agrícolas e extractivas― serán vistas como factores de distorsión dos fluxos de enerxía e materia dese sistema natural.

E de que xeito se poden interpretar as paisaxes cando estas son obxectivadas? A Ecoloxía da paisaxe apunta en primeiro lugar a existencia dos *mosaics*, é dicir, conxuntos de elementos físicos que ao interactuaren xeran patróns identificables na superficie terrestre (ou mariña). Estes mosaicos son a "base" de calquera paisaxe e asemade, como se dunha *matrioska* se tratase, son asociacións de elementos máis pequenos individualizables: "*patches*, *corridors*, *matrix*" (Vila *et al.*, 2006: 156). Esta xerarquización por niveis das compoñentes da paisaxe como realidade ecolóxica reflicte a importancia das escalas (Wiens, 2009), mais sobre todo a estruturación do coñecemento segundo un patrón sistemático. Os fragmentos dese mosaico ou *patches* forman unha sorte de tesela que se tece ao longo da superficie na que se dispoñen os corredores e, finalmente, a matriz.

> El elemento base para la interpretación del paisaje es el concepto de mosaico (mosaic), que está compuesto por todo un conjunto de elementos (*landscape elements*).[...] Tres mecanismos son los que originan esta distinción de elementos: las diferencias en el substrato, la dinámica natural, con sus perturbaciones, y, finalmente, la actividad humana. En el mosaico podemos diferenciar tres grandes tipos de elementos: los fragmentos (*patches*), los corredores (*corridors*) y la matriz (*matrix*). (Vila *et al*., 2006: 156).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A interpretación "correcta" en Ecoloxía da paisaxe, segundo Vila *et al.* (2006), require a "determinación del elemento dominante" na matriz. Así, a variabilidade na paisaxe explícase polos cambios espaciais e temporais dese elemento dominante e, en consecuencia, tamén dos secundarios a este. Para determinar iso será fundamental a interpretación de fotografía aérea, de imaxe de satélite e/ou calquera tipo de tecnoloxía que permita radiografar a faciana da terra (ou do mar) para o seu posterior procesado.

> [U]na correcta interpretación de la matriz requiere de la determinación del elemento dominante. El elemento dominante es el que ocupa una mayor superficie y está mejor conectado y acaba desempeñando un papel fundamental en la dinámica del paisaje. (Vila *et al*., 2006: 156).

Algunhas definicións de paisaxe máis recentes reinciden na idea de *mosaicos*, nos que hai un encontro entre vexetación, comunidades ecolóxicas e usos do solo (Wiens, 2009: 1055). Dentro desa complexa ecuación existe sempre o factor dominante, que en Turner e Gardner (2015) muta en "*factor of interest*", concepto similar que incide na idea de que cada paisaxe ten un elemento común que a mantén autónoma das demais.

> Landscapes are mosaics of places with different vegetation cover, ecological communities, and land uses. (Wiens, 2009: 1055).
> [A] landscape is an area that is spatially heterogeneous in at least one factor of interest. [O]ne might observe a landscape represented by a gradient across which ecosystems vary but do not necessarily repeat. (Turner e Gardner, 2015: 7).

Para a Ecoloxía da paisaxe o concepto de paisaxe tamén pode ser facilitador da conservación da natureza, dentro do paradigma do medio ambiente. Tras a constatación de que a protección de ecosistemas como realidades puramente naturais tiña unha utilidade máis teórica ca práctica, pois non se atopan de xeito puro na superficie terrestre, comezouse a empregar o termo "paisaxe" de forma diferente. Para se referir á expresión máis ou menos complexa dun mosaico de lugares con diferente cobertura de vexetación, comunidades ecolóxicas e usos do solo (Wiens, 2009). Podían deste xeito solaparse varios hábitats e ecosistemas dentro dunha mesma paisaxe. Asemade, unha paisaxe podía interactuar con outras paisaxes da súa contorna, con diferente *valor de conservación*. Esta valoración, feita por expertos e con criterios pretendidamente obxectivos, permitiría protexer aquelas paisaxes con mellores valores das ameazas provenientes doutras paisaxes circundantes e degradadas como "consequence of human activities" (Wiens, 2009: 1053). Esta conceptualización da paisaxe permitiu actualizar as políticas conservacionistas defendidas desde a Ecoloxía na liña dunha maior consideración da presenza humana no territorio, mais mantendo a separación ontolóxica entre natureza (o bo) e ser humano (a ameaza).

2.1.2.5 Os expertos determinan os valores da paisaxe

A *Landscape Ecology* ve na paisaxe unha composición e unha configuración espacial de elementos que hai que identificar e, fundamentalmente, cuantificar. E esa configuración non é permanente, pois evoluciona en función de catro "*key drivers*" ou *factores* chave (Turner e Gardner, 2015: 36). Trátase en primeiro lugar dunha 1) "*abiotic template*" sobre a que teñen lugar 2) "*biotic interactions*" entre organismos vivos. Estes dous primeiros son o que constitúe

USC DE COMPOSTELA

o "*environment*" que é alterado por 3) "*human land use*" e 4) "*disturbance and succession*"; causando o que Phillips (2007) deu en chamar a "*perfect storm*". O resultado desa treboada perfecta sería unha paisaxe única, non replicable.

> [A]ny particular landscape is a singular outcome from a range of plausible outcomes that depended on the occurrence and timing of different driving factors. (Turner e Gardner, 2015: 35).

E como diseccionar unha paisaxe que é única? Pois ben, aínda que cada composición é irreplicable, a Ecoloxía da paisaxe si cre que existen uns patróns (ou *patterns*) descifrables mediante a ciencia. O coñecemento e monitorización deses *patterns* da paisaxe require dunha metodoloxía refinada. Turner e Gardner (2015: 64) confían nos modelos estatísticos "neutros" que permiten determinar os procesos de perda de heteroxeneidade nas paisaxes. Estas "disturbances" tradúcense en perda de biodiversidade ou doutros elementos materiais cuantificables. A acción do ser humano é con frecuencia o factor detonante da degradación e homoxeinización das paisaxes, polo que a súa intervención sobre elas é vista como a dunha intrusa: debe ser medida e controlada.

> Landscape ecologists can help by quantifying and mapping these values and the tradeoffs between conservation value and human uses and documenting how alternative spatial arrangements of landscapes influence ecological flows and the conservation value of the landscape as a whole. (Wiens, 2009: 1062).

Acorde a isto, a comprensión da paisaxe, como explica Pérez Alberti *et al.* (2014), sería o proceso de descubrimento da dominancia dun elemento, factor ou proceso sobre os demais. Nesa atribución da condición de dominancia, enténdese que os elementos, factores e procesos antrópicos (dos seres humanos) son potencialmente negativos sobre os non antrópicos. Esta asunción apriorística é fundamental para a fixación de valores da paisaxe, o principal resultado da análise ecolóxica da paisaxe.

> [S]i bien es importante lo perceptivo en la comprensión de los paisajes, parece necesario ir más allá y entrar en su dialéctica concreta fruto de gran número de elementos, factores y procesos a lo largo del tiempo. De la dominancia de unos u otros surge una u otra tipología de paisaje. (Pérez Alberti *et al*., 2014: 261).

Nun traballo que argumenta o uso da metodoloxía de *Landscape Character Assessment* (LCA) para a identificación dos tipos de paisaxe de Galiza, Pérez Alberti *et al.* (2014) fundaméntanse na análise experta, conducida por "especialistas", das formas visibles e das dinámicas da paisaxe. Nesa análise existen tres "niveis de aproximación á paisaxe": "descritiva, analítica e de comprensión" (Pérez Alberti *et al*., 2014: 266-267). Asemade, recoñécese nelas a subordinación da vertente perceptual da paisaxe, concibida como un xeito de "completar" a análise da matriz obxectiva, que é a que estrutura e, en gran medida, define a paisaxe.

> El análisis paisajístico supone relacionar los elementos presentes en cada lugar. Se trata sin duda de una tarea difícil por lo que debe ser realizada por especialistas que sean capaces de explicar los porqués, el papel de cada elemento así como de los procesos que se dan entre ellos. Esto supone combinar

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> el trabajo de campo con el uso de herramientas que faciliten un análisis multicausal. [...] Esta aproximación ecosistémica centra sus esfuerzos en desvelar la diversidad estructural del paisaje, la adaptación de la actividad humana, los equilibrios ecológicos en los paisajes de clara dominancia cultural, sin olvidar que esta mirada se completa con la lectura semiológica, es decir, los significados y representaciones sociales otorgadas a las formas del territorio. (Pérez Alberti *et al*., 2014: 264-270).

Posteriormente, Schmitz e Vanderheyden (2016: 4) revisan de xeito crítico a popular proposta de LCA da tradición anglosaxona da Ecoloxía da paisaxe (de feito, foi promovida de xeito entusiasta pola inglesa Countryside Agency e a escocesa Scottish Natural Heritage). Argumentan que o nivel de análise que se propón para a definición do carácter da paisaxe no LCA comezaría a unha escala rexional ou nacional antes de entrar ao nivel de detalle, e sería conducido pola propia persoa experta. Dese xeito estaría a obviarse o criterio introducido no CEP, segundo o cal a análise da paisaxe debe realizarse tendo en conta como é "percibida pola poboación" (Consello de Europa, 2000). Formular en primeiro termo a existencia dunhas paisaxes superiores ao alcance das poboacións locais incorrería en sobreimpoñer os criterios dos científicos sobre o resto da poboación.

> The level of landscape analysis as promoted by the European Landscape Convention is at the level of "as perceived by people" [...]. However, the traditional way to begin an assessment in landscape ecology is to start from the regional or national level before zooming into the details. [...] The Countryside Agency in England and the Scottish Natural Heritage suggest making a landscape Character Assessment in this way. This is also how landscape identification is conducted in Wallonia. (Schmitz e Vanderheyden, 2016: 4).

2.1.3 O achegamento inmaterial. A paisaxe como construción cultural

A vertente inmaterial da paisaxe ten sido abordada de xeito heteroxéneo. Cando a atención pasa a estar no que é percibido polo ser humano e se asumen os filtros culturais individuais e colectivos que esta percepción implica, prodúcese un cambio total de paradigma. A paisaxe tórnase opinable, xa non está exclusivamente en mans do ollo experto e polo tanto, non ten un camiño inequívoco a través do que ser acoutada e definida. Precisamente esa condición non obxectivable dificultoulle posicionarse como obxecto de estudo na Xeografía, que adoita preferir o método científico positivista desde pouco despois do seu nacemento como disciplina académica e, en gran medida, até a actualidade. Tiveron que ser primeiro outras disciplinas as que estudasen as expresións culturais da paisaxe, nomeadamente a Historia da Arte e a Filosofía (López Silvestre, 2010), máis preocupadas polas compoñentes ética e estética da paisaxe debido ás súas respectivas traxectorias académicas.

Tras algúns ensaios pioneiros a partir da década de 1950, a emerxencia dunha Xeografía humana crítica co empeño cuantitativo do momento posibilitará que a paisaxe recupere de cheo o seu plano non material e volva ao propio inicio da idea de paisaxe de Humboldt. Cosgrove (1990) fai un repaso da evolución do concepto de paisaxe entre os anos 1970 e 1980, década na que identifica un desgaste do paradigma positivista coa emerxencia de, cando menos, dúas críticas que censuran a base da ciencia da paisaxe: a marxista e a humanista. Xa a finais dos anos 1980 o mesmo autor identifica un xiro *posmoderno* nos estudos sobre paisaxe desde a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xeografía cultural. Canda esa nova Xeografía cultural desenvolveranse algunhas das máis recentes liñas/orientacións de estudo da paisaxe, nas que afondamos neste subapartado.

> In the spirit of statistical analysis and value-free planning of the times, 1970s landscape analysis was largely positivist, seeking to measure and quantify landscape and natural beauty and to generalize about public response to and behaviour in landscape. [...] [T]he needs for attractive landscape to draw new employers, and the growing realization of "heritage" as a source of new economic growth have all meant a sustained interest in landscape quality, but from a new perspective. (Cosgrove, 1990: 1).

2.1.3.1 As achegas radicais e marxistas rompen a neutralidade da paisaxe *natural*: ideoloxía e poder

Chegado un momento, a Xeografía (ou mellor dito, parte dela) decátase dun nesgo que dificulta a análise explicativa da paisaxe. A lectura estritamente científica, que a reduce a "un concepto puramente físico", choca de fronte coa experiencia sensorial: a percepción. En liña cos postulados defendidos por Foucault, prodúcese no seo da Xeografía unha reacción ante a redución da paisaxe a unha "descrición" pretendidamente neutra mais inherentemente ideolóxica, e que era equivalente a "*perder la esencia*" da "experiencia estética" (Harvey, 1996 [2018]: 169).

> [A]unque la ambición de Baumgarten era comprender la poesía, el arte y los paisajes dentro del reino de la razón, semejante proyecto desafiaba las técnicas de reducción que desempeñaban un papel clave en la ciencia. [...] [L]a reducción de significado de un paisaje a una descripción de sus componentes geológicos era perder la esencia de lo que era la experiencia estética. (Harvey, 1996 [2018]: 169).

Atopamos equivalencias con esta nova visión da paisaxe na idea de produción do espazo de Lefebvre (1974). Este autor concibía o que el chamaba "espazo social" nun sentido marxista, pois era froito das relacións de produción entre clases dominantes e dominadas. O filósofo francés poñía énfase no xeito en que se crea este espazo social, e a relación deste coa natureza. Nese sentido, rexeita contrapoñer natureza e cultura como conceptos antagónicos, senón como realidades que entran en diálogo e establecen relacións complexas.

Con todo, ao igual que xa fixera a Ecoloxía antes, é certo que a Xeografía asígnalle agora á natureza o papel de base material para a paisaxe (ou espazo social). Esta concepción aínda dualista tórnase evidente cando formula a progresiva desaparición da "natureza" nos espazos protexidos. Xulga o autor que cada vez máis o mundo natural é "difuminado" e "subordinado" ás relación sociais de produción (Lefebvre, 1974: 139).

> [L]a pertenencia de un espacio a la naturaleza le dispensa de entrar en el universo de las relaciones sociales de producción. Esto no debería sorprendernos; lo mismo podría decirse a propósito de un peñasco o de un árbol. Pero el carácter de estos espacios en los que predominan las peculiaridades naturales o que contienen objetos dotados de dichas particularidades declina progresivamente. Y con él, se aleja la Naturaleza. Tomemos un «parque natural», nacional o regional; no podemos afirmar con rotundidad si pertenece a la naturaleza o a lo fáctico. Antaño predominante, el rasgo «naturaleza» se

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> difumina y se subordina progresivamente. Inversamente, el carácter social del espacio (las relaciones sociales que implica, contiene y disimula) comienzan a prevalecer *visiblemente*. Esta característica típica, la visibilidad, no conlleva necesariamente la legibilidad de las relaciones sociales inherentes. El análisis de esas relaciones, por el contrario, se hace complicado hasta el punto de lindar con lo paradójico. (Lefebvre, 1974: 139).

Demeritt (2002) participa da idea de que a natureza é unha construción social, mais achega importantes matices desde o punto de vista conceptual. Alerta da necesidade de clarificar os conceptos de construción social e de natureza. En ocasións a Xeografía construtivista tendeu a empregar eses termos para xustificar premisas á carta (Castree, 2001), caendo no relativismo. Estes dous autores recoñecen que a propia orixe do concepto de natureza é unha elaboración humana en base a unha interpretación da realidade material, pero precisamente por iso non se debe negar a propia existencia do físico nin caer nos dualismos das "conventional distinctions between culture/nature, subject/object and representation/reality" (Demeritt, 2002: 786). En cambio, propoñen falar de "múltiples materialidades" (Castree, 2003), é dicir, do recoñecemento das diferentes formas en que se pode expresar o que a ciencia clásica sempre viu como a verdadeira e única faciana do mundo material. Estas achegas servirán de base para posteriores evolucións conceptuais que impugnarán esa separación da que fala Demeritt (2002), como se expón no subapartado 2.1.4.

Cando desde unha análise construtivista da natureza se recorre ao uso dualista da materialidade (ontolóxica)/conceptualidade (epistemolóxica) da natureza poden emerxer críticas que precisamente sinalen o contraditorio de utilizar dicotomías que simplifican un entendemento complexo que supere as barreiras epistemolóxicas da modernidade (natureza/ser humano ou obxecto/suxeito).

> Clearly many material constructions of nature will depend on the conceptual constructions that guide the ways people interact with and transform the physical environment, which in turn will influence what people conceive. Thus it can be difficult, in practice, to distinguish between these two ways in which nature is a social construction. Indeed, many proponents of construction-as-philosophical-critique resort to this metaphor [...] For them, construction talk is useful precisely because it blurs any sharp distinction between the conceptual and material. Nevertheless this preliminary distinction between the conceptual and material construction of nature is still heuristically useful because it highlights two important points of contention in debates over the social construction of nature. (Demeritt, 2002: 769).

A simplificación da realidade na dicotomía do natural/non natural, argumenta Castree (2001), foi favorecida polo sistema económico capitalista. Así vista, a natureza pódese empaquetar en forma de produto a consumir por unha poboación cada vez máis urbana, é dicir, máis afastada dos ideais modernos de natureza prístina. Dáse deste xeito unha lóxica cíclica perversa de destrución da natureza, por un lado, e de necesidade de consumo da mesma en forma de produto (Daston, 2020; West *et al.,* 2007; Harvey, 1996). Créase a necesidade de reencontrar o natural, e de facelo como un intercambio económico. No contexto español, Ojeda (2006: 194) falou en termos moi similares de "paquetización" da natureza.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Under capitalism humans relate to nature in a specific way, through commodification of natural products, and in so doing actively appropriate,

> transform, and creatively destroy it. The 'natural' regions of say, the midwestern United States, cannot be understood simply as pre-existent natural grasslands, as the traditional notion of 'first nature' would imply. Instead – and this is the point [of Marxist ideas of social nature] – they must be seen as *constructed natural environments* evolving out of decades of intensive, profit-driven conversion into what they presently are. (Castree, 1995: 19-20).

A "mistificación" de certas paisaxes supón para Lefevbre (1974: 140) unha forma de colocar no mercado determinados territorios, investíndoos como exemplos auténticos do natural ou cultural. A selección cartográfica de determinados lugares como exemplos do auténtico implica a súa entrega ao consumo turístico.

> Al proceder a comparar determinados mapas de una región o de un país [...] inmediatamente nos sorprende su diversidad. Algunos han tenido un propósito mistificador, como los mapas de «maravillas naturales», de lugares y monumentos históricos, que vienen acompañados de la retórica apropiada. Este tipo de mapas designa los lugares donde el consumo voraz termina masticando los restos de la naturaleza y del pasado; es decir, donde se alimenta de los signos históricos u originales. Creyendo los mapas y las guías, el turista se da el festín de la autenticidad. (Lefebvre, 1974: 140).

2.1.3.2 A paisaxe como representación estética do percibido: construción social e artealización

Éric Dardel e David Lowenthal apuntan de xeito "premonitorio" (Nogué, 2019: 161) a ruptura co neopositivismo imperante a mediados do século XX no estudo da paisaxe. Introducían unha nova metodoloxía, o que posteriormente se deu en chamar *Behavioral Geography*, que estuda como os seres humanos nos relacionamos cos lugares, así como estes últimos son imbuídos de significado, de emocións e de sentimentos (Cosgrove, 1990). Cada lugar é único en función da percepción individual e colectiva, do sentido de lugar que asignamos ás paisaxes tras experimentalas (Nogué, 2010). Deste xeito, o espazo neutro do neopositivismo humanízase a través de lugares vividos esteticamente. Será esta distinción entre espazo (cartesiano) e lugar (cargado de significados) o que conduza a unha nova sucesión de estudos dúas décadas despois, na eclosión da Xeografía humanista (Nogué, 2018), con figuras como Yi-Fu Tuan.

Un dos xeitos nos que se expresa a intencionalidade da percepción da paisaxe é nas creacións culturais. Ojeda e Delgado (2010: s.n.) destacan as miradas "literarias" e "icónicas", que filtran a realidade e fíxanse nunhas paisaxes e ignoran outras segundo "valores" e "contextos" que evolucionan ao longo do tempo. E rematan: "de esta forma, se han ido configurando las representaciones formales que definen los paisajes [...] en imágenes universalmente reconocidas por su fuerza connotativa". De igual modo, Fernández del Riego (2000: 208) dirá que "a paisaxe acada o seu verdadeiro acento cando se sente", e non antes.

Nun sentido similar, pero máis apegado á sensibilidade artística romántica, Celestino Fernández de la Vega di que os poetas son as fundadoras primeiras da paisaxe. Do "ollar desinteresado do poeta" xorde a paisaxe, unha tensión entre a subxectividade humana e a natureza-obxecto. A música e a poesía, como citan López Sández e Aleixandre (2023: 36),

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"están máis próximas da paisaxe que a pintura". Non se trata, pois, de "recrear mimeticamente" a paisaxe, senón de lle "outorgar voz humana á natureza".

As valoracións estéticas impactan incluso a quen non as recoñece relevantes no seu achegamento científico. Así, a paisaxe e a natureza entendidas como un *xeosistema* pecan, segundo Roger (2007: 145), dun prexuízo "verdólatra", que mestura os valores biolóxicos e ecolóxicos cos valores estéticos e paisaxísticos. Tamén Maderuelo (2005) incide nesa equivalencia entre o estético e a paisaxe, posicionándose deste xeito en liña coa distinción entre o natural e o cultural. Vaise consolidando así un contrapunto con respecto ao polo oposto formulado desde a Ecoloxía da paisaxe (Paül, 2017a), e do que se albisca unha difícil reconciliación.

> [E]l paisaje no es una cosa, no es un objeto grande ni un objeto ni un conjunto de objetos configurados por la naturaleza o transformados por la acción humana. El paisaje tampoco es la naturaleza ni siquiera el medio físico que nos rodea o sobre el que nos situamos. El paisaje es un constructo, una elaboración mental que los hombres realizamos a través de los fenómenos de la cultura. (Maderuelo, 2005: 17).

Tamén a achega de Berque subordina a realidade física á ollada subxectiva. A existencia dun marco material composto por elementos de orixe natural e social non adquire o carácter de paisaxe se non é sentido polo individuo. A súa principal achega para explicar o "nacimiento del paisaje" (Berque, 2008: 59) é unha proposta de seis criterios necesarios para falarmos de paisaxe nun contexto cultural determinado, como vimos no punto 2.1.1.2.

A paisaxe é unha realidade móbil (Roger, 2008), que varía ao longo do día, das estacións, dos anos, ou mesmo dependendo da persoa que o percibe e as súas circunstancias. Polo tanto, as fotos fixas da paisaxe son exercicios de abstracción, en ocasións útiles á hora de explicala nun momento e contexto determinados, mais non son representacións inequívocas.

2.1.3.3 A paisaxe da nova Xeografía cultural

A partir dos anos 1970 emerxe unha nova sensibilidade na Xeografía humana académica. Como no caso da marxista, estaba afastada do paradigma cuantitativo dominante naquel momento no conxunto da Xeografía; mais tamén daquelas primeiras críticas radicais materialistas. Aquí o foco poñíase na relación sensible entre o ser humano e o territorio, dunha Xeografía humanista que é quen de concibir a paisaxe como resultado dunha relación sentimental e, supostamente, non empírica.

A descrición das características físicas da paisaxe perde sentido ante o que Ojeda (2013: 71-72) denomina "disolución" progresiva dos catro fundamentos que "sustentan" a certeza da ciencia occidental (leis deterministas newtonianas, separabilidade analítica cartesiana, redución cuantificable positivista e razón aditiva). O foco desprázase á mediación entre o marco físico e o imaxinario colectivo. Interesa interpretar como as paisaxes son apropiadas polas persoas para construír as súas identidades e o seu sentido de pertenza. A nova Xeografía cultural entende a paisaxe como un texto que pode ser lido e interpretado pola xente. Trátase, pois, unha construción cultural que ten unha carga simbólica constantemente reconfigurada e negociada polas persoas, nun dobre sentido individual e colectivo (Nogué, 2019).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non foi menor a influencia chegada desde outras disciplinas que viñan tratando a paisaxe como un fenómeno puramente estético, nomeadamente a Historia da Arte e a Filosofía (Besse, 2000). Unha achega filosófica decisiva na superación do positivismo foi a da fenomenoloxía. Segundo López Silvestre (2010: 84), esta devolveu a mediados do século XX o valor do acto da observación. Non é xa tanto estudar un obxecto autónomo que se observa desde fóra, senón de "aprehender" a paisaxe "sin prejuicios", e por tanto ollar a paisaxe de forma consciente, sabendo que sempre hai unha intención detrás da mirada humana. Tornar a paisaxe nese exercicio consciente de percepción é o fío do que tirará a nova Xeografía cultural das últimas décadas do século XX.

A experiencia humana gaña terreo, é a chave para diferenciar entre espazo abstracto e lugar concreto, vivido e cheo de significado (Ojeda, 2013). Os alicerces conceptuais expostos por Tuan (1990) no seu coñecido ensaio *Topofilia* amosan unha nova inquedanza pola subxectividade mediada polas emocións, sentimentos e percepcións. Para o autor estadounidense a paisaxe é algo máis ca un fondo escénico para as nosas vidas (Nogué, 2010), é a mesma fonte do noso sentido de identidade e pertenza (persoa e colectiva), e a conexión emocional co mundo que nos arrodea.

De forma certamente provocadora, e seguindo a mesma liña que Tuan, Roger (2007: 135) afirma que a paisaxe "no forma parte del medioambiente", pois esta última é unha palabra nacida nos anos 1960 da man da Ecoloxía, unha ciencia declaradamente empiricista xurdida a finais do século XIX (Zimmerer, 2006). Pola contra, a paisaxe é unha noción "*más antigua*" que o autor asocia á arte, ao estético. Acrecenta, de feito, que calquera exercicio de consideración da paisaxe como apartado do medio ambiente é unha redución carente de sentido. Como expresa de forma concisa Caramés (2016: 104): "é a mirada a que constitúe a paisaxe", a que a través da observación e codificación transforma o espazo xeométrico en lugar con significado.

Estas consideracións atopan o seu eco en Cosgrove (1990; 1989), que sostén que a paisaxe é ante todo unha representación humana. Esa representación está "alienada" polo capitalismo, que condiciona a relación do ser humano co mundo natural. A expresión desa representación é "unha carga simbólica" que varía en cada individuo e en cada colectivo.

> The idea of landscape as a symbolic structure which may be interpreted to yield a deep deposit of social, political and cultural meanings is now widely accepted in geography and related disciplines. (Cosgrove, 1990: 3).

> All landscapes carry symbolic meaning because all are products of the human appropiation and transformation of the environment. (Cosgrove, 1989: 126).

2.1.4 A superación dos dualismos na representación da paisaxe. Unha conflitiva integración de suxeito e obxecto, de natureza e cultura, do tanxible e intanxible

Considerarmos os achegamentos materiais ou inmateriais á paisaxe como mutuamente excluíntes conduce a un rueiro sen saída. Xa vimos nos dous subapartados anteriores como o paradigma (neo)positivista dominante durante décadas e as reaccións críticas que orixinou acabaron por disociar dous mundos que, en realidade, non teñen por que estar tan distanciados. Unha verdadeira superación da redución cientificista da paisaxe non radica en afastala da natureza equiparándoa a un simple artefacto cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.1.4.1 Suxeito e obxecto

O enfoque fenomenolóxico da paisaxe formulado por Dardel (1952), no cal o ser humano e a Terra formaban un todo unitario, unha *xeograficidade*, permitiu abrir fendas na consideración de suxeito e obxecto como realidades illadas (Besse, 2000). Nas ciencias positivas tende a predominar unha visión estática dos obxectos que estuda. Nese caso, para o suxeito discernir a súa natureza, estes obxectos precisan de ser estables, controlables. No entanto, a paisaxe non é simplemente un obxecto físico, senón unha experiencia subxectiva na que dialogan elementos naturais, culturais e perceptuais (Tuan, 1974).

En contraste coa concepción imperante na súa xeración, Dardel desenvolve unha paisaxe na que suxeito e obxecto non se disocian (Besse, 2000). Na altura en que o autor desprega esta idea, a Xeografía estaba inmersa nun xiro cuantitativo que poñía a énfase no estudo do obxecto con técnicas cuantitativas independentes da ollada humana, incuestionables. En opinión de Besse (2000: 156) nin o mesmo Dardel era consciente da transcendencia desta nova perspectiva de reconciliación entre o territorio e a súa interpretación cultural, a "sustancia que vuelve enteramente paisaje [la] materialidad." (Martínez de Pisón, 2017: 13).

Concibir de forma illada suxeito (observador) de obxecto (paisaxe) implica tamén unha "cosificación" moi propia da "cultura consumista" que se xeneralizou en Occidente nas últimas décadas (Maderuelo, 2005: 17). Ningunha ciencia dispón dos instrumentos para fuxir completamente da subxectividade no estudo da paisaxe. Se, en termos hipotéticos, colocásemos no mesmo lugar e no mesmo instante varias persoas, este lugar sería experimentado de forma distinta por cada unha. Reducindo a mostra a un único observador, se ese lugar é presentado en distintos momentos, a persoa experimentará diferenzas e matices novos en cada ocasión. Mesmo unha paisaxe nun momento determinado pode producir sensacións contraditorias nunha única persoa (Bender, 2006), xa sen ir até a escala colectiva, onde as posibilidades son case infinitas.

> No existe ninguna una interpretación científica inequívoca, sino un conjunto de relaciones entre las construcciones con sentidos múltiples en torno al mismo objeto (interobjetividad) y una multitud de intérpretes más o menos constituidos en grupos sociales (intersubjetividad). [...] Los científicos no pueden imponer su visión del paisaje como algo único e indiscutible. (Frolova, 2010: 293).

Nesa liña, destaca a achega de Donna Haraway, quen confronta a idea da obxectividade científica dominante desde os seus postulados feministas achegando unha interesante nova proposta. De partida argumenta, como algúns dos xeógrafos radicais que a precederon, que a suposta neutralidade do método científico non é tal. Pero o verdadeiramente novidoso do que a autora propón consiste na súa superación do construtivismo social —que non abolición, pois comparte moitos dos seus postulados. En Haraway (1988 [1995]: 10) desvélase a "natureza retórica da verdade, incluída a verdade científica". Seguindo o fío desta afirmación, aplicado ao tema deste capítulo, a produción de representacións da natureza é central para entender a paisaxe. Tanto ten se estas representacións teñen vontade de obxectividade ou son abertamente nesgadas. O que está aquí en xogo non é negar a existencia dun "mundo natural" alleo ao noso xuízo humano, senón contestar a acaparación do seu estudo por parte de sectores sociais dominantes que tratan de "fabricar conhecimento" verdadeiro en base á negación doutras aproximacións subalternas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Precisamos do poder das teorias críticas modernas sobre como significados e corpos são construídos, não para negar significados e corpos, mas para viver em significados e corpos que tenham a possibilidade de um futuro. (Haraway, 1988 [1995]: 16).

Haraway (1988 [1995]: 29) chama ás dicotomías da ciencia moderna unha "ilusão de simetria" que parte dunha "distorsão primária". Superalas non é negar o valor do coñecemento científico, pois a paisaxe si pode ser estudada desde a ciencia, mais non desde unha ciencia que distancia ao suxeito do obxecto, que non asume o seu posicionamento parcial, como a construída nos últimos séculos polos homes europeos. Preséntase entón a oportunidade da Xeografía como disciplina de coñecemento situado, na que a paisaxe xoga o rol fundamental de plasmar o territorio tal e como é representado (ou situado) polos suxeitos.

A representación ven precedida pola percepción. Dese acto sensible, necesariamente plural e multisensorial, xorden en ocasións discursos e, sobre todo, políticas que tentan limitalo nun sentido exclusivista a un mero ben tanxible (Nogué, 2010), medible e de consumo: a paisaxe natural prístina que se nos presenta nas campañas publicitarias. Esa natureza só existe como unha idea, unha invención, neste caso comercial, mais ás veces tamén científica. En efecto, a idea restrinxida da natureza como oposición ao humano pode ser útil a fin de controlala desde consellos de administración (Büscher e Fletcher, 2020), así como tamén desde laboratorios nos que se tenta descifrar un mundo natural inerte, dócil. E esa teima coa dominación da natureza desde a ciencia, intensificada en Europa desde a Ilustración (Martínez de Pisón, 2017; Roger, 2007), conduce a un punto de non retorno.

Así pois, a materialidade á que fai referencia a palabra natureza impresa nun folleto informativo dun parque natural é moito máis complexa do que pode expresar ese soporte promocional, mais tamén soborda a máis exhaustiva das reflexións científicas. Por iso mesmo, a obsesión da ciencia moderna por facer da natureza unha verdade obxectivable supuxo a eclosión de disciplinas que nos presentan o mundo como un sistema natural, cognoscible mediante técnicas, preferiblemente expresables en fórmulas cuantitativas. O problema xorde cando, tras crer descifrar o funcionamento da natureza, o experto decátase de que tamén operan subxectividades que se saen do seu control. Esa palabra, o control, paira sempre na conciencia da tradición científica moderna cando encara a natureza (Daston, 2020; Depraz, 2008).

2.1.4.2 Natureza e cultura

A dualidade natureza/ser humano é unha construción cultural que comeza a ser superada (Descola, 2003; Simmons, 1993), pero que vén sendo hexemónica nos últimos séculos, promocionada no contexto da sociedade occidental moderna e do capitalismo (Capellà Miternique, 2020; Harrison, 2015). Segundo estes autores, cómpre superar este divorcio ontolóxico, xa que a designación de espazos acoutados de *natureza virxe* non é máis ca un artificio que separa o ser humano dunha parte da súa realidade: os obxectos e os outros seres vivintes. A natureza tamén é cultura (Besse, 2000), e para garantir a súa supervivencia é fundamental ter claro que non se pode illar ao ser humano dunha natureza na cal está inserido.

Por causa de atoparse nesa intersección ontolóxica, a idea de paisaxe é abordada desde posicións moi diversas que, aínda excepcionalmente, dialogan entre si. Con frecuencia apúntase a necesidade de recuperar a mirada integradora da paisaxe que estaba presente no pensamento xeográfico moderno previo ao positivismo e que algunhas tradicións posteriores esqueceron de vez (Paül, 2017a; Gómez Mendoza, 2008). Por un lado, desde o punto de vista da Xeografía física

tendeuse a reducir a paisaxe a "un hecho objetivo susceptible de ajustarse a patrones formalmente científicos", de xeito que non deixa emerxer as súas "dimensiones subjetivas y culturales" (Ortega Cantero, 2004: 30). Por outro lado, "algunos círculos geográficos" das últimas décadas, encarnados en autores como Stephen Daniels e Denis Cosgrove conciben a paisaxe como "una imagen cultural, una manera pictórica de representar, ordenar o simbolizar lo que nos rodea" (Cosgrove e Daniels, 1988). Existe, por tanto, unha crecente desconexión entre dúas posicións antagónicas que para Ortega Cantero (2004: 30) afástanse da visión "amplia" e "menos restrictiva" que carcaterizou a "interesante visión geográfica moderna del paisaje".

Afirmar que a natureza é unha totalidade independente do contexto social é en realidade unha visión subxectiva, un discurso que obvia os intereses e relacións de poder que hai tras ese exercicio de obxectivación científica. Nesta mesma liña, David Demeritt (2002) considera que se tende a abusar no uso impreciso dos termos de construción social e natureza. En ocasións a visión construtivista de parte da Xeografía humana crítica tendeu a empregar eses termos para xustificar premisas á carta, caendo no relativismo. Malia que a propia orixe do concepto de natureza é unha elaboración humana en base a unha interpretación da realidade material, non se debe negar a propia existencia do físico nin caer nos dualismos das "distincións convencionais entre natureza/cultura, suxeito/obxecto e representación/realidade" (Demeritt, 2002: 786).

Fuxir dos "dualismos" e dos "reduccionismos" implica estudar os fenómenos físicos sen desvencellalos da sociedade que os vive (Boström e Davidson, 2018: 11-12). Segundo estes autores é necesario superar a aceptación acrítica das grandes teorías que pretenden explicar o mundo en base a premisas ríxidas, para deste xeito potenciar a "reflexividade" neste tipo de estudos. A pesar deste chamamento á superación de certos nesgos, en boa medida os autores continúan a reproducir o dualismo natureza-sociedade á hora de abordar o estudo da primeira, considerándoa como unha realidade existente *per se*, aínda que o seu peso deba estar equilibrado co das cuestións sociais.

> [E]cological reductionism is systemic in the environmental sciences. In many environmental conceptualizations, the ecological domain is treated as something objectively fixed and given, something to which the social domain must be oriented [...] [T]he social dimension is reduced to (just) one measurable and manageable aspect, such as 'population' (to be controlled), 'population growth' (to be stopped and potentially reversed), 'attitudes' (to be changed), or 'the public' (to be educated). (Boström e Davidson, 2018: 12).

A paisaxe é neste punto un concepto chave para tecer pontes entre dous conceptos historicamente antagónicos. Nogué (2010) enriquece o debate natureza-ser humano cando afirma que, se ben a existencia da paisaxe implica unha base "natural", esta última precisa da ollada humana para devir paisaxe. Así, estudar de xeito illado a compoñente física e as representacións sociais sen ter en conta as íntimas conexións que as unen carecería de interese se o noso obxectivo é afondar no coñecemento da paisaxe dun territorio.

> La naturaleza existe *per se*, mientras que el paisaje no existe más que en relación al ser humano, en la medida en que éste lo percibe y se apropia de él. El paisaje está vinculado a un lugar y personalizado por este lugar. Una extensión natural no se convierte en paisaje hasta que nosotros no separamos, no desprendemos de ella un fragmento. (Nogué, 2010: 126).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Igualmente, Berque (2008) rexeita a paisaxe como realidade puramente perceptual, esta atópase na relación entre nós e o entorno, nin no obxecto nin no suxeito, pero entre eles.

> [N]o me gusta ese vocabulario constructivista que induce a pensar que el paisaje sería pura creación humana. El paisaje no está en la mirada sobre los objetos, está en *la realidad de las cosas*, es decir, en la relación que establecemos con nuestro entorno. (Berque, 2008: 59).

O "sentido profundo da paisaxe" para Berque (2008: 94) vai alén dos dualismos que opoñen medio físico e perspectiva humana. Segundo o xeógrafo francés, cómpre "superar" ese paradigma propio da modernidade para reconciliar o obxecto percibido co suxeito perceptor. No camiño desa superación cumpriría recuperar o "pensamento paisaxeiro", o que tradicionalmente posuíron as comunidades humanas que moldearon os seus territorios ao longo dos séculos, mesmo sen existir conciencia dese proceso, é dicir, sen existir pensamento da paisaxe. Esta superación resulta fundamental á hora de entender a idea de paisaxe que transmite o autor.

> La propia reivindicación paisajística está minada por esta contradicción [obxectividade/subxectividade]: se hace ampliamente en nombre de una subjetividad que no encuentra ninguna medida común con el entorno objectivo (con la realidad ecológica o económica); a menos que sea al contrario, la ecología o la economía que, por cientificismo, quieren reducir el paisaje a sus propios sistemas (los ecosistemas y el mercado), los cuales, en sí mismos, no tienen nada que ver con la estética ni con la moral ni, por tanto, con el pensamiento paisajero. (Berque, 2008: 94)

2.1.4.3 Tanxible e intanxible

O terceiro binomio que se integra dentro dunha idea abranguente da paisaxe é o do tanxible fronte ao intanxible. Os nosos sentidos poden ver, ouvir, tocar ou mesmo ulir a paisaxe, mais toda esa información que recollen, todo ese mundo tanxible, está inevitablemente interseccionado polo que existe exclusivamente no plano mental (Nogué, 2010). Entre outros motivos porque o mesmo proceso de recepción dos estímulos sensibles do que é material require un certo grao de procesamento cerebral que adapta o que se percibe a unha imaxe mental.

Entón a paisaxe é tanxible ou intanxible? Segundo Martínez de Pison (2017) é ambas, ou mellor dito, non é puramente ningunha das dúas. Dando por certo o primeiro estremo, a paisaxe obxectivable e medible pasa a ser un ente inerte, un caso de estudo preparado para a súa descrición científica a partir dunha observación rigorosa. No segundo estremo, non hai posibilidade de chegar a un coñecemento científico da paisaxe, pois esta é exclusivamente unha manifestación estética, unha representación individual, entre infinitas posibles, do que se percibe.

As barreiras que separaron durante séculos o mundo material e o inmaterial comezaron a debilitarse nas últimas décadas. Os conceptos están máis próximos ca nunca e, co desenvolvemento das tecnoloxías de realidade virtual e de intelixencia artificial, en moitos casos resulta difícil abstraer o real do ficticio (Büscher, 2016). Segundo este último autor sería necesario reformular a presunción de veracidade do físico, así como recoñecer que as representacións virtuais teñen xa unha influencia decisiva sobre a construción individual e colectiva da paisaxe.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [M]ateriality, representation, and imagination are not separate worlds. There can be no particular privileging of any one realm over the other, even if it is only in the social practices of daily life that the ultimate significance of all forms of activity is registered. (Harvey, 1996: 322)

As pontes entre ambas dimensións baséanse en outorgar ao coñecemento científico o seu papel na conformación de representacións individuais e colectivas da paisaxe (Nogué, 2019). En sentido inverso, a sensibilidade subxectiva debe impregnar a materia, o mundo físico. Só así se pode chegar ao significado último de paisaxe, aquel que o singulariza fronte ao dogma científico e á abstracción estética.

2.1.4.4 Unha proposta integradora. O *sentido de lugar* nos conflitos de representación paisaxística.

A formulación dunha visión integradora destas tres duplas conceptuais, que están na orixe do significado occidental da paisaxe, non supón negar o conflito entre elas. Moi ao contrario, como indica Nogué (2010), son necesarias tales disputas entre os distintos xeitos de concibir a paisaxe, ben sexa desde as obxectividades ou as subxectividades, desde o seu carácter natural ou cultural, ou sobre a súa condición tanxible. Todas elas fan parte do que se denomina o "sentido de lugar" (Nogué, 2010: 31), aquilo que, en termos de Tuan (1974), nos liga emocionalmente ao territorio.

Tanto no plano individual como no colectivo podemos comprobar que o choque entre distintos sentidos de lugar provoca "conflictos territoriales" (Nogué, 2010: 45). A nivel do individuo opera como un fenómeno psicolóxico, que afecta á persoa en tanto que perde a referencia territorial na que baseou parte da súa propia identidade (Relph, 1976). De feito, esa desconexión co territorio acaba afectando a sociabilidade, un fenómeno que conecta de cheo coa dimensión colectiva dos conflitos.

Deste modo, as "angustias existenciales" (Nogué, 2010: 39) que provoca a nivel individual a perda dos referentes paisaxísticos poden chegar a provocar unha reacción colectiva. Neste caso actívase un conflito social de base territorial, dentro do que este autor identifica tres expresións: as plataformas en defensa do territorio, os conflitos polos límites e o conflito de representacións.

Debullamos brevemente o terceiro caso, o conflito de representacións, pola súa transcendencia na patrimonialización da paisaxe na actualidade. Esta forma de conflitividade social expresa o crecente distanciamento entre o que se considera a paisaxe *arquetípica*, a representación máis amplamente compartida pola sociedade, e a paisaxe *real* percibida no día a día (Nogué, 2010). En principio, agrávase conforme se fai máis evidente a acción do ser humano sobre a paisaxe, conforme se homoxeinizan os territorios. Para afrontar este conflito será preciso identificar aqueles referentes paisaxísticos que está aínda vivos (Nogué, 2010), que manteñen a súa vitalidade en base a un proceso de patrimonialización.

2.1.5 A patrimonialización da paisaxe

USC DE COMPOSTELA

O camiño para que a paisaxe se voltase patrimonio en Occidente iníciase cara a finais do século XIX. Até entón a noción de patrimonio estaba máis cinguida á idea de monumento

(Capel, 2014), e polo xeral implicaba propiedades persoais (Choay, 1992), como edificios ou obras de arte. Isto comezou a mudar ao se consolidaren no plano institucional os ideais preservacionistas da natureza romántica que foran elaborados nas décadas precedentes desde a literatura ou a pintura (Vaccaro e Beltran, 2010). Estes darán forma a un salto de escala fundamental: a protección de extensións de territorio considerables en forma de parques nacionais ou reservas naturais. Desde ese momento, as elites culturais e políticas europeas, de forma intencional ou non, marcaron o canon do que debía ser a paisaxe arquetípica de cada nación (Nogué, 2019). Non cómpre esquecer que neste contexto os puxantes estados modernos procuraban a súa lexitimación por medio da reafirmación da autenticidade do seu pasado salvaxe e harmonioso, facilitando de paso exercer control territorial sobre as terras máis remotas. Nese caldo de cultivo perfecto, a conservación da natureza iniciou unha andadura que chega até hoxe, pois encaixou plenamente coa idea dunha herdanza colectiva que subxace no concepto moderno de patrimonio (Davallon, 2014), e coa subsecuente necesidade de o delimitar mediante a fixación de perímetros de protección.

Desde ese momento inicial, as paisaxes patrimonializadas resultantes da declaración de espazos protexidos viron como a propia concepción de paisaxe mudou, como teremos ocasión de analizar no apartado 2.2. As condicións nas que se dá a produción do patrimonio a partir da paisaxe son cambiantes. Da estratexia exclusivista do nacionalismo decimonónico, que só protexía aquelas vistas que xulgaba dramáticas e fermosas (Vaccaro e Beltran, 2010), á exponencial extensión dos espazos protexidos que viviu o planeta desde os anos 1960, e que hoxe pretenden representar toda a diversidade de ecosistemas (Dudley *et al*., 2020; Phillips, 2004). O que as une a todas elas é a intervención do xuízo humano, que decide en último termo aquilo que merece ser presentado ás xeracións futuras como parte da súa identidade.

2.1.5.1 Patrimonio e paisaxe: conexións conceptuais

Segundo Choay (1992), a emerxencia do patrimonio como forma de recuperación simbólica do pasado non se pode desligar da idea de monumento histórico. Argumenta esta autora que as raíces deste último poden rastrexarse xa no *Quattrocento* renacentista, momento no que abrolla unha vontade entre algúns sectores da aristocracia do que hoxe é Italia por conservar aquelas obras que representasen as formas máis perfectas da arte. Está detrás deste cambio a preocupación do Renacemento polo perfeccionamento do ser humano e, en consecuencia, a necesidade de fixar un canon universal que sirva de exemplo. Algúns mecenas e coleccionistas privados recollerán esta nova inquedanza ao peneirar entre as creacións artísticas para adquirir as que, xulgaban, merecían perdurar na historia como exemplos eternos para a humanidade. Mais aínda faltaba, como sinala Riegl (1903[2016]) un aparello institucional forte que viñese a elevar aqueles monumentos a posición de elemento identitario para todo un pobo. O patrimonio estaba aínda máis próximo da súa acepción restrinxida (conxunto de bens persoais) que da máis ampla que estaba por vir.

Consecuentemente, a configuración moderna do patrimonio avanzou paseniño até a Revolución Francesa. Nela iniciouse o camiño de apropiar, clasificar e conservar aqueles monumentos que se consideraban representativos de valores excepcionais (Roigé e Frigolé, 2010), representativos de toda unha colectividade que acabara de formar a República. Entre eses valores destacaba o identitario, pois foi este un momento decisivo para a consolidación dun estado-nación moderno que dispuxese de elementos simbólicos estables que o lexitimasen (Máiz, 2018). Emprendeuse naquela altura un camiño no que as institucións, tanto públicas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como privadas, estiveron cada vez máis interesadas en facerse coa propiedade dos monumentos históricos, ou mesmo erguelos novos.

Moitos deses primeiros monumentos eran intencionais, pois foran erixidos a escala urbana coa pretensión de marcar o poder de quen os posuía. As esculturas, palacios ou xardíns eran obras das que se podía rastrexar dunha ou doutra forma a súa autoría, en todo caso humana. O cambio decisivo veu a mediados do século XIX, cando comeza a divulgarse a idea da paisaxe como monumento natural entre algúns círculos artísticos e naturalistas europeos (Martínez de Pisón, 2017), apoiados decisivamente por sociedades filantrópicas financiadas polas puxantes burguesías occidentais. Isto supuxo unha extensión na idea de monumento, pois comezaban a adquirir valor patrimonial aqueles elementos que non foran deseñados para iso: os que Riegl (1903 [2016]) denominou monumentos "non intencionais".

A partir de entón, máis e máis paisaxes serán adxectivadas como monumentos que inspiran as máis afervoadas paixóns (della Dora, 2016): cidades da Antigüidade redescubertas baixo un manto de cinza, escenarios alpinos capaces de inspirar aos pintores máis populares do momento, ou cantís afiados na costa máis salvaxe; progresivamente serán obxecto de divulgación, categorización e protección. Así, a paisaxe "became accepted as common heritage" e foron promulgadas leis protexéndoa de forma consciente ou non, baixo moi diversas categorías legais (Antrop, 2018: 6). Algunhas desas figuras porán maior énfase nas virtudes utilitarias ou culturais, mentres que outras centraranse en preservar a apariencia salvaxe da paisaxe *natural*, sen interferencias humanas. No subapartado 2.2.1 veremos que cando avance este proceso patrimonializador, destaparanse contradicións difíciles de resolver entre un e outro *leitmotiv*.

Con todo, o camiño cara á definición do concepto moderno de patrimonio —que xa integraba a paisaxe— estaba iniciado, e se asentaría de xeito efectivo desde principios do século XX. Os estados modernos occidentais, que viñan protexendo monumentos históricos desde había décadas, precisaron acoutar mellor as aínda dispares prácticas de estudo, conservación e restauración do patrimonio. Nese camiño Choay (1992) destaca a figura de Alöis Riegl, historiador da arte con grande influencia na política conservacionista dos útimos tempos do Imperio Austro-Húngaro, que no *impasse* entre o século XIX e o XX comezará a definir o que debe considerarse un monumento e, máis no concreto, o que é un monumento histórico. Segundo Gómez Mendoza (2013), esa separación conceptual resultará fundamental no vencello entre patrimonio e paisaxe, posto que un monumento é unha "creación intencionada" á que "le compete hacer revivir el pasado en el presente", mentres que o monumento histórico "es elegido por su valor histórico" e "se vincula a la sensibilidad estética del presente" (Gómez Mendoza, 2013: 10). Segundo este punto de vista, o concepto de monumento histórico é unha creación propiamente europea, froito da necesidade dos estados-nación por crearen os seus propios símbolos.

> [L]a qualification de "monuments" que nous avons malgré cela l'habitude de donner á ces oeuvres ne peut être employée dans un sens objectif, mais seulement subjectif : les oeuvres ne deviennent pas des "monuments" par lèffet d'une intention qui se trouverait au principe de leu création ; ce sont nous, les subjets modernes, qui leur atribuons cette dimension. (Riegl, 1903 [2016]: 19)

Nunha liña semellante, Choay (1992: 155) fala especificamente da "invención do patrimonio urbano", na cal tiveron importancia central as transformacións urbanas deseñadas no século XIX seguindo criterios hixienistas. Algunhas destas intervencións, como a dirixida por Haussmann en París, puxeron enriba da mesa a posibilidade de conservar determinadas edificacións ou tramas que podían considerarse monumentos históricos fronte ao avance das

demolicións masivas nos centros das cidades. Destaca autores como John Ruskin, que desde posturas socialistas rexeitaron o avance indiscriminado das novas rúas e edificacións sobre a vella cidade monumento. A súa contraparte será o arquitecto e historiador austríaco Camille Sitte, que porá por diante o valor de uso, a necesidade de desenvolvemento e a historicidade da cidade moderna, para a cal a preexistencia da cidade vella non debe supoñer un atranco.

Ante esta crecente multiplicidade de significados no tocante ao patrimonio, as principais institucións nacionais e internacionais dedicadas á súa protección, conservación e restauración acabaron por realizar conferencias mundiais ―resultando nas Cartas de Atenas (1931) e Venecia (1964)― que puxeran orde no cada vez máis descontrolado crecemento das cidades, ante a preocupación, entre outras, pola destrución masiva do patrimonio. Estes acordos, que non foran quen de dar unha definición consensuada de patrimonio, definían os monumentos en termos puramente materiais e como creacións do ser humano, excluíndo ou relegando a unha posición secundaria de "fondo escénico" a compoñente paisaxística. Na Carta de Atenas a única referencia á paisaxe está velada e reducida ao papel de contorna que rodea o monumento:

> La Conferencia recomienda respetar en la construcción de los edificios el carácter y la fisonomía de la ciudad, especialmente en la proximidad de los monumentos antiguos, en donde el ambiente debe ser objeto de atenciones particulares. Igual respeto debe tenerse para ciertas perspectivas especialmente pintorescas.
> También pueden ser objeto de estudio las plantaciones y ornamentos vegetales cercanos a ciertos monumentos con el fin de conservar el carácter antiguo.
> Se recomienda sobre todo la supresión de toda publicidad, de toda superposición abusiva de postes o hilos telegráficos y de la industria ruidosa e invasora en la proximidad de los monumentos de arte y de historia. (Conferencia Internacional de Arquitectos e Técnicos de Monumentos Históricos, 1931: 2).

Co paso dos anos fíxose patente que a paisaxe precisaba dun protagonismo propio na protección do patrimonio (Lowenthal, 1997), indo alén de ser o pano que decoraba os monumentos históricos. Un exemplo notable deuse xa en 1972, cando a UNESCO celebra a Convención Mundial do Patrimonio, na que se explicita a conservación do patrimonio cultural e o natural de maneira conxunta a través da creación dun inventario internacional do patrimonio. Nas deliberacións actuaron en calidade de organizacións referenciais para o patrimonio cultural e natural o Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) e a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN), respectivamente os dous principais actores mundiais en cada un dos dous ámbitos. Os resultados finais, malia a innovación de abordalos simultaneamente, mantiveron un esquema clásico de división cultura/natureza en dúas listaxes distintas:

A raíz da aprobación deste documento, o Comité do Patrimonio Mundial crea a Listaxe do Patrimonio Mundial, que debía incluír aquelas "properties" (bens) que sexan posuidoras dun "outstanding universal value" (UNESCO, 1972) e elaborada a partir de listas de elementos patrimoniais que envíe cada estado. A listaxe será obxecto de revisión cada dous anos e permitía activar investimentos do Fondo do Patrimonio Mundial e declarar en perigo calquera ben previamente listado. Vinte anos despois, constatada a dificultade de integrar as paisaxes dentro desa ríxida separación entre os dous tipos de patrimonio (Lowenthal, 1997; Comité do Patrimonio Mundial, 1992) tomaranse dúas decisións de calado. Por un lado crearase un terceiro tipo de ben mixto cultural e natural, e polo outro crearase unha categoría de protección específica: as Paisaxes Culturais.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5. Definición de Patrimonio Cultural e Patrimonio Natural de acordo coa Convención Mundial do Patrimonio da UNESCO (1972).

Patrimonio cultural	Patrimonio natural
a) Monumentos: obras arquitectónicas, obras de escultura e pintura monumentais, elementos ou estruturas de carácter arqueolóxico, inscricións, vivendas rupestres e combinacións de características, que teñan un valor universal destacado dende o punto de vista da historia, da arte ou da ciencia; b) Grupos de edificios: conxuntos de edificios separados ou conectados que, pola súa arquitectura, a súa homoxeneidade ou o seu lugar na paisaxe, teñen un valor universal destacado desde o punto de vista da historia, da arte ou da ciencia; c) Sitios: obras do home (sic) ou as obras combinadas da natureza e do home (sic), e zonas, incluíndo xacementos arqueolóxicos, que teñan un valor universal destacado desde o punto de vista histórico, estético, etnolóxico ou antropolóxico.	a) Áreas naturais constituídas por formacións físicas e biolóxicas ou grupos de tales formacións, que teñan un valor universal destacado desde o punto de vista estético ou científico; b) Formacións xeolóxicas e fisiográficas e áreas delimitadas con precisión que constitúen o hábitat de especies ameazadas de animais e plantas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia ou da conservación; c) Sitios naturais ou áreas naturais delimitadas con precisión: de valor universal, destacado desde o punto de vista da ciencia, a conservación ou a beleza natural.

Fonte: elaboración propia

Debido á súa recoñecida posición na "intersection of culture and nature" (Filke, 2013: 18), podería supoñerse que as Paisaxes Culturais serían encadradas no novo tipo de ben patrimonial mixto, mais, curiosamente, foron encadradas como bens culturais estritos. A súa definición certamente identificábaos como "combined works of nature and of man" (Comité do Patrimonio Mundial, 1992), un enunciado en liña coa definición dos Sitios do patrimonio cultural (Táboa 5).

Segundo indican Silva *et al*. (2018: 26-27), a clasificación de paisaxes da UNESCO neste esquema tripartito "no es muy operativa para un reconocimiento ajustado y sistemático de los valores patrimoniales que poseen los paisajes", pois existe un significativo nesgo á hora de incluír novos sitios. En concreto, máis dos 95% dos bens listados son de tipo cultural estrito ou de tipo natural estrito.

2.1.5.2 A patrimonialización da paisaxe a través dos espazos protexidos. As prácticas de protección do patrimonio natural.

A patrimonialización é un proceso mediante o que unha sociedade recoñece o status de patrimonio a un determinado elemento material ou inmaterial (Davallon, 2014), dando como resultado máis habitual a protección legal por parte de institucións (públicas ou privadas) que procuran evitar a súa perda e transmitilo a futuras xeracións. Aplicado ao caso da paisaxe, é o fenómeno iniciador da súa xestión como patrimonio e, polo tanto, da activación de ferramentas que categoricen, conserven e divulguen os valores culturais, históricos ou estéticos asociados a esa paisaxe (Santamarina *et al.*, 2014), co obxectivo último de protexela de posibles impactos negativos. Esta forma de entender a protección de paisaxes entronca, como xa vimos no apartado 2.1.4., coa idea de que a paisaxe é máis ca un compendio de recursos materiais dispostos sobre o territorio, senón que tamén constitúe un ben cultural intanxible, creado e valorado polas persoas (Harvey, 1996). Asemade, a activación deste proceso implica necesariamente un recoñecemento da importancia da paisaxe por parte da sociedade e,

decisivamente, das estruturas de goberno que poden crear e executar as medidas de conservación da paisaxe como patrimonio.

> La patrimonialisation est le processus par lequel un collectif reconnaît le statut de patrimoine à des objets matériels ou immatériels, de sorte que ce collectif se trouve devenir l'héritier de ceux qui les ont produits et qu'à ce titre il a l'obligation de les garder afin de les transmettre. (Davallon, 2014: 1)

Figura 7. As cinco fases do *xogo da patrimonialización*

Elaboración propia a partir de Davallon, 2017

A patrimonialización, por tanto, define ese proceso de institución do patrimonio como un ben colectivo, que deixa de ser un ben privativo dunha única persoa ou familia. Este "heritage-making", en palabras de Harrison (2015), require o recoñecemento máis amplo posible da sociedade, ben sexa un monumento nunha praza ou unha determinada imaxe paisaxística transmitida na literatura. Só así se activa unha valoración oficial, nomeadamente da administración, que permite a protección legal.

Como realidade percibida, a paisaxe "se convierte" en patrimonio cando se consolida entre a poboación unha visión colectiva concreta sobre outras visións alternativas (Gómez Mendoza, 2013: 16). Isto implica a activación dunha serie de valoracións, caracterizacións, e mesmo transformacións materiais vinculadas a calquera proceso de patrimonialización. A este respecto, Davallon (2017) identifica cinco fases: interese, estudo, declaración, organización do acceso e transmisión (Figura 7). Como é lóxico, esta sucesión non é lineal, posto que calquera ben susceptible de devir en patrimonio pode quedar estancado en calquera destes pasos ou mesmo retroceder.

Algo que fai particular ao proceso de patrimonialización da paisaxe fronte outras formas de patrimonio é a extraordinaria variabilidade nos niveis e categorías de protección que produce. Nalgúns casos, unha paisaxe pode ser considerada un patrimonio cultural (ben de interese cultural, monumento histórico, etc.) e noutros un patrimonio natural (parque,

monumento natural, paisaxe protexida[7], etc.). Nese acoplamento dos adxectivos "cultural" e "natural", como vimos no subapartado anterior, subxace unha vella base teórica cartesiana, que na actualidade demóstrase "untenable" tamén para explicar os procesos de patrimonialización (Harrison, 2015: 27). Do mesmo xeito que acontece coa paisaxe, a distinción entre patrimonio natural e o patrimonio cultural como dominios separados parte da premisa de que o ser humano non interfire, ou simplemente é un factor externo da natureza. Así se pode inferir das definicións que se veñen consolidando nos aparellos lexislativos, que no caso español sostén:

> «Patrimonio natural»: conjunto de bienes y recursos de la naturaleza fuente de diversidad biológica y geológica, que tienen un valor relevante medioambiental, paisajístico, científico o cultural. (Jefatura del Estado, 2007: 51257).

Cando o proceso de patrimonialización se activa seguindo este modelo de separación do patrimonio natural respecto do cultural, créanse figuras de protección da natureza igualmente nesgadas. Os elementos patrimoniais escollidos poden delatar cara a onde se dirixen eses novos espazos protexidos:

> Patrimonialization of nature and natural resources. This is the study of the cultural construction of natural and landscape heritage and the elements used in models of protected natural spaces and the development of conservationist policies. (Roigé e Frigolé, 2010: 15)

Malia a persistencia desa ruptura entre as dúas principais formas de patrimonialización, existe unha serie de características comúns que Harrison (2015: 36) sistematiza en catro fases de creación do patrimonio:

- Categorizing (identifying, documenting, nominating, listing, recovering, enumerating);
- Curating (collecting, selecting, attributing value);
- Conserving (caring, preserving, storing, archiving, managing); e
- Communicating (using, interpreting, exhibiting). (Harrison, 2015: 36)

Para este autor, a designación de patrimonio —desde a declaración dos espazos protexidos até os grandes proxectos urbanos— é desde hai unhas décadas algo máis transcendental que o mecanismo de recuperación simbólica do pasado que identificaba Choay (1992). Segundo el, estase a configurar como unha ferramenta "to gather or assemble new futures" (Harrison, 2015: 35). As categorías de protección do patrimonio mobilizan cada vez máis recursos económicos, permitindo proxectar unha idea moi concreta do pasado, que ten consecuencias sobre o futuro, a través da activación de mecanismos de categorización, coidado, conservación e comunicación.

Por iso é importante, para situar a patrimonialización da paisaxe, retomar a cuestión dos dualismos presentada do subapartado 2.1.4. Nese sentido, defende Nogué (2019) que a paisaxe combina unha dobre mirada: a individual e a colectiva. Esta segunda é totalmente necesaria

[7] No contexto europeo as paisaxes protexidas adoitan ir asociadas á lexislación de protección do patrimonio natural, mais esta asunción pode non ser universal.

para poder lograr consensos sobre os valores da paisaxe, que terán que verse reflectidos nas políticas de ordenación territorial. Nogué cre que non resulta desexable agocharse nunha mera concepción individual e estética da paisaxe para facer no territorio o que se nos antolle: ao contrario, a paisaxe ten tamén unha evidente dimensión ética que require da participación cidadá para valorar e actuar nela. Tanto, que a paisaxe acaba sendo definida como ben común, un proxecto colectivo que reclama a necesidade de obxectivar e xestionar uns valores paisaxísticos.

Así mesmo, Nogué (2019) reflexiona sobre actuais estratexias de recuperación e reencontro co lugar, a través do propio concepto da paisaxe: a paisaxe vívese, realízase constantemente nos lugares da vida cotiá. Considera que existe un cambio de paradigma en canto ao tratamento da paisaxe: non é tan importante —o que non implica restarlle relevancia— protexer certas paisaxes excelentes e espectaculares, en moitos casos afastadas do lugar de residencia da maior parte da poboación, senón que cómpre ocuparse e intervir nos espazos cotiáns, nos que vivimos e actuamos continuamente, e que dan sentido á nosa existencia. Por iso, o rol que reclama para a sociedade civil é chave á hora de entender os procesos de patrimonialización das paisaxes

Dentro deste contexto, a protección dunha paisaxe a través de instrumentos de ordenación territorial adecuados pode contribuír ao desenvolvemento dun territorio (Mata, 2008), ao atraer actividades económicas, dotación de servizos e a preservación dos recursos naturais. Mais non é doado manter o equilibrio entre os intereses individuais de quen percibe estas paisaxes como fonte de recursos monetarios ou quen as olla como reservorios de biodiversidade (Hall, 2006). Neste punto, de privilexiarmos só os intereses dun reducido grupo (e a súa correspondente visión da paisaxe a protexer), corremos o risco de que a patrimonialización dunha paisaxe supoña a súa destrución ou, en palabras de Nogué (2010), a súa trivialización.

2.1.6 As montañas na paisaxe galega

As montañas xogaron historicamente un modesto papel na configuración dos principais imaxinarios de Galiza, até o punto que Paül, (2019: 97) considera que están "ausentes" nos discursos sobre a paisaxe. Isto non significa que se ignorasen por completo, como pode comprobarse desde as primeiras representacións cartográficas do país (Lois e Paül, 2016). A causa da complicada orografía do país as montañas sempre estiveron dalgún xeito presentes, mais non pareceu existir un interese por afondar nelas ou, en palabras de Davallon (2017), por identificalas e estudalas co obxectivo de fixar unha imaxe representativa delas, até datas máis tardías que a maioría de nacións da contorna.

Como antecedente máis destacable na representación das montañas cómpre citar os mapas de Galiza realizados a partir do de Hernando de Ojea de 1603, nos que foise consolidando unha aliñación orográfica ao leste que a separaba de Asturias e da meseta castelá (Lois e Paül, 2016). A partir de aí, mantívose unha sorprendente indefinición das maiores montañas de Galiza, até o traballo de Domingo Fontán, acabado en 1834 e publicado en 1845. Aínda así, a cifra concreta da altitude do maior pico ficou en incógnita até avanzado o século XX, pois na época do Otero Pedrayo aínda non se manexaba a cifra real dos 2.127 m.

As interpretacións ilustradas da paisaxe galega eran externas (desde fóra de Galiza) e identificaban este país como "montuoso e inaccesible" (Lois e Paül, 2016: 214), un patrón que se pode identificar mesmo nalgunha obra de Luis de Góngora, un dos mestres da literatura española do século XVII. Máis adiante, eclosión do xénero romántico e a súa admiración polas montañas (della Dora, 2017; Martínez de Pisón e Álvaro, 2014), as montañas de Galiza non

encaixarán ben co modelo alpino difundido universalmente: picos afiados, formas triangulares e fortes pendentes (Frolova, 2002). Aquí os accidentes orográficos, malia que omnipresentes, son de pendentes moderadas e remates xeralmente suaves: unha imaxe moi distinta ao ideal de montaña grave marcada por profundos vales, que describía Reclus (1880) cando se adentraba na súa *Histoire d'une montagne* nos principais valores que nos ofrecen as paisaxes máis sublimes.

Estas achegas foráneas, unidas a traballos seminais con sensibilidade paisaxística como os do ilustrado Martín Sarmiento, foron enriquecendo unha conciencia de paisaxe galega autónoma, até o punto de podermos falar de múltiples lecturas da mesma. Nese sentido, Paül (2019) propón tres imaxinarios paisaxísticos activos en Galiza, que se poden presentar como o rosalián, o pondalián e o da Galiza costeira. O papel da montaña dentro deste panorama é de subalternidade, pois non encaixa ben en ningunha destas representacións *mainstream*.

Desde un enfoque autocentrado, López Sández (2008: 96) sitúa a primeira tradución galega da palabra "paisaxe" no prólogo de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro. E nese punto a escritora do Sar non só se limitou a mencionar a palabra, senón que realizou unha ampla reflexión sobre a paisaxe galega (Paül, 2019; López Silvestre, 2004), que definiu por contraposición coa castelá. Cumpría así, dunha vez, con dous criterios clave dos fixados por Berque (2008) para falarmos de pensamento da paisaxe en Galiza.

> [O] propio termo paisaxe aparece por primeira vez traducido ao galego no prólogo de Cantares Gallegos, un poemario que nos sitúa desde o punto de vista cronolóxico nos comezos mesmos do discurso literario galego contemporáneo. (López Sández, 2008: 96-97).

A paisaxe que nos presenta neste prólogo vencellará —de forma irreversible até hoxe— o país coa cor verde dos agros, coa auga dos innumerables ríos, e coas formas suaves e arredondadas dunha Galiza a medio camiño entre a costa e a montaña (López Sández, 2008). Pretende con isto, en primeiro termo diferenciarse da chaira seca castelá, mais tamén fuxe doutras paisaxes ibéricas máis agrestes (Paül, 2019), como a vasca (Ostolaza, 2018), e exclúe as imaxes mariñeiras da costa (Paül e Labraña, 2013). Asemade, nas imaxes románticas do campesiñado galego, tan presentes na súa obra non hai case rastro das comunidades pesqueiras ou, máis significativo para esta tese, das de montaña.

O paso fundacional dado por Rosalía significa o primeiro chanzo na creación dun imaxinario paisaxístico galego, mais o fenómeno non se explica por unha creación individual illada. Foi necesaria a súa fixación como canon, producida e impulsada despois da súa morte por quen fora a súa parella: o influente escritor e académico Manuel Murguía (Miguélez-Carballeira, 2014). O proxecto cultural e político rexionalista, do que el formaba parte, reproduciu a identificación de Galiza coa ruralidade. A instrumentalización deste primeiro retrato autónomo da paisaxe galega será benvido en autores posteriores e, segundo Miguélez-Carballeira (2014), acabará por ser asumido —con intencións políticas dispares— tanto polo nacionalismo galego dos anos 1920/1930 como polo españolismo rexionalista. A sublimación deste proceso pode atoparse na Xeración Nós, no primeiro terzo do século XX, e, dentro dela, no seu autor da paisaxe por excelencia: Ramón Otero Pedrayo.

A segunda lectura da paisaxe feita desde Galiza debe moito a un coetáneo con Rosalía. Eduardo Pondal foi un creador dedicado á que podemos denominar como a outra nación posible e, en certa medida, antagónica da dócil e labrega construída polas interpretacións posteriores de Rosalía (Paül, 2019). Segundo comenta Fernández del Riego (2000: 211), a pondaliá será

unha paisaxe "isolada, arredía e baruda", na cal o salvaxe si terá presenza. A natureza e o relevo abrupto —non entendido como montañas— terán un lugar destacado nas súas imaxes poéticas de forte carga patriarcal. A partir de interpretacións históricas moi discutidas, vencellou Galiza co mundo celta, cunha épica de masculinidade indómita oposta ao universo bucólico *post-rosalián* (Miguélez-Carballeira, 2014). Porén, esta lectura da paisaxe terá escaso eco, se cadra pola propia condición de subordinación política de Galiza, e hoxe podemos dicir que está lonxe de ser a maioritaria (Paül e Labraña, 2013; López Sández, 2008).

En terceiro lugar, Paül (2019) cita a importación dun discurso paisaxístico creado desde fóra: o da Galiza costeira. Desde logo a multiplicación de imaxes vencelladas ao mar debe moito das campañas turísticas activadas desde o goberno español (Paül e Labraña, 2013), e en particular ás imaxes das Rías Baixas reproducidas na época franquista (Martíns, 2020). Cómpre notar que esta representación de Galiza como este tipo de destino turístico cumpría unha dobre función: a de fomentar a industria turística nun momento crucial para a lexitimidade do réxime ditatorial, e a de impoñer un relato unificador de España, onde cada rexión achegase unha parte dun todo: a paisaxe como produto de consumo dentro dun mercado estatal.

Fronte esta última lectura, a achega do xeógrafo Otero Pedrayo é a que con maior profusión trata a paisaxe galega desde nós, mesmo titulando algún dos seus traballos máis coñecidos (Otero Pedrayo, 1926; 1955). Será el quen desenvolva un pensamento da paisaxe galega, autónomo ás representacións turísticas que se impoñían desde o poder político e mediático centralista (Martins, 2020; Paül, 2019). O autor, bebendo en parte da herdanza de Rosalía, describe en repetidas ocasións na súa obra unha Galiza verde e ondulada, fundamentalmente labrega: as terras de *ribeira* e *bocarribeira*. Nel tamén, o agreste ou as zonas montañosas serán tratados como o distante, o que non está presente na paisaxe cotiá da poboación.

> [A] diferencia de otras muchas creaciones [paisaxísticas] nacionales que pusieron las montañas en el centro de su cosmovisión [...] la gallega, presidida sin duda por Otero Pedrayo, ha tendido a minusvalorarlas. No se trata de que no haya montañas en Galicia, es que no se han ensalzado y significado como en otras culturas. (Lois e Paül, 2016: 227).

Así, a representación da paisaxe galega está aínda hoxe intimamente ligada co seu pasado rural, coa tradición labrega e mariñeira. Isto é así malia as máis de cinco décadas de escisión entre a "raíz aldeá" destas representacións e a cada vez máis hexemónica forma de vida urbana. A cidadanía galega, que vive maioritariamente nun eixo vertebrado pola autoestrada AP-9, aínda mantén viva na súa memoria colectiva a perda dunha forma de vida preindustrial (López-Sández e Aleixandre, 2023). É esa valoración da perda, ese vencello co pasado, o que, en palabras de Marilar Aleixandre, diferencia a paisaxe galega da da maioría de paisaxes de Europa Occidental. Esas outras comunidades nacionais tiveron que buscar algo máis lonxe o seu vínculo coa terra. Será preciso calibrar, no entanto, canto de culpa ten nesa valoración da perda a imposición dos principais imaxinarios paisaxísticos galegos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2 ESPAZOS PROTEXIDOS

Os espazos protexidos significan a delimitación e recoñecemento legal de determinados ámbitos xeográficos aos que se lles atribúen valores naturais e culturais dignos de seren conservados. Este segundo apartado teórico comeza cunha aproximación aos alicerces da creación de espazos protexidos, asumíndoos como produtos da construción social da natureza (Demeritt, 2002). Estes dispositivos cristalizaron no último terzo do século XIX como ferramentas de preservación de vastos territorios considerados representativos da natureza salvaxe ou *wilderness* dos estados-nación occidentais. Porén, a súa orixe deben rastrexarse antes, pois os principios fundacionais dos primeiros espazos protexidos beben dunha acumulación de representacións ilustradas, románticas e naturalistas da natureza. As derivacións posteriores , froito do avance das ciencias, e en particular da Ecoloxía, darán como resultado cambios fundamentais para explicar o mapa actual de espazos protexidos.

A definición de espazo protexido e das categorías de protección en si mesmas centrarán os segundo e terceiro subapartados. Durante moito tempo empregáronse de xeito aparentemente arbitrario conceptos como *parque nacional*, *monumento natural* ou *paisaxe protexida* até que se puideron pactar a escala global as prácticas proteccionistas. Os estados-nación recoñeceron legalmente lugares as máis das veces seguindo criterios *ad hoc* para posteriormente os agrupar no caixón de xastre dos espazos protexidos, sen ter aínda ben claras as diferenzas entre eles (Phillips, 2004; Mulero, 2002). Coa intención de deitar luz sobre este complexo panorama, neste apartado tamén se abordarán os paradigmas dispares nos que se sustentan os espazos protexidos e as actitudes que adoptan as comunidades locais fronte eles.

Para finalizar, no quinto subapartado poñeremos o foco nos espazos protexidos de montaña. Sen dúbida, as paisaxes montañosas son elementos predilectos desde o comezo das prácticas proteccionistas debido ao seu potencial simbólico e identitario (Martínez de Pisón e Álvaro, 2014), que ten sido explotado abondo polos nacionalismos (Nogué, 2008). A identificación da montaña co illamento respecto da cidade, que medrou coa Revolución Industrial, así como a idealización dos seus valores naturais e culturais teñen un peso fundamental na fundación occidental dos espazos protexidos.

2.2.1 Orixe e evolución dos espazos protexidos

2.2.1.1 A invención da natureza salvaxe como obxecto de protección

Os principios que rexen a protección da natureza repousan en primeiro termo nas diferentes concepcións filosóficas e morais que o propio concepto de natureza adquiriu ao longo do tempo (Depraz, 2008). Na Premodernidade occidental tiña máis a ver cun estado primario e teórico da materia que coa vertente física e tanxible da mesma. Esta abstracción sobrevive aínda hoxe como un dos dous principais significados da palabra, a coñecida como *natureza das cousas*, como vemos para o caso da lingua galega[8]. Neste sentido, é frecuente citar a aparición da noción da *physis* na Grecia Clásica para marcar o inicio do pensamento científico sobre das forzas primarias invisibles que estaban detrás do funcionamento do mundo terrenal.

[8] Segundo o Dicionario da Real Academia Galega existen dúas acepcións de natureza: "1- Conxunto de todas as cousas e forzas que compoñen o mundo físico, especialmente todo o que existe sen intervención do home e que forma o medio onde este e o resto dos seres viven. 2- Conxunto das propiedades que definen un ser ou unha cousa." Dispoñible en: <academia,gal/dicionario> [Consultado o 9/5/2024]

Mais para atopar unha substanciación desa formulación teórica en espazos xeográficos concretos será necesario avanzar até a época da Ilustración (Capel, 2014). Nese período emerxe o interese cara as paisaxes *naturais* en tanto que plasmacións materiais desa orde superior. Determinar o nacemento exacto da noción moderna de natureza resultaría un exercicio complexo que non pretendemos ensaiar aquí. O que si ofreceremos é unha revisión das bases que a pensamento moderno proporcionou para a formalización de instrumentos de protección.

A preocupación pola integridade da natureza —e o freo á súa profanación antrópica— está ligada en primeiro lugar á súa concepción como obxecto material e diferenciado do ser humano (Besse, 2000). Esta primeira condición cumpriuse en Europa hai cando menos tres séculos, coa difusión do dualismo cartesiano, como vimos no apartado 2.1. Porén, a constitución desta dicotomía só foi un primeiro paso previo na xénese dos espazos protexidos, que se había producir xa avanzado o século XIX. Na noción de natureza en tempos da Ilustración herdábanse aínda importantes reminiscencias negativas (Tuan, 1974) que dificultaban a súa consideración como obxecto de protección.

Esa visión pexorativa bebía das interpretacións bíblicas que retrataban o mundo natural como un plano diferente de existencia, incognoscible e inhabitable: aquilo carente da orde (Cronon, 1996). Por iso foi decisivo o inicio do estudo sistemático do seu funcionamento, así como as exploracións coloniais e difusión dos descubrimentos realizados en ambas. Foi, no seu conxunto, un proceso acumulativo que protagonizaron as ciencias modernas. Neste sentido, un paso decisivo na construción social do *natural* como valor a preservar activouse coas exploracións científicas no Novo Mundo, que lle poñían unha faciana material á até entón máis ben abstracta idea de natureza. Finalmente, como oposición ao frío cientificismo o éxito do Romanticismo no século XIX (López Sández, 2008; Castree, 2001) elevou estes elementos naturais, a través de múltiples manifestacións culturais, á categoría transcendental do sublime.

En paralelo, no decorrer dos séculos XVII e XVIII a concepción mecanicista do mundo gañou popularidade como explicación metafísica no contexto do pensamento occidental ilustrado. Esta concibía a natureza como un conxunto de leis fundamentais independentes do xuízo humano, pero este podía xa aspirar a explicalas *in situ* a partir da aplicación do método científico. Por suposto, esta visión era contestada polo cristianismo porque discutía a súa explicación teleolóxica da natureza como a creación que Deus proporcionara aos humanos (Tuan, 1974).

Mais a pesar destas diferenzas, o pensamento ilustrado e o cristianismo compartiron unha matriz antropocéntrica común: o mundo natural xiraba arredor da especie humana, era un lugar a domesticar que adquiría valor en tanto que nos proporcionaba recursos para a nosa subsistencia. Esta combinación de ciencia moderna e dogma propia das sociedades de orixe europea abriu o camiño a unha visión utilitarista da natureza segundo a cal os recursos que proporcionaba podían e debían ser xestionados para beneficio das persoas.

O comezo dun cambio de sensibilidade evidénciase de forma notable, segundo López Sández (2008), na reelaboración do xardín como recreación da natureza durante a primeira industrialización. Foi un bo síntoma dun cambio cultural profundo porque estes lugares foran creados durante séculos como espazos de ostentación do control humano sobre o crecemento caótico da vexetación. En cambio, o xardín moderno inglés emerxe a partir do século XVIII "modelizado pola arte" como resistencia á perda dos lugares nos que supostamente dominaran as leis da natureza sobre o ser humano. Considérase un proceso parello ao "peche das terras comunais e de enormes superficies consideradas improdutivas" (López Sández, 2008: 63), e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

polo tanto, á profanación da vella *wilderness*, asentada no imaxinario paisaxístico de Inglaterra como aquelas terras fóra do noso control (Nash, 1967).

> El desarrollo del arte de la jardinería, y en concreto la concepción del jardín inglés, influyó en las concepciones sobre el paisaje. El sentimiento de lo sublime, el valor de la naturaleza, el aprecio por las ruinas, el sentimiento romántico hacia el paisaje, muchas ideas se experimentaron y se relacionaron con esa concepción. (Capel, 2014: 82).

A difusión por toda Europa destas simulacións da natureza nun espazo definido e controlado foi unha manifestación evidente da difusión das representacións culturais da paisaxe *natural* entendida como a faciana primixenia anterior á pegada humana (Antrop, 2018). O abandono do xardín xeométrico en favor da recreación en pequena escala do mundo salvaxe representaba o paso da exaltación do control do ser humano sobre a natureza a unha recreación das formas espontáneas nas que se esta se expresa (Rancière, 2023). Esta manipulación intencionada da paisaxe natural facía que perdese a súa compoñente sublime, incognoscible e transcendente: *descosmizábase*, en palabras de Berque (2008), e ao mesmo tempo facía máis evidente a súa fraxilidade Dábanse, así, as condicións para que a natureza se convertese en obxecto de protección, para salvagardar os seus valores superiores.

O proceso de recreación da natureza non se produciu en todos os niveis da sociedade (Vaccaro e Beltran, 2010), pois foi unha práctica restrinxida a persoas que dispuñan do tempo e dos recursos necesarios: a aristocracia e a burguesía. Para estas últimas resultaba unha cuestión de status social dispoñer dun anaco de natureza na que poder evadirse do ruído das urbes. Mentres, a maior parte da poboación vivía arredada dos espazos axardinados. Isto comezou a cambiar coa extensión do fenómeno dos xardíns a espazos máis grandes.

Pouco a pouco, o crecemento caótico do mundo urbano evidenciou para as elites ilustradas a necesidade dun novo contrapunto harmonioso, en liña co que López Sández (2008: 62) denomina "recuperación simbólica" da natureza. Debía ofrecerse unha "compensación" ao deterioro das cidades e á actividade industrial. Se a natureza en estado puro desaparecía, cumpría buscala máis alá dos espazos acoutados: a práctica da xardinaría podía ser moi pracenteira, máis non era suficiente.

Así, co avance do século XIX, ascendeuse un segundo chanzo na elaboración moderna occidental da sensibilidade cara a natureza. Coa paseniña concentración da poboación en núcleos urbanos, o resto do territorio ficou reducido ao "outro" a ollos da cada vez máis poderosa burguesía urbana. Como representación última dese "outro", a natureza adquire un significado positivo, mesmo moralizante (della Dora, 2016; Cosgrove e Daniels, 1988). A nova cidadanía occidental pasa en décadas de vivir (a costa) do traballo campesiño a habitar cidades atestadas, con múltiples problemas sanitarios e de sobrepoboamento. Deste modo, a clase acomodada urbana comeza a considerar o rural-natural como o contrapunto idílico (Woods, 2011) ao seu entorno urbano. Buscará o contacto coa natureza sublime, o retorno ás orixes *pastoralistas* (o campo) ou á *wilderness* (o inhóspito), que se consideraban as formas máis puras de vida de acordo coa filosofía cristiá imperante (Cronon, 1996). Boa proba desta dinámica será a crecente popularidade que alcanzará o turismo entre as elites urbanas do século XIX. Nesa liña tamén se poden explicar o excursionismo e o montañismo (Martínez de Pisón e Álvaro, 2014), como actividades de contacto coa resignificada natureza, mais tamén o éxito da literatura

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e a pintura románticas evocadoras do naturalismo sensible (Martínez de Pisón, 2017; Depraz, 2008).

Neste punto, danse as condicións para o nacemento dos espazos protexidos modernos. E para situar ese fenómeno cómpre ollar, alén do contexto histórico, a súa localización xeográfica: os grandes territorios inexplorados polas potencias occidentais. Nese sentido, é decisivo volver ao termo *wilderness*. Esta palabra de orixe nórdica (Casson *et al*., 2016; Nash, 1967) foi de uso habitual na esfera de influencia inglesa desde a Idade Media (Cosgrove e Daniels, 1988), pero conflitivamente traducida ás linguas romances como *natureza salvaxe*, nun contexto ben distinto ao que o viu nacer.

A *wilderness* da tradición anglosaxona ten raíces fondas que se remontan cando menos ao século XIV, nas "mythical and religious visions of fearful, unhabited, and uncivilized places, like deserts or mountains" (Zanolin e Paül, 2022: 446). Todo aquilo que ficaba fóra do control humano, do cultivado, era visto como inhóspito e temido (Tuan, 1974). Mais a relación da poboación campesiña (moi maioritaria até a Revolución Industrial) con estes lugares supostamente salvaxes era en realidade moi frecuente nesta beira do Atlántico pois as densidades de poboación do rural inglés previo á industrialización eran elevadas. Será, pois, coa colonización do Oeste de Norteamérica cando a *wilderness* adquira o sentido de "vast spaces that were uncommon in European landscapes" (Zanolin e Paül, 2022: 446).

Malia a súa enorme influencia na configuración dun impulso protector en Occidente, é necesario incidir na distinción entre a *wilderness* até aquí abordada con respecto ao máis amplo termo de *natureza* e, máis decisivamente se cabe, co sentido que se lle deu a partir da creación dos primeiros parques nacionais. Deste modo, a súa transposición fóra do contexto anglosaxón —máis concretamente fóra das colonias británicas— amosa incoherencias xa desde o inicio da súa utilización nos demais países europeos (Zanolin e Paül, 2022). A construción americana da *wilderness* está ancorada na formación do mito fundacional desa nova nación, pois representa o "agreste y a la vez el santuario natural, como valor del nuevo mundo y base de identidad nacional" (Martínez de Pisón, 2017: 223). Difícilmente a densamente poboada Europa podía identificarse nese concepto sen antes operar algún tipo de adaptación ou resignificación da *wilderness*.

> There is no specific material object that is wilderness. The term designates a quality (as the "-ness" suggests) that produces a certain mood or feeling in a given individual and, as a consequence, maybe assigned by that person to a specific place. Because of this subjectivity a universally acceptable definition of wilderness is elusive. [...] And over time the general attitude toward wilderness has altered radically. (Nash, 1967: 1).

Unha das primeiras voces que analizou ese carácter máis identitario que obxectivo do concepto da natureza salvaxe ou *wilderness* foi o estadounidense Nash (1967). Este autor relaciona a orixe dos primeiros parques nacionais coas expedicións —en territorios que se consideraban *intocados*— financiadas polo goberno de Estados Unidos entre as décadas de 1830 e 1860. Os informes realizados polos líderes destas xeiras, case sempre militares, relataban a presenza de amplos espazos onde se expresaba a faciana orixinaria de Norteamérica, unha paisaxe prístina que, ao mesmo tempo, contiña innumerables recursos de alto valor económico. Ante a certeza que o fluxo de pioneiros e buscadores de fortuna estaban próximos a estes territorios, os propios exploradores instaron ao goberno a tomar o control.

Os textos presentados ante as autoridades tiveron un forte impacto nalgúns gobernos estatais e, finalmente, tamén en Washington, que aos poucos decidiron declarar reservas forestais —e en consecuencia, a súa propiedade pública— nalgúns dos espazos arborizados considerados representativos da bosques orixinarios, para así exercer a autoridade sobre eles. Como acontecera en Europa, nun primeiro momento os argumentos foron exclusivamente utilitarios (Nash, 1989), pois as reservas concibíanse como contedores de recursos naturais esenciais para a nación. Nesta liña explícanse ducias de reservas por todo o país e, tamén, o Parque Estatal de Yosemite (1864). Porén, a innovación terminolóxica nese enclave californiano non era inocente, pois denotaba a emerxencia dunha nova función recreativa para as áreas protexidas. O uso da palabra *parque* xunto con parte do argumentario serían recollidos para a invención do concepto de *parque nacional* oito anos despois (Culpin, 2003).

> Instead of preserving a pristine wilderness, then, advocates of American national parks sometimes created wilderness via policies that removed local people. (Kalamandeen e Gillson, 2007: 168).

En paralelo, estas declaracións foron instrumentalizadas para o desprazamento forzoso dos pobos orixinarios, como explica Mallarach (1995), malia que a súa presenza moldeara a propia paisaxe que se pretendía protexer. A ocultación deliberada desta última cuestión está ben documentada desde os inicios dos parques nacionais (Kalamandeen e Gillson, 2007) e perdurou durante moito tempo, feito que pode verse reflectido mesmo nas palabras de Nash (1967), quen minimizaba o conflito coas tribos locais poñendo por diante a reivindicación dos parques nacionais como figuras precursoras da protección da natureza. Non en van, Estados Unidos basea o seu mito fundacional na oposición á profundamente alterada paisaxe europea. Para activar a protección da *wilderness* foi necesario borrar as marcas culturais do pasado que a contradicían, permitindo así a consolidación da nova identidade americana (Taylor e Lennon, 2011).

2.2.1.2 Os primeiros parques. Os imaxinarios sociais do preservacionismo e do conservacionismo.

En termos aparentemente precisos sitúase con frecuencia no 1 de marzo de 1872 o momento fundacional dos espazos protexidos modernos (Phillips, 2004). Ese día o Congreso dos Estados Unidos aprobou a primeira declaración do Parque Nacional de Yellowstone, entre os daquela territorios non incorporados de Wyoming, Idaho e Montana. Malia o innegable peso histórico desta efeméride, a creación dos primeiros espazos protexidos está lonxe de ser un acto puntual e monolítico. En realidade xestáronse durante décadas e en distintos países antes e despois de 1872, froito da tensión entre a nova visión romántica ou transcendental da natureza e o clásico utilitarismo que ollaba esta como unha morea de recursos a disposición do ser humano (Kalamandeen e Gillson, 2007). A primeira concepción serviu en gran medida de base para o *preservacionismo* —como forma de manter intocado o que é fermoso como tal— e a influencia do segundo deu pé ao *conservacionismo* —que propugnaba xestionar os recursos con vistas a un aproveitamento humano controlado polo estado.

O conflito entre preservacionismo e conservacionismo exprésase por primeira vez de forma salientable uns anos antes, en 1861, cando é declarada en Fontainebleau (Francia) a primeira das reservas por un estado europeo coa intención de protexer un territorio polo seu valor

Figura 8. Théodore Rousseau. *Un petit matin d'été dans la forêt de Fontainebleau*, 1861

Fonte: The Metropolitan Museum of Art

intrínseco. Como se apuntou no anterior subapartado, os espazos protexidos nacen desde unha primitiva vontade de preservar fraccións do territorio que posúen recursos de interese e van adquirindo valores sensibles (Vaccaro e Beltran, 2010), como a espectacularidade e o dramatismo das súas escenas. Nesa liña están as orixes de Fontainebleau, pois fora un couto de caza, a poucos quilómetros da capital, propiedade da familia real francesa desde o século XI até a Revolución de 1789 (Ives, 2018). Durante un prolongado período realizáranse sucesivas introducións de especies animais e vexetais acordes ao seu uso de recreación. Unha vez aberto a un maior fluxo de público, arredor dos anos 1830, moitos artistas ―liderados por Théodore Rousseau― comezaron a frecuentar este bosque (Ives, 2018) e crearon entorno a el unha extensa colección de pintura naturalista que tivo grande aceptación. Era un caso único de masa forestal extensa próxima á cidade, polo que foi un lugar predilecto para representar imaxes propias dunha *nature sauvage* (Figura 8): bosques mestos, vexetación vizosa, relevos abruptos ou animais en liberdade. Poucos elementos delataban naquelas elegantes pinceladas que o bosque era unha repoboación forestal (Badré, 1983), ordenada polo poder real un par de séculos atrás coa pragmática intención de fornecer de madeira ante a apremiante escaseza deste recurso.

Tras algunhas outras experiencias previas na declaración de monumentos naturais ou reservas artísticas na Alemaña, Italia ou Francia a mediados do século XIX (Depraz, 2008; Diego e García Codron, 2007), será nos Estados Unidos, como dicíamos ao inicio deste subapartado, onde se dea o paso da formulación legal do primeiro parque dedicado á conservación da natureza polo seu valor intrínseco. Nesa primeira lei de declaración afirmábase que o nacemento do río Yellowstone debía ser "dedicated and set apart as a public park or

pleasuring-ground for the benefit and enjoyment of the people", para o que se obrigaba a desaloxar a calquera persoa que vivise ou tentase asentarse dentro dos límites do parque, dispoñendo que calquera entrada non autorizada "shall be considered trespassers and removed therefrom." *(Act on March 1, 1872)*[9]. Dábase, deste modo, un salto de escala ao afastarse da

Figura 9. Mapa esquemático de Yellowstone realizado con intencionalidade turística, no que se resaltan os principais atractivos que o goberno federal e os múltiples concesionarios de servizos querían ofrecer aos visitantes

Fonte: Library of the Congress of the United States

[9] Oficialmente asinada polo presidente Ulysses S. Grant como "An Act to set apart a certain Tract of Land lying near the Head-waters of the Yellowstone River as a public Park". Dispoñible en: < https://guides.loc.gov/act-establishing-yellowstone> [Consultado o 19-5-2022]

idea de parque público como xardín deseñado para para recrear a natureza. Agora pretendíase delimitar un anaco da natureza no seu estado orixinal.

Nos escasos dous artigos cos que contaba a norma, o estado federal reservouse en exclusiva a propiedade e o "control" sobre Yellowstone como unha forma de asegurar o cumprimento da prohibición de paso que establecía. En principio a intención era evitar un posible saqueo de recursos por parte dos buscadores de fortuna, que con frecuencia se asentaban nos lugares máis inhóspitos daquel aínda emerxente estado-nación. Segundo Culpin (2003) comprobárase que os gobernos estatais foran incapaces de controlar os territorios que delimitaran uns anos antes como reservas. Pero tamén existía a intención de reasentar ás persoas que vivían neste territorio de polo menos 6000 anos antes (Kalamandeen e Gillson, 2007), sustentada nas numerosas disposicións oficiais aprobadas nese sentido antes e despois de 1872 en lugares similares.

Mais a declaración dun "parque público" controlado a nivel federal en Yellowstone (Figura 9) podería quedar en anecdótica se non fora seguida por outras novas e, sobre todo, pola configuración dun movemento proteccionista que as difundiu e dun aparello institucional que recibiu con entusiasmo a posibilidade de tirar rendementos do valor que este título outorgaba aos territorios afectados. Neste sentido foi determinante a vontade de certas elites culturais e económicas, que emerxeron como actores protagonistas da consolidación desta nova categoría, actuando como grupos de presión na declaración de novos espazos protexidos e no desenvolvemento de normativa que harmonizase a súa xestión (Depraz, 2008). O caso de John Muir e o seu Sierra Club de California quizais é o máis paradigmático porque conseguiron activar discursos atractivos para a sociedade do momento. A partir del foron aparecendo novos colectivos con enfoques variables pero sempre partidarias de potencias a creación de espazos protexidos (Dumoulin e Rodary, 2005), como a New York Zoological Society, predecesora da actual World Conservation Society (WCS), unha das maiores organizacións conservacionistas da actualidade.

Os precursores do primeiro preservacionismo conseguiron vencellarse directamente cos resortes do poder político federal e contaron como aliados estratéxicos ás compañías ferroviarias, interesadas en expandir o negocio do turismo aos novos territorios que atravesaba (en 1869 fora completada a primeira vía férrea intercontinental). Esta coexistencia demóstrase tamén coa creación do Parque Nacional de Yosemite en 1890, onde Muir e os seus seguidores impulsaron a evolución da reserva forestal homónima —que fora instaurada baixo principios conservacionistas polo estado de California en 1864 coa intención de reter os seus valiosos recursos madeireiros— cara a una parque nacional que preservase eses recursos como ben patrimonial, mais susceptible de ser explotado para os visitantes. O eco que terán a partir de entón estas áreas será determinante para a declaración de novos parques nacionais. De feito, a popularidade do fenómeno fixo que se estendese rapidamente nas últimas dúas décadas do século XIX a Australia (1879), Canadá (1885) e Nova Zelandia (1887). que declaran xa entón cadanseus parques nacionais.

> Beside the treasures common to most mountain regions that are wild and blessed with a kind climate, the park is full of exciting wonders. The wildest geysers in the world, in bright, triumphant bands, are dancing and singing in it amid thousands of boiling springs, beautiful and awful, their basins arrayed in gorgeous colors like gigantic flowers; and hot paint-pots, mud springs, mud volcanoes, mush and broth caldrons whose contents are of every color and consistency, plash and heave and roar in bewildering abundance. In the adjacent mountains, beneath the living trees the edges of petrified forests are exposed to

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> view, like specimens on the shelves of a museum, standing on ledges tier above tier where they grew, solemnly silent in rigid crystaline beauty after swaying in the winds thousands of centuries ago, opening marvelous views back into the years and climates and life of the past. Here, too, are hills of sparkling crystals, hills of sulphur, hills of glass, hills of cinders and ashes, mountains of every style of architecture, icy or forested, mountains covered with honey-bloom sweet as Hymettus, mountains boiled soft like potatoes and colored like a sunset sky. (Muir, 1901: 38)

Para a expansión do fenómeno fóra destes países houbo que agardar algo máis. En 1909 Suecia declarou simultaneamente nove parques nacionais e os regulou mediante lei. Estaban localizados preferentemente no norte deste Reino, territorios históricos de Laponia con baixas densidades de poboación. Tamén Suíza deu o paso en 1914, co seu propio parque nos Alpes. Alén destes exemplos, pouco máis se fixo até pasada a II Guerra Mundial. Só os gobernos de Polonia, Eslovaquia e Romanía, impulsados por unha retórica de reivindicación nacionalista, avanzaron con cadansúas declaracións nos anos 1930 (Jones-Walters e Čivić, 2013), nun momento de forte inestabilidade política, case sen tempo para aplicar na práctica as súas disposicións.

Estes primeiros espazos protexidos europeos tampouco se explican sen a acumulación das imaxes naturalistas propias do Romanticismo europeo. Están, polo tanto, intimamente ligados ás paisaxes naturais arquetípicas que naquel momento foron seleccionadas sobre a pluralidade de representacións posibles do territorio (Nogué, 2008). Neste período decisivo, as nacións (sexan nacións-estado ou sen estado) dotáronse dunha paisaxe propia para xustificar a súa existencia (ou mesmo a súa superioridade), e tiraron dun canon paisaxístico, como resultado dunha interpretación moi concreta do seu territorio. A creación dos parques nacionais vai nesa liña, pois amosa como estes instrumentos obedecían (e seguen a obedecer) a imaxinarios sociais da natureza e a concepcións da súa espacialidade moi concretas (Debardieux, 2019). No primeiro caso, a finais do século XIX en Estados Unidos impuxéronse as dun estado-nación en proceso de reafirmación, aínda falto de símbolos identitarios.

Deste modo operou unha selección de entre a diversidade de percepcións que ten a sociedade (Capel, 2014), xerando en ocasións unha disonancia entre a paisaxe oficial, a patrimonializada, e a percibida pola poboación no día a día. Esta selección de imaxes arquetípicas presenta unha compoñente artística ou cultural (Roger, 2008), pero tamén se ancora en intereses económicos e políticos (Büscher e Fletcher, 2020, Castree, 2001) Como resultado, a natureza afástase da súa compoñente material até existir unha desconexión case total, un conflito de representacións, en palabras de Nogué (2010).

Deteñámonos un momento na formulación do imaxinario social en Debardieux (2019) para entender esta rápida difusión dos espazos protexidos. Segundo o autor, a materialidade dos territorios a protexer xoga o rol de "condición previa", necesaria pero que non explica por si soa a creación dos espazos protexidos. En realidade, son as interaccións das persoas entre si e co entorno as que desencadean o nacemento dun novo parque ou dunha nova reserva. Estas relacións son o seu elemento "constitutivo", que se pode manifestar en diversas formas: publicacións, obras de arte, actos públicos, leis, etc. En xeral considéranse todas estas expresións como actos "performativos" de cada imaxinario social. (Debardieux, 2019: 9-10).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [T]he constitution of one of the first national parks in history, Yosemite, in California, pertains to the adoption of social imaginaries of nature and conceptions of its spatiality in the second half of the nineteenth century. (Debardieux, 2019: 12)

Polo tanto, o proceso de "institucionalización" (Debardieux, 2019; 2015) que se deu cos primeiros parques nacionais ―como a lei de designación de Yosemite― será unha expresión dos imaxinarios sociais da natureza nunha época e lugar determinados. Son esas condicións particulares as que determinaron que a natureza no século XIX deviñese en obxecto de protección en Occidente. Pero tamén mudaron moito cos anos, pois permitiron no seu día a declaración dos primeiros parque nacionais en territorios afastados da cidade e hoxe, en cambio, activan procesos de patrimonialización en novos territorios agrarios, periurbanos ou mesmo nos fondos oceánicos.

2.2.1.3 Os espazos protexidos como separación radical entre natureza e ser humano

A experiencia acumulada nas primeiras décadas de creación de espazos protexidos fixo xurdir novas inquedanzas a respecto da eficacia destes como ferramentas de preservación. O contexto axudou moito, pois neses anos abrollou unha crecente preocupación pola degradación ambiental a raíz da intensificación da industrialización e da sucesión de dúas guerras mundiais que amosaron o potencial destrutor do ser humano. Producirase, así, unha radicalización na defensa dos espazos protexidos como lugares de exclusión (Nash, 1989). As relacións persoas-natureza destes postulados virán marcadas agora pola emerxencia da ética biocéntrica (Taylor, 1986), que cuestiona a lexitimidade das primeiras para interferir na segunda.

Varios factores puxeron os alicerces para este novo enfoque. En primeiro lugar, o éxito na atracción de visitantes aos parques máis populares fixo que se converteran nunha atracción turística. Ben fora co beneplácito ou por incapacidade das autoridades encargadas, multiplicáronse os establecementos turísticos, as vías de comunicación e outros servizos asociados. Esta tendencia á urbanización dos que se consideraran como refuxios da natureza salvaxe acabou por alertar aos preservacionistas, que presionaron os gobernos para endurecer as restricións, e así afondar no control territorial sobre os parques. Nesa liña, por exemplo, enténdese a creación de servizos centralizados de parques nacionais en Canadá e Estados Unidos (Depraz, 2008), en 1911 e 1916 respectivamente.

En segundo lugar, foi transcendental a internacionalización da toma de decisións sobre a declaración de espazos protexidos. Nas primeiras décadas de século tiveron lugar en Europa unha serie de conferencias sobre a protección de especies ameazadas nas colonias africanas (Dumoulin e Rodary, 2005) que ensaiaron unhas orientacións comúns baixo unha perspectiva autoritaria. Tras a guerra, os primeiros congresos mundiais de parques nacionais celebrados desde os anos 1950 (Phillips, 2004) baixo o paraugas de diversos organismos das Nacións Unidas suporán o referendo aos estados-nación como depositarios da obriga de declarar os seus propios espazos protexidos. Neses eventos alertábase da falta de coherencia nos fundamentos, obxectivos e medidas de xestión que se aplicaban en cada país. Aliás, cristalizaron múltiples conflitos entre os distintos usos permitidos, poñendo de manifesto o precario equilibrio entre dous principios fundadores dos primeiros parques: a preservación dos lugares tal e como serían sen a pegada humana, e a atracción dun fluxo de visitantes que os desfrutasen.

Como consecuencia, a mediados do século XX a Ecoloxía gañou presencia na formulación das novas declaracións, en detrimento dos argumentos sensibles ou utilitaristas (Depraz, 2008).

Como vimos no apartado 2.1, a Ecoloxía permeou moitos dos seus conceptos noutras ciencias afíns desde que se constituíra como disciplina a finais do século XIX. Por exemplo, formulou con extraordinaria difusión a noción de ecosistema (Neumann, 2015) como forma territorializada da natureza.

Este pouso servirá de fundamento para as propostas en materia de espazos protexidos do movemento ecoloxista, especialmente desde que acadou maior impacto, tras o final da II Guerra Mundial. Nese momento a conciencia sobre o límites da Terra como espazo habitado e a ameaza real ante a posible auto-destrución humana mediante armas nucleares, farán de panca para activar un modelo de espazos protexidos máis radical (Depraz, 2008). Ese xiro será estruturado arredor da *Deep Ecology* (Debardieux, 2019), desenvolvida a partir de Leopold (1949) como unha formulación da protección da natureza profundamente biocéntrica.

Un bo exemplo da influencia deste xiro ecoloxista en Occidente será a obra *Silent Spring* de Rachel Carson, na que amais de alertar dos efectos nocivos dos pesticidas sobre a saúde humana, elaborábase un alegato en favor da protección de todas as formas de vida. Nesta liña, a creación de espazos protexidos devén unha obriga moral para compensar a natureza polo dano ocasionado no resto do planeta. Implica, por tanto, unha extensión da ética máis alá do ser humano (Nash, 1989; Taylor, 1986). Desenvólvese, asemade, unha nova forma de entender os dereitos dos seres vivintes segundo a cal existe unha responsabilidade de coidado do entorno habitado pola especie humana.

Esta forma de concibir os espazos protexidos comparte co preservacionismo do século XIX a vontade de protexer a natureza polo seu valor intrínseco, mais desviase desa formulación máis clásica no tocante ao papel do ser humano. A protección non se realiza para o desfrute ou para o aproveitamento das persoas e tampouco é unha cuestión abertamente identitaria. Agora está en xogo a supervivencia das especies non humanas, ás que se lles dota de dereitos. Este enfoque acabará por ser denominado conservacionismo estrito ou *fortress conservation*, pois significou o establecemento de grandes reservas naturais con fronteiras duras, que permitisen o funcionamento autónomo dos ecosistemas.

A miúdo se sinala que este modelo avanzou a costa do desprazamento e da estigmatización das poboacións que habitaban previamente dentro dos perímetros de protección (D'Amico, 2015). Nese sentido, Schmidtz (2002) defende que a aplicación máis estrita do preservacionismo deuse en parques e reservas dos países do Sur Global antes da súa independencia, onde as autoridades coloniais tiveron máis fácil aplicar as duras medidas de peche de reservas, nos máis dos casos coa intención de garantir o acceso de cazadores e turistas aos recursos cinexéticos. Isto causou un efecto rebote en moitos deses países que fixo que durante décadas os espazos protexidos fosen considerados instrumentos do imperialismo (Guha, 2002).

A expresión máis radical deuse nos últimos momentos da África colonial e nos primeiros anos dos gobernos africanos independizados entre os 1960 e 1970 (Phillips, 2004). Moitas das reservas de caza da África Subsahariana, que foran declaradas polos colonos europeos anos antes coa intención de obter exemplares das especies salvaxes máis emblemáticas (leóns, tigres ou elefantes, entre outros) converteranse en reservas integrais. O posterior abandono occidental destes lugares, unido aos intereses económicos xerados arredor destas grandes especies significou unha política de exclusión das comunidades locais, con uso da violencia de estado e a intimidación, e desencadeou o desprazamento forzado de pobos enteiros, coñecidos posteriormente como *conservation refugees* (Dowie, 2009). Con características similares, emerxerán grandes parques nas rexións polares e noutras zonas tropicais, en teoría coa intención

de garantir a conservación de hábitats identificados como vitais para a supervivencia de especies ameazadas.

2.2.1.4 O gran *boom* dos espazos protexidos desde os anos 1980

Un cambio substancial produciuse a partir dos anos 1980 en relación cos espazos protexidos (D'Amico, 2015). As institucións e organizacións que impulsaran a conservación da natureza abandonaron progresivamente a defensa da *fortress conservation* en favor dunha maior apertura dos outrora ríxidos límites e a flexibilización das restriccións na área protexida (Jones-Walters e Čivić, 2013; Depraz, 2008). Operou un cambio de paradigma medioambiental, un retorno ao diálogo entre ser humano e natureza, pero desta vez cunha forma ben distinta ao conservacionismo de finais do século XIX e principios do XX.

Como foi analizado no apartado 2.1., os anos 1970 e 1980 foron decisivos na conformación dunha política ambiental globalizada. A emerxencia dos grandes actores internacionais en defensa da conservación da biodiversidade[10] e a sucesión de cumios internacionais que alertaban sobre o cambio climático e os límites do crecemento económico acabaron por definir tamén unha axenda renovada para os espazos protexidos (Dudley, 2008; Phillips, 2004), aliñada co concepto de desenvolvemento sustentable. Así vistos, os novos parques, reservas e demais intrumentos debían servir para acomodar ao ser humano no medio que habitaba.

Así mesmo, abríronse novas fendas no conservacionismo estrito a partir de estudos críticos que demostraron o papel esencial das comunidades locais na configuración das paisaxes naturais (Agrawal e Redford, 2009). Deste modo, xa non se buscaría a simple protección dos ecosistemas sen a intervención dos seres humanos. A efectos operativos, baixo este novo paradigma, os espazos protexidos debían converterse en ferramentas para o desenvolvemento dos territorios nos que se atopaban. Nuns poucos anos os espazos protexidos comezaron a estenderse por novos territorios que antes non serían vistos como merecentes de tal nome polas interferencias antrópicas que presentaban.

Consecuentemente, entre 1985 e 1995 produciuse unha aceleración no ritmo de declaración de espazos protexidos, un fenómeno que Brockington *et al*. (2012) relacionan co triunfo das ideas neoliberais a escala global. Por suposto, este éxito dos espazos protexidos a escala internacional non implicou a desaparición das tensións pola presencia/uso do ser humano das terras protexidas. De feito, o cambio de enfoque e os esforzos realizados nas últimas décadas acabou derivando en novos conflitos (Agrawal e Redford, 2009)

A Ecoloxía política crítica ten interpretado unha aliñación desa redución do papel dos estados co avance do neoliberalismo (Büscher e Fletcher, 2020; Cortés Vázquez e Beltrán, 2019). O impacto desta deriva é de intensidade variable en función da situación económica de cada estado. En `particular, no sur de Europa sufriuse desde 2008 un intenso ciclo de recortes e desinvestimento público imposto polas institucións financeiras internacionais. Deste modo, as formas de protección fundamentadas na ética ecocéntrica, moi dependentes das

[10] Entre as estruturas intergobernamentais destacou desde os anos 1950 a UICN e, máis tarde, o CBD. Pero foi, se cadra, máis decisiva a aparición e o rápido crecemento ao longo dos anos 1960 de grandes ONGs ecoloxistas, entre as cales destacaron pola súa defensa dos espazos protexidos a escala global: WWF, Conservation International e The Nature Conservancy. Nas últimas décadas tense observado unha dinámica de concentración destas ONGs con outras máis pequenas que conduciu a consideralas como BINGOS (as siglas en inglés de Big International Non-Governmental Organizations), é dicir, actores globais da conservación da natureza (Dumoulin e Rodary, 2005).

compensacións ás comunidades locais (Cortés Vazquez e Beltrán, 2019), e que nun principio se presentaran como formas máis participativas e flexibles de protección da natureza, acabaron por se converter nun brinde ao sol pola ausencia de recursos económicos que financiasen as súas ambiciosas medidas.

> "cuestiona[mos] la genealogía de este nuevo modelo neoliberal [de espazos protexidos] como resultado de un proceso de desmantelamiento del papel paternalista del Estado con la naturaleza, que pasa a ser cedido a empresas privadas y corporaciones. Veremos cómo un análisis detallado de distintos contextos nos enfrenta a una realidad mucho más compleja en la que el mencionado cambio de paradigma no acaba de completarse o se sedimenta sobre contextos precarios o mercantilizados preexistentes a la crisis de 2008." (Cortés Vázquez e Beltrán, 2019: 11)

Co paso das décadas e debido á súa extraordinaria difusión en todos os continentes, os espazos protexidos víronse influenciados por novas éticas medioambientais (Depraz, 2008) que en moitas ocasións se xuntaron ás anteriores para dar lugar a fórmulas híbridas que combinan antropocentrismo con biocentrismo. Froito disto vivimos nos últimos anos un auténtico "boom" (Neumann, 2015; Zimmerer, 2006) no que se conformou unha rede global de máis de 295.000 áreas administradas baixo unha gran variedade de modelos de xestión, xa non sempre centrados na idea de natureza prístina ou nos ecosistemas como argumentos principais. Precisamente por iso último, as principais institucións internacionais prefiren hoxe o uso de espazo protexido no canto de espazo natural protexido para nomear esta realidade. A inclusión de tal adxectivo, aínda frecuente nalgúns contextos académicos, ten decaído nos últimos anos para facilitar a integración daqueles instrumentos de protección a medio camiño entre o patrimonio natural e cultural.

2.2.2 A definición de espazo protexido

Calquera exercicio de definición global dos espazos protexidos é necesariamente aberto no seu contido e variable ao longo do tempo. Podemos observalo se botamos man dos consensos internacionais, do mesmo modo que fixemos para a paisaxe, pois a definición da UICN considera os espazos naturais protexidos nos seguintes termos:

> A clearly defined geographical space, recognised, dedicated and managed, through legal or other effective means, to achieve the long-term conservation of nature with associated ecosystem services and cultural values. (Dudley, 2008: 8).

Desta definición certamente flexible, froito dun acordo internacional necesario, extraemos que toda área protexida debe implicar cando menos a delimitación física dunha porción terrestre ou marítima coa intención de conservar a natureza alí presente (Woodhouse *et al*., 2018). O feito de mencionar como elementos "asociados" os servizos ecosistémicos e os valores culturais pon de relevancia a asunción *a posteriori* destes dous conceptos que, aínda así, deviñeron en cruciais nos últimos anos.

En realidade, a principal organización internacional dedicada á conservación da natureza, malia que xa viña fixando un marco internacional de categorías de protección, non foi quen até 1994 de proporcionar unha definición de espazo protexido (Phillips, 2004). En efecto, podemos botar a vista atrás hai tres décadas, cando a mesma organización consideraba os espazos protexidos de xeito algo distinto á actualidade:

> An area of land and/or sea especially dedicated to the protection and maintenance of biological diversity, and of natural and associated cultural resources, and managed through legal or other effective means. (UICN, 1994: 7).

Da comparativa entre os dous momentos históricos despréndese, ademais, que o propio termo "conservación" está a se reelaborar desde que foi adoptado oficialmente pola principal institución internacional na materia. Esta mudanza é fundamental para entender o propio sentido dos espazos protexidos, pois camiñaron desde a "preservación" total por exclusión do ser humano até posicións que o fan partícipe do paradigma do desenvolvemento sustentable, e polo tanto das interaccións coas persoas. Estamos, pois, ante unha continua reelaboración da definición de espazo protexido en termos cada vez máis integradores e moldeables, en palabras de Depraz (2008), pero aínda herdeira do naturalismo que os fixo nacer. Por iso a redacción actual entende aínda a natureza como o ben máis prezado, o que hai que protexer, e os demais son valores "asociados".

2.2.3 As formas que adquire a protección da natureza

A declaración de espazos protexidos é unha acción á vez de patrimonialización e de territorialización da natureza (Neumann, 2015; Vaccaro e Beltrán, 2010) na que o Estado exerce o monopolio —ou cando menos unha posición predominante— para demarcar aqueles espazos nos que precisa regular e controlar as interaccións entre as persoas e o seu entorno (Neumann, 2015). Ese papel que se asigna o Estado, especialmente desde a II Guerra Mundial (Phillips, 2004), baséase en paradigmas de protección da natureza que non son fixos, que naceron baixo circunstancias distintas, mais que interaxen entre si. A continuación afondaremos nos tres principais paradigmas de protección da natureza, que explican o escenario actual, dominado polas directrices que marca a principal institución internacional na materia: a UICN.

2.2.3.1 Os tres paradigmas de protección da natureza

A declaración de espazos protexidos non é un acto neutro que signifique simplemente unha decisión administrativa respaldada pola ciencia. Moi polo contrario, mobiliza un imaxinario social concreto que convén subliñar porque ten consecuencias evidentes nas poboacións afectadas (Zimmerer, 2006). Actualmente o soporte ideolóxico da protección pódese fundamentar segundo Castree (2001) en até tres éticas das relacións natureza/sociedade. A primeira, e dominante no ámbito académico, é a denominada "perspectiva persoas-natureza" (Castree, 2001:2). Xorde tras a constatación do límite dos recursos naturais e dos problemas ambientais producidos polo ser humano, e propón unha saída en clave de reformas políticas que permitan equilibrar intereses económicos, sociais e ambientais; esta estratexia foi difundida

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

baixo o famoso termo "desenvolvemento sustentable". Esta visión estaría a ser cuestionada por dúas alternativas críticas: a "ecocéntrica" e a "social" (Castree, 2001: 3). Aínda que ambas as dúas coinciden en sinalar o carácter superficial e pouco transformador da perspectiva dominante, tamén fixan prioridades radicalmente contrapostas. Castree (2001) propón que tanto a idea hexemónica "persoas-natureza" como a "ecocéntrica" posúen un punto en común, un erro de partida, posto que asumen o enganoso dualismo sociedade-natureza. No outro extremo, entender a natureza como realidade "social" permitiría achegarse ao termo considerando as complexas ligazóns que o unen ao ser humano.

Depraz recorre en gran medida a estas éticas para discernir os paradigmas que hai tras os espazos protexidos declarados nos últimos dous séculos. Para el, os espazos protexidos tamén van alén de ser simples instrumentos legais cuns límites definidos. É máis, son a expresión dun complexo equilibrio de actores, con cadansúa "ética" ou visión da protección da natureza (Depraz, 2008: 19). Moitas veces esas visións superpóñense e interrelaciónanse, o que fai se cadra aínda máis complexo descifralas. Que quere dicir isto? O punto de vista obxectivista non permite comprender ese xogo de actores que hai detrás dun espazo protexido (Depraz, 2008). Para emprender esa tarefa cómpre prestar atención á vertente subxectiva dos espazos protexidos a través das tres principais "lecturas filosóficas" da natureza a protexer: antropocéntrica, biocéntrica e ecocéntrica.

> La protection de la nature peut donc constituer un système de representations structuré qui fait force dans l'action collective à la manière d'un paradigme. (Depraz, 2008: 32)

Esta idea dos paradigmas como grandes representacións colectivas bebe dunha comprensión social do medio ambiente. Lonxe de postulados científicos máis propios da Ecoloxía, Depraz (2008) propón un achegamento ao medio ambiente como realidade sensible. A infinidade de representacións posibles da natureza agrúpase, segundo el, en tres grandes paradigmas medioambientais ligados a cadansúa lectura filosófica. En primeiro lugar presenta o paradigma naturalista sensible, bebedor da visión antropocéntrica da natureza. A continuación fala dun paradigma radical, consecuente cunha ética *biocentrada*. En último lugar, formula o paradigma integrador da filosofía *ecocentrada*.

- Paradigma antropocéntrico ou naturalista sensible: visa os espazos protexidos como ferramentas para preservar aqueles lugares de importancia para o ser humano. Esa importancia vén marcada pola moral occidental romántica, é dicir, pola apreciación estética da harmonía, da orde natural (Depraz, 2008). Está detrás dos grandes parques nacionais declarados baixo a advocación da *wilderness* nos "novos estados-nación" (principalemente Estados Unidos, Australia e Canadá), e da súa translación a Europa en pequenos parques nacionais de matriz histórica. O enfoque antropocéntrico considera principalmente os valores e necesidades humanas ao establecer obxectivos de conservación e xestionar estas áreas. Aliás, atopa compatible a utilización dos recursos naturais coa protección, e para iso opta por regular as actividades humanas antes que impedilas. Ten sido criticado desde a Ecoloxía por focalizar a protección só en determinadas especies emblemática/carismáticas ou elementos culturais identitarios, susceptibles de xerar atracción de visitantes, ao tempo que descoida a preservación da biodiversidade e os ecosistemas.

- Paradigma biocéntrico ou radical: coas raíces na ética da *Deep Ecology*, defende unha natureza completamente separada dos seres vivos humanos (Leopold, 1949). Desde o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

enfoque biocéntrico os espazos protexidos deben considerar que todas as especies e os ecosistemas teñen un valor intrínseco e merecen ser protexidos por dereito propio. Participa dunha sorte de idealización do natural e, polo tanto, calquera interferencia podería danar a pureza dunha natureza que, no seu estado orixinal, non sufriría acción antrópica ningunha. Nese sentido, defende a integridade dos ecosistemas, é dicir, non limitarse á protección de especies ou elementos illados, senón tamén ás interaccións e procesos ecolóxicos.

- Paradigma ecocéntrico ou integrador: dentro deste paradigma, os espazos protexidos perseguen a conservación da natureza a través dunha estratexia de concertación de mantemento dos valores naturais coas aspiracións das comunidades afectadas por eles. Difire co anterior no rol que a natureza cumpre, pois acredita que a natureza pura xa non existe en ningún lugar da Terra, feito constatable desde hai case un século (Sauer, 1925). Iso si, desde un punto de vista ecocéntrico, si existen certos lugares que manteñen a súa "naturalidade e funcionalidade" o suficientemente intactas como para seren conservados (Wiens, 2009: 1062). Estes espazos protexidos deben concibir o territorio alén dos redutos de natureza virxe, de xeito que se evite crear "illas" de natureza fragmentada. Neste sentido, a introdución da protección das paisaxes permite actuar alén dos lugares "intactos", é dicir, alí onde o ser humano ten unha maior impronta, onde en último termo se dirime o mantemento global da biodiversidade.

2.2.3.2 As categorías de espazos protexidos da UICN. O *status quo* internacional

Os espazos protexidos espalláronse de estado en estado desde finais do século XIX sen existir unha guía. Malia que en moitos casos existía unha vontade ―declarada ou non― de imitar o modelo orixinal, o certo é que cada designación era froito dun contexto nacional extraordinariamente variable até que en 1962 a recentemente creada UICN tomou a iniciativa de fixar unhas regras básicas que serían aceptadas pola práctica totalidade da comunidade internacional. Tomando en consideración a multitude de realizacións prácticas da idea de espazo protexido (ou *protected area*, tal e como o emprega a UICN en inglés), a UICN contemplou toda unha serie de denominacións, de "categorías" distintas de espazos. Estas abranguen dende as estritas *reservas naturais* e *parques nacionais* até enfoques máis flexibles como as *áreas comunitarias de conservación*.

O máis relevante en relación coas categorías é que sistematizan o amplo rango de diferentes formulacións da xestión. Co obxectivo de establecer un marco común a escala global de estratexias de protección e xestión destas áreas, a UICN conta cunha clasificación delas en seis distintas categorías (I, II, II, IV, V e VI). O sistema foi introducido en gran parte, tal e como explica Phillips (2004), para axudar a estandarizar as áreas protexidas a nivel global. Os nomes das áreas protexidas foron escollidos para describir, de maneira máis ou menos precisa, o principal obxectivo de xestión da categoría. A principal excepción atopámola na categoría II que, segundo este marco, axústase a grandes áreas protexidas e para a cal acordouse axeitado tomar a xa existente denominación de "parque nacional". Este termo, moi anterior ao sistema de categorías desta institución (Martínez de Pisón, 2017), é empregado nalgúns países para definir espazos protexidos que, polos criterios de xestión, resultan máis axustados a outras categorías (Figura 10). Por tanto, o feito de que un goberno denomine "parque nacional" a unha área non significa que teña que ser xestionado segundo os criterios da categoría II (Alban e Hubert, 2013); en cada caso habería que identificar e aplicar a categoría máis axeitada, traballo a desenvolver polos gobernos e outras partes interesadas na declaración.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 10. As categorías de espazos protexidos da UICN segundo as súas condicións naturais, de menor a maior grao de modificación medioambiental



Fonte: Elaboración propia a partir de Dudley (2008: 24)

Os espazos protexidos tal e como os formula a UICN contan cunha serie de obxectivos en común (Dudley, 2008):

- conservaren a composición, estrutura, función e potencial evolutivo da biodiversidade;
- contribuíren a estratexias de conservación a escala rexional;
- manteren a diversidade de paisaxe ou hábitat e de especies e ecosistemas asociados;
- seren de tamaño suficiente para asegurareren a integridade e o mantemento a longo termo dos obxectivos especificados para a conservación ou seren capaces de aumentaren para lograr este fin;
- manteren os valores polos que foron asignados en perpetuidade;
- operaren baixo a guía dun plan de xestión, así como dun programa de monitorización e avaliación que adopte xestión adaptativa; e
- posuíren un sistema de gobernanza claro e igualitario.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Polo tanto, a categorización que hoxe desprega a UICN pretende transladar á práctica de protección da natureza as recomendacións emitidas nos acordos internacionais das últimas décadas, que colocaron a noción do medio ambiente no centro do debate mundial (Paül, 2017). A UICN afirma abandonar progresivamente as ideas biocéntricas de protección estrita, de forma especialmente visible tras a Conferencia Mundial sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento de Río de Xaneiro (1992). Desde entón a visión do organismo parece aproximarse máis ao que Depraz (2008) define como ética ecocentrada, e, polo tanto, a unha proposta de conservación da natureza que integra ao ser humano en lugar de excluílo (Worboys *et al*., 2015; Phillips, 2004). Fronte esta suposta viraxe non son poucas as voces críticas (Büscher e Fletcher, 2020; West *et al*., 2006) que sinalan a incapacidade de evitar a perpetuación de dinámicas excluíntes para as comunidades locais e para os pobos orixinarios, é dicir, que as inercias arrastradas por estas categorías de protección fan difícil a súa reformulación en clave ecocentrada.

En efecto, a definición de natureza achegada pola propia UICN na súa máis recente actualización deste sistema de categorías (Dudley, 2008, asi como a súa visión sobre a conservación (Worboys *et al*., 2015) parecen reincidir na radical separación entre natureza e ser humano máis propia do biocentrismo:

> Conservation This is the in situ maintenance of ecosystems and natural and semi-natural habitats and of viable populations of species in their natural surroundings, and in the case of domesticated or cultivated species, in the surroundings where they have developed their distinctive properties

> Nature (In this context) always refers to biodiversity at genetic, species and ecosystem levels and often also refers to geodiversity, landform and broader natural values (Worboys *et al*., 2015: 16)

Estas definicións serviron de valores inspiradores para a formulación do sistema de categorías da UICN, que é a súa achega fundamental no tocante a espazos protexidos. Cada unha delas amosa particularidades no achegamento á xestión dos espazos protexidos (Dudley, 2008: 13, as traducións son propias), que serían:

- Categoría Ia, "reserva natural estrita", que constitúe o nivel máis alto de protección e define as áreas marcadas de maneira rigorosa para "protexer a biodiversidade e tamén posiblemente características xeolóxicas / xeomorfolóxicas, onde a visita, uso e impactos humanos son estrictamente controlados e limitados para asegurar a protección dos valores de conservación."
- Categoría Ib, "área silvestre ou *wilderness area*", son polo xeral áreas de grande tamaño, presumiblemente non modificadas ou moi pouco modificadas pola acción humana, polo que reteñen o seu carácter e influencia naturais, sen ocupación humana permanente ou significante, e protexidas e xestionadas para preservar a súa condición natural. Diferénciase da categoría Ia en que as áreas protexidas son, polo xeral, máis amplas e protexidas da presenza humana dun modo máis laxo. Non deben soportar un turismo masivo mais poden estar abertas a un número

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

limitado de visitantes practicando viaxes "autosuficientes", a pé ou mediante medios como barcas.

- Categoría II, "parque nacional", que fai referencia a grandes áreas naturais ou case naturais, reservadas para protexeren procesos ecolóxicos a gran escala, xunto co complemento de especies e ecosistemas característicos das zonas, que tamén proporciona un ambiente espiritual e cultural compatible co medio ambiente, oportunidades científicas, educativas, recreativas e para visitantes.
- As áreas protexidas da categoría III resérvanse para "monumentos naturais" específicos, que poden ser accidentes xeográficos, montañas mariñas, cavernas submarinas, características xeolóxicas como covas ou mesmo "monumentos" vivos coma arboredos antigos. Trátase de áreas protexidas xeralmente bastante pequenas e con frecuencia teñen un alto valor turístico.
- Na categoría IV, "áreas de xestión de hábitats/especies", os espazos protexidos teñen como obxectivo prioritario eses elementos naturais concretos. Moitas áreas protexidas da categoría IV precisarán revisións periódicas e activas para cumprir coas súas necesidades. No entanto, estas revisións non son un requisito da categoría.
- A categoría V, a "paisaxe terrestre/mariña protexida", fai referencia a aquelas delimitacións onde a interacción das persoas e a natureza produciu co tempo, unha área de carácter distinto con significado de valor ecolóxico, biolóxico, cultural e paisaxístico. Salvagardar a integridade desta interacción é vital para protexer os seus valores distintivos e conservar a natureza asociada.
- A categoría VI, "área protexida con uso sustentable dos recursos naturais", destínase a conservar ecosistemas e hábitats, xunto cos valores culturais asociados e sistemas tradicionais de manexo de recursos naturais. Son xeralmente de tamaño grande, coa maior parte da área en condicións naturais, onde unha proporción está baixo xestión sostible de recursos naturais e onde o uso non industrial a baixo nivel dos recursos naturais, compatible coa conservación da natureza, é visto como un dos principais obxectivos da área.

Así pois, segundo Dudley (2008) este sistema de categorías obedece a unha xerarquía que se sustenta nun gradiente teórico de intervención humana ou *naturalidade* en cada espazo protexido. Todos deberían facer unha contribución á conservación global da natureza, pero os obxectivos cos que se crea cada un deben ser fixados atendendo a cadanseu contexto particular. Como resultado, temos un mapa bastante caótico no que emerxe como "primus inter pares" (Phillips, 2004: 11) a Categoría II, ou de parques nacionais.

A propia UICN nas súas populares *Guidelines* —coas que marca as boas prácticas aos organismos xestores dos espazos protexidos— ilustra (Figura 10) como este sistema de categorías crea unha xerarquía segundo a calidade dos ecosistemas de cada espazo protexido, definíndoa a partir do seu grao de "modificación" antrópica ou "*naturalidade"*. Para Dudley (2008), a construción desta xerarquía responde ao obxectivo de configurar un sistema equilibrado de espazos protexidos a partir do emprego de todas as categorías. A xuízo deste autor —referencial

para a UICN—, na maioría dos casos, unha parte importante dos espazos protexidos dunha rexión dada deberían estar nas catro primeiras categorías, pois combinadas deberían garantir o funcionamento dos seus ecosistemas. Porén, as clasificacións de determinadas áreas tamén poden variar co tempo se cambian as condicións ou se o nivel escollido nun primeiro momento remata por mostrarse ineficaz respecto aos obxectivos de conservación.

A elección das categorías, segundo recoñece a UICN, implica con frecuencia un desafío importante para as comunidades afectadas (Dudley, 2008). Tal e como se formulou o proceso desde o inicio do sistema de categorías, a designación de espazos protexidos debía estar guiada ante todo pola necesidade de conservación da biodiversidade como polo mantemento da integridade da distribución dos ecosistemas. Só nos últimos anos se introduciron outros factores de tipo humano, como as necesidades das comunidades, a propiedade das terras ou a toma de decisións participada coa poboación local (Borrini-Feyerabend *et al.*, 2014). En relación con isto, a UICN agora sostén que as decisións relativas a espazos protexidos estarán necesariamente ligadas a compensacións polos conflitos sobre os usos, de acordo cunha continuada participación pública. Esta declaración de intencións relativamente optimista non debe facernos esquecer, como reflicten Woodhouse *et al.* (2018), que é precisamente neses procesos de toma de decisións onde os actores con maior poder (gobernos, grandes empresas, etc...) tratan de posicionar os seus obxectivos de conservación como unha prioridade, en moitas ocasións a expensas do desenvolvemento das comunidades locais.

2.2.4 Actitudes ante os espazos protexidos

As actitudes cara aos espazos protexidos poden variar significativamente entre individuos e comunidades. A dicotomía maniquea a favor/en contra, aínda que útil en determinados contextos, non reflicte fielmente as posibles posicións, matizadas, da poboación afectada. Nese sentido, Depraz (2008) formula cinco posicións que as persoas poden ter cara aos espazos protexidos:

- Defensa: teñen unha actitude abertamente favorable cara á declaración de espazos protexidos, porque recoñecen a súa importancia na conservación da biodiversidade, a preservación do patrimonio natural e cultural e/ou ben polas oportunidades de desenvolvemento económico asociado.
- A favor por defecto: sen apoiar abertamente, estas persoas consideran positiva a declaración.
- Indiferenza (abstencionismo): algunhas persoas poden ter un coñecemento limitado ou escasa conciencia sobre os espazos protexidos. En ocasións estas persoas non viven no territorio afectado. Esta condición pode levalas a estar a favor ou en contra en caso da xeración dun conflito ao redor da declaración.
- Indiferenza (escepticismo): pode haber persoas que expresen escepticismo ou críticas cara ao concepto e a xestión dos espazos protexidos. Poden cuestionar a efectividade dos espazos protexidos para lograr obxectivos de conservación ou formular preocupacións sobre posibles impactos negativos nas comunidades locais, os dereitos dos pobos orixinarios ou o desenvolvemento socioeconómico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Oposición: nalgúns casos as persoas ou comunidades poden percibir os espazos protexidos como unha limitación ao seu acceso aos recursos ou aos usos tradicionais da terra, o que xera un conflito entre os obxectivos de conservación e os usos da poboación local. Estes conflitos poden xurdir debido a diferenzas en intereses, valores ou comprensión dos obxectivos de conservación.

Estas actitudes están mediatizadas polo estado do proceso de declaración (Táboa 6). Nos casos nos que a posibilidade da declaración dun espazo protexido é inminente ou cando menos está activa, as posicións extremas acentúanse. A defensa e a oposición son máis pechadas e a posición indiferente baséase máis na ausencia de coñecemento dun conflito na comunidade afectada. Pola contra, cando a disputa está latente, é dicir, cando existiu a proposta de creación dun espazo protexido, mais non é verosímil a súa declaración, as posicións intermedias adquiren maiores matices. Neste segundo escenario emerxen voces que están a favor sen chegar a defender ou coñecer o proxecto, mentres que hai outras que son reacias mais non están mobilizadas en oposición.

Táboa 6. Posición da poboación local ante a declaración dun espazo protexido en función do estado do conflito

	A FAVOR		**EN CONTRA**	
Conflito latente	Defensa	A favor por defecto	Indiferenza (escepticismo)	Oposición
Conflito aberto	Defensa	Indiferenza (abstencionismo)		Oposición

Fonte: elaboración propia a partir de Depraz (2008: 261)

É importante ter en conta que as actitudes cara aos espazos protexidos poden verse igualmente influenciadas por outros factores, entre eles os valores culturais, socioeconómicos e persoais. Ademais, poden cambiar co paso do tempo debido á evolución das perspectivas sociais e á adquisición de nova información.

> This means in turn that the perception of and attitudes to the benefits from protected areas will alter with who is benefiting (Stolton e Dudley, 2015: 149).

Desde outro punto de vista, Büscher e Fletcher (2020) identifican no actual debate sobre conservación da natureza catro principais actitudes ou posicións (Táboa 7). Estas baséanse nos que consideran os dous principais eixos argumentais que definen o debate conservacionista actual: a dicotomía natureza/cultura e o modelo (capitalista) de desenvolvemento.

Como observamos, segundo Büscher e Fletcher (2020), a dicotomía natureza/cultura, fondamente tratada neste capítulo, fundamenta as posicións que formulan os espazos protexidos como refuxios dos valores naturais. Neste lado atopamos en primeiro lugar a conservación da natureza *mainstream*, facilmente emparentable coa postura oficial da UICN na que os fundamentos occidentais do refuxio salvaxe se adaptan ás circunstancias actuais de globalización, recoñecendo múltiples formas de conservación dentro do marco do sistema capitalista. O seu reverso "radical" (Büscher e Fletcher, 2020: 9) sería o neoproteccionismo,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que avogaría por unha volta ás orixes dos espazos protexidos como fortalezas da natureza prístina.

Do outro lado, aquelas posicións superadoras da dicotomía poden adoptar dúas formas. En primeiro lugar, o novo conservacionismo, que acredita na chegada da era do Antropoceno e que os humanos e non humanos forman un todo xunto coa natureza. Desde esa posición deixa de ter sentido falar de protección da natureza como tal, en canto que os cambios provocados polo ser humano sobre a superficie terrestre son tan profundos que non fai sentido poñer recursos nesta tarefa. En contraste, e como última actitude, a versión "convivencial" (Büscher e Fletcher, 2020: 9) do conservacionismo viría a superar a visión supostamente capitalista do "novo conservacionismo", para darlle unha maior relevancia ao coidado dos "restos da natureza", aquilo que nos queda após o impacto humano de alcance planetario.

Táboa 7. As catro actitudes principais para "salvar a natureza" de acordo cos posicionamentos na dicotomía natureza/cultura (N/C) e co sistema capitalista

	Dicotomía N/C	**Máis alá da dicotomía N/C**
Capitalista	Conservacionismo *mainstream*	Novo conservacionismo
Máis alá do capitalismo	Neoprotectionismo	Conservacionismo convivencial

Fonte: elaborado a partir de Büscher e Fletcher (2020) [a tradución é propia]

Dentro da formulación de alternativas ao conservacionismo *mainstream*, que sostén o actual modelo global de espazos protexidos, destaca a emerxencia do *rewilding*. O seu principio fundamental é o de retornar á Terra ao seu estado previo ao impacto humano. Como proposta operativa formula a delimitación de sectores nos que se restauren os procesos naturais ou —nos casos máis estremos— directamente se deixe de intervir, agardando que o lugar evolucione cara a un escenario máis parecido ao que sería sen a nosa presencia. Trátase, en realidade, de retomar unha vella aspiración neoproteccionista, pero máis compatible co modelo de sociedade capitalista. Cidrás e Paül (2022) sosteñen que malia a profusión recente de iniciativas de *rewilding* —moitas delas de compoñente privada— a incidencia territorial aínda é moi limitada como para equiparar esta alternativa ao impacto global dos espazos protexidos convencionais.

2.2.5 As paisaxes de montaña: protagonistas na declaración de espazos protexidos

Existiu ao longo da historia dos espazos protexidos unha especial predilección polas montañas (European Environmental Agency, 2012; Depraz, 2008; Mulero, 2002), pois aínda a día de hoxe estes lugares seguen a estar proporcionalmente sobrerrepresentados no conxunto global. Desde un primeiro momento, hai máis de cen anos, as vistas dramáticas que proporcionaban os grandes conxuntos montañosos resultaron atractivas á ollada romántica naturalista para iniciar o seu proceso de patrimonialización (Martínez de Pisón, 2017). Mais, coa evolución dos paradigmas de protección da natureza, outros factores entraron en xogo. como o despoboamento, que facilitou a imposición de restricións legais á poboación local e, decisivamente, o desenvolvemento do movemento montañeiro (Paül, 2019; Paül *et al.*, 2019b; Martínez de Pisón e Álvaro, 2014), que actuou desde os campos cultural, científico, deportivo e mesmo político como verdadeiro acicate da protección da paisaxe percibida como alpina (Frolova, 2002).

2.2.5.1 Da protección da natureza á protección da paisaxe

As políticas de protección da paisaxe previas ao ano 2000 eran fundamentalmente apartados subsidiarios das de protección da natureza que, con sorte, mencionaban a paisaxe como un apartado propio (Roger, 2007). No primeiro artigo do CEP (Consello de Europa, 2000) achégase por primeira vez unha definición de protección da paisaxe que se pode considerar intencionalmente integradora.

> d. por "protección das paisaxes" entenderanse as accións encamiñadas a conservar e manter os aspectos significativos ou característicos dunha paisaxe, xustificadas polo seu valor patrimonial derivado da súa configuración natural e/ou a acción do home. (Consello de Europa, 2000)

Esta definición valida case calquera achegamento á paisaxe, desde o puramente material até o máis estético. Iso si, o texto introduce un concepto dualista de "valor patrimonial", dando a entender que existen dous tipos de patrimonio en relación coa paisaxe: o natural e o cultural (derivado da "acción do home").

A continuación o mesmo documento introduce as definicións de "xestión das paisaxes" e "ordenación paisaxística" (Consello de Europa, 2000), completando así a tríada clásica de protección, xestión e ordenación. Estas formulacións do que facer coa paisaxe fixan un enfoque de protección ecocéntrico, verbalizando a estratexia do "desenvolvemento sostible".

> e. por "xestión das paisaxes" entenderanse as accións encamiñadas, dende unha perspectiva de desenvolvemento sostible, a garantir o mantemento regular dunha paisaxe, coa fin de guiar e harmonizar as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e ambientais;
> f. por "ordenación paisaxística" entenderase as accións que presenten un carácter prospectivo particularmente acentuado con vistas a mellorar, restaurar ou crear paisaxes. (Consello de Europa, 2000)

O contraste no marco do CEP entre a protección e a ordenación da paisaxe é decisivo, pois a primeira dirixe a atención á perpetuación dunha mesma paisaxe mentres que a segunda implica unha lóxica transformativa (Paül, 2017b). Por tanto, cando falamos de ordenación da paisaxe, non estamos diante dunha modalidade de ordenación do territorio aplicada a esta materia. Nese sentido, é preferible falar de xestión da paisaxe para se referir, en liña con Nogué *et al.* (2010) e Busquets e Cortina (2009), á práctica análoga á ordenación do territorio en materia paisaxística, pois integra eficazmente os dous extremos.

2.2.5.2 A montaña como obxecto de protección

A conexión terreal entre o sagrado e o diabólico constitúe unha poderosa metáfora da montaña na civilización cristiá previa ao positivismo (della Dora, 2016). Antes da Ilustración só se cruzaba unha montaña se o traxecto o obrigada e en ningún caso se ascendía até o cumio por simple observación da paisaxe (Roger, 2008). Os escasos testemuños de ascensos a montañas previos ao século XVIII, como o de Petrarca ao *Ventoux* confirman que estes non eran lugares dos vivos senón, máis ben, eran territorios incognoscibles, inhóspitos. Serán os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

primeiros alpinistas, como nos relata Saussure, os que comecen a profanar esa barreira sagrada entre o mundano e o divino.

Consciente de dita profanación, segundo della Dora (2016: 199), o ollar moderno occidental proxectará repetidamente nas paisaxes de montaña de medio mundo as imaxes idealizadas —baixo o prisma romántico— recollidas desde finais do século XVIII na vertente norte dos Alpes (Frolova, 2002). Difúndese así a sacralización dunha montaña moi concreta, simplificada na silueta triangular do Mont Blanc ou o Monte Cervino, que permitía unha fácil replicación.

Desa idealización da apariencia da montaña xurdirá ao longo do século XIX a inquedanza proteccionista. Así, a modificación daquelas paisaxes de montaña seleccionadas é anatema, posto que a interferencia humana suporía a desaparición dun obxecto fixo —natureza salvaxe— que debe ser protexido íntegro e inmutable. Consecuencia disto, perde interese a súa existencia material, e o seu valor de uso entendido nos termos de Harvey (1982), e actívanse valores de tipo simbólico.

> Nowadays we still talk about mountains as works of art – perhaps less as sources of precious minerals for sculpture and more and more as valuable crafts to be protected, preserved and displayed to the public in their entireness. Perhaps unconsciously, we continue to ascribe to mountains a sacramental dimension, as Ruskin did. We regard them as "holy objects" in the most literal sense, as *halig* – something that must be preserved "whole" or intact; something that, like wilderness, should not be transgressed, violated or altered. (Della Dora, 2016: 199).

A meirande parte dos primeiros parques nacionais declarados en Occidente foron montañas (Martínez de Pisón, 2017; Nash, 1967). Nelas condénsanse algúns dos argumentos identarios dos novos e vellos estados-nación. No Estado español, sen ir máis lonxe, os dous primeiros parques nacionais declarados hai xa máis de cen anos eran montañas, e senllas argumentacións abondaban na importancia que as montañas tiñan na concesión de sentido á pretendida orixe da nación española (Paül, 2019).

Cando a montaña vira en obxecto de protección emerxe a problemática de definir os seus límites. Para della Dora (2016: 191) é imposible "to put a mountain in a showcase, and even to set boundaries around it". Aínda que na nosa mente unha montaña teña unha forma ben definida, á hora de traducir iso nun perímetro de protección as diferentes percepcións individuais e colectivas complicarán enormemente o proceso.

En todo caso, no momento en que se define un espazo protexido de montaña, moi a pesar da xeógrafa italiana, estase a ir alén da evidente redución a obxecto de conservación. As montañas patrimonializadas en forma de espazos protexidos poden devir nunha "landscape commodity" que se posiciona no mercado a expensas do valor uso das montañas, en palabras de Perlik (2019: 116). Unha forma de garantir que as montañas non viran definitivamente nestas mercadorías paisaxísticas é, precisamente, activar o significado profundo de paisaxe, que pasa por darlle maior poder ás percepcións individuais e colectivas das montañas e menor ao "conservation by algorythm" do que nos alerta Adams (2019: 338).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3 CARACTERIZACIÓN DAS ÁREAS DE ESTUDO

Nesta tese de doutoramento desenvólvense dous estudos de caso que se corresponden con dúas montañas localizadas en Galiza, ao noroeste da Península Ibérica. Trátase de Pena Trevinca, no limiar oriental do país, e do Monte Pindo, na beira mesma do Océano Atlántico, a 12 km do cabo de Fisterra.

Figura 11. Localización das áreas de estudo no contexto dos espazos protexidos do Estado Español



Elaboración propia a partir de datos da EEA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Á hora de abordar estes dous casos cómpre reiterar aquí a Nogué (2017), quen afirma que o estudo da paisaxe mobiliza sempre o substrato material dun territorio, pois é consubstancial á propia existencia da paisaxe. O autor está a lembrarnos que mesmo cando o obxectivo principal de análise ―como neste caso― se encadra no ámbito das percepcións subxectivas, é necesario considerar o íntimo vencello que une o subxecto (a persoa que observa) co obxecto (base material).

Con ese propósito presentamos a continuación unha caracterización sucinta das áreas nas que se desenvolveron os dous casos de estudo desta tese de doutoramento. Pena Trevinca e Monte Pindo non serán aquí obxecto dunha pormenorizada disertación descritiva, como se se tratase dun substrato inerte sobre o que se proxectan as representacións humanas. No entanto, os contidos mobilizados seguen unha estrutura similar á proposta en Paül *et al.* (2018), onde a caracterización inicial das áreas de estudo parte dos dous piares tradicionais da creación de espazos protexidos: o patrimonio natural e o patrimonio cultural. Procurarase que a presentación destas dúas montañas camiñe no intersticio entre o material e o inmaterial como un exercicio necesariamente aberto de contextualización dos resultados obtidos.

Este capítulo estrutúrase en cinco apartados. En primeiro lugar abordamos a cuestión da delimitación de cada unha das áreas de estudo, co obxectivo de fixar os territorios onde se desenvolveu o traballo de campo. A seguir preséntanse as figuras de protección declaradas en cada unha das áreas de estudo e os seus aspectos máis destacados. En terceiro lugar achegarase unha contextualización do medio físico de cada unha das montañas obxecto de estudo, para continuar facendo o propio coa caracterización humana. Finalmente péchase o capítulo achegando as chaves sociais e culturais, con especial atención aos movementos asociativos e ás representacións académicas e artísticas das respectivas paisaxes.

3.1 DELIMITACIÓN

A selección destas dúas áreas de estudo supuxo antes de nada problematizar a súa delimitación. Como en calquera outra montaña, a definición dos límites concretos é un reto en moitos casos "irresoluble" (Torres Luna *et al*., 1993: 13). Ante a multitude de fórmulas existentes (fixación dunha cota mínima, cálculo de bacías visuais, etc.) neste traballo optouse por seguir un único criterio: os perímetros de protección da Rede Natura 2000 xa existentes, pois asúmese que estes serían o punto de partida para calquera iniciativa de creación de parques naturais en ambas montañas. A continuación concretamos cada área.

3.1.1 A área de estudo de Pena Trevinca

A individualización de Pena Trevinca como área de estudo constitúe por si mesma un desafío, como xa se avanzou en estudos precedentes (Paül e Trillo Santamaría, 2022; Paül *et al*., 2018). En primeiro lugar, a presenza do límite interautonómico entre Galiza e Castela e León parte o macizo en dous e delata a necesidade de concibir este territorio a un e outro lado desa liña de cumios que deixou en 1833 a media montaña en terras ourensás e outra media en terras leonesas e zamoranas. Como se constata en Vila Lage *et al*. (2020), estes límites internos dentro dos estados tenden a ser infravalorados fronte ás fronteiras internacionais, cando teñen, en moitos dos casos, un impacto decisivo na designación e xestión dos espazos protexidos.

En segundo lugar, cómpre ter en conta a concorrencia de diversos perímetros de protección que cobren o territorio. Os dous do lado galego son espazos protexidos dentro da Rede Natura

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 12. Localización da área de estudo de Pena Trevinca e zonificación interna de acordo co Plan Director da Rede Natura de Galiza



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGN e da Xunta de Galiza

2000: Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e Zona de Especial Conservación (ZEC), que se superpoñen parcialmente. A extensión da segunda é maior (case 25.000 ha), e engloba varios núcleos de poboación, de xeito que se xulgou a máis apropiada para o estudo dunha iniciativa de creación dun parque natural (Sayfor, 2009). Pola súa banda, os espazos protexidos na parte administrada por Castela e León son o Monumento Natural del Lago de La Baña (provincia de León) e o Parque Natural del Lago de Sanabria y Sierras Segundera y de Porto (na de Zamora), que se corresponden con figuras de protección propias desa comunidade autónoma moi diferentes entre si.

Considerando isto, neste caso caso decidiuse tomar como área de estudo a área xa declarada como Espazo Protexido Rede Natura 2000 na vertente galega (Figura 12), coincidente coa Zona de Especial Conservación (ZEC) de Pena Trevinca. A elección supón excluír partes do macizo de Trevinca localizadas en Carballeda de Valdeorras que nun pasado foran englobadas dentro de propostas de espazos protexidos pero que ficaron fóra probablemente debido á presión da industria louseira sobre ese sector de alto interese mineiro (Paül, 2017a). Do mesmo modo, non se pode ignorar a existencia dun parque natural contiguo na vertente seabresa, onde tamén se desenvolveu parte do traballo de campo, mais considerase necesario centrar a análise dos datos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

obtidos no proceso de patrimonialización de Trevinca en tanto que montaña galega, de acordo cos obxectivos da tese.

Pena Trevinca é presentada con frecuencia como o punto culminante da Serra do Eixe. Mais en realidade esta última non é máis que un dos brazos que conforman o macizo de Trevinca, como transmite de xeito elocuente Hernández Pacheco nun esquema debuxado para a revista de montañismo *Peñalara* na altura de 1944 (Gurriarán Rodríguez, 2021; Paül, 2021).

Deste modo, parece máis expresivo falar dunha configuración das montañas de Trevinca en forma de estrela, composta por catro cordais principais que converxen nunha área central sobre o limiar dos 2.000 m e de formas relativamente chairas. Desta última sobresaen tres picos de aspecto piramidal que despuntan por riba dos 2.100 m de altitude: Pena Surbia (2.116 m), Pena Negra (2.121 m) e Pena Trevinca (2.127 m).

En primeiro lugar, de situarmos como punto de referencia o cume de Pena Trevinca, a Serra do Eixe ten unha orientación noroeste. Ao pé deste cordal está o val de Valdeorras, a 300 m sobre o nivel do mar, e desde él ascéndese rapidamente até os 1.300-1.400 m, cota na que se mantén a aliñación montañosa uns 20 km até que volve subir por riba dos 1.900 m no Pico Maluro, a uns 7 km en liña recta do cumio do macizo, até onde chega en lixeira pendente.

Nunha segunda liña montañosa, en orientación suroeste, atópase a Serra Calva, que mantén durante uns 25 km desde a comarca das Frieiras unha altitude de entre 1.400 e 1.600 m para nos últimos 5 km ascender até os 1.831 m do Fial. Esta serra foi elixida na súa maior parte para trazar os límites provinciais do século XIX entre Ourense e Zamora e, consecuentemente, hoxe actúa como fronteira entre Galiza e Castela e León (salvo nalgunhas aldeas do concello de Viana do Bolo, como Cepedelo, Pradorramisquedo ou Sever).

Os terceiro e o cuarto brazos que forman o macizo atópanse completamente en territorio de Castela e León. En dirección sur disponse a Serra Segundeira, que presenta unha forma aplanada en simbiose perfecta co casquete glaciar que a cubriu (Paül *et al*., 2018: 179) e chega aos 2.044 m no Moncalvo. Por último, en dirección leste, a Sierra de la Cabrera Baja, que viría ter continuidade no seu estremo oriental cos Montes de León. De feito, a interpretación xeógrafica tradicional no Estado español encadrou o macizo de Trevinca na súa totalidade dentro dese amplo conxunto.

3.1.2 A área de estudo do Monte Pindo

O Monte Pindo ten unha extensión cinco veces inferior ás montañas de Trevinca; en concreto, trátase dun perímetro total de menos de 5.000 ha. Ademais, o exercicio da súa delimitación vese favorecida polo feito de estar situado á beira do mar. É máis, desde o punto de vista da xeodiversidade, o lugar destaca polo protagonismo dun macizo granítico case desprovisto de vexetación nunha contorna como a galega, onde máis do 60% da superficie está forestada (MITECO, 2022) e as áreas onde emerxe o rochedo son máis ben anedóticas.

Porén, isto último non foi o factor decisivo no seu momento á hora de definir o LIC Carnota-Monte Pindo (actual ZEC), que integra o citado macizo do Monte Pindo *stricto sensu* xunto co adxacente complexo litoral do areal de Carnota e Caldebarcos. Esta definición ampla do único perímetro de protección da natureza co que conta o Monte Pindo (Figura 13) xa nos apercibe da complexidade interna desta paisaxe e dos numerosos diálogos que establece coas paisaxes da contorna.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 13. Localización da área de estudo de Monte Pindo e zonificación interna de acordo co Plan Director da Rede Natura de Galiza



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGN e da Xunta de Galiza

Resulta revelador, neste mesmo sentido, que os Catálogos da Paisaxe de Galiza (Xunta de Galicia, 2016) —un instrumento analítico básico elaborado pola Xunta para a protección da paisaxe— delimitaron dúas Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) diferentes no Monte Pindo sen abranguer a totalidade do macizo no seu conxunto. De feito, este documento considera que unha liña invisible trazada polos picos da montaña separa dúas Comarcas Paisaxísticas (só hai unhas ducias en todo o territorio). Así, a vertente que dá ao mar está encadrada na Costa da Morte e a vertente interior está na Terra de Xallas. Podería alegarse que esta curiosa delimitación (Figura 13) responde á que a faixa costeira xa estaba previamente delimitada no Plan de Ordenación do Litoral, pero si denota que o Monte Pindo está lonxe de amosar unha unidade e individualidade incuestionables.

A área de estudo comprende dous sectores ben diferenciados: o sistema dunar e lagunar de Carnota e o macizo granítico do Monte Pindo. Estes converxen timidamente nunha estreita franxa arredor da localidade de Caldebarcos. No primeiro, a espectacular praia de Carnota, de 7 km de lonxitude, preside un sistema costeiro que, ademais, entronca coas agras en proceso de abandono, até chegar á estrada comarcal AC-550, que curiosamente fai de límite en gran parte deste sector do espazo protexido. Máis ao norte, en dirección ao Monte Pindo bordeando a costa, atopamos un sector de rasa moderadamente escarpado en forma de pequenos cantís.

No segundo sector, o do Monte Pindo en sentido estrito, localízanse as zonas de maior pendente, onde se levanta un gran batolito granítico. Tamén se abrangue a foz en fervenza do río Xallas ou *Cadoiro do Ézaro* e un sector montañoso ao norte deste último, continuación natural da aliñación Norte-Sur que caracteriza o macizo.

3.2 AS FIGURAS DE PROTECCIÓN ACTUAIS EN PENA TREVINCA E MONTE PINDO

Tal e como vimos no apartado 1.5, no contexto da UE existen dúas grandes modalidades de espazos protexidos alén dos derivados dos tratados internacionais (EUROPARC España, 2021): a Rede Natura 2000 ―distribuída en nove grandes rexións bioxeográficas (Figura 2) comúns a todo o continente― e as redes de categorías nacionais de cada estado membro, con características aínda máis heteroxéneas entre si. Así, ao longo da xeografía comunitaria poden observarse continuos solapamentos entre ambos sistemas, pois gran parte dos espazos listados até os anos 1990 en categorías nacionais foron a base para a creación, a partir de 1999, da Rede Natura 2000 (EEA, 2012).

Galiza participa desta dinámica xeral, pois todos os parques (nacionais e naturais) son á súa vez parte da Rede Natura 2000. Porén, a relevancia destes solapamentos sobre a superficie total protexida vese moi limitada como consecuencia do lento e tardío ritmo na declaración de espazos protexidos propios no país, fenómeno analizado no apartado 1.5. Así, en termos cuantitativos, a Rede Natura 2000 ten un maior protagonismo, e aínda máis cando falamos das áreas de montaña. Isto pode comprobarse se ollamos as maiores serras galegas (Os Ancares e Trevinca), pero tamén noutras montañas moi significadas culturalmente, como o é o Monte Pindo.

3.2.1 ZEC Pena Trevinca

A ZEC Pena Trevinca comprende 24.896 ha dos concellos de Carballeda de Valdeorras, O Bolo e, sobre todo, A Veiga (comarca de Valdeorras); de Viana do Bolo (comarca de Viana) e, xa de xeito residual, 10 ha do concello de Manzaneda (comarca da Terra de Trives). Na Figura 12 pode apreciarse o solapamento case total entre a ZEC e a ZEPA de Pena Trevinca, coas únicas diferenzas dun estreito corredor de 13 km que comunica a primeira coa veciña ZEC Macizo Central, e coa pequena incursión de 150 ha do ZEC para chegar ao mesmo pé das explotacións mineiras a ceo aberto que protagonizan os lindeiros setentrionais deste espazo protexido.

A zonificación vixente deste espazo protexido vén recollida no *Decreto 37/2014* (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, 2014). Para todo o perímetro defínense tres áreas en función das tres categorías definidas no propio decreto: "área de protección", "área de conservación" e "área de uso xeral". Cómpre salientar as dúas primeiras, pois representan máis do 90% da superficie entre as dúas. O reparto define como "áreas de protección" aquelas con presenza de bosques autóctonos ou con hábitats prioritarios de alta montaña. No caso das "áreas de conservación", o perímetro comprende gran parte das terras de cultivo (moitas en estado de abandono) e dos matos de uceiras e xenistas. Finalmente, e de xeito marxinal, existe unhas reducidas manchas categorizadas como de "uso xeral", que se corresponden cos entornos dos encoros que abrangue a superficie protexida.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No territorio da ZEC Pena Trevinca actualmente existen outras figuras de protección. A máis destacada é a xa mencionada ZEPA Pena Trevinca, que, malia compartir nome e facer parte tamén da Rede Natura 2000, cobre unha superficie algo menor (22.511 ha). Xunto coa ZEPA da Limia, foi declarada uns anos máis tarde que o resto de espazos protexidos da Rede Natura 2000 de Galiza (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, 2008).

Finalmente tamén se definiron, ao abeiro da aprobación do Catálogo das Paisaxes de Galicia, tres AEIP. A Cántara da Moura é a máis pequena de todas, pois comprende menos de 18 ha, ao redor dunha cova e fervenza asociadas a unha extensa tradición oral. A segunda destas áreas é o Val do Río Xares, un dos vales glaciares do macizo e de 480 ha. Finalmente definiuse unha área baixo o nome de Pena Trevinca, pero de menor extensión que a ZEC, circunscrita á zona de maior altitude do macizo, cunhas 10.300 ha de alta montaña.

3.2.2 ZEC Monte Pindo

A ZEC Carnota-Monte Pindo comprende 4.673 ha, das cales aproximadamente a metade se corresponden coa montaña propiamente dita, e a outra metade co areal e lagoa de Carnota (Figura 13). O perímetro de protección evita claramente a inclusión dos núcleos de poboación que rodean o monte, coa única excepción da pequena aldea de San Cibrán (hoxe un complexo de turismo rural) e un feixe de casas diseminadas a carón da estrada AC-550.

A declaración do lugar como espazo protexido tivo unha primeira fase en 1999 cando se declararon provisionalmente como ZEPVN todos os lugares nominados pola Xunta de Galiza para seren LIC cando a Comisión Europea así o aprobase (Consellería de Medio Ambiente, 1999). A subseguinte aprobación comunitaria chegaría de man da Comisión Europea (2004), a partir da *Decisión de la Comisión, del 7 de diciembre de 2004, por la que se aprueba la lista de lugares de importancia comunitaria de la región biogeográfica atlántica*. Finalmente, completaríase o proceso dez anos máis tarde coa conversión de todos os LIC en ZEC, referendada co *Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia*.

Como no caso de Pena Trevinca, o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galiza tamén debía determinar unha zonificación interna da ZEC en tres sectores. Na práctica, neste espazo protexido só existen dous: a zona de protección e a zona de conservación. A ausencia de delimitación de áreas de uso xeral pode estar relacionada coa deliberada exclusión dos núcleos de poboación antes mencionada, se ben segue a ser chocante tendo en conta que gran parte das agras circundantes aos maiores asentamentos do concello de Carnota están dentro do perímetro de protección de maior nivel de restrición.

Por unha banda, a distribución da "área de protección" comprende os espazos dunares e as dúas pequenas illas Lobeiras, que se atopan a menos dun quilómetro da costa, diante mesmo da aldea do Pindo. Pola outra, a "área de conservación" inclúe as terras de cultivo en proceso de abandono, o Monte Pindo e os Montes de Buxantes, no estremo norte da ZEC.

3.3 ASPECTOS FÍSICOS

Neste apartado achegamos unha síntese dos principais rasgos xeomorfolóxicos e bioxeográficos da paisaxe de Pena Trevinca e do Monte Pindo. Detémonos especialmente en tres argumentos

centrais na protección das montañas: a influencia dos procesos glaciares e/ou periglaciares no relevo, a diversidade de formas graníticas e a distribución das principais especies vexetais que marcan a singularidade de ambas montañas. Con frecuencia estes temas son abordados baixo a categoría xenérica de patrimonio natural, concepto revisado criticamente no capítulo teórico.

Nunha comparativa preliminar xorden factores diferenciais que cómpre destacar antes de abordar cada área de estudo por separado. Para comezar, o contraste físico máis aparente entre as dúas áreas de estudo é a altitude dos seus cumios. O punto culminante de Pena Trevinca acada os 2.127 m, mentres que a Laxe da Moa queda nos 629 m. Tendo en conta que a posición latitudinal de ambas é case a mesma, será a distancia da costa da primeira e a proximidade do Monte Pindo ao mar o factor que remate de definir as condicións climáticas de cada unha (Martínez Cortizas e Pérez Alberti, 1999). Por unha banda temos un macizo de alta montaña cun clima oceánico lixeiramente continentalizado, a causa das barreiras oroxénicas que fan diminuír a influencia dos ventos atlánticos. Pola outra, o da Costa da Morte é un clima hiperoceánico moi chuvioso (Rodríguez Guitián e Ramil, 2007) e con forte influencia das borrascas que chegan do Atlántico. Só en Pena Trevinca neva con frecuencia, concretamente desde novembro e até ben avanzada a primavera.

3.3.1 Caracterización física da alta montaña de Pena Trevinca

Sobre a consideración de Pena Trevinca como área de alta montaña existen motivos favorables, pero tamén para a dúbida. Neste subapartado apuntaremos dous: a influencia do glaciarismo no relevo actual e a existencia dunha hipotética timberline de vexetación alpina. Ambos vense inevitablemente influídos pola altitude, que chega puntualmente a superar a cota do 2.000 m.

3.3.1.1 O impacto do glaciarismo sobre un macizo hercínico

Para comezar, o territorio estudado presenta certa diversidade interna en canto á súa xeoloxía. A partir dos datos dispoñibles na cartografía elaborada polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME), identifícanse en Trevinca tres grandes sectores desde un punto de vista da composición dos materiais. Ao norte dominan os materiais metamórficos, principalmente a lousa precámbrica, con presenza de xistos. Na zona ao sur da Serra do Eixe, pola contra, mestúranse as bandas de cuarcitas e xistos *ollo de sapo* precámbricos cos granidoites hercínicos.

En canto ás formas do relevo, a influencia do glaciarismo no pasado fica en evidencia cos grandes vales en forma de maseira ou *U* transversal (Figura 15), que, aínda hoxe, claramente debuxan os ríos Xares, Bibei e, quizais o máis espectacular pola súa amplitude: o Tera. Todos eles realizaron unha mobilización de materiais de proporcións considerables, pois chegaron a máis de 450 m de espesor (Pérez Alberti e Gómez Pazo, 2023).

En segundo lugar poden apreciarse fosilizadas outro tipo de formas glaciares máis pequenas, como morenas, circos e crestas. Todas elas foron produto de períodos nos que a masa de xeo avanzou e retrocedeu, até que hai 11.000 anos desapareceu por completo (Pérez Alberti e Gómez Pazo, 2023). Asociadas aos procesos glaciares atopamos finalmente as lagoas, que están ben representadas tanto na vertente galega (Lagoa da Serpe, Lagoa de Ocelo) e, sobre todo, atópanse na zamorana (conxunto de lagoas da Serra Segundeira).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 14. Vista do Fial, pico arredondado onde predominan as herbáceas e pequenas arbustivas, arredor dos 1.800 m de altura

Fotografía: autoría propia (26/2/2022)

3.3.1.2 Unha vexetación subalpina e mediterránea

Segundo a clasificación empregada para a declaración de Pena Trevinca como espazo protexido (Figura 2), este lugar encádrase enteiramente na rexión bioxeográfica mediterránea[11]. En xeral, todo o sector oriental ourensán está definido baixo esta etiqueta, incluído o sector máis alto destas montañas. Este criterio restritivo segundo o cal a rexión bioxeográfica alpina só está representada no Estado español polos Pireneos é herdeira das delimitacións bioclimáticas formuladas en Rivas (1987) e máis recentemente foi posta en cautela por non representar a diversidade de expresións da vexetación alpina e eurosiberiana (Paül *et al.*, 2018; Frolova, 2002). O encadramento termófilo posicionaría Trevinca máis próxima do ideal de media montaña mediterránea que do modelo alpino. En cambio, desde unha perspectiva inclusiva, existen motivos para matizar os estritos criterios que limitan o fenómeno alpino a unhas poucas montañas de Europa.

Para comezar, non é tan clara a filiación puramente mediterránea de Pena Trevinca, pois Mouriño *et al*. (2004) afirman que nestas montañas se atopa máis ben unha confluencia entre a rexión eurosiberiana e a mediterránea. Isto pode contrastarse na análise da distribución altitudinal da vexetación potencial realizada por Paül *et al.* (2018: 182), que propón un perfil

[11] De acordo coas rexións bioxeográficas marcadas pola EEA. Dispoñible en: <https://natura2000.eea.europa.eu/> [Consultado o 6/4/2024]

con seis piso de vexetación, no que os niveis basais son propios da rexión mediterránea e os culminantes están máis próximos dos ambientes alpinos.

En segundo lugar, a existencia de atributos subalpinos implica que falemos de Pena Trevinca como alta montaña, cando menos naqueles terreos por riba dos 1.800 ou 2.000 m. Deste modo resulta oportuno tratarmos dilucidar se esa vexetación exposta a temperaturas extremas é realmente subalpina. Sen existir un consenso total na materia, si que é habitual falar do comezo da alta montaña a partir do límite superior do bosque ou *timberline* (Paül *et al*., 2018; CIMA, 2005). Sen dúbida a presenza significativa do xenebreiro rastreiro (*Juniperus communis* ssp. *alpina)* ben documentada a partir dos 1.800 m de altitude por Paül *et al.* (2018) sería un argumento para, cando menos, soster o carácter subalpino do sector máis alto do macizo.

> Trevinca reúne características homologables a la alta montaña europea. (Paül *et al*., 2018: 196)
>
> Pena Trevinca está cualificada como o mellor ecosistema subalpino de Galicia. (Xunta de Galicia, 2016a: 21)

Figura 15. Vista do val alto do Bibei, onde deixaron a súa pegada o glaciarismo cuaternario e mais a gandaría secular

Fotografía: autoría propia (6-10-2017)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na definición dun ecosistema subalpino a partir do *timberline* cómpre manter certas precaucións, pois a práctica inexistencia de formacións arbóreas a partir dos 1.500 m e a predominancia das arbustivas e herbáceas (Figura 14) ―que son o clásico factor de diferenciación do piso subalpino― en todo o macizo pode dar lugar a equívocos. En verdade existe unha omnipresencia das uceiras e das xestas, pero estas non son, nin moito menos, a vexetación potencial (Paül *et al*., 2018), senón máis ben resultan do manexo secular do monte. O pasto dos animais e os incendios controlados e periódicos mantiveron até hoxe unha imaxe máis espida do que se lle presumiría a estas terras.

> Los prados de altura parecen alpinos, pero cabe insistir que se trata de formaciones secundarias favorecidas por el ser humano. Si los incendios remitiesen y la carga ganadera se redujese, excepto en lugares concretos, serían colonizados por matorrales e incluso por árboles. (Paül *et al*., 2018: 182)

A excepción ao panorama desolado da alta montaña de Trevinca atopámolo nas pequenas formacións forestais de ribeira que cobren os fondos dos vales. O exemplo máis sobranceiro destes últimos é o Teixadal de Casaio, un caso singular pola alta concentración de teixos (*Taxus baccata*), produto moi probablemente dunha selección intencional das comunidades locais durante moitos anos (Paül *et al*., 2018).

Xa fóra das beiras dos ríos, e a unha altura menor, cómpre mencionar amplas superficies cubertas de cerquiño ou rebolo (*Quercus pyrenaica*) no sector sur da ZEC. Finalmente, e xa produto dunha repoboación forestal do século XX, atopamos a grande masa de piñeiros que cobre boa parte da Serra do Eixe.

3.3.2 Un gran penedo granítico na costa galega

3.3.2.1 O protagonismo do granito

O macizo do Monte Pindo presenta unha ampla diversidade de formas graníticas resultado da combinación dunha estrutura inzada de descontinuidades (diaclasas) e da súa exposición na superficie terrestre durante 200 millóns de anos (Vidal Romaní e Grandal, 2016). A composición xeolóxica é relativamente homoxénea (IGME, 1981), formada principalmente por granodioritas migmatíticas tardías do período Hercínico Superior. Nelas predomina a biotita; en clásica combinación co xisto, o feldespato potásico e a plaxioclasa. Esta granodiorita non presenta deformacións e atópase en formas circulares que determina as formas resultantes da erosión. En función da composición desta rocha distínguense dous sectores no Monte Pindo: un no norte e outro no sur do macizo (Costa Casais *et al.*, 2015) diferenciados principalmente pola presenza de moscovita na metade meridional. Todos estes granitos destacan por unha cor rosa e un gran medio/groso que lle confiren un aspecto certamente característico durante o día.

A configuración actual do relevo débese á afección da tectónica tardía do período Hercínico, que creou fracturas na rocha e facilitou o traballo dos posteriores procesos de meteorización física e química. Como resultado máis evidente, atópase unha rede de xuntas verticais e bloques (Costa Casais *et al*., 2015) que aínda hoxe abrollan de xeito ubicuo en todo o macizo. De entre as diversas formas que adoptan (Figuras 16 e 17), Vidal Romaní e Grandal (2016) destacan as producidas por exfoliación, pois resultan nos grandes domos que presiden a imaxe do Monte Pindo; é o caso da Laxe da Moa ou do Penafiel.

USC SANTIAGO

Figura 17. Formas graníticas acasteladas, características do Monte Pindo (vista I)



Figura 16. Formas graníticas acasteladas, características do Monte Pindo (vista II)



Fotografías: autoría propia (6-3-2021)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Outras formas significativas do macizo, non tanto polo seu tamaño senón pola súa morfoloxía, son os *tafoni* e as pías. Uns e outras presentan a rocha granítica con formas alveolares ou en pequenas cacholas. Estas microformas son controvertidas (Vidal Romaní e Grandal, 2016), pois non está claro se se forman no interior da terra (endóxenas) ou pola acción da auga e o vento en superficie. Tamén reciben especial atención as covas graníticas (Figura 18), inzadas por todo o macizo, moitas delas xa ocultas pola vexetación ou pola colmatación dos sedimentos arrastrados pola escorrentía.

Figura 18. As inusuais covas graníticas como esta no Campo das Cortes, preto do cumio, son, porén, frecuentes no Monte Pindo. Moitas delas atópanse agochadas entre a vexetación. No pasado existía un gran coñecemento de cada unha delas nas comunidades locais, pois todas tiñan o seu nome e desde séculos atrás foron empregadas con diversos usos, mesmo como refuxio dos fuxidos da Guerra Civil e dos pastores até hai só unhas décadas

Fotografía: autoría propia (9-9-2023)

No tocante ao glaciarismo, como forma de moldeado por excelencia no imaxinario da montaña, esta área ten unhas condicións ben distintas a Trevinca. Segundo Vidal Romaní e Grandal (2016) a oroxénese do Monte Pindo viuse afectada posteriormente polo periglaciarismo, mais non polo glaciarismo en sentido estrito, pois non acadou os 1.000 m que se xulga a altitude necesaria para que durante os últimos períodos glaciares se tivesen desenvolvido masas de xeo permanentes nesta latitude (Sanjurjo *et al*., 2009). Como resultado aprécianse zonas de acumulación de material afectado no pasado por xelifracción, nalgúns casos bloques de grandes dimensións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.2.2 Un caso especial dentro das carballeiras termófilas galaico-portuguesas.

O Monte Pindo encádrase na rexión bioxeográfica atlántica[12], de acordo coa clasificación de referencia para a designación dentro da Rede Natura 2000. Desde logo, a influencia marítima é evidente, pois atópase a carón do Océano Atlántico, nunha posición fortemente afectada pola circulación de aire que trae a maioría das borrascas a Galiza. Nese sentido, a vexetación presente está influenciada polos fortes ventos que sopran boa parte do ano e polo aporte de salinidade da auga do mar, naqueles sectores máis próximos á ribeira.

Figura 19. Ortofotografía do Monte Pindo, na que destaca o macizo granítico case espido, así como a grande masa de auga do encoro de Santa Uxía, na parte nororiental do mapa.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGN-CNIG

Esta concorrencia de factores facilita que entre as comunidades vexetais documentadas no Monte Pindo se atopen algunhas máis propias dos matos halófilos tanto mediterráneos como atlánticos, así como queirogais propios das ladeiras rochosas con pouco desenvolvemento dos solos e mesmo brañas de altura, activas debido ás frecuentes néboas do sector máis elevado da montaña. Nos sectores máis próximos á costa e, especialmente no ambiente dunar de Carnota, pódense apreciar especies esclerófilas da serie *Cisto-Lavenduletalia*.

[12] De acordo coas rexións bioxeográficas marcadas pola EEA. Dispoñible en: <https://natura2000.eea.europa.eu/> [Consultado o 6/4/2024)

Entre as especies destaca o carballo anano ou *Quercus lusitanica*, que é unha fagácea de porte arbustivo, moi diferente do resto de especies do seu xénero pois raramente sobrepasa os 1,5 m. No Monte Pindo medra nas ladeiras meridionais de solleira até os 330 m, entre aquelas fendas das laxes onde pode desenvolver un mínimo substrato e abrigarse dos fortes ventos que adoitan soprar neste exposto macizo (Amigo e Romero, 2018). A atención que esperta vén determinada pola rareza da súa presenza en Galiza, pois a orixe e difusión desta especie están moi localizadas na Península Ibérica —entre as rexións portuguesas do Centro e do Algarve e no estremo suroccidental de Andalucía—, e en Marrocos. De feito, representa a única localidade documentada ao norte de Coímbra, o que motivou a loita da organización ecoloxista ADEGA (2008) até conseguir a súa inclusión no Catálogo Galego de Especies Ameazadas en 2011.

Outras especies presentes no macizo derivan do abandono dos pasteiros nas zonas elevadas —tras a repoboación forestal executada desde os anos 1950— e dos campos de cultivo na orla costeira. Os sucesivos incendios que azoutan o monte, máis virulentos desde que se activaron os procesos de abandono da terra, tamén condicionan o desenvolvemento da vexetación. Domina, en consecuencia, a vexetación arbustiva esclerófila, con pequenas formacións de eucalipto e de piñeiro a expandirse desde as zonas máis abrigadas onde se desenvolve o solo coa profundidade suficiente.

3.4 ASPECTOS HUMANOS

No capítulo segundo desta tese de doutoramentosusténtase que moito do que se considera natural nas dúas áreas de estudo é froito, en gran medida, da acción humana sobre os respectivos territorios. Por iso, propoñemos agora centrarnos nesta segunda dimensión como xeito de conectar ambas esferas —natural e humana— é dicir, os dous clásicos achegamentos á paisaxe. Para facelo posible abordamos en orde diacrónica aspectos relacionados coas actividades económicas, os sistemas agrogandeiros e a poboación. Tamén reflectimos aquí os principais impactos que teñen lugar a día de hoxe: a minaría, a industria enerxética e os incendios forestais.

3.4.1 Do protagonismo gandeiro ao extractivismo no teito de Galiza

3.4.1.1 O sistema agrogandeiro tradicional

A presenza de milleiros de cabezas de gando vacún, ovino e caprino nos montes de Pena Trevinca está ben documentada até os anos de 1960 (Paül *et al.*, 2018). De feito, as evidencias documentais dunha importante actividade agrogandeira retrotráense até cando menos o século XIII (Boullón e Monteagudo, 2009), vinculadas a intercambios de bens entre unha muller de Viloira (O Barco de Valdeorras) e o mosteiro de San Martín de Castañeda (Galende). É salientable que en tan afastadas datas xa houbese constancia de relacións cotiás entre localidades distantes uns 50 km entre si e con toda a montaña de Pena Trevinca entre elas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 20. Vista parcial da aldea da Ponte, cunha proporción considerable de inmobles en ruínas

Fotografía: autoría propia (26/2/2022)

Figura 21. Vista parcial da aldea de Xares, cunha proporción considerable de inmobles en ruínas

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Fotografía: autoría propia (27/4/2023)

Unha boa parte desa cabana foi de transhumancia, e tivo reservados os pastos das zonas máis altas. Cada ano chegaban desde Castela e Estremadura en período estival aproveitando a herba verde que abrollaba ante a ausencia de neve, previo pagamento dos correspondentes arrendamentos, como constata o Catastro do Marqués da Ensenada realizado entre 1749 e 1759.

A importancia da actividade pastoril evidénciase tamén co abundante patrimonio gandeiro construído na montaña. Nas zonas de abrigo do sector máis alto aínda hoxe pode documentarse un gran número de malladas nas que se protexía o gando e as persoas que o coidaban; segundo as contas de Paül *et al*. (2018), a documentación cita aproximadamente 200 destas estruturas ao redor do século XVI. Tamén sobreviven algúns exemplos de alvarizas ou *oseiras*, onde se resgardaba a produción apícola nun momento no que estaba documentada a presenza da especie máis emblemática da montaña cantábrica: *Ursus arctos*.

A presión gandeira e as relacións sociais a un e outro lado da montaña non deixan de ser síntomas dun alto grao de ocupación humana do lugar. As comunidades de montaña que habitaban estas terras facían fronte tanto a unhas condicións climáticas duras que deixaban pouca marxe para a agricultura como á ameaza constante de especies que podían causar dano nas súas fráxiles economías de subsistencia.

> Las montañas que dijimos, circundan la hondonada en que se halla el pueblo [Xares], son ramificaciones ó estribos de Pena Trevinca y forman una e[x]tension fragosa, que merece el nombre de desierto, donde abundan todos los animales montaraces que se conocen en la Península, como lobos, osos, ja[b]alies, garduñas, zorras, gatos monteses. De aqui que el TERRENO es poco llano, pero bastante fértil, especialmente en las orillas del espresado r. Casoyo ó Casayo. (Madoz, 1847: VI, 57)

Segundo o *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico* de Madoz (1847) os montes da parroquia de Casaio (Carballeda de Valdeorras) consistían nunha "extensión fragosa" —adxectivo este último que no sur de Galiza é sinónimo de pedregal (Fernández Rei *et al*., 2006)— dando a entender que cando menos nesa vertente norte do macizo había un nivel mínimo de superficie forestada. A identificación deste lugar cun "deserto" habitado por multitude de especies animais consideradas propias das montañas xera maiores interrogantes, abrindo dúas posibles interpretacións: a máis probable seguramente sexa a apuntada por Paül *et al*. (2018), que se refira á ausencia de vexetación de porte arbóreo. Pero non se pode chegar a descartar que se refira a un deserto verde apartado do ser humano, facendo referencia a algún dos apartados bosques que, neste sector de Trevinca, teñen certa entidade mítica, caso do Teixadal de Casaio ou do Foio Castaño.

Sexa como for, desde a segunda metade do século XIX iniciouse unha crise do sistema produtivo de montaña que se acabaría de constatar no século XX coa emigración masiva da poboación local e o abandono case total das actividade agrogandeiras (Figuras 20 e 21). Esta crise tivo varios factores decisivos e similares para toda a montaña galega, como apuntan Cabana e Pérez Fra (2013). Por un lado o prolongado proceso de desmantelamento dos señoríos xurisdicionais (Paül *et al*., 2018) como forma de estruturar o territorio, que non viñeron substituídos polo control efectivo do territorio por parte dun Estado máis ben débil. Por outro lado, o esgotamento das prácticas de pastoreo tradicional comunitario, que requirían unha vasta base territorial para sustentar comunidades locais cada vez máis grandes (Abraira e Vázquez Varela, 2003).

USC DE SANTIAGO

Dentro deste escenario, na primeira década do século XX, chega a estas montañas o empresario belga Edgar D`Hoore, apercibido polos estudos previos realizados polo xeólogo alemán Schulz (1837), que advertían da presenza do mineral de volframio (Gurriarán Rodríguez, 2000). Este mineral era moi cobizado no contexto da crecente militarización de Europa previa ás grandes guerras, e foino aínda máis durante o seu desenvolvemento. Estes estudos xeolóxicos previos á implantación destas explotacións favoreceron tamén as primeiras incursións referenciais para o montañismo que se desenvolvería uns anos despois.

Figura 22. Ortofotografía do sector ao norte do ZEC Pena Trevinca. Nela poden observarse as extensas minas a ceo aberto que se estenden polo concello de Carballeda de Valdeorras e que, nalgún caso, ultrapasan os límites do espazo protexido.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGN-CNIG

3.4.1.2 Do despoboamento aos novos impactos do extractivismo

As montañas de Trevinca están hoxe en día moi escasamente poboadas, con algunhas parroquias con menos dunha ducia de habitantes (Figura 22) e uns concellos coas densidades máis baixas de todo o territorio galego (menos de 10 hab./km^2). No caso do concello da Veiga esa cifra chega aos 3,12 hab./km^2, un verdadeiro deserto demográfico á altura das cifras de Islandia, ou, por citar exemplos máis próximos, inferior a moitos dos concellos da alta montaña cantábrica e pirenaica.

Táboa 8. Variación de poboación desde 1900 (Pena Trevinca)

CONCELLO	1900	2000	2023	DIF. PORCENTUAL (1900-2023)
Bolo, O	5.328	1.432	806	-85%
Carballeda de Valdeorras	4.114	2.313	1.373	-67%
Manzaneda	3.381	1.264	832	-75%
Veiga, A	7.251	1.446	925	-87%
Viana do Bolo	8.326	4.089	2.750	-67%

Fonte: INE

Isto contrasta cun pasado relativamente recente —as cifras comezaron a descender de forma drástica a partir da década de 1960 (Táboa 8)—, no que os asentamentos máis pequenos da área de estudo superaban cada un o centenar de habitantes. A caída do sistema económico fundamentalmente gandeiro está detrás deste cambio substancial (Paül *et al*., 2018). A única excepción a este fenómeno xeneralizado está no concello de Carballeda de Valdeorras e, máis concretamente, na parroquia de Casaio, que actúa como centro da área de explotacións mineiras de lousa desde, precisamente, os anos 1960 e 1970.

Figura 23. Evolución da poboación nas parroquias dos concellos da área de estudo de Pena Trevinca entre os anos 2000 e 2023



Elaboración propia a partir de datos do INE e do IGN

En toda a bacía do río Casoio, así como na do río Cabreira, desenvolveuse desde hai uns 50 anos un complexo de minaría a ceo aberto. A explotación da lousa inzou a paisaxe ao norte de Pena Trevinca de entullos, desmontes e grandes naves (Figuras 23 e 24). As augas que baixan desde a alta montaña acaban encoradas en múltiples balsas nas que se mesturan cos minerais expostos. Basta unha simple ollada ás ortofotografías para comprobar como algunha das montañas de material desbotado invaden parcialmente o perímetro de protección.

Figura 24. Entulleiras de lousa en Alto do Campo, con grandes acumulacións e ausencia aparente de xestión. Localízanse xusto no límite da ZEC Pena Trevinca, invadindo o camiño que conduce aos cumios de Pena Trevinca a través da Portela de Portas.



Fotografía: autoría propia (20/3/2021)

O desenvolvemento doutras actividades produtivas vencelladas ao sistema agrogandeiro ou ao turismo é aínda dunha escala máis ben modesta. Polo tanto, non se formulou unha alternativa real en termos de xeración de postos de traballo e rendas que compense o protagonismo da industria louseira. As carencias en termos de planificación desta actividade extractiva, de competencia autonómica, fanse tamén evidentes ante os múltiples conflitos entre empresas mineiras e comunidades de montes[13].

[13] Desde hai décadas están activos conflitos xudiciais entres algunhas comunidades de montes (propietarias dos predios) e empresas do sector da lousa (arrendatarias) a causa dos baixos rendementos que obteñen as primeiras da ocupación e explotación das súas propiedades. Estiman que os seus ingresos son moi inferiores ao impacto

3.4.2 Aspectos humanos do Monte Pindo

3.4.2.1 A perda de poboación e o retroceso das actividades primarias

As cifras de poboación nos catro concellos con superficie da ZEC Carnota-Monte Pindo amosan en tres deles unha perda significativa de poboación, sobre todo se comparamos os últimos datos dispoñibles cos números do ano 2000. En liña coa tónica habitual na Costa da Morte, o fenómeno veuse acentuando nas últimas décadas. Esta é unha diferenza notable en comparación co visto nas montañas de Trevinca, onde o descenso foi máis temperán e especialmente agudo nas décadas de 1960 e 1970.

A excepción á dinámica regresiva atópase no concello de Cee, que posúe ―dito sexa de paso― unha superficie marxinal do espazo protexido en cuestión. Nel localízase a vila homónima que exerce como cabeceira comarcal, cos principais servizos públicos (hospital, porto de mercadorías, instalacións deportivas, etc.) e comerciais (centro comercial, cinema, etc.). A súa evolución demográfica diferencial en relación co resto da bisbarra (Táboa 9) pode explicarse polo efecto tractor que tivo nas últimas décadas o desenvolvemento deses equipamentos, que favoreceu a concentración da poboación das parroquias rurais do resto da comarca nesa mesma vila na que están censadas por volta de 5.000 persoas. Aínda así, o crecemento moderado do concello ceés non está a compensar o afundimento de Dumbría, Mazaricos e Carnota.

Táboa 9. Variación de poboación desde 1900 (Monte Pindo)

CONCELLO	1900	2000	2023	DIF. PORCENTUAL(1900-2023)
Carnota	5.675	5.645	3.815	-33%
Cee	4.396	7.364	7.660	74%
Dumbría	3.752	4.529	2.856	-24%
Mazaricos	6.555	6.185	3.737	-43%

Fonte: INE

No tocante ás parroquias directamente afectadas polo perímetro da ZEC (Figura 25), podemos comprobar nos datos do padrón do INE como o proceso de perda de poboación agudízase. O caso paradigmático é Arcos, pertencente a Mazaricos e que linda polo leste co Monte Pindo. Perdeu máis do 50 % da súa poboación en dúas décadas. Algo menos alarmantes son os números das parroquias próximas ao mar, mais tamén rexistran un descenso por volta do 40%, como é o caso de San Mamede, Pindo, Buxantes ou Ézaro.

desta actividade industrial, polo que ameazaron con desaloxar as mineiras. A Xunta de Galiza ten actuado de mediadora, como administración competente na materia, mais posicionouse de parte das compañías ao tramitar un expediente de expropiación alegando, entre outras razóns, o impacto positivo que ten a actividade na economía da comarca de Valdeorras. O problema resoou nas vilas máis grandes e afastadas da montaña, onde viven gran parte dos traballadores das minas, os cales poderían perder o seu emprego se os empresarios deciden fechar as explotacións tras seren desafiuzados (*Nós Diario*, 21/9/2023).

Figura 25. Evolución da poboación nas parroquias dos concellos da área de estudo de Monte Pindo entre os anos 2000 e 2023



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e do IGN

O Monte Pindo foi tradicionalmente un lugar de paso para moitos dos veciños da vila do Pindo e as aldeas adxacentes. A relación das poboacións ao redor do monte era moi intensa dende antigo, como testemuñan preitos polo uso das terras comunais xa no século XVIII (García Quintáns e García Centeno, 2022). Mais a carretaxe dos excedentes agrarios e do peixe para intercambiar nos mercados próximos por bens de primeira necesidade foi unha práctica que se prolongou até ben avanzado o século XX. Esta era unha actividade especialmente feminizada, na que as mulleres do mariñeiros porteaban durante quilómetros de penosos sendeiros para evitar o rodeo pola liña de costa.

Especialmente relevante para aldeas como Caldebarcos ou Quilmas era a forza motriz da auga que percorría as abas da montaña. Os regueiros, moitos deles secos no verán, estaban inzados de muíños que moían o gran cultivado na franxa de terreo cultivable entre a liña de costa e o comezo do Pedregal. Como na maioría de montes do sistema agrario galego tradicional (Bouhier, 1979), o estrume permitía a fertilización de terras que, por outra banda, aquí eran moi escasas e estaban moi expostas á erosión.

Xa en cotas superiores, os pastos que medraban nos reducidos relanzos do Pindo servían de sustento para unha extensa cabana gandeira. Como constataba xa o Catastro da Ensenada de 1753 (García Quintáns e García Lamela, 2022), en San Mamede de Carnota había 1.143 cabras

e 2.919 ovellas. Esta parroquia abranguía naquela altura gran parte do monte, pois a parroquia do Pindo non foi creada até 1913

3.4.2.2 A recorrencia dos incendios nas últimas décadas

A política forestal emprendida polo franquismo a mediados do século XX tivo graves consecuencias nas décadas seguintes. Ao igual que en Trevinca, tense documentado a recorrencia do lume no macizo de Monte Pindo, con grandes incendios, cando menos, cada década. Os datos dispoñibles na Estatística Xeral de Incendios Forestais desde os anos 1970, aínda que cun nivel de desagregación de Distrito Forestal, apuntan que na área de estudo sucedéronse incendios que arrasaron case todo o macizo nos anos 1989, 2000, 2005 e 2013. Xa ampliando á escala galega, son destacables os datos que publica a Xunta de Galiza no seu Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, pois ofréceos en función dos espazos protexidos, como se observa na Táboa 10.

Entre os días 11 e 15 de setembro de 2013 produciuse un incendio que calcinou 2.166 ha, a práctica totalidade desa superficie dentro do perímetro de protección da Rede Natura 2000 e, máis concretamente, no sector do Monte Pindo. De acordo cos cálculos realizados polo MAGRAMA (2013) naquel momento, computáronse 358 ha de arboredo afectado, mentres que case todo o demais foron arbustivas e herbáceas. Un estudo realizado *a posteriori* mediante teledetección (García Martínez e Pérez-Carballo, 2015) puido retratar como o lume avanzou sen atrancos polas pedregosas encostas co alento dun forte vento do nordés até consumir o 80% da cobertura vexetal.

Táboa 10. Superficies de Espazos Naturais Protexidos afectadas por incendios forestais en Galiza (2013-2024)

REDE NATURA 2000			
RÉXIME DE PROTECCIÓN	**Sup (ha)**	**Sup queimada**	**% Sup queimada (2014-2023)**
Zona de Especial Conservación (ZEC)	374.559,00	43.680,67	11,66%
Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA)	101.178,00	14.212,08	14,05%
TOTAL ESPAZOS PROTEXIDOS RN 2000	475.737,00	57.892,75	**12,17%**
REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS			
RÉXIME DE PROTECCIÓN	**Sup (ha)**	**Sup queimada**	**% Sup queimada (2014-2023)**
Parque Nacional	8.333,00	0,10	0,00%
Parque Natural	49.087,00	12.280,73	**25,02%**

Fonte: Xunta de Galiza[14]

A rexeneración do macizo parece estar a producirse de forma rápida, especialmente no caso dalgunhas arbustivas, pois nos meses posteriores ao incendio volveron abrollar con forza algunhas

[14] Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia. Dispoñible en: <mediorural.xunta.gal> [Consultado o 4/6/2024]

das especies máis asociadas ás series posteriores aos lumes en Galiza: o toxo —*Ulex europaeus*— e a xesta —*Cytisus scoparius*— (García Martínez e Pérez-Cabello, 2015). Porén, este fenómeno tamén comporta unha posible perda de biodiversidade, como reportou habitualmente a AMPPN.

3.5 CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

Para finalizar esta presentación dos dous casos de estudo proporemos unha introdución a algunhas das interpretacións en chave cultural que se desenvolveron en Pena Trevinca e no Monte Pindo. Ambos lugares comparten significados en clave de resistencia e de memoria, mais desenvolveron un mapa de actores sociais ben distinto. Aliás, incideremos na difusión do montañismo como factor de cambio no teito de Galiza e na influencia dalgúns dos primeiros testemuños escritos na configuración do Olimpo Celta.

3.5.1 Lugar de resistencia e berce do montañismo galego

En 1936 prodúcese o golpe de Estado executado por mandos militares contrarios á República, o cal sacode con dureza desde o primeiro día as comarcas ao redor de Pena Trevinca. O medo á represión dos sublevados obriga a moitas persoas significadas politicamente a se *botaren ao monte*, en principio sen maior organización que a axuda dalgúns veciños das aldeas máis afastadas dos núcleos urbanos principais: Casaio, Soutadoiro ou Pusmazán (Carballeda de Valdeorras), e Vilanova ou Meixide (A Veiga) Naquela altura estas eran unhas montañas moito máis poboadas e transitadas que hoxe (Táboa 8), mais o control estatal era limitado debido á precariedade dos accesos. Por este motivo, a Federación de Guerrillas de León-Galicia decide establecer en 1940 unha rede de campamentos na zona denominada *La Ciudad de la Selva*, nas inmediacións do Maluro (Tejerizo *et al*., 2020).

O colectivo de arqueoloxía social Sputnik Labrego desenvolveu un inxente traballo de campo e documentación ao redor das paisaxes da represión nos contrafortes de Pena Trevinca[15]. As súas investigacións confirman a existencia de até 18 campamentos dispersos, nos que se atopou material de uso diario, malia a destrución ordenada polos mandos da Garda Civil unha vez detidos os últimos combatentes en xullo de 1946. Foi este territorios, polo tanto, un dos últimos bastións da esquerda democrática en territorio peninsular.

Nos anos posteriores ao final da Guerra Civil tamén se produciron outras formas de represión na zona de Valdeorras. Persoas que destacaran publicamente pola súa defensa dos idearios democráticos, da defensa dos traballadores ou galeguistas sufriron diversos graos de represión. Entre os que se viron forzados ao exilio interior podemos contar unha figura esencial na difusión de Pena Trevinca como montaña: o médico e galeguista Gonzalo Gurriarán.

Nado no seo dunha familia desafogada do Barco, a relación desta co enxeñeiro belga D'Hoore (mencionado no subapartado 3.4.1) facilitará un achegamento científico e deportivo á montaña do noso protagonista (Paül *et al*., 2018). Ademais, a súa formación liberal no seo da Residencia de Estudiantes de Madrid, creada na órbita da Institución Libre de Enseñanza, de Madrid, propiciará o contacto de Gurriarán co primeiro montañismo das elites intelectuais da capital do Estado. Esa bagaxe axita a súa visibilidade pública, e tamén o posiciona despois do

[15] Na súa páxina web hai pendurados multitude de memorias técnicas relativas aos asentamentos de guerrilleiros, con información detallada das oitos excavacións realizadas. Dispoñible en: https://sputniklabrego.com/publicaciones-y-memorias/ [Consultado o 21/9/2023]

golpe de Estado como unha persoa sospeitosa de disidencia. A causa diso último sufriu unha atenta vixilancia por parte das autoridades, que só o toleraron pola súa posición de médico.

O exercicio da súa profesión en momentos de escaseza e, sobre todo, a súa gran habilidade para tecer contactos, permitíronlle constituír unha agrupación montañeira independente respecto das estruturas verticais falanxistas que dominaban os espazos de socialización na época: o Club Peña Trevinca. Montañeros de Galicia. Incluso foi alén, pois, coa súa capacidade de liderado, dotou de estrutura formal ao montañismo galego. En efecto, propiciou a creación dunha sección rexional dentro da federación española, sempre botando man de amizades que, a diferenza del, si podían formar parte das directivas.

O proxecto do Club Peña Trevinca comeza a mediados dos anos 1940 —o segundo máis antigo do país despois de Montañeiros Celtas (Vigo)— e destaca por ser o primeiro localizado a carón da alta montaña, na localidade do Barco de Valdeorras. O papel do seu fundador, como constata o seu propio fillo Ricardo Gurriarán na súa biografía (Paül *et al*., 2018), foi esencial. El mobilizou varios centos de socios, redactou un boletín periódico no que se difundía Pena Trevinca alén das fronteiras galegas, e mesmo organizou protestas en defensa do Lago de Seabra (Gurriarán, 2021), ao sur do macizo.

> Es en la temporada invernal cuando las pistas suaves y blancas del Carril, Jancianal o Circo del Tera -nuestra Concordia Platz- hacen resaltar los roquedos dentados del Penedo, las vertientes verticales de Peña Negra o del Foyo Grande o la verdosa superficie helada de lagunas y lagos que no olvidan su origen glaciar. Es en esa época cuando la Sierra es más bella. Por ello procuramos reunir aquí a los trevincos [socios do Club] en invierno, ya que en las otras estaciones pueden practicar el montañismo y la escalada enriscos y montes que les son más asequibles. Para los deportistas gallegos, Trevinca es el macizo de invierno. (Gurriarán, 1946: 2-3)

Paül *et al*. (2018: 191) falan de Gurriarán como "inventor" de Trevinca. Cando menos en termos montañeiros non hai dúbida que foi el quen a difundiu, pois non regateou esforzos en traer ao macizo a moitas dos principais figuras do momento. A súa visión da montaña era integral, pois a concibía como un todo, como fica claro nas súas constantes referencias a paraxes concretas desde Seabra até Valdeorras nos seus artigos publicados no Boletín do Club Peña Trevinca, publicado en edición facsimilar en Gurriarán (2021). Tamén estaba especialmente preocupado por xerar interese na poboación local, pois consideraba que só así se podería asentar o respecto pola natureza e o desenvolvemento económico e social desta zona que xa naquela altura comezaba a verse como illada. Porén, co paso dos anos, o impulso inicial de Trevinca como referente galego de montaña foi perdendo forza. A última batalla perdida por Gurriarán foi a instalación dunha estación de esquí no macizo de Manzaneda, en lugar do teito do país. Esa decisión política tomada a finais dos anos 1970, malia a insistencia de Gurriarán e o seu núcleo máis próximo, pareceu ser premonitoria dos anos que seguirían.

Pouco se mobilizou desde entón e durante uns 20 anos o nome de Trevinca, mesmo entre os círculos montañeiros. Tivo que chegar un novo impulso xa a mediados dos anos 1990, cando se instalaron na aldea de Vilanova (A Veiga) o montañeiro vigués Antonio Fernández Pena "Cholo" e deseguido o seu socio Marcos Pérez Rivas. Ambos foron artífices do "Trisquel", un proxecto que partía da idea dunha casa de turismo rural e acabou por crear un espazo de intercambio montañeiro e, pero tamén de encontro veciñal e de defensa da alta montaña galega.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 26. Logo da marca Trevinca-A Veiga, impulsado polo Concello da Veiga

Fotografía: autoría propia (27/4/2023)

Figura 27. Logo do xeodestino Trevinca-Valdeorras, impulsado pola Xunta de Galiza

XEODESTINO
Trevinca Valdeorras

Fonte: Xunta de Galiza

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O tecido asociativo que se organizou nas últimas dúas décadas, cunha media ducia de negocios turísticos e de hostalaría vencellados ao turismo de montaña conseguiu amplificar a idea de Trevinca como teito de Galiza. Mesmo se constituíu nos último anos un novo club de montañismo máis directamente relacionado coa montaña bautizado como "Montañas de Trevinca".

Esta reemerxencia de Trevinca, máis centrada no lado galego do macizo, e máis concretamente no concello veigués representa, segundo Paül et al. (2018), unha segunda invención do macizo vixente na actualidade. O proceso ben certamente reforzado polo extenso uso —en Paül *et al.* (2019b) chégase a falar de apropiación— que unha administración local veu facendo nos últimos anos da marca Trevinca-A Veiga (Figura 26). Creada con vontade eminentemente turística, a súa pegada deixouse notar na proliferación de negocios locais que empregan esa marca de forma máis ou menos constante. Pouco despois, no marco das estratexia de turismo do goberno galego, tamén apareceu Trevinca como un dos 26 xeodestinos nos que Turismo de Galiza divide o territorio do país (Figura 27).

3.5.2 A acumulación simbólica do Monte Pindo

3.5.2.1 Os primeiros testemuños

O Monte Pindo en sentido estrito non ten confirmados restos de gravados prehistóricos, feito chocante ao atoparse rodeado por até 60 estacións de gravados rupestres (Cernadas, 2008), cunha espectacular aliñación de petróglifos en menos de 10 km nas ladeiras que descenden desde os montes de Carnota até o aral homónimo. No seu momento Barreiro Barral (1986), o

Figura 28. Dobre espiral reconstruída por Barreiro Barral

Fonte: Barreiro Barral (1986)

primeiro autor especializado no Monte Pindo, afirmou que atopara gravadas dúas espirais de apariencia inusual (Figura 28) nunha laxe que, posteriormente non foi quen de volver localizar debido ao crecemento da vexetación. Desde entón esta montaña foi arrasada polos incendios en varias ocasións, sen que en ningún momento se avistase o referido xacemento, o que fai deitar dúbidas sobre a súa propia existencia.

A día de hoxe non existe certeza de cal era o rol do monte naquel momento, aínda que se lle presupón relevancia debido á súa posición destacada e rodeada de restos megalíticos e castrexos. No entanto, García Quintáns e García Centeno (2022: 38) documentan a existencia doutro tipo de restos arqueolóxicos de difícil datación, a destacar un conxunto de aliñamentos de rochas a xeito de gran peche perimetral que denominan "Croa". Sorprende a súa potencia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

para delimitar ou resgardar un terreo onde non é posible a agricultura, pois rodea toda a Laxe da Moa cun valado de varios metro de ancho, e conta con até tres portas.

Do que si hai constancia documental é da existencia dun pequeno castelo no lugar coñecido como O Pedrullo, ao sur da Laxe da Moa. Este castelo aparece mencionado nun documento de excomuñón do arcebispo Xelmírez (García Quintáns e García Centeno, 2022), pois nel fora preso un dos seus homes de confianza. Foi, até a súa derruba a mans dos Irmandiños no século XV, un castelo roqueiro que servía máis como emprazamento de vixilancia militar que como residencia. Os seus supostos restos, ao sumo unha morea de pedras, pódense observar aínda hoxe.

3.5.2.2 Os textos do Padre Sarmiento e as reelaboracións posteriores

Aínda que algúns autores sosteñen que existiron referencias desde a Antigüidade a este monte, identificando derivadas do topónimo actual "Pindo" (Barreiro Barral, 1986), o certo é que as primeiras mencións expresas das que temos constancia documental datan do século XVIII. En 1724 aparece o *Compendio do Estado de Altamira*, redactado por José Isla de la Torre[16], preceptor dese condado no cal estaba englobada a área de estudo.

Pouco despois, nun preito de 1739 entre Domingo de Louro e Martín de Lamela, volverase mencionar o nome do monte como parte das declaracións obtidas ás testemuñas nun conflito polo control dos pastos do monte (García Quintáns e García Lamela, 2022). Seis anos despois atopamos na xenealoxía do Monte Pindo un primeiro fito significativo: unha breve descrición desta montaña realizada por Frei Martín Sarmiento en 1745, o máis brillante escritor ilustrado galego.

Os cadernos de viaxe que realiza Sarmiento a mediados do século XVIII resultan ser para o caso do Monte Pindo un elemento de gran valor xeográfico. Neles o bieito pontevedrés presenta unha meticulosa recompilación dos lugares polos que pasa. Malia que o seu propósito orixinal non era realizar descricións extensas, pois dispuña dun tempo moi limitado antes de volver ao mosteiro madrileño no que residiu boa parte da súa vida, ao final pódese adiviñar os lugares nos que ou ben se detén máis tempo, ou ben lle resultan máis rechamantes ao ilustrado (Pensado, 1972). O Monte Pindo é un deses escasos pasaxes onde se recrea máis (Figura 29), e mesmo se atreve a lanzar unha teoría sobre a orixe do topónimo do lugar:

> Engilde, aldea de Arcos inmediata a La Barca, al oriente, después de pasada.
>
> Desde un alto de Engilde, mirando por una encañada al poniente, hay una vista primorosa pues se ve de plano la villa de Finisterre, y todo el promontorio; a la derecha las caídas a la iglesia de Santa Eugenia del Ézaro: en el medio, o en la encañada, el sitio Cadoiro, o hacia donde se despeña el río Ézaro; y a la izquierda: la punta del monte Pindo, entre la cual, y la punta de La Piedra de la

[16] Foi elaborado co obxectivo de deixar constancia dos recursos económicos que podían ser de proveito para as recadacións tributarias xurisdicionais. No seu contido destaca unha descrición do territorio circundante á vila de Corcubión. O Monte Pindo é presentado como un lugar "celebrado", destacable no contexto da costa galega. Ademais tamén se deixaba entender que naquel momento cruzar o Monte Pindo era unha actividade de risco. Os forasteiros que o tivesen que atravesar precisaban o acompañamento de veciños do lugar —normalmente persoas pobres que obtiñan beneficios da actividade— que os orientasen e os escoltasen ante posibles perigos. Dispoñible en: <http://www.montepindo.gal/2013/02/como-era-o-monte-pindo-en-1724.html> [Consultado o 15/10/2023]

> Galera, en Santa Eugenia —que es la que, con la punta de Ce, hace la **(81 v.)** boca de la ría de Curcubión y Ce—, cae o se precipita el dicho río.
>
> No pude acercarme a ver cómo se despeña, pero pasé muy cerca del sitio, y me informé, que cae, no haciendo salto o catarata, sino precipitándose y haciendo como cascata y haciendo un pozo de inmensa profundidad, y peligroso y levantado uno como monte de espuma y polvoreda, pues el Ézaro lleva muchísima agua. Esto no obstante los marineros van hacia aquellos sitios, a pescar, y y echar «secadas» pero con reserva de acercarse al pozo y caída.
>
> Mirando desde el mismo lugarito de Engilde y al mediodía se ve de frente el monte Pindo, el cual no tanto es un monte empinado, sino como una sierra, cadena o retablo de montes unidos que hacen a la vista una figura más hermosa, que la montaña de **(82 r.)** Monserrate. De hecho le conviene admirablemente el nombre de Monte Pindo; y creo que será antiguo, y que se le habrá puesto a imitación del Pindo de la Grecia. (Sarmiento, 1975: 81)

Con frecuencia Sarmiento formula hipóteses que non sostén rotundamente pero que presenta como ideas a contrastar de cara ao futuro, coma esta relación co topónimo grego. Resulta de grande interese reproducir este fragmento, pois a súa influencia nas lecturas paisaxísticas posteriores do Monte Pindo será maiúscula. Non en van, segue a ser referido hoxe como este texto como a primeira referencia documentada deste lugar, malia que exista constancia de, cando menos, un documento unhas décadas anterior sobre o preito entre veciños das aldeas que bordean o monte (García Quintáns e García Centeno, 2022).

Figura 29. Vista do Monte Pindo desde o lugar de Enxilde, onde Sarmiento se detén a observar a silueta do macizo. Na actualidade alí existe un miradoiro habilitado e sinalizado. Na panorámica tamén destaca a lámina de auga do encoro construído nos anos de 1980 e a aldea do Fieiro, nunha aba arredondada xusto ao pé do Pedregal.

Fotografía: autoría propia (24/9/2022)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Representa a la vista uno como coro de las musas, representadas en nueve collados distintos y muy escarpados; y y en el medio se eleva sobre todas una montaña más alta como la Bicípite, o con dos collados. Atiéndase a la lámina que está al principio de las Obras de Quevedo, impresión de España, y que representa el Parnaso, y imagínese que aquella montaña pintada tiene con aquella altura doble extensión y se tendrá una idea del Pindo mirado desde Engilde.

A la derecha del que mira hay cinco collados, o cinco musas, y en la cumbre de uno de ellos, que representa una mámula o teta **(82 v.)**, y mira hacia el despeñadero del Ézaro, se eleva un antiguo edificio, y oí decir a un rústico, que era a imitación de la Torre de Hércules de La Coruña, y que había allí ruínas de edificios, jardines, calzadas, etc., todo de sillería. Acaso sería faro, y así se debía de registrar de más cerca.

El Pindo comienza con una punta en el mar en donde se precipita el Ézaro y va haciendo un círculo, o semicírculo, hasta meter la [otra] punta, que llaman Cal de Barcos, en el mar. Entre esta punta y la primera hay un arenal, o ensenadilla, en el Pindo, y allí la aldea de Panchés y Quilmas, la Currá. Entre el cabo dicho, o punta de Cal de Barcos y el cabo, o punta de Lira está el grandísimo arenal, que termina todo el valle de Carnota **(83 r.)**, en el cual hay la feligresía de San Mamed de Carnota, a quien pertenece el Pindo, y más al oriente Santa Comba de Carnota. Es común decir que los carnotanos o carnotans, así del valle como de sus montañas circunvecinas, son fuertísimos y de mucho valor.

El Pindo es del Marqués de la Sierra, y le tiene arrendado para pastos y le vale mucho. No hay lugar en él, sólo excelentes pastos, y buenas aguas. Dicen mil cosas de lo que hay dentro: que crece la yerba mucho de la noche para la mañana, que hay infinitas yerbas medicinales y muchas incógnitas, y que allí van a buscarlas algunos médicos; que dentro son frecundísimos los animales, y oí que algunos tiempos solían ir al Pindo los casados estériles e infecundos con el fin de tener sucesión, al modo **(83 v.)** que dije de la ermita de San Guillelmo en Finisterrre. Lo interior y exterior del Pindo (excepto los vallecitos y caídas) está escarpadísimo, y con unas altísimas peñas inaccesibles, y aún todo el Pindo no tiene más entrada que por un lado, y es por cerca del arenal de Carnota, pues en su circuíto, además de los nueve peñascos Musas, está coronado de peñascos menores que parecen almenas.

Desde Engilde pasé a Santiago de Arcos. Cima de Arca. Cornido. Canedo de San Mamed de Carnota. Mediodía, media legua. Pedra Figueira. Santa Comba de Carnota (feligresía).

[...]

Muros. Noche. Es un camino diabólico desde Curcubión, y, aunque echan cuatro leguas, son seis muy malas.

RODEO POR MAR

Pindo. Panchés en Pindo, arenal, punta de Cal de Barcos remate del Pindo. El gran arenal o foz de Carnota y el río que le entra es Larada. Punta de Lira o de los Miñarzos, porque allí está la feligresía de Lira, y la punta sube al monte del Facho o Faro, y más arriba al cruceiro del Monte de Carnota por donde pasé yo, y desde dónde se ve infinito mar, pues se ve la ría de Muros, (84 v.) el cabo Finisterre, el monte Louro y así, en el dicho crucero, se debía de poner el punto de visión para una descripción geográfica. (Sarmiento, 1975: 81-83)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 30. Percorrido realizado por Sarmiento bordeando o Monte Pindo en 1745

Fonte: Elaboración propia a partir de Sarmiento (1975) e de datos espaciais do INE

Como vemos, a descrición do percorrido é meticulosa e permite facer unha imaxe máis ou menos clara dos pasos dados polo intelectual (Figura 30). Resulta moi significativo o protagonismo que o autor concede á perspectiva desde un miradoiro privilexiado. A súa idea de significar un interese estético cara á paisaxe era francamente innovadora no seu momento.

Desde a pioneira achega de Sarmiento hai unha pequena ruptura no que atinxe ás referencias culturais ao Monte Pindo. Un rastrexo documental básico apunta algunhas mencións literarias, entre as que destaca unha presente nos Xogos Florais da Coruña (De la Iglesia, 1861), por ser das primeira publicacións en galego tras os Séculos Escuros. Nela pódense atopar alusións aos años ou *cabirtos* que corrían naqueles anos en moreas polo monte. Tamén se resalta o potencial poético dos penedos dunha montaña que está en contacto directo co mar.

Baixa Mayo lindo
Frorecend' uces e tojos
Pol-o monte Pindo
Con mil anjeliños roxos
E brincando irtos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Pol-os altos alí van
> Albiños cabirtos
> Que nos penedos se dan.
> O Ézaro en salto
> Dá na cima da montaña
> E cai dend'o alto
> No mar que ferbendo o apaña. [...]
> (de la Iglesia, 1861: 252)

Na obra de Madoz (1847) tamén aparecen mencións interesantes ao Monte Pindo, se ben desde un punto de vista máis descritivo. No caso da entrada correspondente á parroquia de San Mamede de Carnota menciona a fama que tería acadado xa naquela altura:

> El TERRENO es de buena calidad, aunque tiene muchos montes, que la rodean de peñascos inaccesibles, entre otros el famoso Pindo, que se eleva a 700 varas sobre el nivel de mar. (Madoz, 1847, II: 246)

Tras isto, e xa de cheo no século XX, cómpre subliñar a mención que lle dedica o insigne xeógrafo Otero Pedrayo (1928), quen ideou o alcume de *Olimpo Celta* para este lugar dentro da súa moi difundida obra *Guía de Galicia*. Existe constancia de dúas visitas que realizou o autor de Trasalba no marco das xeiras (xuntanzas de traballo) do Seminario de Estudos Galegos (Pastoriza, 2015), a primeira entidade de investigación autocentrada en Galiza e liquidada pola ditadura franquista tras 1936.

> Se le ha llamado uno de los Olimpos Célticos de Galicia y es, en verdad, uno de los más bellos montes litorales de ella. (Otero Pedrayo, 1928)

Sexa cal for a intención de Otero Pedrayo, o epíteto acabou calando como título simbólico e está a ser fortemente reivindicado nas accións que desenvolven as entidades defensoras dunha maior protección para o Monte Pindo. Mesmo se ten editado un libro monográfico de poemas sobre o *Olimpo Celta* (Fernández Naval, 2013), no que se constata a presenza de gran parte dos autores líricos galegos contemporáneos.

3.5.2.3 A tradición oral recente e os fuxidos

Desde o intre no que se produciu o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 algunhas das persoas dos concellos de Carnota, Mazaricos e Dumbría que non querían ser mobilizadas polo bando sublevado fuxiron aos penedos máis inhóspitos do Monte Pindo coa esperanza de permanecer neles até que o conflito acabase. Conforme avanzaron os meses, segundo informan

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os veciños[17], a situación desas persoas empeorou considerablemente (Lamela, 2009). Moitas delas refuxiáronse nas covas graníticas espalladas polo monte e sobreviviron durante meses grazas ás redes de axuda tecidas polas mulleres das localidades da contorna.

Porén, acabada a contenda, a partir de 1939, estas persoas acabaron por ser detidas, represaliadas ou, no mellor dos casos, lograron fuxir ao exilio. Foi desde ese momento que comezou outro capítulo relevante para a paisaxe do Monte Pindo: a expropiación do montes comunais. Tendo en conta que a práctica totalidade do monte estaba sen forestar, e a supervivencia do réxime ditatorial dependía da autarquía, decidiuse expropiar o monte e entregarllo á Administración Forestal Española. Esta última emprendeu a mediados dos anos 1950 unha repoboación masiva con especies madeirables como o piñeiro insigne, o eucalipto e, en menor medida, o piñeiro de Monterrei. A consecuencia máis traumática desta repoboación forestal forzosa foi a expulsión dos centos de cabras que habitaban este territorio. Os veciños das aldeas da contorna deberon vender as últimas cabezas de gando a finais dos anos 1950 e perderon un complemento económico de relevancia.

3.5.2.4 A Asociación Monte Pindo Parque Natural (AMPPN)

Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro e legalmente constituída na vila do Pindo o 17 de outubro de 2010 co obxectivo de conseguir a declaración do Monte Pindo como parque natural[18]. O grupo promotor da AMPPN estaba integrado fundamentalmente por veciñanza de Carnota e Dumbría, así como tamén algunhas persoas de concellos limítrofes. O primeiro obxectivo declarado era amosar o apoio da poboación local á proposta lanzada por ADEGA uns meses antes. Consideraban xa naquel momento as persoas integrantes da AMPPN que a declaración dun parque natural debía contar coa implicación da xente directamente afectada.

A estrutura orgánica coa que se dotou á AMPPN daba conta da súa vontade de expansión e de incidencia directa no territorio circundante ao Monte Pindo. Creouse unha Comisión Reitora integrada por 11 vogalías ás que se lles asignaban cadansúa aldea. Este sistema buscaba, tal e como figura na páxina web oficial da asociación, a complicidade e a mobilización das comunidades locais.

Houbo varios fitos que marcaron o devir da asociación desde os primeiros anos, entre os que destacamos dous: a presentación formal da proposta perante a Consellería de Medio Ambiente e o gran incendio que asolou o Monte Pindo en 2013.

Desde a súa creación a asociación iniciou unha intensa actividade institucional e política, reuníndose cos distintos cargos da Xunta de Galiza responsables da protección do patrimonio natural. Neses primeiros encontros, segundo a entidade e a propia administración, as conversas foran cordiais e as partes emprazáranse a manter o diálogo, mais sen avances concretos por parte da segunda. O 23 de febreiro de 2012 a Comisión Reitora da AMPPN reuniuse co naquela altura conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para abordaren a declaración. Daquel encontro a AMPPN saíra coa intención de intensificar a súa campaña convocando unha

[17] Neste punto, cómpre subliñar o traballo de recollida de testemuños directos realizado no proxecto Espazos da Memoria: Monte Pindo. Os testemuños, así como breves vídeos coas historias persoais poden ser consultados en <espazosdamemoria.gal> [Consultado o 23-11-2023]

[18] Información sobre a actividade pública da AMPPN dispoñible en: http://www.montepindo.gal/ [Consultado o 23-11-2023]

manifestación nacional en abril do mesmo ano, pois a negativa non chegaba a ser rotunda e a asociación estaba a medrar no número de integrantes, de acordo cos informes de xestión aprobados pola propia entidade ao final da anualidade.

Ao longo dese proceso de acumulación de forzas pode comprobarse que ―ademais de reforzar a base social― existiu un interese específico na busca de apoios dentro do mundo académico. Algunhas destacadas figuras da investigación en historia, xeoloxía, xeomorfoloxía ou bioloxía foron contactadas directamente pola asociación coa intención de facilitar a difusión dos valores a protexer coa declaración dun parque natural. Neste sentido actuouse en dúas frontes: por unha banda convidouse a estas persoas expertas a acompañar á asociación ás xuntanzas técnicas que se mantivo con diversas administracións e do Observatorio Galego da Biodiversidade[19]. Por outra banda, estas persoas do mundo académico involucráronse en actividades divulgativas e/ou reivindicativas convocadas pola AMPPN, tales como marchas, roteiros ou o Seminario anual que se organizou ao longo destes anos. Deste modo o argumentario proteccionista recibía un respaldo aínda maior, coa lexitimidade asociada ás institucións universitarias e de investigación.

Foi despois do último gran incendio, que como vimos no punto 3.4.2.2. arrasou a práctica totalidade do macizo, cando as relacións entre a AMPPN e a Xunta de Galiza remataron por rachar. As reiteradas denuncias da asociación realizadas os anos anteriores en referencia ao abandono e á falta de medidas de prevención acabaron por devir en críticas directas a representantes diversos da Consellería de Medio Ambiente e do PP en particular. A carraxe acumulada após as imaxes do monte a arder, que se difundiron amplamente nos medios galegos e estatais, desencadeou unha manifestación multitudinaria en Santiago de Compostela o 6 de outubro de 2013. O seu lema: "Por unha Galiza sen lumes. Por un rural con futuro" xa deixaba ás claras a vontade de atraer apoios de todo o país á causa. E, en efecto, máis de cen colectivos sumáronse á petición da declaración inmediata do parque natural.

Os ecos deste ciclo mobilizador a prol do Monte Pindo resoaron os anos seguintes, xa cunha postura dificilmente reconciliable entre os dous principais actores involucrados. Co obxectivo de soster a causa a longo prazo ante a posibilidade dun cambio de goberno, a asociación diversificou as vías de actuación, e mesmo lanzou novas propostas como a creación dun Xeoparque, como medida de protección específica da xeodiversidade do lugar que, até o de agora, non foi atendida e apoiada por ningunha administración con capacidade de impulsala. Aliás, tamén se mantivo ao longo dos anos a actividade divulgativa e social da asociación, con eventos periódicos vencellados sempre dun ou doutro xeito cos valores naturais e culturais do Olimpo Celta.

[19] O Observatorio Galego da Biodiversidade é un órgano colexiado dependente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galiza que permite a participación de actores involucrados na protección da biodiversidade e dos espazos protexidos. A AMPPN, a través dos representantes de diversas entidades ecoloxistas e de persoas expertas presentes nesta entidade tentaron incluír a aprobación do parque natural na axenda da Consellería, mais acabaron por recibir unha negativa directa no ano 2014. (Que Pasa na Costa?, 10-01-2014). Dispoñible en: https://www.quepasanacosta.gal/articulo/carnota/o-primeiro-parque-natural-galego-non-sera-o-monte-pindo/20140110102332074489.html [Consultado o 23-11-2023]

4 METODOLOXÍA

Este traballo iniciouse cunha proposta metodolóxica bosquexada no plan de investigación presentado en febreiro de 2019, de acordo co disposto naquel momento no regulamento de estudos de doutoramento (Universidade de Santiago de Compostela, 2017), e tamén compatible co actualmente vixente (Universidade de Santiago de Compostela, 2024). Desde ese punto de partida emprendeuse a tarefa de formular unha metodoloxía propia, que definimos como un proceso acumulativo e de intensa aprendizaxe. Este dilatouse durante boa parte destes cinco anos, desde as primeiras pesquisas teórico-conceptuais até a análise dos resultados do traballo de campo.

Non se partía, certamente, de cero, pois a experiencia previa na condución e análise de entrevistas, como se comentou ao inicio, resultou fundamental á hora de definir un interese pola interpretación de datos cualitativos. Dese nesgo inicial, atribuíble á traxectoria do investigador que o afastou da esixencia da representatividade positivista, emerxeu o protagonismo central da entrevista semiestruturada. A partir do seu despregamento neste traballo, fixéronse precisos os restantes métodos empregados como ferramentas secundarias, aínda que igual de necesarias para completalo.

Deuse forma finalmente a unha metodoloxía de inspiración hipotético-deductiva na que, tras o achegamento inicial ao fenómeno da creación de espazos naturais en Galiza—neste caso mediante revisión bibliográfica e observación directa nas dúas áreas de estudo—, se formulan unhas hipóteses de partida ao problema. A continuación despregáronse as técnicas de investigación cualitativas e o traballo de campo para obter os resultados empíricos cos que refutar ditas hipóteses. Finalmente, retomouse a teoría de partida para extraer as conclusións sobre os procesos de patrimonialización das paisaxes de montaña en Galiza.

Outro aspecto salientable na configuración inicial da investigación foi a elección das áreas de estudo. Ambas se localizan en Galiza, unha escolla que, máis que por afinidades orográficas ou culturais, responde ao obxectivo de contrastar os novos imaxinarios paisaxísticos da montaña galega aplicados a novas propostas de declaración de parques naturais. As iniciativas de Pena Trevinca e do Monte Pindo son en grande medida complementarias, pois localízanse en contexto xeográficos dispares a escala galega: o límite interior e o bordo litoral. Deste modo, pretendimos conscientemente cuestionar a teoría xeral con dous exemplos estremos do que son as propostas de declaración de parques naturais hoxe en día.

4.1 PREMISAS METODOLÓXICAS

Segundo Ruiz Olabuénaga (2012: 11) a disputa entre metodoloxías cualitativas e cuantitativas "es más tribal que científica", pois non se trata de discernir cal ten maior bagaxe ou cal é máis válida en termos de rigorosidade ou definición. Por un lado, as persoas defensoras dos métodos cuantitativos insisten en exceso na relevancia das conclusións sustentadas en datos non opinables (Kitchin, 2015). Polo outro, quen se limita ao cualitativo pode caer no relativismo. Por ambos motivos tense propugnado a necesaria combinación de ambos mecanismos de abordar a investigación. A proposta máis difundida funciona a xeito de *triangulación*, onde se supón que ambos enfoques están equilibrados para obter respostas sistemáticas e interpretativas

a un mesmo tempo. Porén, nas máis das veces, como se encarga de lembrar Ruiz Olabuénaga (2012), estes exercicios de *triangulación* acaban supoñendo na práctica unha subordinación das respostas cualitativas á verificación dos datos cuantitativos.

Os métodos cualitativos en Ciencias Sociais viviron un desenvolvemento decisivo a partir da teoría do interaccionismo simbólico (Ruiz Olabuénaga, 2012), a cal propugnaba a importancia das relacións humanas na conformación dos símbolos —nomeadamente a linguaxe— que representan o mundo percibido por estes. Segundo autores que se encadraban nesta liña de pensamento, como Bergh (1989), os métodos cualitativos permiten captar a orixe, o proceso e a natureza dos significados que abrollan da interacción entre os individuos. Así, o que os seres humanos comunican non é sempre o que observan, senón unha representación negociada con outros interlocutores, e mediatizada por estruturas de pensamento e por grandes definicións socializadas ao longo da historia.

Ruiz Olabuénaga (2012: 30) define dous "estilos" á hora de identificar metodoloxías de investigación en Ciencias Sociais: "cuantitativo-positivista" e "cualitativo-interpretativo". As cualidades que o autor atribúe a unha e outra figuran na táboa 11.

Táboa 11. Contraste teórico entre o estilo cuantitativo-positivista e o cualitativo-interpretativo

Métodos cuantitativo-positivistas	Métodos cualitativo-interpretativos
1. Baséanse na teoría positivista do coñecemento, a cal, modelada practicamente no esquema das Ciencias Naturais, intenta describir e explicar os eventos, procesos e fenómenos do mundo social, de forma que poidan chegar a formularse as xeneralizacións que existen obxectivamente.	1. Procuran entrar dentro do proceso de construción social, reconstruíndo os conceptos e accións da situación estudada.
2. A procura destas xeneralizacións ou explicacións sistemáticas debe apoiarse en evidencias empíricas.Estas evidencias levan á análise das relacións empíricas, base de toda explicación sistemática.	2. Cómpre describir e comprender os medios detallados a través dos cales os suxeitos embárcanse en accións significativas e crean un mundo propio seu e dos demais.
3. Toda esta procura presupón a existencia previa dunhas regularidades básicas que poden ser expresadas en forma de leis ou relacións empíricas.	3. É preciso coñecer como se crea a estrutura básica da experiencia, o seu significado, o seu mantemento e participación a través da linguaxe e doutras construcións simbólicas.
4. Por todo o devandito, foméntanse as técnicas estandarizantes dos experimentos controlados e das enquisas masivas.	4. É mester recorrer a descricións en profundidade, de xeito que se reduza a análise a ámbitos limitados de experiencia, a través da inmersión nos contextos nos que acontece.

Fonte: elaboración propia a partir de Ruiz Olabuénaga (2012: 31)

O uso dos métodos cualitativos non debe supoñer unha escusa para obviarmos a relevancia da pescuda cuantitativa-positivista alí onde for relevante. Mais si cómpre reivindicar a necesidade de dotar a dimensión non obxectivista dun espazo propio dentro da investigación en Ciencias Sociais e, moi especialmente, dentro da Xeografía. En efecto, estamos a traballar con participantes, que teñen as súas dúbidas, vacilacións, e mesmo contradicións internas. Como afirma Valentine (1997: 112), "researchers should treat participants in their research as people, not objects to be exploited or mined for information". Estamos persuadidos que desa forma obteranse uns resultados significativos para a ciencia e, sobre todo, para a sociedade.

4.2 MÉTODOS E TÉCNICAS EMPREGADOS

As técnicas desenvolvidas (Figura 31) foron: recompilación bibliográfica e documental, observación participativa e entrevistas semiestruturadas, todas encadradas dentro do "estilo cualitativo-interpretativo" de investigación.

Figura 31. Métodos mobilizados no desenvolvemento da tese



Fonte: Elaboración propia

4.2.1 Revisión bibliográfica e documental

En Xeografía, como en moitas outras Ciencias Sociais, resulta fundamental *localizar* os resultados das pesquisas no sentido dado a este verbo por Haraway (1988). Non só se trata de recoller datos cualitativos, senón que tamén cómpre informar do contexto en que estes foron recollidos Neste sentido, realizouse unha revisión de bibliografía e documentación relacionada tanto cos obxectos de estudo en xeral como cos dous estudos de caso en particular, antes de comezar o traballo de campo.

No caso da bibliografía, partiuse dunha procura sistemática de palabras chave (*parque natural, patrimonio natural, espazo protexido, patrimonialización, percepción da paisaxe, Monte Pindo, Pena Trevinca*, entre outras) nos principais motores de busca académicos. Tivéronse especialmente en conta as ferramentas masivas accesibles á comunidade científica da USC[20] e do Estado[21]. Tamén se realizou unha selección de revistas científicas de impacto na materia dos espazos protexidos e da paisaxe, priorizando aquelas indexadas no Journal Citation Reports e adscritas ao ámbito da Xeografía, sen esquecer outras publicacións de disciplinas relacionadas: Ecoloxía da Paisaxe, Patrimonio, Socioloxía ou Filosofía. Por último, para o afondamento nas áreas de estudo, debido ao menor volume de traballos editados, realizouse unha busca exhaustiva das publicacións (indexadas ou non) relacionadas con ambos procesos de creación de parques naturais.

Por outra banda, para recompilar información desde fontes secundarias botouse man de arquivos, bases de datos electrónicas, informes técnicos inéditos e textos lexislativos. Realizáronse visitas presenciais a: Arquivo Histórico Universitario da USC, Arquivo do Reino de Galiza, Biblioteca de Galiza, Biblioteca Nacional de España e Consellería de Medio

[20] Consulta en liña. <https://iacobus.usc.gal/>
[21] Consulta en liña. <http://dialnet.unirioja.es/>

Ambiente e Cambio Climático. Finalmente tamén se consultaron os arquivos locais custodiados pola AMPPN.

Enteiramente de xeito virtual realizáronse as procuras no arquivo dixital Galiciana[22], en Aranzadi e nos diarios oficiais de Galia (DOG), España (BOE) e da Unión Europea (DOUE). O primeiro portal foi utilizado para a consulta de materiais históricos referentes aos antecedentes (apartado 1.5), ao igual que o portal de lexislación histórica de Aranzadi[23], a partir do que obtivemos aquelas leis e decretos promulgados antes dos anos 1960. Finalmente, a procura de lexislación recente executouse nos sitios web oficiais de cadanseu organismo mediante busca directa daquelas disposicións relativas á protección do patrimonio natural que afectaron nos últimos anos ao territorio galego en xeral e a Pena Trevinca e Monte Pindo en particular.

4.2.2 Entrevistas

4.2.2.1 Preparación do guión e selección de participantes

Os obxectivos desta tese de doutoramento requiren a análise de percepcións persoais dos participantes do xeito máis riguroso posible, tentando facer emerxer as súas propias opinións a partir dun diálogo aberto a desenvolver ideas complexas. Acorde a isto, optouse por un modelo semiestruturado de entrevistas (Bradshaw e Stratford, 2010), baseado nun guión flexible (Táboa 12) que convidase as persoas entrevistadas a "falar de..." temas relevantes na investigación (Valentine, 1997) seleccionados polo entrevistador.

Para cada un dos estudos de caso realizáronse breves adaptacións das cuestións formuladas, debido ás especificidades de cada área de estudo. Ademais, cómpre subliñar que, para o caso de Pena Trevinca, as entrevistas foron desenvolvidas para propósitos a maiores dos que estritamente se estudan nesta tese de doutoramento. É por iso que na versión do guión de entrevista utilizado para ese caso exista un maior número de preguntas, sobre temas que non eran os estudados no presente traballo.

Táboa 12. Contido dos temas abordados en común nos dous guións das entrevistas

Tema	Descrición
Perfil persoal	Presentación dos condicionantes persoais do participante
Simbolismo do lugar	Pescuda das representacións simbólicas que forman a percepción da paisaxe
Valores / recursos	Identificación dos valores e dos elementos materiais que fundamentan a protección do espazo
Evolución do lugar e axentes de cambio	Avaliación dos cambios acontecidos na paisaxe e dos responsables dos mesmos
Figuras de protección	Posicionamento a respecto das categorías de protección actuais e dos conflitos abertos ante a posible declaración de espazos protexidos
Perspectivas de futuro	Formulación das aspiracións de cara a escenarios futuros a curto e longo prazo

Fonte: elaboración propia

[22] Consulta en liña. <http://biblioteca.galiciana.gal/>
[23] Consulta en liña. <http://aranzadilaley.es/>

Dado que, a diferenza do Monte Pindo, non hai constituída de xeito formal ningunha asociación especificamente dedicada á protección de Pena Trevinca, realizáronse entrevistas a actores deste territorio que serían relevantes de se iniciar un proceso de declaración de parque natural. De novo, a vontade non é representativa, obxectivo alleo á metodoloxía cualitativa (Ruiz Olabuénaga, 2012), mais si se pretende recoller discursos vivos na poboación local das comunidades arredor do macizo.

Figura 32. Sistema snowballing de selección de participantes



Fonte: elaboración propia

Elixíronse as persoas entrevistadas seguindo o sistema de *snowballing* ou bola de neve (Bradshaw e Stratford, 2010), un dos principais métodos de "purposive sampling" (Figura 32). Esta técnica implica identificar participantes de interese para a investigación a partir da recomendación doutras persoas participantes involucradas no caso de estudo. Tal e como explican Morange e Schmoll (2016: 97) nas técnicas cualitativas, como é a entrevista semiestruturada aquí formulada, a selección de participantes non olla prioritario representar unha poboación dada (Figura 33), senón "afondar" nos discursos presentes no territorio.

4.2.2.2 Condución das entrevistas

As entrevistas en profundidade tiveron unha duración media dunha hora. Debido ás lóxicas diferenzas entre as persoas entrevistadas, e en xeral ao contexto concreto no que se realiza cada unha (Nogué *et al.*, 2010), algunha gravación chegou aos 90 minutos, e noutros non máis de 45. As conversas desenvolvidas nestas entrevistas respondían á necesidade establecer un diálogo "fluid, relaxat i de caràcter obert" (Nogué *et al*., 2010: 51).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 33. Distribución do perfís das persoas entrevistas para o caso de Pena Trevinca (verde) e Monte Pindo (azul)



Fonte: Elaboración propia

Para entrar en contacto elaborouse unha carta formal que se achegou por vía electrónica ou en persoa. Nela, facíanse constar os principais aspectos da investigación, con coidado de non introducir posicionamentos que puidesen influír nas respostas das entrevistadas (Morange e Schmoll, 2016: 103). Neses documentos tamén se lle achegaban os datos de contacto do investigador coa intención de facilitar ás entrevistadas o seguimento da investigación, de así o desexaren.

O traballo de realización das entrevistas executouse en distintas xeiras entre 2016 e 2020. En primeiro lugar desenvolvéronse as entrevistas relativas ao caso de Pena Trevinca, que se conduciron antes mesmo de o investigador comezar a súa tese de doutoramento. Entre 2016 e 2017, sendo aínda estudante de mestrado, o investigador formou parte da equipa dun proxecto de investigación dirixido polo profesor Juan M. Trillo Santamaría e coa participación do naquel intre tamén estudante de mestrado Diego Cidrás Fernández. O proxecto denominábase "*Cooperación territorial en la raia: análisis de la dimensión externa e interna de la gobernanza transfronteriza*" (código 2016-PG009) e estaba asociado ao segundo contrato postdoutoral de Juan M. Trillo Santamaría. A través da Universidade de Santiago, fun contratado no marco dese proxecto tres meses para axudar na realización das entrevistas e transcribilas. Daquelas entrevistas, un total de 36, seleccionáronse 27 (Táboa 13), que son as vencelladas á área de estudo definida no apartado 3.1. As 9 non mobilizadas correspóndense con participantes que se refiren a un territorio contiguo que se escapa dos obxectivos do presente traballo (Trás-os-Montes e provincia de Zamora alén da Seabra).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 13. Entrevistas realizadas no caso de Pena Trevinca

Data	Código	Perfil
17/12/2016	E-01	Empresario
16/02/2017	E-02	Politico
16/02/2017	E-03	Sociedade civil
16/02/2017	E-04	Politico
16/02/2017	E-05	Sociedade civil
16/02/2017	E-06	Empresario
16/02/2017	E-07	Empresario
17/02/2017	E-08	Administración
17/02/2017	E-09	Sociedade civil
17/02/2017	E-10	Empresario
17/02/2017	E-11	Empresario
18/02/2017	E-12	Empresario
18/02/2017	E-13	Politico
18/02/2017	E-14	Administración
19/02/2017	E-15	Politico
19/02/2017	E-16	Sociedade civil
19/02/2017	E-17	Sociedade civil
19/02/2017	E-18	Sociedade civil
17/03/2017	E-19	Administración
17/03/2017	E-20	Politico
17/03/2017	E-21	Empresario
17/03/2017	E-22	Administración
17/03/2017	E-23	Administración
18/03/2017	E-24	Empresario
18/03/2017	E-25	Sociedade civil
20/03/2017	E-26	Administración
20/03/2017	E-27	Administración

Fonte: elaboración propia

En segundo lugar, xa para o caso de estudo do Monte Pindo, realizáronse tres xeiras de entrevistas entre os anos 2018 e 2020 (Táboa 14). Todas elas foron conducidas en exclusiva polo investigador, e o proceso de captación de participantes finalizou unha vez se considerou que se chegara a un punto no que a información resultaba redundante (Valentine, 1997). Nesta ocasión foi determinante a existencia da AMPPN, como entidade que canaliza en gran medida a proposta de parque natural. A totalidade das persoas entrevistadas están vencelladas dalgún modo a esta entidade, ben sexa por militancia directa, por lazos afectivos ou por colaboracións puntuais. Aínda así, cómpre subliñar que a maioría de persoas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

entrevistadas non son formalmente membros da asociación (8 de 13) e en tres casos afirmaron discrepancias importantes a respecto da mesma.

Táboa 14. Entrevistas realizadas no caso do Monte Pindo

Data	Código	Perfil	Asociación
03/01/2018	P-01	Administración	Membro
03/01/2018	P-02	Político	Membro
09/01/2018	P-03	Administración	Non membro
11/01/2018	P-04	Sociedade civil	Non membro
11/01/2018	P-05	Sociedade civil	Membro
11/01/2018	P-06	Empresario	Non membro
12/02/2018	P-07	Administración	Non membro
12/02/2018	P-08	Administración	Membro
26/07/2020	P-09	Sociedade civil	Non membro
27/07/2020	P-10	Administración	Membro
29/07/2020	P-11	Administración	Membro
30/07/2020	P-12	Sociedade civil	Membro
30/07/2020	P-13	Sociedade civil	Membro

Fonte: elaboración propia

Na realización de cada entrevista observouse con coidado volver informar as persoas participantes do sentido estritamente científico dela e dos dereitos que teñen. En particular subliñouse o dereito ao anonimato e ao cumprimento por parte do investigador das normas en relación coa protección de datos. Como participantes voluntarias, aceptaron en todos os casos responder as preguntas, e en ningún caso houbo inconveniente algún por utilizar a transcrición con fins académicos.

No despregamento das entrevistas do mencionado proxecto 2016-PG0009 o investigador aprendeu a preparación e a condución básicas das mesmas. No entanto, a posteriori da realización de todas elas, tivo a oportunidade de participar no proxecto HIGHLANDS.3 (Financiado pola Unión Europea a través de Horizon 2020 Marie Skłodowska-Curie, *grant agreement* nº 872328) cunha énfase moi destacada nos aspectos metodolóxicos. Sen dúbida, as entrevistas serían moi distintas agora, logo de HIGHLANDS.3, das que se realizaron en orixe.

4.2.2.3 Tratamento da información recollida

Nas semanas posteriores ás entrevistas transcribíronse a totalidade das entrevistas. O procedemento foi manual, partindo dos audios gravados *in situ*, e co apoio das notas recollidas durante as conversas. O criterio lingüístico xeral foi manter o idioma e as expresións propias de cada participante, polo que unicamente se marcaron con cursiva aquelas palabras con grallas gramaticais. En determinados momentos foi preciso completar entre corchetes algunha letra ou palabra omitida polas persoas entrevistadas, mais só cando era esencial para a comprensión do fragmento transcrito.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha vez obtidos os textos definitivos das entrevistas, comezou o proceso de organización e sistematización dos seus contidos. Optouse pola codificación de todo o tratado coas persoas participantes —e que estaba relacionado co obxecto desta tese— coa intención de reducir así a grande cantidade de datos cualitativos xerados sen perder o sentido do verbalizado polas persoas entrevistadas (Cope, 2010). Nesta tarefa contouse co apoio do programa de software libre QDA Miner, que conta con múltiples ferramentas de procesado de textos, mais nesta ocasión decidiuse empregar só a de etiquetaxe de códigos sobre as transcricións. Isto permitiu ao investigador identificar con rapidez os temas tratados e a opinión sobre estes dá cada persoa entrevistada. Procurouse evitar o uso de ferramentas máis orientadas a unha explotación estatística cuantitativa, pois os resultados, como dixemos, non procuran a representatividade.

Cando se codifica o material dunhas entrevistas emerxen fundamentalmente dous tipos de contidos (Cope, 2010): os que verbalizan directamente as persoas entrevistadas e os que fican latentes na conversa. Para os primeiros o investigador realiza unha tarefa fundamentalmente descritiva, de recompilación *in vivo* dos conceptos chave de cada entrevista. No caso dos códigos que subxacen ao falado —ben sexa por medo, falta de confianza ou simplemente por omisión voluntaria— o investigador debe desenvolver uns códigos de carácter analítico.

En definitiva, tratouse de establecer "meaningful categories" (Kitchin e Tate, 2000: 239), partindo sempre das posicións individuais de cada participante, e tratando de introducir a menor cantidade de nesgos analíticos posibles. Deste xeito, optouse por diferenciar entre códigos *emic* e *etic*, que están baseados nesa distinción entre o verbalizado e o analítico. Pike (1954) estableceu esta dupla conceptual desde o campo da Lingüistica, mais desde entón foi aplicada amplamente na análise de discursos de carácter cualitativo.

> Menos pronunciada que la anterior es la dicotomía presentada como contraposición entre una perspectiva Émica (fonémica) frente a otra Ética (fonética) en el sentido en el que ambos términos fueron introducidos por Kenneth Pike. En sentido general esta dicotomía hace referencia al reconocimiento que los metodólogos cualitativos conceden a la perspectiva émica frente al olvido que de ella hacen los cuantitativos con su correspondiente preferencia exclusiva a favor e la perspectiva ética. Pike, moviéndose en el ámbito lingüístico, entendía como fonémicas las unidades de sonido que son reconocidas como distintivas y significativas de un lenguaje propio, al paso que llamaba fonéticas a aquellas que pueden reconocerse en un lenguaje transidiomático como elementos de un conjunto universal de sonidos lingüísticos. La perspectiva ética se refiere a las «afirmaciones generalizadas sobre los datos» formuladas por el investigador en función de un conocimiento transcultural, mientras que la émica se refiere a los modelos y patrones que aparecen en una cultura concreta y particular. (Ruiz Olabuénaga, 2012: 16).

Os códigos xurdidos das entrevistas agrupáronse empregando un cadro analítico ou *grille d'analyse* de dobre entrada elaborado previamente (Táboa 15). Presentáronse nas columnas verticais do cadro os catro núcleos temáticos comúns, similares aos temas abordados nos guións das entrevistas (Táboa 12). En filas horizontais completan o cadro as entradas discursivas, que varían en cada un dos casos de estudo en función dos discursos identificados despois da codificación. Como resultado final, a intersección das columnas e as filas recolle os nomes dos clústers de códigos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 15. Modelo de cadro analítico que estableceu os núcleos temáticos principais

NÚCLEOS TEMÁTICOS / DISCURSOS PRINCIPAIS	Percepción da paisaxe actual	Evolución da paisaxe	Conflito	Figuras de protección
-	-	-	-	-

Fonte: elaboración propia

A utilización desta matriz de análise significa unha codificación pechada (Morange e Schmoll, 2016: 151) na que tanto os códigos descritivos (emic) como os analíticos (etic) agrúpanse entorno a núcleos temáticos que xa estaban predefinidos de xeito apriorístico. O procedemento consistiu no peneirado dun gran número de códigos identificados nas entrevistas, que en bruto só constituían un gran océano de ideas sen relación entre elas. Ao clasificar nun "codebook" (Cope, 2010: 281) a información obtida córrese o risco de perder parte da súa esencia, do significado orixinal dos discursos verbalizados nunha conversa concreta, mais ábrese unha nova posibilidade de identificar relacións entre ideas illadas expresadas en momentos diferentes por persoas diversas. Nese sentido relacional tamén se elaboraron árbores de códigos para cada un dos discursos identificados, como teremos ocasión de comprobar no capítulo seguinte.

Cabe apuntar tamén que, coa intención de garantir o anonimato das persoas participantes, atribuíuselles un código numérico a cada unha delas. A orde das mesmas non sigue ningún criterio específico e non é posible o rastrexo dos datos personais nas transcricións, pois foron eliminados. De forma xeral optouse por referir a todas as persoas sen marcar o seu xénero, excepto cando estas referencias non puñan en risco o dereito ao anonimato ou cando aludían a colectivos amplos.

4.2.3 Observación participativa e traballo de campo

Esta investigación tamén incluíu visitas regulares ás dúas áreas de estudo. Nelas realizouse observación participativa de acordo coa necesidade de interpretar os significados e os valores que os actores lle dan aos seus territorios (Burgess, 1984). Desde 2016 o autor visitou 13 veces Pena Trevinca e 14 veces Monte Pindo con diversas motivacións específicas (Táboa 16). Cómpre formular unha distinción previa entre as que se desenvolveron específicamente para a elaboración da tese e as que se programaron no marco de estudos preliminares ou eventos cientificos e culturais directamente relacionados co obxecto de estudo da tese.

No primeiro caso, as xornadas de traballo planificadas como parte dos estudos de doutoramento foron executadas desde o mesmo comezo da matrícula por volta de decembro de 2018. Como é comprensible intensificáronse unha vez acadado o contrato predoutoral en decembro de 2019. Tamén existiron etapas nas que se concentrou gran parte destas tarefas, consecuencia do aproveitamento de períodos de menor carga na formación docente durante o curso académico. Polo tanto, os anos 2021 e 2022, así como a primeira metade do 2023, foron aqueles nos que se concentrou gran parte das visitas consideradas de observación participante. Dúas destas estadías foron de cando menos unha semana, unha por cada un dos casos de estudo. En concreto foron: entre o 04/08/2021 a 11/8/2021 no Monte Pindo e entre o 23/04/2023 e o 28/04/2023 en Pena Trevinca.

USC DE COMPOSTELA

Por outra banda, as visitas ás áreas de estudo consistiron tamén en actividades non directamente programadas polo autor desta tese. O interese neste tipo de observación estriba na participación coas comunidades locais, ou con persoas interesadas na protección e na paisaxe de ambas áreas de estudo. Neste caso é preciso subliñar as diferenzas entre Pena Trevinca e Monte Pindo. No tocante ao teito de Galiza, nun inicio (entre 2016 e 2018) estiveron incluídas dentro de actividades en grupo organizadas polos profesores Valerià Paül Carril e Juan M. Trillo Santamaría no marco de proxectos de investigación, congresos e seminarios científicos. Na súa maioría foron organizados no seo do grupo de investigación Análise Territorial (ANTE) da USC, mais tamén se ten participado en actividades con outras entidades, como o Centro de Estudos Turístico (CETUR) da USC, a Escola Galega de Paisaxe (EGP) da Fundación Juana de Vega, e a University of Western Australia (UWA).

No caso do Monte Pindo tivo maior relevancia o envolvemento en actividades da AMPPN. A toma de contacto previa do investigador foi a través desta iniciativa, pois actuou nos últimos anos como actor protagonista na creación dun discurso proteccionista nesta área de estudo. Os eventos organizados pola mesma son dunha extraordinaria diversidade, entre os cales asistimos a roteiros interpretativos do patrimonio, seminarios temáticos e mesmo a unha pequena mobilización reivindicativa contra a contaminación na aldea de Pindo. Tamén se ten participado do traballo de campo do X Coloquio do Grupo de Pensamento Xeográfico da AGE, organizado polo Departamento de Xeografía da USC en setembro de 2022. Para finalizar, o Festival Atlántica, de difusión da tradición oral, organizou un roteiro ao Monte Pindo en setembro de 2023, no cal se discutiron importantes achegas recentes ao patrimonio inmaterial do lugar.

Táboa 16. Actividades de observación participante realizadas nas áreas de estudo

Área de estudo	Actividade	Rol investigador	Entidade	Data
Pena Trevinca	curso de formación	asistente	CETUR/USC	xaneiro 2016
Pena Trevinca	Seminario	asistente	ANTE/USC	xullo 2016
Pena Trevinca	curso de verán	organización	UWA	xullo 2017
Pena Trevinca	Seminario	organización	EGP	outubro 2017
Pena Trevinca	coloquio internacional	organización	IGU/USC	xullo 2018
Pena Trevinca	Seminario	organización	EGP	outubro 2018
Pena Trevinca	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	decembro 2019
Pena Trevinca	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	febreiro 2020
Pena Trevinca	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	abril 2021
Pena Trevinca	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	febreiro 2022
Pena Trevinca	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	novembro 2022
Pena Trevinca	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	febreiro 2023
Pena Trevinca	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	abril 2023
Monte Pindo	Roteiro	participante	AMPPN	novembro 2017
Monte Pindo	Manifestación	participante	AMPPN	decembro 2017
Monte Pindo	Xornadas	participante	USC/AMPPN	Decembro 2017
Monte Pindo	traballo de campo	est. predoutoral	USC	xaneiro 2018

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Monte Pindo	traballo de campo	est. predoutoral	USC	decembro 2018
Monte Pindo	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	xullo 2020
Monte Pindo	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	marzo 2021
Monte Pindo	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	abril 2021
Monte Pindo	traballo de campo	cont, predoutoral	USC	maio 2021
Monte Pindo	Seminario	participante	AMPPN	maio 2021
Monte Pindo	Coloquio	organización	AGE/USC	setembro 2022
Monte Pindo	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	outubro 2022
Monte Pindo	traballo de campo	cont. predoutoral	USC	xaneiro 2023
Monte Pindo	Roteiro	participante	F. Atlántica/AMPPN	setembro 2023

Fonte: elaboración propia

E, alén dos desprazamentos no país, é acaído facer referencia neste punto ás estadías de investigación realizadas no estranxeiro. A principal, e relacionada directamente coa obtención do contrato predoutoral, desenvolveuse entre o 01/08/2020 e o 31/10/2020 na Reserva da Biosfera de Großes Walsertal e no Parque Natural de Karwendel (Austria). Nela o investigador tamén tivo a oportunidade de realizar observación participante. En concreto, ao longo dos tres meses de estadía realizáronse diversos percorridos polas montañas de ambos espazos protexidos, entrevistouse a poboación local e participouse en actividades do centro de visitantes de Großes Walsertal. Isto permitiu posicionar moito mellor o traballo desenvolvido para a tese en relación con casos internacionais e, sobre todo, refinar a metodoloxía aplicada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5 RESULTADOS (I): PENA TREVINCA

Neste capítulo preséntanse os resultados obtidos das entrevistas realizadas a persoas vencelladas a Pena Trevinca. Na Táboa 17 móstrase a correspondencia entre os catro núcleos temáticos explicados no apartado metodolóxico e os tres principais discursos identificados na análise dos principais códigos obtidos, que son:

1. ecosistemas de montaña, xa que a "pureza" deste territorio converte en prioridade a protección estrita dos seus valores naturais de alta montaña;
2. a protección como ferramenta para o desenvolvemento das comunidades locais;
3. escéptico, a protección xa está a ser demasiado ríxida e xera restricións excesivas ás comunidades locais.

A aplicación da matriz de análise das entrevistas fixada no apartado metodolóxico (Táboa 17) permitiu afondar nos aspectos que son de interese para esta investigación. Para cada un dos tres discursos preséntase un peneirado de toda aquela información achegada polas persoas participantes relativa á percepción da paisaxe actual de Pena Trevinca, a valoración da súa evolución, os conflitos que operan arredor da súa protección e, por último a posición respecto ás figuras de protección. Froito dese peneirado preséntanse 11 códigos ou clústers de códigos que se atopan na intersección entre percepción da paisaxe e protección en Pena Trevinca.

Táboa 17. Correspondencia entre os núcleos temáticos e os discursos identificados a través da análise dos principais códigos obtidos nas entrevistas

NÚCLEOS TEMÁTICOS / DISCURSOS PRINCIPAIS	Percepción da paisaxe actual	Evolución da paisaxe	Conflito	Figuras de protección
1. Protección dos ecosistemas de montaña	1.1. Natureza pura de (alta) montaña	1.2. Unha paisaxe natural descoñecida ameazada de destrución	1.3. A protección dos valores naturais e o turismo de baixa densidade	1.4. Un cambio no modelo de protección: a posibilidade do parque natural
2. Protección como desenvolvemento	2.1. Unha paisaxe cultural alén da natureza	2.2. Entre os cambios necesarios e os impactos inaceptables na paisaxe de Pena Trevinca	2.3. Concertación entre a protección da natureza e as actividades económicas	2.4. Un modelo menos ríxido e máis participado de espazo protexido
3. Escéptica (non se posiciona a favor da protección)	3.1. Unha paisaxe cotiá		3.2. Os intereses das comunidades locais priman sobre a protección da natureza	3.3. A protección como problema. As malas experiencias da Rede Natura 2000 e do parque natural seabrés

Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1 PROTECCIÓN DOS ECOSISTEMAS DE MONTAÑA

O primeiro dos grandes discursos que se identifica nas persoas entrevistadas concibe Pena Trevinca como unha paisaxe "pura" e "libre de contaminación" que debe ser preservada na súa esencia natural: un ecosistema de montaña (Figura 34). Remárcanse aquelas ideas asociadas á natureza en oposición á presenza humana no territorio. Con esa condición esencial, Trevinca devén símbolo da montaña galega para algunhas das persoas participantes. Pode contrastarse no feito de que reiteradamente unha das primeiras características diferenciais que emerxen nas descricións do macizo é a súa condición de teito do país. Isto implica a inscrición dos participantes no marco xeográfico galego, e non outro, como unidade de medida. Pódese, ademais, observar a tensión discursiva resultado de que os tres principais picos do macizo sexan partillados entre as CC.AA. de Galiza e de Castela e León. Os discursos sobre as figuras de protección a aplicar mencionan, malia que non unanimemente, a creación dun parque natural galego co obxectivo de recuperar esa faciana salvaxe de montaña que a día de hoxe pouca xente coñece. Trátase de controlar mellor o territorio para evitar que as ameazas á "pureza" de Pena Trevinca acaden as máximas alturas do macizo e xa non haxa nada que protexer.

Figura 34. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso conservacionista da protección de Pena Trevinca



Fonte: Elaboración propia

5.1.1 Natureza pura de (alta) montaña

Para algunhas das persoas entrevistadas, Pena Trevinca activa a idea de natureza no seu estado primixenio. Desde este punto de vista, estas montañas considéranse un lugar alleo á influencia do urbano, un lugar no que se pode observar a natureza sen interferencias, até o punto de provocar emocións transcendentais. Esta perspectiva exemplifícase coa paradoxa que aquí presenta E-01: é preciso perderse no silencio de Pena Trevinca para atopar a propia identidade?

> Nós cada vez que subimos á montaña ou andamos nos arredores, *nos marabilla*. Marabíllate saír do coche ás cinco da mañá e de repente cruzarte cun corzo, marabíllate. Marabíllate *somente* estar nun sitio, como estivemos o outro día [...] e pararte un momento... e non ver nin oír nada: simplemente o son da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> natureza, simplemente iso, iso é marabilla. Un lugar para perderse... ou un lugar para encontrarse. [E-01]

Repítense os termos "puro" e "vida", basicamente vida non humana, como probas da incorruptibilidade desta paisaxe fronte do que non é natural. Aparecen aquí vencellados directamente co estado de conservación da "natureza". Esta última é identificada cunha biodiversidade tanxible, cuantificable e medible en termos de "flora e fauna", mais tamén se deixa entrever outra realidade sentimental e intanxible. Como se pode "respirar natureza"?

> Vida, aire puro, naturaleza... se respira naturaleza por todos los sentidos. ¡Muy viva! Hay muchísima variedad de vida, flora y fauna... ¡Y muy bien conservado! A pesar de los tiras y aflojas, que siempre los hay. [E-27]

Tamén o concepto de "virxindade" da paisaxe *trevinca* paira no imaxinario de varias persoas entrevistadas. Pódese inferir unha relación directa entre esta noción e a de "pureza", que se usan indistintamente para se referir á escasa evidencia do impacto antrópico sobre o territorio. En ambos casos estamos ante atributos positivos, que reforzan a idea de Pena Trevinca como unha paisaxe diferente á habitual nunha contorna xeográfica marcada polas grandes minas a ceo aberto e os encoros.

> Es una zona de montaña del interior de Galicia y rural. Libre de contaminación lumínica, *medioambientalmente* bastante pura y poco degradada y con muchas peculiaridades y muy por descubrir, muy virgen. [E-06]

Un marcador de pureza significativo a escala galega é a ausencia de eucaliptos. Esta especie asóciase aquí á degradación e invasión que sofren gran parte das paisaxes galegas. Nese sentido, estamos ante unha montaña que retén mellor as esencias do que debería ser para algúns a paisaxe propia e pura.

> E logo xa nos picos, *nas* cumes, pois temos unha vexetación nada degradada, non temos *invasiois* de eucaliptos nin especies alóctonas, aquí non hai un eucalipto, non hai vexetación foránea, alóctona, que nos invada todo *esto*. [E-04]

Outra expresión recorrente nas entrevistas —e que esta persoa participante asimila ao "monte"— é a "nada" como oposto á existencia de asentamentos humanos. Neste caso tamén se emprega como un atributo positivo que facilita individualizar este territorio desde unha primeira visita.

> Na primeira impresión me pareceu un sitio *increíble*, que non había nada, que todo era monte. [E-10]

Sinálase desde algunhas voces a capacidade destas paisaxes de facer transcender o humano, que é circunstancial. As persoas que viven neste territorio "interactúan" con determinados elementos tanxibles da paisaxe. Esta relación parece ter maior profundidade e significado para a persoa entrevistada que a que desenvolve cos propios veciños.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Me integro no solo con la gente, que eso es algo pasajero, sino con la zona, los bosques y los ríos. Y eso me hace sentir muy bien. [E-07]

A idea de ausencia de cambio tamén reforza para as persoas entrevistadas a imaxe dunha natureza intocada. E dentro do macizo, nas cotas máis altas proxectan unha imaxe de atemporalidade máis intensa. Os cambios ocasionados pola actividade humana nos últimos séculos asócianse aos asentamentos e os diversos aproveitamentos das súa contornas, núcleos habitados que en ningún caso superan os 1.300 metros de altitude. Pola contra, a inaccesibilidade e o clima de alta montaña da área, arredor do limiar dos 2.000 metros, debúxase un escenario hostil, alleo ao ser humano e mesmo ao paso do tempo.

> Trevinca é igual [que antes]. O que é a montaña, a parte alta... é a *misma*. Toda esa Trevinca alta non mudou. Cambiaron nas zonas baixas moitas cousas [...] [E-11]

A percepción xeneralizada é que a alta montaña en Trevinca é un atributo distante, que está presente só nunha pequena parte do territorio, por riba do límite superior dos asentamentos de poboación e os bosques. Estes lugares máis extremos son caracterizados pola ausencia de árbores e as abondosas pegadas dos antigos glaciares. Os argumentos que sustentan esta diferenciación inclúen elementos percibidos na paisaxe, tales como: os tipos de vexetación, as formas xeomorfolóxicas, puntos de referencia (cumios, lagoas, edificios, minas...) e tamén a característica inaccesibilidade.

> La alta montaña […] salvo las zonas más altas […] pues es una planicie, es otra zona, es otro tipo, pues no tiene nada que ver con la vegetación de roble de aquí de abajo. Es de matorral... Bueno, es una zona muy bonita, pero depende de quién lo mire. ¡Yo es que lo veo todo tan bonito! [...] A mí me parece espectacular. Sí, sí, sí. [E-26]

> Peña Trevinca es el objetivo lejano para mucha gente en Zamora, ¿entiendes? Es el pico más alto, el sitio que está más lejos. Es lo que requiere más esfuerzo. Es un sitio emblemático para mucha gente, lleva mucho esfuerzo, llega muy poca gente, y muy poca gente va. [E-23]

Os participantes falan dun "contraste" a respecto do "normal" noutras comarcas do país. Nas paisaxes de Pena Trevinca observan bosques de especies autóctonas e un clima extremo, que non son frecuentes xa en terras máis baixas. Polo tanto, a ausencia do eucalipto e, sobre todo, a presenza de neve son elementos de alto valor símbólico e marcadores da altitude destas montañas.

> [La gente viene] por el contraste, que les sorprende para bien. Paisaje, montaña, clima, los árboles que hay, el tipo de bosque, contrasta mucho respecto a otras zonas de Galicia [...] Que no hay eucalipto a pesar de ser Galicia, eso les sorprende, las montañas con nieve. [E-07]

A paisaxe de montaña marca a diferenza por "espectacular". Os traxectos pola serra que realiza esta participante permítenlle ollar as terras máis altas do macizo con neve, que volve emerxer aquí como valor diferencial. A montaña devén en punto de observación e ao que observar a un mesmo tempo.

> Ao subir a ver a serra ao mellor ves cousas que non ves noutros lugares. Tes unhas vistas panorámicas espectaculares. Por *ejemplo*, dende a miña serra para ver a zona de Trevinca, *si subes ahora* ves a zona de Trevinca toda nevada. *Si* tes un día claro ves moitísimo... podes ver algúns animais. [E-05]

A configuración xeomorfolóxica do macizo, con altos picos e zonas "abruptas" de fortes pendentes, valórase como atractivo fronte outras zonas menos interesantes, máis uniformes. Os elementos materiais da paisaxe no macizo de Pena Trevinca son imbuídos de sentimentos que alimentan o amor que esta persoa participante di profesar cara a unha das serras do macizo.

> Si que é certo que zonas demasiado chás, cunha orografía demasiado constante, tampouco nos chama a atención. A min gústame sobre todo o que é abrupto. De feito, estou namorado da zona da Serra Calva. [E-01]

E, como punto máis alto do territorio, o pico érguese en símbolo de Galiza. A montaña, máis unha vez, crea identidade, "*ubica*" no mapa a rexión.

> Trevinca define mucho, porque es un sitio emblemático, a nivel Galicia. [...] Una montaña me parece un sitio *bueno* para ubicar una zona. [E-07]

Esa condición a escala galega tamén se verbaliza como "sinal de identidade" desta zona concreta, que dese xeito queda "marcada".

> Porque Trevinca é o punto máis alto de Galicia e queren marcar como esa *seña* de identidade da zona. [E-08]

Complementaria á reafirmación de Trevinca como símbolo de galeguidade tamén está a presenza da montaña como punto de unión entre pobos e entre comunidades.

> Es el punto de unión [Pena Trevinca]. Es como el símbolo que tiene todo el significado ahí dentro, para nosotros. [...] La unión. [E-30]

E tamén se ergue en marco, en fito que marca o límite entre Galiza e Castela e León. Esta condición preséntana as persoas entrevistadas como unha fronteira *natural*, previa á existencia na actualidade dun límite administrativo entre as CC.AA. de Castela e León e Galiza que cruza de norte a sur o macizo.

> Peña Trevinca *sabéis* que é unha montaña que divide Castilla y León e Galicia. [E-29]

Se Trevinca é vista para Galiza como o seu teito, desde o lado de Castela e León dáselle un valor ben diferente ao macizo. En opinión das persoas entrevistadas, a singularidade desde o punto de vista oriental baséase no Lago de Seabra, que se olla como unha praia dentro da España interior escasa en grandes láminas de auga "natura[is] e salvaxe[s]".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Porque en Castilla y en Portugal lo que falta es agua interior, y eso es una zona de mar... de agua interior que increíblemente se ha conservado de forma natural y salvaje, entre comillas para Europa, a lo largo de los años. Y es un sitio muy singular en la España interior. [E-23]

5.1.2 Unha paisaxe natural descoñecida ameazada de destrución

Se a principal carta de presentación da zona son os seus valores naturais, en opinión das persoas entrevistadas, canto menor presenza humana haxa, máis doado será transmitir a imaxe desexada. Segundo E-30 a depresión económica destas montañas pode xogar a favor dos "privilexiados" que poidan ficar a vivir. Como a mesma persoa participante recoñece, esta é unha constatación "egoísta", pois presupón limitar o goce do macizo a un reducido número de persoas.

> El patrimonio natural es el principal atractivo de la zona, para mí. Y para la gente que lo viene a visitar supongo que también, aunque lo ven desde otro punto de vista. El principal atractivo es la naturaleza, y quizás lo que para otros es quizás un problema, que es la despoblación, para mí, siendo egoísta, es un privilegio estar aquí con poca gente. Siendo egoísta. (risas) [E-30]

Malia a incomunicación e a imaxe de natureza pura, a paisaxe de Trevinca ten puntos escuros segundo parte destas persoas entrevistadas, onde perciben impactos que a destrúen ou que potencialmente poden afectala. Así, ao delimitar a área que ocupan as montañas de Trevinca, E-06 verbaliza criterios estritos: aqueles lugares ocupados por canteiras fican excluídos da súa definición do espazo protexido. A superficie arrasada con maquinaria pesada é de tal magnitude que pode percibirse malia que estes lugares estean "valados".

> Yo excluiría la zona de O Barco, y la zona de Casaio. Porque es la zona de las canteras, cuando hemos pasado por ahí, a mí no me ha convencido mucho. Por ejemplo, Penouta, que está todo vallado, tampoco me gusta. Y era una zona chula. [E-06]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 35. Minaría de lousa a ceo aberto nas proximidades de Casaio (Carballeda de Valdeorras)

Fotografía: autoría propia (20/3/2021)

Figura 36. Minaría de coltán en Penouta (Viana do Bolo)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fotografía: autoría propia (26/2/2023)

As persoas entrevistadas mencionan a idea de incomunicación como un valor positivo a preservar. A dificultade de acceso ao lugar xoga un papel relevante na conservación do territorio nun estado "virxe". O símbolo do oposto a esa virxindade, segundo E-10, son as entulleiras ou "*escombreiras*" de refugallos das minas de lousa, situadas a moi poucos quilómetros de Pena Trevinca, e posibles entre outros motivos grazas á construción de estradas. Aliás, a pretendida inexistencia de interferencias humanas exprésase por parte desta persoa cun elocuente "non hai absolutamente nada".

> É un lugar apartado, sen estradas. Incomunicado para ben, non o digo para mal, e sobre todo sen dúbida ningunha para min *virxen t*otalmente. *Virxen* de *estropeado*, nin *escombreiras*, é dicir, non hai absolutamente nada. [E-10]

O deficiente acceso que ten este territorio de montaña emerxe de maneira transversal en todos os discursos, mais en cada un deles posúe unha connotación diferente. Neste primeiro discurso é visto como un factor chave para a súa conservación como reduto dunha natureza "virxe". En concreto, as persoas entrevistadas máis involucradas no sector turístico óllano de xeito positivo tamén como forma de cribado do perfil que buscan nas estadías de visitantes.

> [A] xente cando chega aquí diche: "*Joder*! Que vives moi lonxe de Ourense, e tal." Eu creo que é interesante que a xente tarde tanto en vir. Esa xente, se pode coller —e *esto* enlaza co tema de que a xente acceda cos vehículos a determinados sitios, e que queden sitios virxes— e subir á Lagoa da Serpe nun coche que lle leva 20 minutos, colle, chega e se fai dúas fotos e marcha, pode saír ás oito da mañá, chegar aquí á unha, facerse a foto e tomar o bocadillo, e estar ás sete en Coruña. Non deixa nada *eiquí.* A xente d'*eiquí* non saca nada. Creo que se debería, con certas cousas, limitar iso. [E-01]

Pero os visitantes que chegan para desconectar na natureza cada vez son máis, polo que as ameazas a Trevinca se diversifican. Xa non falamos só da acción da industria extractiva senón que o turismo sen control comeza a ser un actor sinalado. Para unha das persoas entrevistadas este territorio é máis fráxil ca outros ante esa evolución. Neste caso, a práctica do baño nunha lagoa glacial, que noutros contextos xeográficos tería pouca relevancia, aquí considérase un impacto grave.

> [A] xente ten tamén, por exemplo, a manía de subirse ás lagos a bañarse, *i* non se dan conta de que son ecosistemas moi fráxiles; que unha pinga de auga que cae aí igual tarda vinte anos en saír. [E-01]

Deféndese que até datas recentes existiu case nula consciencia do significado identitario da montaña de Trevinca. Segundo estes participantes, o feito de contar cos únicos "*dousmiles*" do país non foi suficiente para o territorio que estudamos se posicionar como símbolo destacado do imaxinario colectivo galego. Para E-11, alén de non ser coñecida na súa xusta medida pola poboación local, Pena Trevinca recibiu menor atención por parte dos galegos da que merece o punto máis elevado do seu territorio. Asemade, denúnciase que desde parte dos actores teoricamente máis proclives ou conscientes existiu pouco interese e mesmo "indiferenza", que resultaron nunha visión deformada do macizo. O fenómeno acadou até o propio movemento ecoloxista que dicía defender a protección do lugar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Trevinca era un lugar que non se *conocía* por parte do público. As asociacións ecoloxistas a idea que tiñan de Trevinca non era... Atopamos moita indiferenza, tamén polos partidos políticos. [...] [E-11]

Pena Trevinca é, para estas persoas, descoñecida no plano material, mais tamén no simbólico. Aínda non se identifica de xeito automático como o teito de Galiza, pero incluso continúa a ser unha *terra incógnita* no mapa mental dos galegos.

> Pero aún le queda, porque todavía creo que hay muchísima gente que no sabe que la montaña más alta de Galicia es Trevinca, ni la sabe ubicar. [E-07]

No entanto, a situación está en vías de mudar. As persoas visitantes que chegan a Trevinca e realizan valoracións positivas da paisaxe deste macizo poden ser interpretadas como lexitimadoras dun lugar único, unha paisaxe de montaña que cumpre as expectativas da montañeira nacional ou mesmo internacional. O club de montañismo acada, asemade, protagonismo como ferramenta de atracción de miradas formadas na materia, que se sitúan nunha posición de poder a respecto do público xeral e da veciñanza. Valórase como positiva a difusión de Trevinca dentro destes círculos pola capacidade que teñen de prestixiala entre a poboación local.

Figura 37. Descenso en grupo a poucos metros do punto culminante de Pena Trevinca, a 2.127 m de altitude

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fotografía: autoría propia (16/7/2016)

> [P]ara que unha *persona* valore, ten que haber xente fóra que o valore [...]. Canta máis xente de fóra veña e diga que bonito é máis interese vai ter para coñecelo [...]. O *clube* de montaña *nos* permite ter moita xente de fóra que diga que isto é estupendo [...]. Temos que intentar que a xente da Veiga se incorpore, sobre todo os nenos, para que se incorporen e coñezan o entorno, para poder apreciarlo. [E-10]

Nesa liña, tamén se enxalza o valor diferencial que supón o imaxinario montañeiro en comparación con outros imaxinarios que se poden reproducir nas terras máis baixas de calquera outra comarca de Galiza. Destácase a presenza de neve, de antigos glaciares, que dotan de maior espectacularidade a unha paisaxe galega que só se pode ver aquí. Introdúcese o argumento da dificultade de acceso, como é habitual na tradición montañeira, para converter nun reto o ascenso de Pena Trevinca, mesmo cando esta vén inducida polo déficit en infraestruturas viarias. A persoa participante E-01 di preferir "estar aquí (na montaña) que nun centro comercial" precisamente por esa limitación.

> Dependes tamén de que o ceo *esté* despexado ou non. *Sin embargo*, se queres vir a ver a montaña de Trevinca, os vales glaciares... tes que vir aquí *ex professo*. Tampouco melloraría moito as *infraestructuras*. [E-01]

> Viene mucha gente, muchos grupos de gente montañera que no quieren una ruta más sencilla de 3 horas, quieren pues ese tipo de rutas. [E-27]

As bondades das montañas de Trevinca deben proxectarse ao exterior de xeito distinto a como se faría á xente local xa que, segundo E-10, depende da posición do público obxectivo, que pode estar máis ou menos ao tanto do "duro" ou "bonito" que é vivir aquí. No caso dos turistas apunta a adaptar o discurso sobre o lugar poñendo maior énfase na ausencia de masificación, na preservación da natureza e no feito diferencial de estarmos no cumio de Galiza. Desa forma, vemos como se activan argumentos pro-turísticos nun discurso sobre protección estrita.

> Un lugar *bello* para visitar, duro e bonito para vivir. Diferenciaría a descrición se llo teño que dicir a un turista ou a unha persoa que *quisera* vir. Para un turista, diría que é un lugar que *inda* hoxe é do mellor da natureza en España, a maior altura de Galicia. E *si Dios* quere que non sexa así, un lugar que *inda* se pode aproveitar a súa limpeza natural para visitar sen masificación. [E-10]

5.1.3 A protección dos valores naturais e o turismo de baixa densidade

Nas entrevistas mesmo se verbaliza o termo "conflito" entre a conservación dos valores naturais da zona e as persoas e empresas que se lucran en base á "destrución" destes. Para o caso sinálanse os impactos directos ocasionados pola apertura de novas pistas forestais e cinexéticas, o desmonte froito da explotación das canteiras ou o impacto da caza deportiva.

> Que *alguien* que nunha concesión *poda* coller e *destrozar* algo que *ha levado* miles de anos e que todo o mundo ten dereito a poder *destrozalo* para *pegarle cuatro* tiros a *unos* bichos, pois é un *conflicto*. [E-01]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A protección da natureza implica desde estas posicións unha serie de medidas directas. En resposta ás agresións á paisaxe proclaman algunhas persoas participantes a necesidade de "educar" quen incumpre a normativa. Pero introdúcese tamén un enfoque máis coercitivo para quen non quere aceptar as restricións propias dun espazo protexido, por medio da "vixilancia" e as sancións.

> Es un tema educacional, y por otro lado también de multas. Es una pena pero es así, primero educar, y, si no quieren educarse, pues poner multas. Y hacer así un poco con todo. Hacer nueva vigilancia en los montes, que no tienen protección. [E-06]

Ante a ameaza que sofren estas montañas as persoas entrevistadas formulan unha situación desexable cara á que camiñar. Cando se trata de explicar as condicións que debe cumprir Trevinca para considerarse unha paisaxe "natural" exprésanse ideas que participan da distinción radical entre ser humano e natureza. Ironicamente, esa natureza emerxe como un valor sensible, que vai alén da súa compoñente material. De novo: é posible "respirar" a natureza?

> Pues que no esté alterada por el hombre. Que no haya canteras, que no haya minas, que se respire naturaleza, paisaje. [E-07]

En liña con estes postulados, o parque natural que protexe as ladeiras zamoranas de Trevinca estimulou segundo os testemuños analizados un proceso acelerado e "impresionante" de renaturalización nos montes que bordean o Lago de Seabra. Esta área preséntase, a ollos da persoa entrevistada e do seu círculo próximo, como un paradigma de recuperación dos bosques autóctonos a expensas do abandono de superficies agrarias. Isto contrasta coa expansión dos pasteiros reivindicada desde o lado galego:

> Nuestra percepción es que en todo lo que es la cuenca del lago [de Seabra], nuestra percepción es que se se está cubriendo de bosque de una forma impresionante. La recuperación del bosque es brutal... y que antes se veían las laderas. El bosque está recuperando su terreno a pasos terriblemente grandes. Al abandonar gente los pueblos se ha talado menos leña. Y en los últimos 10-15 años han disminuido los incendios forestales. [E-23]

Esas aspiracións de intervención renaturalizadora sobre a paisaxe chocan contra a práctica actual da Xunta de Galiza. Para E-08 a principal responsable da protección do lado galego de Pena Trevinca non aplica un criterio "ríxido" e, polo tanto, depende da boa vontade dos traballadores públicas executar mellor ou peor as medidas de protección. Tamén emerxe nesta entrevista a complexidade das relacións entre administracións cando non hai criterios claros.

> Pois Medio Ambiente [consellaría da Xunta de Galiza] e nós tamén [concellos], pero sobre todo entendo que é a consellería. [...] Pois a ver, é como todo... depende do técnico que nos toque polo que eu vexo. *Te toca* un técnico razoable, como eu tampouco son técnica, pois non sei se o que *dice* está ben ou non, pero hai cousas que son de caixón. *Entonces, según* o que che toque pois hai cousas que as ves lóxicas e cousas que non. O tema do patrimonio, por exemplo, que estea protexido por Patrimonio ou que non o estea. [...] Sempre *decimos*: "Pois *esto* non debería ser así!" Pero logo vén o de Patrimonio e *lle dá* permiso, ou vén o de Medio Ambiente e non lle *dice*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> nada... O tema é que depende un pouco, non vexo que haxa un criterio moi *rígido*, moi claro, de que *esté* todo ben, todo como debería estar, protexido. Non o vexo claro, porque depende todo do que fagamos, e *donde* o fagamos e con quen o fagamos, ou quen veña ou quen non veña, pois vale unha cousa ou vale outra. [E-08]

Segundo os participantes que destacan Trevinca como refluxio da natureza de montaña, hai outras CC.AA. que coidan máis a imaxe das súas montañas. Estes territorios partillan un "modelo" que aposta pola natureza, o "verde", que nestas entrevistas xúlgase preferible. Pola contra, Galiza non é asociada coa montaña, en gran medida debido ao retrato de país costeiro que se difunde nas campañas turísticas.

> Creo que o modelo tiña que ser outro. Así como en Galicia se di que se come moi ben, que hai moi bo marisco e moi boas praias... *te vas* a Asturias e *tu* asocias con verde e montaña. E Cantabria é algo semellante. [E-01]

En consecuencia, esta perspectiva defende que cómpre superar o modelo turístico que reproduce unha imaxe de Galicia que obvia a montaña. Este territorio ten vocación turística de baixa intensidade, segundo o expresado nestes códigos que presentan o territorio como un repositorio de atraccións naturais. Esa "potencialidade", aínda non aproveitada, pasa por dar a coñecer os seus valores naturais diferenciadores, ben sexa unha formación forestal única en

Figura 38. En primeiro plano, a aldea de Vilanova (A Veiga), cos últimos restos dunha nevarada caída dous días antes. Ao fondo, os cumios de Trevinca aínda cubertos de manto branco grazas ás persistentes baixas temperaturas

Fotografía: autoría propia (26/2/2023)

Europa ou a exclusividade da "alta montaña" galega. Aliás, a neve do inverno *trevinco* volve emerxer como elemento diferenciador da paisaxe que representan as persoas entrevistadas.

> [T]emos unha potencialidade turística tremenda, dádevos conta que temos o Teixadal de Casaio, que como bosque é o máis grande de Europa, porque solto o hai, pero para bosque, o noso. Temos toda a Serra do Eixe, toda a Serra de Trevinca, en *vecindad ca* Veiga, turismo de inverno, da neve, que a hai, porque somos de alta montaña. [E-02]

E-05 expresa unha situación de agravio comparativo neste sentido. Mesmo cando desde as campañas de promoción turística se pon o foco nas montañas galegas, as de Trevinca son máis ben descoñecidas. Outras áreas parecen ocupar a atención das campañas publicitarias e son máis "valoradas". Na entrevista a E-05 asóciase esta situación a decisións políticas.

> Creo que a zona de *Peña* Trevinca, en *general*, nunca *estuvo* á altura de Xurés nin dos Ancares. Aparte de ser os picos máis altos, nunca *estuvo* valorada. Nunca lle deron a publicidade que lle deron a outras zonas. Supoño que aquí xa nos *meteríamos* en temas políticos. [E-05]

Segundo E-04, este ocultamento de Trevinca ten a súa orixe nun menosprezo sistemático do rural galego, articulado como forma de desactivación dos seus valores diferenciais identitarios. Este territorio forma parte da Galiza non urbana, que se presenta como o berce da maior parte da poboación do país, mesmo dos habitantes das cidades. Debúxase nas entrevistas, polo tanto, unha equiparación da identidade galega coa esencia rural, e un intento externo, coa colaboración dos medios de comunicación, de asimilación cultural dentro dunha España urbana e uniforme.

> Non, é dicir, o rural en Galicia non está valorado, os medios de comunicación mírannos como se fósemos atrasados. [...] Isto é algo que está dirixido, que non sae da nada. Porque a maioría da xente que hai nas cidades ten rural na súa familia, e *sin embargo*... Por que? Polo autoodio que *les* meteron desde sempre. *Entonces eso* vai incluso *fomentao* para que non *seamos* conscientes de quen somos, e quitar a nosa idea de que somos diferentes, e que os galegos... asimilarnos ao *ciudadano* galego [...] ao español. [E-04]

Noutros casos as persoas entrevistadas denuncian abertamente os culpables dun suposto proceso de borrado de Pena Trevinca. Sinalan os medios de comunicación como artífices en gran medida do sentimento de "autoodio" que penetra na poboación, desactivando algúns dos seus sinais de identidade.

> [Sobre a falta de información da poboación acerca dos valores naturais] Información general, *mass media*, prensa, televisión. Que no comunican nada, y lo que comunican es que te vayas, que no hay futuro. Y al final lo que creas es un autoodio a la gente aquí. El autoodio que todos conocemos a la lengua, a tu forma de vida tradicional. Incluso a tu patrimonio natural. [E-30]

En contraste, faise unha referencia á visión respectuosa que si tivo o histórico dirixente nacionalista Xosé Manuel Beiras cando se lle formulou a relevancia do macizo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consecuentemente, entender Trevinca como o punto máis alto de Galiza semella máis fácil desde posicións políticas que recoñecen a esta como nación de seu.

> Salvo Beiras, que si. Atopamos que estaba con nós. Foi capaz de entender que *estábamos* falando de Galicia, do territorio galego. De Trevinca: cima de Galicia. *I* el, *esto* entendeuno perfectamente. [E-11]

Nesta conformación do significado identitario de Trevinca, os descendentes de emigrantes xogan un papel protagonista. Segundo as persoas participantes, parecen entrar en conflito coa protección debido á súa crecente desconexión co territorio. Mentres os veciños que viven todo o ano en Trevinca aprenderon a convivir coas restricións propias dun espazo protexido, os antigos habitantes ollan con incomprensión estas medidas. En concreto, a relación entre os *neorrurais* e estes descendentes parece ser especialmente complexa, pois entra en xogo a lexitimidade da identidade territorial de cadaquén e, polo tanto, a lexitimidade para opinar sobre as políticas de protección.

> Es distinto, cuando hablo de la gente de aquí, hablo de los que vivimos aquí. Gente que tira cualquier cosa en cualquier sitio, que deja una lavadora o tal, es gente que se va. Le da igual, no lo ve. Esa gente, aunque vivan fuera todo el año, aunque vengan diez días, tú no eres de aquí y ellos sí. Es un concepto que tienen ellos metidos ahí. [...] Entonces ellos no entienden que tengan que pedir, si tienen que cortar leña, que tengan que pedir un permiso. La gente de aquí ya está *ahecha* a pedir el permiso, es que lo ven normal. Lo han aceptado perfectamente. [E-07]

> Somos destes *neorrurales* que non queremos que *esto* desapareza. [...] Somos a xente que nos criamos na cidade e que nos *volvimos* vivir á aldea. Non me poño etiquetas de ningún tipo, pero socioloxicamente si que se nos etiqueta. «*Estos* veñen *da'fóra*.» Eles pensan que... cando collemos a tenda, din: «non ides saír adiante», «aquí non hai xente», «cada vez somos menos», «*estos da'fóra*...» [E-09]

Mais o menosprezo aos valores naturais non só provén do exterior, tamén emerxe nas entrevistas un "perigo" máis local que ameaza a Trevinca. Perciben neste caso unha fenda entre quen ve a protección como un factor que limita a rendibilidade dos aproveitamentos na montaña e quen a ve como un paso necesario e que non elimina a posibilidade de tirar rendementos dela.

> Aínda seguimos correndo un grande peligro por parte da xente de dentro que lle interesa máis a *rentabilidade* da propia montaña, que a protección da montaña coa *rentabilidade* correspondente. [E-11]

5.1.4 Un cambio no modelo de protección: a posibilidade do parque natural

Após a inclusión de Pena Trevinca dentro da Rede Natura 2000, as persoas entrevistadas precisan que xa se recoñeceron os seus valores naturais desde un punto de vista formal. No entanto, E-08 denuncia que esa figura non trouxo cambios na ordenación e xestión do territorio de cara á súa conservación. Ponse, dese xeito, maior énfase en como se aplican as medidas de protección ca no seu rango legal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [D]algún modo [xa] están recoñecidos os valores medioambientais desta zona. Pero non sei *si* nese sentido está vindo *alguien* para ver como evolucionou desde que se declarou *Red* Natura, o LIC, o ZEPA e todo *esto*. Non sei *si alguien* veu a comprobar como está. [E-08]

Fronte a unhas administracións que centran os esforzos na promoción turística indiscriminada destas montañas, nas entrevistas reivindícanse accións concretas e normas vinculantes como espazos protexidos que son. Exprésase a consideración que se atendeu dun xeito superficial este territorio e que se precisa un cambio.

> As propias administracións, antes de falar de promoción, deberían falar de protección ambiental. *Eso* o primeiro. Sempre falando das normas que se teñen que *cumplir*! Nada de filosofías, nada de empirismos, nada de frases bonitas! [E-11]

Afírmase a necesidade desas figuras de protección, e censúrase a súa non aplicación. En concreto neste fragmento a persoa participante demanda un maior "control", que podería vir da man dunha mudanza nas políticas de protección de Pena Trevinca. Esta persoa reitera a demanda que cando menos se cumpra a lexislación ambiental vixente.

> *Red* Natura, Zona ZEPA, ZEC... Todas esas figuras de protección. [...] O que pasa é que están *mui* ben no papel, pero se non o *cumplimos* pois non... *Eso* [figuras de protección] debería[n] existir, [...] eu creo que si. Xa existindo, *muitas* veces existindo xa facemos o que nos dá a gana, pois se non *existira*. Non sei se necesitan unha revisión ou non necesitan, pero *bueno*... están ben. [E-08]

Neste caso, en palabras das persoas entrevistadas, o "control" sobre o territorio que exercería un novo parque natural tería a flexibilidade suficiente mesmo para incluír actividades económicas moi concretas, sen chegar a esmagar o medio ambiente. Proponse, en definitiva, un cambio na xestión do espazo protexido que permita "cumprir a lei" fronte ao descontrol actual.

> Si, sen dúbida ningunha, parque natural, por suposto. Para min debería implicar unha xestión do territorio mellor *medioambientalmente*. Aberto a actividades turísticas controladas, porque estou vendo que os parques *naturales* non están cumprindo o que di a lei, que é protección do medio ambiente. [E-10]

As persoas entrevistadas avalían ese alcance que teñen sobre o papel as diversas figuras xa declaradas no conxunto do macizo. O parque natural que a día de hoxe rexe as ladeiras zamoranas destaca polo seu nivel de "restricións" fronte unha Rede Natura 2000 de novo considerada inane.

> ¿Qué figura tiene más fuerza? Por restricción [es], el parque. Sí, porque todo lo de Red Natura, del LIC de la Cabrera, los ríos... no. [E-30]

Mais cando o acento volve recaer na aplicación efectiva da normativa do Parque Natural del Lago de Sanabria y Sierras Segundeira y de Porto, tamén este se valora como ineficaz. Nese

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sentido, ao non existir un cumprimento rigoroso da protección que se presume sobre o papel, estoutra figura tampouco cumpre as expectativas das persoas entrevistadas.

> Por lei, si; en teoría, si [están protexidos os valores naturais] pero na práctica, non. Porque de todo o que poñen que hai que facer na normativa do parque natural... non se fai. [E-15]

Dese modo, non existe unha defensa inequívoca da figura de parque natural como solución aos males da protección de Pena Trevinca. Mais si se dá conta dela como posibilidade de avance, xa que "non é o mesmo". Nestas persoas emerxe a ambición de equiparar o rango legal do espazo protexido galego e o seabrés, de modo que se poida evadir unha fronteira humana e recuperar a unidade natural do macizo.

> No es lo mismo estar en un Rede Natura 2000 que estar en un parque natural. [...] Lo que nos gustaría, personalmente a mí, es que fuera un parque natural interregional. Que no entendiese de fronteras, porque es que las fronteras es que no existen. [E-07]

Até o de agora Pena Trevinca non está a ser "coidada" malia estar baixo o paraugas da Rede Natura 2000. Algunhas das persoas entrevistadas si que consideran abertamente como positivo ir alén do actual nivel de protección cara á declaración dun parque natural.

> Para min, por *ejemplo*, sería algo positivo [declarar isto parque natural], porque eu espero que aí si que se notase que *alguien* vai a vir a controlar como se *cuida* o monte, como se usa, e todas esas cousas... [E-09]

De feito, ás veces as persoas participantes afondan aínda máis na idea biocéntrica de "non tocar" determinados lugares do macizo de Trevinca. Pola contra, deberíanse recuperar, é dicir, debería existir unha intervención que os protexese e xestionase como exemplos de natureza "virxe". De novo, o acceso rodado é sinalado como ameaza ás paisaxes ideais que se deben crear. A maior dificultade para chegar a un lugar, maior pureza terá.

> *Me gustaría* que houberan moitas zonas que a xente non as *tocara* e que se *recuperaran*. É dicir, non concibo cando unha persoa quere ir á Lagoa da Serpe en coche [...]. Eu quitaría todas as pistas, ou moitas pistas. *Me gustaría* deixar zonas totalmente virxes. [E-01]

A cuestión da accesibilidade volve emerxer como factor que asegura a protección, neste caso do cumio. Establécese unha comparación co maior pico do Portugal continental, que ten unha estrada pavimentada até a máxima altitude. Segundo E-11, é moi importante manter a inaccesibilidade de Pena Trevinca, afastada de estradas, pero tamén dos desenvolvementos urbanísticos que con frecuencia estas levaron aparellados no pasado.

> *Bueno*, son esas formas de entender a montaña dos anos 80. [...] [A] min ao chegar aquí o primeiro que me propuxeron inmediatamente era que tiña que colaborar en sacar adiante unha *carreteira* que ía a Trevinca e despois baixaba *hasta* Fonte da Cova. Que unha *carreteira* a Trevinca ía ser a solución económica do territorio e que o turismo ía vir. Pois como a Serra da Estrela,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> metemos autobuses e facemos un Corte Inglés en Pena Trevinca, e facemos unha serie de cousas. Unha idea absurda. [E-11]

Dada a existencia dun parque natural do lado seabrés, a creación doutro na Trevinca galega posibilitaría unha protección equiparable en todo o macizo, pero existen reservas ao formular a posibilidade de integrar ambos os dous perímetros protexidos dentro dunha mesma estrutura. En primeiro lugar, as persoas entrevistadas apuntan unha diferenza entre o modelo de protección consolidado ao redor do Lago de Seabra e o modelo que se podería desenvolver a partir do actual espazo protexido da Rede Natura 2000 galega, que ten menos anos de percorrido. En segundo lugar, en termos de recoñecemento, considérase perigoso asimilar dentro dunha mesma marca o territorio galego de Pena Trevinca e o seabrés do Lago de Sanabria y Sierras de Segundeira y de Porto. Se este segundo nome é máis recoñecido polo público xeral, aquelas persoas máis interesadas en poñer Pena Trevinca no mapa chocarían co protagonismo do maior lago glaciar do Estado.

> Si se crease un parque entre dúas comunidades autónomas igual, non sei... porque do outro lado, da Lastra, non o vexo. Non sei… Véxoos en desigualdade de condicións, porque no parque de Sanabria xa levan moito tempo traballando, e igual esa alianza cuando aquí xa levemos un tempo, cuando xa estemos de igual a igual... non sei... no sentido de que nos podería prexudicar ir de primeira *mao* con Sanabria. Pois bueno, evidentemente Sanabria ten un nome, poderíase confundir. Os defectos que podería ter Sanabria nese sentido nos poderían contagiar... non sei. Habería que valorar se o efecto sería máis positivo ou máis negativo. [E-14]

Nestes discursos tamén emerxen os límites do equilibrio entre a crecente "fama" destes picos como os maiores de Galiza e a súa protección. Coa súa maior popularidade créase un efecto chamada para competicións deportivas propias da montaña que se traduce en eventos multitudinarios. Sinálase ás autoridades responsables das políticas de protección en Trevinca, que deberían elixir entre "falar de protección" ou aplicala.

> [P]odemos morrer de fama... porque non todo vale. Neste momento están pensando en facer unha carreira con *quinientas personas* a Trevinca. Para min non podes *mezclar churras con merinas*, non podes falar de protección, e por outro lado de meter 500 persoas. [E-10]

Dentro desa idea de protección específica para os picos, o mesmo cumio de Pena Trevinca estaba marcado cunha gran cruz de formigón (*cemento*) que caeu xa hai moitos anos. A tarefa de retirala, malia que custosa, parece importante para quen ascende até arriba. Considérase que este lugar debe estar libre e despexado de elementos fabricados con materiais estraños á montaña.

> *Me comentaron* a min: «mira a ver si juntamos gente y quitamos la cruz aquella de *cemento*, aquello de *cemento* hay que quitarlo de allí». Este comentábamo máis que nada para limpalo, porque é unha cruz de *cemento* [...] que está caída. [E-15]

5.2 PROTECCIÓN COMO FERRAMENTA DE DESENVOLVEMENTO

Nas entrevistas pode atoparse un entendemento da paisaxe de Trevinca e da súa protección algo máis conectado coas actividades económicas e a forma de vida das comunidades locais (Figura

39). Neste segundo discurso preséntase unha paisaxe moi valorada pola súa condición de "humanizada". Non se concibe xa a protección como un método de preservación do patrimonio natural e dun símbolo identitario ou, cando menos, estes argumentos pasan a un plano secundario en comparación coa necesidade de reverter beneficios na veciñanza destas montañas.

As identidades locais parecen ficar progresivamente marxinalizadas, ao mesmo tempo que as comunidades da montaña, e a súa memoria, desaparecen coa despoboación. A evolución desas identidades locais está cada vez máis influída por novas formas de habitar o territorio, como os neorrurais ou os emigrados que retornan temporalmente.

Aliás, Pena Trevinca é, segundo algunhas persoas participantes, unha marca en proceso de consolidación. A valoración da paisaxe destas persoas privilexia a súa compoñente de alta montaña, de destino de natureza onde se pode producir unha "desconexión" co mundo urbano. Explicítase a atracción que xera esta paisaxe de montaña cara a un perfil de turista que procura a soidade e o illamento.

Figura 39. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) da protección de Pena Trevinca baseado no desenvolvemento.



Fonte: Elaboración propia

5.2.1 Unha paisaxe cultural alén da natureza

En base á combinación de elementos naturais e culturais, tanxibles e intanxibles, na seguinte descrición que realiza E-04, dunha sorte de pisos altitudinais, aparece un recurso máis para lexitimar a singularidade da paisaxe desta montaña. Obsérvase nela certa resignificación dos impactos modernos na paisaxe, nomeadamente os encoros, que se presentan como potenciais "lagoas" aos ollos dun observador pouco informado do proceso de asolagamento dos vales do río Xares e do Bibei.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Aínda que os encoros anegaron o val, aquí temos un estrato desde o fondo, con viño. Logo se *sigues* na ladeira, tes os soutos de castiñeiro. Todos eses soutos de bosque de frondosas autóctonas, logo subindo un pouco máis arriba, *mezclados* cos [...] prados, a *ganadería* e todo *eso*. [...] Despois nas zonas máis altas temos carqueixas, as uces, as uceiras famosas que moitas delas están protexidas pola Rede Natura [...] e a fauna asociada a todo isto. E todo a nivel paisaxístico, logo os encoros, que aínda que foi dramático no seu momento, teñen a súa beleza de lago, que en casos como este que está aquí, que ten a nivel paisaxístico o seu. E todo iso *salpicado* de *pueblos*, co seu patrimonio artístico, con elementos etnográficos importantes, de *iglesias*, de capelas, de santuarios, de mámoas, de vestixios históricos variados. Pazos, porque era unha zona que era rica desde o punto de vista [...]; por *eso* digo que é unha zona de alto valor paisaxístico, etnográfico e patrimonial. [E-04]

A existencia de cultivos non se considera, segundo este testemuño, unha "alteración" relevante da paisaxe. Non se reivindica a existencia dunha natureza virxe, senón outra en equilibrio co traballo agrogandeiro. De feito, segundo E-04, este lugar "non se pode entender [...] sen o sector agrario".

> É unha zona que está moi ben conservada, que non tivo *alteraciois* enormes, *bueno*, algunha si, pero menor que tal... Que pasa? Pois que tiña que ter máis apoio a xente que vive, e moitas veces o aproveitamento *cerealístico*, gandeiro, que tiña que haber máis para [que] isto *fora* un impulso para que esta vexetación se mantivera, porque moita de esa é vexetación froito do uso agro-gandeiro... pero non hai ningunha vantaxe por estar aí [vivindo]. [E-04]

Porén, o abandono dunhas terras agrarias infrautilizadas pon en perigo esa paisaxe. Dese modo, gaña superficie o "monte baixo" nas ladeiras de Pena Trevinca.

> Agricultura non [hai] demasiada, de autoconsumo, que nese sentido é de calidade, pero con moitas pendentes. Temos moito monte baixo, con potencialidade para a gandería, pero está sen *desarrollar*, polo que vos digo da comodidade. [E-02]

Tamén entran en xogo como argumento os estilos de vida. En contraposición ao colapsado mundo urbano, Pena Trevinca pode proporcionar tranquilidade, un lugar de repouso. O prezo a pagar por esa tranquilidade foi unha perda de poboación continuada, tras anos de déficit en infraestruturas e negocios. Neste caso a persoa entrevistada formula a contradición de xeito explícito.

> É unha zona súper tranquila que, a xente que quere descansar, pode descansar tranquilamente. Un problema que temos é que non hai infraestruturas de restaurantes e hoteis que a xente se poda... a xente *eiquí* sempre tirou a saír fóra. Como que non queren ter unha *responsabilidad*. [E-15]

5.2.2 Cambios nunha paisaxe humanizada e produtiva

En primeiro lugar, a extracción de recursos mineiros preséntase da man doutras actividades industriais contaminantes que deberían reducir a súa presenza en calquera montaña que se

USC DE COMPOSTELA

pretenda protexer. A alternativa que aquí formulan as persoas participantes das entrevistas non pasa por excluír toda actividade económica do lugar, senón por mudar o enfoque cara á especialización en turismo *de* ou *na* natureza. Esta aspiración xera tensións con quen ve na xeración de postos de traballo unha prioridade absoluta, mais tamén con quen privilexia a conservación da natureza.

> A xente *cree* que a mina vai solucionar todos os problemas de traballo do concello. Tampouco creo que *sea* así. Supoño que un pouco de rutas de sendeirismo, turismo... potenciar o natural, paisaxístico. Aquí non vas traer industria, está claro. Meter industria en zonas de montaña non me parecería demasiado correcto. [E-05]

Os impactos xa producidos pola extracción de lousa no macizo son entendidos como males pasados, ou mesmo necesarios, a partir dos cales se pode actuar para mitigalos. Debuxan as persoas entrevistadas unha certa reapropiación da paisaxe mineira, para ollala de forma máis benevolente. Sobre o sector de Casaio (Carballeda de Valdeorras), admítese ocupado polas canteiras e os residuos derivados delas. Iso non impide a E-11 recoñecelo con afecto como parte da súa "casa".

> [É] un territorio moi ocupado industrialmente polas canteiras, e moita *escombreira*… Pero a ver, é como tamén como se un ten un fillo que *bueno*, non é marabilloso e é un pouco tontiño, pois tampouco deixas de querelo. Pois tamén é a miña Trevinca, a miña casa, loxicamente teño grandes amigos en Casaio, e *bueno*... se paso polas *escombreiras* pois miro un pouquiño para outro lado, ou miro ao chan ou miro para arriba. Pero *bueno*, é a miña casa tamén, Casaio é a miña casa. [E-11]

Tamén se menciona unha nova actitude en relación coa paisaxe dos grandes piñeirais de repoboación, que coroan boa parte da serra do Eixe. O uso como pasto arbustivo implicaría un gran cambio na apariencia das montañas de Trevinca que, en verbas desta persoa entrevistada, toda a súa comunidade apoia. Suporía o retorno, con axuda pública, de gando aos antigos pasteiros.

> [N]o pueblo están moi *cansados* dos *pinares* e da xestión que fai a Xunta dos *pinares*, entón [...] todos os veciños están *dacordo* en cambiar os usos de todas esas parcelas e darlles uso de pasto arbustivo. [E-05]

Do mesmo xeito, desenvólvese a idea de que coa limpeza no monte deixaría de haber tantos incendios, asumindo que a presenza do lume é imposible de frear.

> Refírome á limpeza de montes, porque os incendios son unha cousa, en *verao* os alcaldes non *desfrutamos*. Eu non vou de vacacións en *verao*, e claro, estamos preocupados. [...] Ten que haber gando nos montes, producindo dunha forma regular. [E-02]

Non esquecen tampouco as persoas entrevistadas que os "costumes de antes" que moldearon a paisaxe até o actual progresivo abandono eran mostras dunha sociedade desigual e patriarcal. A defensa dalgunhas "tradicións" non implica que todo o que é antigo debe ser reproducido na actualidade, segundo E-15.

> [T]es que mirar que estamos no *siglo* XXI e non podemos volver ás *costumbres* de antes. A xente e as mulleres estaban moi *demacradas*. Levaban *casi* o maior peso da casa. Aparte de traballar no campo, en casa: *cuidar* os fillos, e o traballo da casa era todo das mulleres. Si que hai *tradiciois* festivas que si que apetecía que volvesen, pero *deso* que hai unha de cal e unha de area. [E-15]

Ademais, os usos e costumes entendidos como tradicionais xa non están vivos en primeira persoa, na maior parte dos casos foron transmitidos de xeracións pasadas. As persoas entrevistadas, cando rememoran os primeiros recordos que teñen de Pena Trevinca, só parecen fixar aqueles relativos ao papel lúdico do macizo, con especial protagonismo de espazos como a praia fluvial. Na súa infancia non lembran percorrer a zona máis alta destas montañas nunhas vacacións de verán nas que a prioridade era refrescarse da calor.

> Pois de pequena aí á presa de Prada a bañarme no *verao*, é a única idea que teño da zona porque nos gustaba moito vir, viñamos todos os veráns, pero era o único que *conocía*. Non coñecía a zona de arriba máis de montaña. [E-08]

A etiqueta "de montaña" considérase un valor engadido que se crea en datas recentes para os produtos que baixo outros selos menos atractivos non se diferenciarían. Neste caso, E-14 pon de manifesto nas entrevistas que non tería o mesmo valor o mel producido neste lugar se non se empregase o apelativo "Montañas de Trevinca". Deste xeito a idea de marca vai alén da promoción turística para empregarse como gancho publicitario para produtos locais.

> *A* mel que máis valor ten no mercado é a de montaña, *entonces* temos que tirar por aí. Que non lle poñamos un nome de Veiga-mel, tiremos de Trevinca ou da natureza de montaña non *solamente* no sector turístico, senón incluso, por exemplo, na gandería. [E-14]

5.2.3 Concertación entre a protección da natureza e as actividades económicas

As persoas participantes expoñen un choque entre percepcións antagónicas dos recursos naturais neste espazo protexido. Sitúanse deste xeito na intersección entre a visión conservacionista da natureza, que aquí se expresa na necesidade de recrear un ambiente de vexetación autóctona madura, e as prácticas "pouco sensibles" de aproveitamento forestal dalgunhas locais. Para o caso da madeira, apuntan á posibilidade de conciliar as dúas visións cunha solución que permita ás persoas propietarias realizaren talas pero que manteña un pano "natural" observable desde os camiños.

> [E]u creo que hai moi pouca sensibilidade, sobre todo por parte da xente *d'eiquí*. Onde ves un *árbol*, outro ve un tablón, e ese *es el* problema: *el* tablón son 100€ hoxe; o *árbol* son igual *diez* euros durante vinte anos. Moitas veces, en moitas actividades non se considera o factor ambiental como unha variable económica. *Si* se *considerara*, moitas actividades non serían *productivas*. [...] Cos da leña? Pois igual simplemente deixar unha franxa de, igual, 50 ou 100 metros, ao lado dunha sendas que *tu* fagas, pois aí non imos cortar. Imos *a* vender natureza: *si* queremos vender natureza, non me fagas unha corta *matarrás al* lado. *I si* ma fas, corta os *árboles* retortos *i* pequenos, *i* deixa os grandes. Eses que *han sido* grandes porque, alguén antes ca ti, pensou que tiñan que chegar aí. [E-01]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Malia as críticas a prácticas concretas insensibles ambientalmente, valórase a labor das poucas persoas que continúan a manexar gando na montaña, e gábase a "limpeza" que estas prácticas xeran no monte.

> Os gandeiros fixeron unha labor moi grande e séguena a facer. Limpeza dos montes e posta en valor dos seus produtos. [E-13]

O paso decisivo sería que esas persoas dedicadas á gandaría integrasen a creación dun parque natural dentro da estratexia de "posta en valor" da súa produción. Así, E-14 considera que este sector da poboación local podería potencialmente ser un impulsor da protección de Pena Trevinca.

> O caso é que eles [gandeiros] foran capaces de entender que o parque natural *sólo* lles vai *a* traer beneficio. [E-14]

De feito aseguran que entre o conxunto das comunidades locais non é mal vista a posibilidade dunha figura de protección máis restritiva que a actual, que controlase o territorio de xeito sistemático. Iso si, cómpre ter en conta que favorecería que un sector delas adquirise unha postura hostil. Como apunta esta persoa participante, existen casos concretos de persoas que participan do mantemento da paisaxe, pois "traballan no monte", mais desde a economía informal que se podería ver ameazada ante unha vixilancia máis exhaustiva.

> A xente que traballa no monte... non quero ser malpensada, pero creo as persoas que son *ilegales* dalgún modo. As persoas que están facendo as cousas ben non teñen por que ter medo a que cambien a *legislación* nin nada. Pero *si* a xente entende *eso*... [E-09]

Entre eses sectores potencialmente conflitivos sinálase a caza. As persoas entrevistadas amosan unha posición concertadora entre a existencia dun couto e as aspiracións de maior protección do espazo. Neste caso, unha delas propón reinventar a actividade cinexética cara a atraer visitantes para observaren acontecementos vencellados á natureza salvaxe, como pode ser o bruar dos cervos.

> [O] *coto* podería ser perfectamente un lugar para observar agora en outono a *berrea* do cervo; ou para observar *bichos*. Poderías traer xente da cidade a ver corzos, a ver raposos. No a *pegarle* tiros. [E-01]

No pasado houbo unha iniciativa para a creación dunha estación de esquí en Pena Trevinca. O que nun comezo parecía unha boa idea para o desenvolvemento deste territorio de montaña acabou por se descartar desde as autoridades. O argumento que nos traslada que se esgrimiu para desbotalo é a escasa capacidade de xerar riqueza entre as comunidades rurais, cun establecemento hostaleiro presuntamente desconectado do seu contexto territorial. No seu lugar, o daquela presidente da Xunta, Manuel Fraga, propoñía investir diñeiro na rehabilitación das aldeas dos concellos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Nós *ficeramos* un *proyecto*, que nos axudou a Deputación a pagar, [...] un dos que participara no *proyecto* de Manzaneda, e *fizo* máis ou menos un proyecto

> como o de Manzaneda. [...] [E]ra un invento *bueno* para a zona, non *solamente* para o *ayuntamiento* da Veiga, senón para toda a comarca de Valdeorras. *Entonces*, unha vez feito ese *proyecto*, nunha ocasión veu o presidente Fraga, xa viñera á inauguración do hotel [...], e el viña moito. Unha vez falando diso con el, dixo que este *proyecto* «non che vale». E deunos unhas explicacións que eu lle encontrei razón. Se fas eses proxectos os *pueblos* non melloran nada, porque a xente vai subir directamente á estación, van *a* comer, *pernoctar* alí, para outro día collen o coche e se van, e os *pueblos* non van a gañar nada. Esta zona lle fan falta máis axudas, pero é unha zona *buena*, e ten moitos recursos para funcionar. [...] El se comprometeu a facernos ese *proyecto*, dixo que o *iba* encargar a consellería de Familia, e que nos *iba* subvencionar ese proxecto. [...] Nas seguintes Fraga perdeu as *eleccíois* e entrou o bipartito, e eu falei con eles pero non estaban pola labor. Nin de facer ese segundo proxecto nin facer a estación de montaña. [E-12]

Sexa ese o argumento ou outro, as persoas entrevistadas non ven este gran proxecto de estación como o camiño cara ao desenvolvemento da zona. Iso si, sinalan interesantes repercusións en canto ás expectativas xeradas ante un grande investimento na zona.

> Cando me enterei de que *iba a* vir alguén a falar dunha estación da montaña, eu a verdade sempre me pareceu absurdo. Pero *aquelo* moveu tanto interese... pensa que neste territorio o pesimismo era total. Pero a min *aquelo* me pareceu un absurdo. [...] *Me asombrei* que con aquela *barbaridad*, todo o mundo comezou a apreciar o territorio! Subiron de *precio* os *terrenos*, ninguén vendía unha casa vella... *hostia!* Claro, *aquelo* fixo que a xente *reparara* na montaña. [E-11]

Mesmo moito antes da potencial chegada dun problema de masificación, xa se apunta nas entrevistas a que o turismo non pode xirar en exclusiva ao redor dunha Pena Trevinca entendida como destino de montaña. Adóptase unha posición de cautela ante a posibilidade dun desenvolvemento turístico que vire as costas ás necesidades das aldeas localizadas a cotas máis baixas.

> [N]on nos podemos limitar *solo* a traer xente a Trevinca, se queremos que sobrevivan as 29 aldeas de Trevinca, non van sobrevivir todas de Trevinca, e se o fan, *nos vamos a* cargar Trevinca. [E-09]

Tendo en conta que o proxecto de rehabilitar aldeas que refería E-12 ideouse na última lexislatura do goberno Fraga (PPdeG) á fronte da Xunta, os testemuños indican que o novo executivo autonómico PSdeG-BNG decidiu cambiar de estratexia para a zona. A nova aposta sería a declaración dun novo parque natural ao redor da maior montaña do país. Entre 2005 e 2009 "tentouse" facer, coa complicidade do goberno municipal da Veiga.

> [M]e parece que foi co PSOE, que nomearon aquel alcalde que lle deron premio a alcalde medioambiental do ano, e falaba moito de parque natural, foi a época de Touriño [bipartito da Xunta 2005-2009] *cuando* se estaba intentando facer. [E-14]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sobre unha hipotética declaración de parque natural E-04 considera fundamental que a poboación local vexa os beneficios de forma clara. Os postos de traballo directos que xere a protección deben repercutir na comunidade local. Estas persoas son as máis afectadas polas restricións, as que mellor coñecen o territorio, as que o habitan todo o ano.

> Tiñan que pagarlles por estar vivindo alí. Todos *guardas forestales*, xente que vai aí... pois ponos a xente que vive aí de *guardias forestales*. Coas posibilidade de facer visitas... a posibilidade de estar aí de *guarda*, de *vigilar*, pero tes que vivir aí no *pueblo*. Non que manden a unha persoa que vaia *a* dar unha volta por aí e vive en Ourense, e logo marche. [E-04]

Malia que a administración non queira dar o paso de investir en Pena Trevinca polo custe económico que teñen os servizos públicos no rural, as persoas entrevistadas consideran que o papel que desempeñan os habitantes destas áreas vai alén dun estrito cálculo financeiro. A súa presenza é necesaria para "vixilar" o territorio.

> A la Administración no le interesa mantener a la gente en el rural. Por un tema económico, pero yo creo que alguien tiene que tambien estar para vigilar el territorio. [E-07]

O trato recibido polas escasas persoas que manteñen unha explotación gandeira aquí, en contraste con estados como o francés ou o austríaco, favorece a perda de mocidade con vocación a ollo das persoas participantes. Este sector da poboación non se conforma cunhas condicións de vida moi inferiores ás doutros territorios similares. Falta axuda para implementar as innovacións necesarias para depender menos das actividades industriais extractivas, que concentran a oferta de traballo na zona.

> Creo que habería que cambiar a mentalidade dos *xóvenes*, que ser gandeiro pode ser unha profesión *rentable*, pode ser unha profesión gratificante, e sobre todo que lle pode dar unha calidade de vida, cousa que aquí non está pasando. Non se pode comparar unha granxa de Austria, unha granxa de Francia, cunha granxa da Veiga, quero dicir, iso de ter aínda que pasear as vacas, pois... [E-14]

> É máis fácil entrar na *louxeira* [mina de lousa] que cultivar a mente e ter iniciativas. [E-02]

Malia recoñecerse o "potencial" da zona, non só en termos turísticos, destácase a desmobilización que xera a falta de apoios para levar a termo proxectos concretos. As persoas que aínda manteñen actividades económicas na zona fano máis por inercia que como un proxecto a longo prazo, e carecen de esperanzas de perpetuar a vida nas comunidades locais. É complexo manter unha estratexia dinamizadora "idílica" mentres a pouca xente que aínda vive no lugar ten dificultades para saír adiante.

> É unha zona con *muito* potencial. *Teríamos* que ser ao mellor máis atrevidos, pero non ves nada que che axude a levar *muitas* cousas adiante. [...] A xente, despois de todo, nós *mismos* tamén os enfocamos a que isto era o último. O meu fillo ve as vacas dunha maneira moi idílica. [E-17]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En consecuencia, estas persoas entrevistadas consideran que a posición de Trevinca como "teito" do país ten unha gran potencialidade discursiva desaproveitada. Así, as únicas terras por riba do limiar dos 2.000 metros deberían devir nun reclamo en si mesmo, en especial entre o público galego. Poderían mesmo valer como unha carta de presentación a partir da cal se puidesen dar a coñecer o resto de recursos turísticos da zona: lagoas, ceo nocturno, ou mesmo os encoros.

> Se nós temos o teito de Galicia, os únicos *dousmiles*, o grupo *lagunar* máis importante de Galicia, temos as únicas praias de 850 metros, un dos mellores 14 ceos do mundo para ver as estrelas. Se temos todo *eso*, algo se estaba facendo mal para que a xente non viñera *a* velo. [E-13]

A identificación como "alta montaña" do territorio de Trevinca limítase nestas entrevistas aos niveis de altitude superior, afastando este adxectivo da maioría de núcleos de poboación de concellos como o da Veiga. Dese xeito, malia a potencia discursiva da alta montaña como paisaxe singular, o uso desta "marca" pasa, pois, a entrar en disputa con outras paisaxes vividas con igual ou mesmo maior intensidade polas habitantes da zona. Resulta rechamante como E-14 adscribe a Rede Natura 2000 á categoría de produto (turístico?) a utilizar.

> Só a unha pequena parte da produción lle poderíamos chamar "alta montaña", que é o mesmo que nos vai *a* pasar *coa* mel, ou mesmo que nos vai *a* pasar coa *Red* Natura, se lle poñemos así ao produto *Red* Natura, ou ás explotacións que *estén* en Prada ou máis abaixo. [E-14]

Unha desoutras paisaxes é o Lago de Seabra, do que esta persoa participante recalca o papel protagonista que ten no parque natural seabrés desde os seus inicios. O que muda neste caso en relación coa narrativa anterior é a avaliación da súa promoción, que aquí si se percibe como positiva en termos de difusión.

> El Parque Natural del Lago de Sanabria, cuando empezó [...] a funcionar al principio probablemente no se comiesen una rosca o se comiesen pocas. Según ha ido avanzando, según ha iso pasando el tiempo, con el Lago de Sanabria, eh... llegamos a muchos más oídos. Ya lo conoce muchísma más gente. [E-25]

Para a difusión de Pena Trevinca como destino propio, alén do Lago de Seabra, identifícase un problema: a escaseza de infraestruturas hostaleiras condiciona totalmente, en palabras de E-29, a marxe de incidencia da promoción de Pena Trevinca.

> [Considera que a xente de fóra coñece a zona?] Pouco, e non vemos a *manera* de… Vamos *a* ver, eu sempre digo: como vas promocionar o turismo se aquí non hai un restaurante? Non hai unha cantina. [E-29]

O "uso" de Pena Trevinca como reclamo turístico é un paso lóxico segundo as persoas participantes. Non só existe para ser admirada e protexida, senón para xerar ingresos nas comunidades locais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Considero que es natural, algo lógico [...]. Considero que Trevinca está aquí, lo veo todos los días y por qué no usarlo. [E-06]

A natureza é verbalizada de xeito directo como un "produto" que a poboación local ten dereito a "empregar" para incrementar a súa renda. Isto non implica necesariamente novos impactos sobre a montaña, senón que se trata máis ben de reorientar uns aproveitamentos que sempre existiron. Neste sentido, o turismo estaría lexitimado para as persoas entrevistadas como unha evolución necesaria dos usos tradicionais.

> Para min é fundamental que esta natureza sexa un produto a *emplear*. Quero dicir, estes *pueblos* poden vivir de moitas cousas, pero teñen dereito a vivir dos produtos que teñen. O *pueblo* ten montaña: pode e debe vivir como se fixo noutros momentos dela. [E-11]

A atracción de novos visitantes a Trevinca coa promoción do destino como de "turismo activo", e aliñado coa idea de "desenvolvemento sostible", é unha decisión política que, segundo E-13, non todos os concellos están dispostos a tomar.

> Cada un defenderá o poder da palabra "Trevinca". Se hai outros concellos que non cren nun turismo activo e nun *desarrollo* sostible, é problema deles. [E-13]

De feito, as montañas de Trevinca foron peor tratadas nese sentido que outros territorios segundo a seguinte persoa entrevistada. Todo o conseguido en relación co desenvolvemento local deste territorio houbo que pelexalo desde a propia zona, nada veu dado.

> Foi un traballo moi penoso. Normalmente todo o traballo de coñecemento de Trevinca está feito desde a propia Trevinca, a *diferencia* doutros lugares que as promocións se fixeron desde a propia administración, chámese *Caurel*, Ribeira Sacra ou Ancares. Todo *eso* foi posto en valor polas administracións. A cantidade de diñeiro que as propias administracións gastaron en promocións deses territorios, é que non quero nin pensalo. Porque é vergonzoso. [E-11]

Segundo este discurso, a presentación de Trevinca como produto turístico individualizable e identificable é moi recente, e será a chave do éxito do territorio. Asúmese que se incrementa a sustentabilidade e calidade do turismo cos pasos dados cara á difusión de Trevinca como destino de montaña.

> [A]postamos polo turismo de maneira *indubitada*. Por un turismo sostible e de calidade. Nós tiñamos todo o que temos hoxe, fai 3 anos, 15 e 30. Pero a clave está en ordenalo e facelo fácil para o turista que te visita, e que teña a facilidade de coñecer o territorio. [E-13]

5.2.4 Un modelo menos ríxido e máis participado de espazo protexido

Sexa parque natural ou calquera outra figura, as persoas entrevistadas defenden neste segundo discurso un maior e, sobre todo, mellor nivel de intervención da administración na xestión deste espazo protexido cara ao futuro. Repítese a mención á creación de empregos directos, que se entende como un argumento favorable á declaración dun parque natural polo seu papel dinamizador das comunidades locais e que permite efectivizar o control sobre o "uso compartido".

> Loxicamente, cos *grados* de protección que están así. Non sei se parque natural... as figuras que sexan, pero dunha maneira efectiva. Creando *empleos*, sistemas de información, [...] de control. [...] Creo que moitas das zonas dos espazos naturais hai que *convertilos* en espazos de uso compartido. E uso compartido leva que temos que respectar os demais seres vivos que nela viven. Sexan plantas, animais ou rochas tamén.[E-11]

Despois, esta mesma persoa participante acrecenta co que considera o modelo de espazo protexido que trae desenvolvemento ás comunidades.

Figura 40. Lagoa da Serpe (A Veiga), un exemplo de lagoa de orixe glaciar nas montañas de Trevinca

Fotografía: autoría propia (26/2/2022)

> Creo que as (figuras) que existen, *si* se *cumplira* a normativa, estarían ben. Para min son insuficientes. [...] Vexo que nos parques naturais, nos nacionais incluso, hai unha serie de actividades e de sistemas económicos que non son *convintes*. Creo que o control, e cando digo control non digo prohibicións... negocios, si, pero dunha maneira determinada; control de fluxos da xente. É mellor que unha serie deles paguen un pouquiño máis e o resto queden na casa. [E-11]

Para levar esa idea á práctica as persoas entrevistadas son conscientes de que non abonda con que elas teñan claro o modelo de protección ideal, de xeito que lles resulta preciso confrontalo co resto da veciñanza. Nese punto xorden fricción "políticas" sobre como protexer

Pena Trevinca, fundamentadas nos temores de parte da poboación. Nas entrevistas afírmase que a pertenza do macizo á Rede Natura 2000 non goza de popularidade entre as persoas que viñan realizando aquelas actividades económicas que limita ou directamente non permite a normativa aplicable nestes espazos protexidos. Non se presenta como unha oposición frontal, senón máis ben como unha reacción froito do medo e a desinformación.

> Supoño que todos os temas estes de parques... [son políticos? Non o di.] A xente, agora aquí está *mosca* co tema da Rede Natura. Creo que non está ben potenciado. Se ti pos Rede Natura, e o único que fas é poñer *restriccións*, e non lle das ou non lle informas dos temas que teñen de vantaxes, de podedes acceder a *esto*... entón a xente o único que ve son prohibicións. Entón a xente é máis *reacia* a facer os cambios. [E-05]

Ante o descoñecemento das consecuencias de formar parte da Rede Natura 2000, algunhas persoas entran en conflito con persoal da administración que se achega de xeito puntual. A comunicación entre actores está lonxe de ser fluída e estable:

> No. *I* creo que aquí a Red Natura foi *mui* mal entendida. Creo que a xente entendeu que se lle *iba a* limitar o uso do monte, que non ían poder talar árboles, que non ían poder cazar ou soltar as vacas... detecteino sobre todo porque fun a unha reunión dos plans de ordenación das comunidades de montes, *i* a chica que solo viña a dar *a* charla, *casi se la* comen. [E-09]

Tampouco se está a aplicar unha protección participada no caso do Parque Natural del Lago de Sanabria y Sierras de Segundera y de Porto segundo as persoas entrevistadas, para quen é inaceptable que as poboacións afectadas non sexan nin informadas.

> Se generó una normativa que nadie estaba informado y, en un día concreto se comenzó a aplicar. Entonces empezó a haber restricciones de leña, de poder ir a pastar a determinados lugares. Que quizás no esté mal, pero no se lo puedes hacer a la gente de un día para otro sin habérselo dicho. Al final es eso, que no participa la gente de aquí en las políticas que se toman en su pueblo. Y eso no se puede aceptar. [E-30]

Após ese proceso pouco informado de ampliación, aplicouse unha fórmula pouco ortodoxa para concertar as reivindicacións das comunidades locais coa protección dentro do Parque Natural del Lago de Sanabria y Sierras de Segundera y de Porto. Neste caso a persoa entrevistada suxire que no día a día do parque natural está a aplicarse o *laissez faire* á veciñanza. Dese xeito, a propia administración actúa fóra da normativa como método de compensar a ausencia de investimentos.

> De *acuerdo* que tampouco están pondo as restricións que pon a normativa [...] porque se empezan a pór as *restricciois*... buf, é tamén *complicao*. Porque en Puebla [de Seabra] no casco urbano non podes edificar que non sexa con madeira, *losa*... e Puebla *obliga*. Por *eiquí* de momento *no*. Pono na normativa do parque, que as *construciois* deben ser de *acuerdo* coas tradicionais, e non están *obligando*. Claro! Tampouco te van *a obligar* cando eles tampouco están *cumplindo*. Se pon [a normativa] que teñen que dar *ayuda* ás *ganaderías* autóctonas, tampouco están dando *ayudas* para as *ganaderías* autóctonas. [...].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> As *ayudas* que están cobrando son por *pertenecer* a unha raza en perigo de extinción, pero que a cobras igual se estás dentro do parque que os que están fóra do parque. [...] En *eso* non se mollan nada. [E-15]

Partindo desas experiencias do lado seabrés, as persoas participantes presentan a figura dun posible novo parque natural como unha marca que incrementaría o valor de todo o que se produce no seu territorio. Aquilo que se etiqueta como "natural" ten maior aceptación no mercado, "vende máis". Nese escenario, os sectores aliados dunha posible declaración irían alén do turístico, facilitando así a lexitimación dunha figura que nun principio podería xerar rexeitamento na poboación local pola súa fama de restritiva.

> Yo hablo incluso de los ganaderos, [nome de gandeiro] no tendría problema ninguno con que fuese declarado parque natural. Porque ellos son perfectamente conscientes de que si su carne es de un parque natural vende más. [E-07]

Indo mesmo alén, a persoa entrevistada E-15 gábase de "crear" Trevinca como "marca". Para iso introdúcense conceptos máis propios do "márketing", deixando ás claras que a promoción do territorio é o obxectivo primordial da súa protección.

> [A] clave é o produto en todo. [...] O márketing, a promoción dunha marca, dun territorio, englóbao todo. Hoxe un litro de mel vale máis que onte porque fumos portada en distintos medios. Unha vez que creemos a marca Trevinca, todo aquel produto turístico, gandeiro, apícola, que leve esa marca, ganará en valor. [...] Calquera proxecto que leve encima 'Trevinca' terá máis posibilidades de ter éxito. [E-15]

Mais este discurso non se limita aos rendementos económicos. Dar a coñecer o macizo tamén pode formar parte dunha estratexia de protección a longo prazo. Nesa hipótese, a maior número de persoas que visiten o lugar, menor probabilidade de que se destrúa a paisaxe de xeito intencionado.

> Moitas veces os sitios que estaban ocultos, que ninguén sabía deles, *se corrían* perigos: os incendios, a caza furtiva, toda unha serie de cousas evidentes. No momento en que son *conocidos*, podes ir corrixindo incendios e caza furtiva, pero veñen outros *riesgos añadidos*. [E-11]

Dada a experiencia pasada, cun proceso *top-down* de inclusión dentro da Rede Natura 2000, a futura declaración de parque natural é unha quimera mentres non se traballe sobre o terreo presentando os beneficios que pode reportar. Verbalízase unha nova estratexia de divulgación das vantaxes que reportaría unha mellor protección de Pena Trevinca, cara á que este discurso non se opón. De feito menciónase a posibilidade de incremento da frecuentación turística, un interesante efecto revulsivo da economía local que se entende como subseguinte á declaración dunha nova figura de protección.

> Hai figuras de protección. Está ben todo iso, pero eu son máis de concienciar á xente. Máis de que a xente se sinta partícipe, que de impor nada. [...] Con que eu impoña un *término* ZEPA ou *Red* Natura, que nós temos, de que vai valer se eu non falo coa xente e lles digo que vamos *a* homologar sendas para que veñan

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

turistas? Ou *decirlle* que nós vamos a colaborar con eles e eles van *a* colaborar con nós. [E-13]

5.3 O DISCURSO ESCÉPTICO CARA Á PROTECCIÓN

En último lugar preséntanse o discurso que non olla a protección como prioridade para Pena Trevinca (Figura 41). En relación co reto que supón o abandono do rural e a perda de poboación destas comarcas, a declaración de novas figuras de protección enténdese como un proceso alleo ás súas necesidades. Debúxase unha paisaxe a esmorecer, na que os usos agrarios e gandeiros

Figura 41. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso escéptico cara á protección de Pena Trevinca



Fonte: elaboración propia

están case desaparecidos e mesmo destruídos. Tampouco se evolucionou cara a novas actividades produtivas debido á falta de apoio institucional e a restricións legais. Existe un largo espectro de posicións escépticas cara a novas figuras de protección, desde a indiferenza até outras máis reactivas. Polo xeral non se cuestiona a necesidade dalgún tipo de protección, mais si se fai unha emenda á totalidade do seu enfoque até o momento polas consecuencias que ten nas comunidades locais.

5.3.1 Unha paisaxe cotiá en abandono

A percepción da zona por parte destas persoas participantes non se cingue só a aspectos estéticos máis ou menos agradables. O ideal de natureza de montaña perde forza fronte aos condicionantes negativos que supón o relevo abrupto. Nesta ocasión a persoa entrevistada expresa de xeito conciso a contradición existente entre quen busca en Trevinca unha paisaxe de montaña "bonita" e quen procura nela unha forma de vida que loita contra as dificultades propias deste territorio.

A zona é *mui* bonita, pero para traballar é moi dura. [E-18]

O territorio de Trevinca "dá" para un número limitado de actividades. En concreto, está destinado desde sempre á gandería e, malia certas innovacións que poden ser positivas, ese é o uso apropiado destas montañas segundo o discurso desta parte das persoas entrevistadas.

> Unha zona rica en *ganadería*, que é para o que vale. As cousas son claras. Pode *ahora* cos eólicos... dan vida e tal [...] pero o que máis vida dá é a *ganadería*. [E-29]

Esta forma de entender a montaña preséntaa como un territorio problemático para o sostemento económico da súa poboación. Neste caso tamén se lle concede todo o protagonismo ao sector primario como fonte de ingresos que condiciona todo o demais. Estas actividades vense dificultadas por condicionantes físicos que a fan "difícil" de traballar e que a sitúan en inferioridade de condicións mesmo con outras rexións rurais.

> Na montaña te[mos] o hándicap de ser máis territorio, máis complicado de traballar, porque é máis *pendiente*, con *oreografía* máis difícil. Aparte menos poboación, e ese problema empeza antes que noutras zonas que tiñan máis poboación, mellores terras de cultivo, mellores infraestruturas de comunicación, etcétera. [E-04]

O proceso de abandono dunha forma de vida orientada á gandaría está moi avanzado a ollos dos participantes, e iso ocasionou cambios na paisaxe desde un punto de vista material e inmaterial. Ao reiterado aumento da superficie arborada e de matogueira en detrimento de prados e pasteiros únense sensacións menos tanxibles, como os cheiros resultantes da actividade intensa que vivía unha aldea calquera do macizo até hai unhas tres décadas.

> Mucha gente viviendo, mucha ganadería. Muchas casas con sus chimeneas funcionando, el olor era también diferente. Los prados, y los bosques no eran tan grandes como son ahora, había mucho prado. Los árboles no habían comido tanto terreno, ni las *xestas*. Se las comían las ovejas y las cabras. Se cortaba mucha leña, y antes eran muchísimas. Las calles que están asfaltadas antes no estaban. Teníamos aquí unas aceras hechas con lascas de piedra granítica enorme, a ambos lados, y en medio era tierra o barro. [E-06]

Esa ruptura entre pasado e presente constátase tamén nas lembranzas da infancia e xuventude, que fan emerxer reflexións nas persoas entrevistadas sobre as mudanzas no territorio. Da presenza das vacas como forma de vida camíñase cara a unha progresiva desesperanza carente de "ilusión".

> Na miña infancia, o que sempre me fixeron ilusión son as vacas. *Ahora* estouna perdendo xa. [E-29]

Mentres algunhas persoas entrevistadas aínda manteñen recordos propios dunha infancia vencellada ás tarefas agrarias e gandeiras de montaña, outras só sitúan esas historias en terceira persoa. A transmisión da tradición oral permite coñecer como se vivía até hai unhas décadas. Polo xeral fálase de tempos pasados máis duros e, á vez, máis apegados ao territorio. As persoas antes percorrían longas distancias mesmo con clima adverso, e facíano por obriga.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Contaban muchas anécdotas y penurias ahí por esas sierras. Empezarle a llover, empezarle a nevar. Tener que hacer noche por ahí. Pero le pillaba cerca, lo mismo que La Baña, que es en León. [E-24]

> Había outros hábitos de vida, daquela non viña o papá *Ayuntamiento*, xa mo dicía miña *abuela*: «hai que levar a fouce». Nese sentido nos acomodamos. [...] Esta é unha terra moi produtiva, e en seguida énchese de *zarzas* o monte. [E-02]

Algunhas persoas apuntan a escasa conciencia da poboación local sobre os valores da paisaxe que habita. Nese escenario, o descoñecemento do territorio alén da contorna onde a xente desenvolvía o seu día a día elaborou unha imaxe parcial. Virábaselle dese xeito "as costas" a todo aquilo "salvaxe", que non é de doado acceso. Esa idea presupón unha escasa vontade dos habitantes do macizo por descubriren as súas propias montañas e, polo tanto, a falta de tradición montañeira autóctona.

> [M]oita xente de A Veiga, moita, moita... nunca subiu a Trevinca. *I siempre estuvieron* vivindo de costas á montaña. A montaña era o salvaxe, o malo. *I* entón, *bueno*, en fin, se sigue pensando aquí. [E-01]

Segundo outro testemuño, a montaña non é valorada nos mesmos termos polas persoas que se establecen *ex novo* que pola poboación local. Mesmo podemos evidenciar este feito na orientación das vivendas da aldea após a súa restauración. Segundo relata E-01, algunhas desas novas habitantes buscan abrir ventás e portas cara a fóra dos casais, coa intención de incrementar a visibilidade desde as súas vivendas cara aos altos cumios de Trevinca. Este tipo de modificacións morfolóxicas da arquitectura tradicional son vistas como un xeito de virar as costas ao *pueblo* no que se instalaron e xeran confusión entre quen concibe Trevinca como unha escena cotiá que non precisa de ser observada desde o interior da casa.

> [C]ando compramos a finca, que ten unhas vistas impresionantes de Trevinca, é unha estampa espectacular... pero a xente diche "es que no mira al pueblo". *O sea, su* idea non é que *tu* veñas *a disfrutar* da montaña, senón que como a finca non mira ao *pueblo*, eso *es* un atraso. *Todo lo contrario!* Isto é un deses *potenciales*. Socialmente, isto aquí non vale nada. [E-01]

En termos parecidos se expresa outra persoa entrevistada, segundo a cal existe unha ruptura entre o xeito de percibir Trevinca por parte de quen viviu toda a súa vida no lugar e quen chegou despois. Estas dinámicas maniféstanse nunha evolución do seu xeito de percibir as montañas de Trevinca. As lecturas dunhas e doutras está mediatizada, dándose o paradoxo que atopamos neste testemuño, onde se sinala o redescubrimento dos valores estéticos positivos de Trevinca a través da súa aparición nun popular programa da televisión pública galega.

> La gente de aquí, a mí mis abuelos, nunca me dijeron nada, nunca me dijeron: ¡Mira Trevinca! [...] [Sobre os propios veciños que viron as Lagoas das Tablillas, e se ve Trevinca ao fondo, no programa de televisión *Luar*]. Perdona, ¿llevas ochenta años viviendo aquí, y ahora que sale en la tele me dices que es bonito? [E-07]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais, segundo outra persoa participante, a poboación local non identifica os elementos da paisaxe que habita. Aparentemente, cando ten que realizar o exercicio de orientación a visitantes, a veciñanza non os considera importantes, ou mesmo non sabe da súa existencia.

> Ojo, esta zona, si yo llego a venir sin saber nada, nadie me sabe decir que hay aquí ni nada. [E-06]

5.3.2 Os intereses das comunidades locais priman sobre a protección da natureza

Nestes discursos formúlase que un espazo protexido nesta zona só ten razón de ser se é compatible cos intereses das comunidades locais. Estas déronlle forma durante "milenios" a unha paisaxe humanizada para acadar a forma actual que agora se pretende protexer. Dese xeito, equipáranse os "usos tradicionais" que "coidaron" do territorio cos usos gandeiros, polo que calquera política pública de protección debe ter na axenda a dotación de servizos e oportunidades á poboación local para que continúe a vivir aquí.

> Paréceme que hai que protexer terreo, pero hai unha mentalidade de protección que semella que é incompatible cos usos *tradicionales*. Se hai un incendio parece que a culpa é dos *ganaderos*, pero *vamos a* ver... a xente sufre. [...] Hai que darlle *unhos* servizos, porque se está aí é porque alguén a coidou durante milenios. Non porque aparecera aí, era un aproveitamento fundamentalmente *humanizao*. [E-04]

A palabra "explotar" emerxe con frecuencia nestas entrevistas. Concíbese Pena Trevinca como un lugar excepcional para as actividades do sector primario e do turismo, mais existe a sensación da ausencia de algo que fixo fracasar proxectos pasados. O que bota en falta E-12 é a vontade de investimentos privados, consecuencia da carencia de apoio público.

> Esto está sen explotar, tanto en ganadería como en turismo. [O] turismo colleu un pouco con aquel invento de Trevinca, cuando *ficemos* o hotel, porque o hotel estuvo moi *conocido*, entonces non nos importaba que esa xente *pidera* vir, porque tiñamos un hotel de 3 *estrellas* con todas as *de la* lei, ben conservado. [...] Sinceramente eu non vexo máis *acciones*, estou falando deste municipio (A Veiga). A xente non *arriesga* a *invertir* se non hai axudas, pero, se as hai, pódese facer algo. Aquí o punto *fuerte* é a agricultura e a gandería. E o turismo, desde logo. [E-12]

Tampouco axuda o individualismo que segundo E-08 acada o nivel de problema psicosocial dentro das comunidades locais, e que impide un verdadeiro desenvolvemento. Sinálase a incapacidade de responsables públicos de levar a bo termo as súas iniciativas sen a complicidade da poboación.

> O problema que temos aquí é que cada un vai ao seu, e aínda que o alcalde teña as súas ideas para agrupar e crear cooperativas para xuntar a xente. [...] El ten as súas ideas, porque pode ter os seus proxectos, pero logo a xente fai o que quere. Non sei se é a mentalidade ou o facemos mal. [E-08]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A creación dunha estación de esquí sería un revulsivo para estas montañas, pois permitiría introducir turismo a escalas maiores. Tendo en conta que estas persoas conciben que o único xeito de posibilitar a súa construción sería mellorando as infraestruturas viarias até os puntos máis altos do macizo, a protección de Pena Trevinca queda en segundo plano.

> É que a estación de esquí era un golpe para toda a zona. Non sei por que nunca se tirou por ela. Era un punto de *encuentro* para a partir de aí... non sei, eu penso que nesta zona o único potencial para poder mover unha cousa desas é primeiro ter unhas boas infraestruturas de *carreteras*, bos accesos; logo o que *decías tu*: as redes *sociales*, que a xente se metese un pouco no ese. E meter turismo. [E-17]

Aproveitando este asunto, E-11 sinala que falta comprensión desde a "cidade" da realidade das Montañas de Trevinca. Esta persoa participante, que neste caso se distancia da defensa deste proxecto, di en cambio comprender as aspiracións dunha parte da poboación local que vía con bos ollos a chegada dunha grande infraestrutura turística. Transmite a idea de que a estas persoas non se lle ofrecen máis alternativas que a emigración.

> [H]oubo unha cousa que me molestou moito: por que tanta xente da cidade, xente de fóra, estaba en contra [da estación de esquí] pero non aportaban solucións para ver como A Veiga podía saír adiante? Entón hai unha frase que eu *empleei* nun momento: esta é a casa dos señores que viven aquí, e incluso eles teñen dereito a adoptar unha posición errónea e non convinte. Eles teñen dereito a estar equivocados porque non se lles dá outra alternativa. A xente ten que marchar, o entorno queda *despoblado*... e teñen aos fillos, teñen que ir buscar traballo a Ourense, Vigo, Coruña. Espera! A partir da súa ignorancia sobre o tema, teñen dereito a pedir o Corte Inglés enriba de Pena Trevinca. [E-11]

Aliñada co horizonte de creación dun gran complexo turístico, hai anos activouse a construción de elementos que potenciasen a imaxe de Trevinca como destino de montaña. Sobre a creación, hai máis de dúas décadas, de dúas lagoas artificiais que imitan as glaciares nunha zona accesible por vehículo, esta persoa considera que o obxectivo era traer máis turistas creando novos elementos naturais ou, mellor dito, aparentemente naturais.

> Porque nos gustaba *muto* que o turismo viñera ver as *lagunas* e demais. Tiña que haber as *lagunas*; se non, non había *lagunas*. Veu moita xente ver as *lagunas*, máis que nada por eso. A nós nos daría igual! [E-12]

Nalgúns casos concretos, o escepticismo cara á protección vira en oposición a un parque natural. O escaso percorrido da proposta fixo que esta posición contraria acadase maior intensidade unicamente entre as persoas que se dedican á caza. Fronte á certeza de maiores restricións no caso de aprobación dun parque natural, decidiron mobilizarse e, sobre todo, presionar cargos da administración local no sentido de retirar o apoio ao aumento de protección das administracións locais desta área.

> Poderíaa liderar o Concello [a declaración de parque natural], o problema é que o Concello *esté* disposto a *enfrentarse* a cazadores... principalmente a cazadores porque de feito xa pasou. Paréceme que foi cuando foi coa ZEPA, houbo algún

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> momento en que se falou do parque natural e os cazadores se puxeron en pé de guerra, fixeron ruído. [...] E logo xa empezaron: "Que se non podemos cortar! Non podemos non sei que...". A posición do alcalde que pretenda liderar *esto*, que podería ser salvo que veña imposta de arriba. Pero se quixeramos reclamar *eso*, o principal problema sería a poboación local e principalmente os cazadores, porque aos gandeiros non é que lles *afectara* moito. [E-14]

De feito, o poder de exercer presións políticas deste sector da poboación é maior que o doutros debido a que, segundo E-01, teñen maiores ingresos que os demais. Dese modo, engade a persoa entrevistada, os individuos que se adican á caza amosan unha actitude pechada cara a calquera debate en torno á protección das montañas.

> A ver, os cazadores son unas *personas* que [...] *siempre* se consideran con más poder que *otras* [risas], *entonces* é difícil negociar con este tipo de xente, que *suele* ser xente que *tiene* un alto poder adquisitivo. [E-01]

5.3.3 A protección como problema. A mala experiencia da Rede Natura 2000 e do parque natural seabrés

Algunhas persoas participantes non observan beneficios ou, cando menos, estes non son evidentes para a xente afectada polas medidas restritivas propias dun espazo protexido. A creación desta figura de protección con nulo ou escaso diálogo e sen ligazón directa con investimentos públicos xerou a mala fama que, segundo se di nas entrevistas, ten actualmente a Rede Natura 2000.

> Non... non está *de acordo* para nada [coa protección actual]. O único que vin foron problemas, non saben os beneficios que lle poden reportar... eu tampouco creo que *sea* culpa da xente. Vas *a* facer o *Red* Natura de *Peña* Trevinca, que foi así porque non lle chegaban as hectáreas polo que teño entendido eu; estalo facendo por non perder unha subvención... e, unha vez o fas, terás que intentar promovelo cos veciños. Os veciños necesitan saber o que lles pode reportar *eso* economicamente. A xente móvese por *eso*. [E-05]

A situación actual, dentro da Rede Natura 2000, suscita grandes reservas. Entre os argumentos máis repetidos atopamos a inexistencia de investimentos que acompañen ás restricións, que parece ter afectado mesmo a opinión das persoas entrevistadas sobre as políticas de protección. A existencia dun espazo protexido en Trevinca non está a ter un impacto positivo nas comunidades locais. Ademais, o necesario "mantemento" da paisaxe é unha tarefa que aínda non está recoñecida pola administración. Pódese observar a identificación deste espazo Rede Natura 2000 como un sacrificio, unha renuncia de gran parte do territorio por parte da veciñanza sen ningún tipo de contraprestación.

> Positivas pois manter a paisaxe e todo *eso*. Pero *economicamente* e mellora da poboación ningunha. Non temos ningún tipo de axuda por ter Rede Natura. [...] Estamos mantendo unha superficie enorme, e logo *economicamente* non te repercute. É un 40 % da superficie. [E04]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Fronte discursos que buscan diversificar as fontes de ingresos do territorio por medio da protección, esta persoa simplifica o horizonte; o futuro de Pena Trevinca pasa por se

especializar naquilo para o que ten vocación innata: gandaría e turismo. Péchase así o paso a estratexias novidosas, nunhas montañas que non dan para máis iniciativas.

> Sempre dixen que o principal da zona é a *ganadería* e o turismo [...] e non lle vía eu outras iniciativas a esa zona. [E-12]

Dun xeito máis ambiguo abordan outras persoas participantes unha nova estratexia de protección, exemplificada na figura concreta de parque natural. Se ben se lle recoñece a efectividade no relacionado coa protección do "medio ambiente", existen maiores reservas polas consecuencias que tería en posibles futuros investimentos. Este posicionamento non apoia ás claras a declaración de parque natural, mais tampouco a confronta.

> Un parque natural? Pois non o vería mal. Tampouco... descoñezo en profundidade o tema, pero a nivel de protección medioambiental eu creo que si que sería beneficioso para... Non sei se incompatible, pois con algún outro *proyecto* de infraestruturas ou demais. Non me vou *a* posicionar con si sería positivo ou nega... Ou *sea*, se a favor ou en contra. Non me parece nin mal nin ben. Non sei que *decirche*. [E-08]

Na opinión dalgunha das persoas entrevistadas, a declaración dun parque natural non só debe atender á conservación da biodiversidade con restricións á caza, senón que se deben tamén ter en conta os prexuízos que ocasiona a proliferación de fauna silvestre nas persoas que habitan os vales. Desde este punto de vista, a poboación local que ten gando nas montañas de Trevinca asume as perdas da renaturalización da paisaxe, mais non recibe compensacións. O organismo público responsable deste espazo protexido no lado seabrés é visto non só como un actor que elude as súas responsabilidades, senón mesmo como un parque que persegue as actividades económicas tradicionais.

> Tengo pros y contras. Tengo contras como el lobo. [A]l lobo, el parque [de Seabra] lo está protegiendo. Pero a la ganadería la está machacando. [...] La Junta de Castilla y León, todas estas cosas de protección del lobo, todo a favor de ello. Pero falta decir: te he quitado tanto [puñetazo sobre la mesa]; toma tanto [puñetazo]. Porque soy yo el que lo está repoblando y quien lo está dejando. [E-25]

Ademais, a designación de espazos protexidos con nula participación xera un precedente que condiciona en gran medida a imaxe que estes instrumentos proxectan nas persoas entrevistadas. En palabras de E-17, o Concello de Porto, do lado seabrés, "entrou no parque natural *sin* saber onde entraba". Un feito agravado segundo o seu testemuño polo despregamento posterior de normativas que afectan actividades tradicionais non lucrativas como a recolección de herbas para autoconsumo. Ponse énfase nalgúns casos extremos, posto que estamos diante dunha práctica que, en principio, ten un impacto mínimo. Asemade, denúnciase un sentimento de obrigada desconexión co lugar que habitan as persoas que viven na área protexida.

> *Si* che digo a *verdá* é que non sei moi ben o que son [os parques naturais]. Sei que che prohíben un montón de cousas. Chámanlle de 20.000 maneiras para dicirche que *teis* todos os prejuicios de que non podes facer todo o que eles teñen nas normas! Nin podes coller *manzanilla* silvestre, nin podes coller

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> orégano, nin podes... eu que sei, todo o que se che poida pasar pola *imaginación*! [E-17]

A primeira ampliación do antigo e pequeno Parque Natural del Lago de Sanabria incluía xa boa parte do concello de Porto, á beira do río Bibei, e lindando con Galiza. Ese proceso, acontecido a comezos da década de 1990, segundo as persoas entrevistadas non foi participado e a poboación local non foi nin sequera informada da inclusión das súas vivendas dentro do perímetro de protección da primeira ampliación do daquela Parque Natural del Lago de Sanabria y Alrededores.

> Porto entrou no Parque Natural *sin* saber onde entraba. [E-17]

Testemuños doutras localidades do sector seabrés, que non entraron en ningún momento no parque natural, evidencian igualmente temor a seren alcanzados polas "restricións". O principal atranco que podería supoñer para esas comunidades a protección sería a limitación á construción e aos investimentos.

> [O] parque ten moitas cousas boas, pero tamén ten *restriciois* moi importantes. Ao mellor queres facer unha obra no casco urbano, ten que haber unha comisión no Parque que decida as obras esas. É como Patrimonio, onde está o patrimonio ten que mandar unha *licencia* a Patrimonio. [E-29]

Ademais non se percibe un trato diferencial favorable por parte da administración cara ao territorio que está protexido como parque natural. Mesmo aquelas actuacións que se adscriben a investimentos do organismo de xestión, segundo E-15, son en realidade investimentos rutineiros que se farían de todos modos en calquera outro concello fóra do perímetro de protección.

> Porque non fan máis do que non fagan noutro *pueblo* que non está dentro do parque natural. Por exemplo cando veñen *desbrozar* ou cando limpan a beira do río. O que pasa é que moita xente interpreta que nolo *fain* porque Porto está dentro do parque natural, pero non. *O fain* porque o teñen que facer e punto. Entonces polo que é o parque natural, non. [E-15]

O Lago de Seabra emerxe de novo nas entrevistas en comparación coas ladeiras galegas (máis concretamente o concello da Veiga). Preséntase o lado galego en inferioridade de condicións en canto a recursos turísticos, mais sorprendentemente estes están mellor aproveitados. O lago é reivindicado como o valor máis importante do territorio de Trevinca no seu conxunto. Só o seu descoido permite facer destacar outros sectores destas montañas.

> Estuve en A Veiga, que me invitó el alcalde, y tienen aquello que es una maravilla, no se si lo conocéis. Yo cuando voy a esos pueblos que tienen menos recursos, porque los tienen, porque nosotros tenemos el lago, que tenía que ser una fuente de ingresos fuera como fuera; que sacan de donde no hay, aquello es bonito y tienen aquellos embalses, pero es que lo han *cuidao*, se han volcado [...] Sientes envidia cuando llegas, y no está el lago, y mira cómo lo tienen; se nota que allí algo funciona. [E-24]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Con todos eses precedentes, as persoas entrevistadas conclúen que non se bota en falla unha maior protección, mesmo nun sentido estritamente ecolóxico. Para argumentalo rescatan de novo a idea do illamento, neste caso para restar importancia á ineficacia das figuras de protección actuais. A falta de accesibilidade actúa como factor limitante dos impactos antrópicos e permite ás administracións non activar instrumentos legais máis ambiciosos. Este discurso mesmo entronca coa noción de renaturalización da paisaxe, posto que os precarios camiños que chegan até o Teixadal de Casaio conforman unha barreira que só permite a un reducido número de persoas observar un bosque que se presenta como "salvaxe" e "puro", obviando o manexo secular que sufriu de man das comunidades locais.

> O Teixadal [de Casaio] *se protege solo*. Como é moi difícil chegar a el, quéroche dicir. Cando *a veces* vén a xente de *afora* e di que debería ter acceso doado, pois eu penso que *no*, porque, se *tivera* acceso fácil en coche, pois ao mellor xa non tiñamos o Teixadal como o temos. Pois mentres non teñamos medios para protexer determinados lugares, eu penso que deben estar con *cierta* protección, eu digo natural. Se non chegas a el, non o *destrozas*. [E-02]

Figura 42. Vista de Pena Surbia, un dos tres principais picos do macizo de Trevinca, desde unha intersección entre o camiño de ascenso e o carreiro que conduce ao Teixadal de Casaio (Carballeda de Valdeorras). Pouco despois deste sinal, o acceso rodado interrómpese mesmo para os vehículos de tracción integral

Fotografía: autoría propia (20/3/2021)

Ante a pregunta sobre os posibles impactos que poden afectar esta montaña desde as zonas que se atopan fóra dos perímetros de protección do parque natural e da Rede Natura 2000, volta

emerxer a inaccesibilidade como principal barreira de contención. A protección dos valores naturais depende máis, segundo estas persoas entrevistadas, da dureza do relevo que das medidas aplicadas polo departamento responsable da administración autonómica galega.

> También te digo que dado la orografía del lugar, y lo complicado que es llegar, [...] las agresiones, entre comillas, que pueden venir de una zona que está menos protegida como esa no son muchas. Porque llegar allí es muy difícil. [...] Para llegar a Peña Trevinca tienes que pegarte 8 horas andando desde Peces. [...] La propia *solitariedad* del sitio digamos que le protege mucho. Y que no hemos echado de menos unas actuaciones en Galicia a lo mejor con un nivel de estar encima del asunto que ha habido más en este lado. [E-23]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6 RESULTADOS (II): MONTE PINDO

Neste capítulo preséntanse os resultados obtidos das entrevistas realizadas a persoas vencelladas en distintos graos á Asociación Monte Pindo Parque Natural (AMPPN). Na Táboa 18 móstrase a correspondencia entre os catro núcleos temáticos explicados no apartado metodolóxico e os tres discursos identificados na análise dos principais códigos obtidos, que se clasifican do seguinte xeito:

1. conservacionista, que procura ante todo protexer a singularidade dun macizo granítico con especies endémicas;
2. favorable á protección con desenvolvemento turístico, que asume a protección como ferramenta para o desenvolvemento das comunidades locais a través do turismo; e
3. contraria á creación dun parque natural, pois coida que non ten sentido neste territorio.

O primeiro discurso principal identificado fundaméntase nunha interpretación dos elementos físicos e materiais da paisaxe para adoptar unha posición conservacionista da natureza no Monte Pindo. O parque natural serviría para manter a imaxe natural dun espazo protexido sobre o que pairan múltiples ameazas. En segundo lugar preséntanse as olladas ao Olimpo Celta como espazo de vivencias individuais e colectivas, unha constatación que entende a protección do monte como instrumento para reverter o abandono deste territorio, fundamentalmente co desenvolvemento do turismo. Neste segundo discurso detállase o potencial do Monte Pindo como un recurso turístico que tería na declaración de parque natural un impulso da súa "marca". Finalmente, identificouse un terceiro discurso que acadou unha visión negativa da paisaxe por mor dos fortes cambios que experimentou. Oponse a un maior nivel de protección que implique novas restricións á poboación local e maior abandono da cobertura vexetal.

A partir do peneirado destes tres grandes discursos a través dos catro núcleos temáticos (Táboa 18) identifícanse 12 clústeres de códigos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 18. Correspondencia entre os núcleos temáticos e os discursos identificados a través da análise dos principais códigos obtidos nas entrevistas

NÚCLEOS TEMÁTICOS / DISCURSOS PRINCIPAIS	Percepción da paisaxe actual	Evolución da paisaxe	Conflito	Figuras de protección
1. Conservacionista	1.1. A singularidade do "deserto de pedra"	1.2. O pasado salvaxe do Monte Pindo: a natureza cando "cada pedra ten un nome"	1.3. Desprotección	1.4. Un parque natural para protexer o Monte Pindo
2. Protección con desenvolvemento turístico	2.1. Un monte conectado ás comunidades locais	2.2. De lugar para o traballo a destino para o lecer	2.3. O turismo atrae a poboación local a causa da AMPPN	2.4. Un parque natural que atraia e controle o turismo
3. Contrario á protección	3.1. Un "pedregal" aínda pouco valorado	3.2. Cara a un Monte Pindo sen aproveitamentos e abandonado	3.3. As interferencias políticas na loita pola declaración	3.4. O medo ás restricións do parque natural

Fonte: elaboración propia

6.1 PROTECCIÓN PARA A CONSERVACIÓN DO MONTE PINDO

A paisaxe que se representa neste primeiro discurso fundaméntase narrativamente, de entrada, unha base material sólida: un macizo granítico exposto desde hai millóns de anos. De feito, a configuración xeomorfolóxica do Monte Pindo emerxe nas entrevistas como o elemento máis visible, o que determina a súa singularidade (Figura 43). Desde ese primeiro momento en que se lle pregunta ás persoas participantes pola súa percepción do lugar, estas aluden ao tamaño do macizo, á orixe do relevo actual e ás formas graníticas singulares que destacan sobre o seu contexto. Aliás, describen espontaneamente con detalle a súa percepción da silueta do Monte Pindo desde distintos puntos de observación. A definición que dá P-13, que cualifica o lugar como "illa de pedra nun mar verde", retrata ben a visión destas persoas entrevistadas. Estas apreciacións desvelan un exercicio explícito e consciente de observación, e ás veces estudo académico, das formas graníticas do macizo ao mesmo tempo, e convérteas nun argumento para xustificar a declaración dun parque natural.

Mais nesas verbas de P-13 emerxe tamén unha palabra chave na lectura conservacionista da paisaxe do Monte Pindo: o "verde". A esta cor asígnanselle atributos propios do ideal de natureza, este caso, de exaltación selectiva da vexetación sobre a rocha núa. Ademais, este foco permite defender a existencia dunha "natureza salvaxe" ou "virxe", ao consideraren o Monte Pindo un refuxio de valores primitivos que se gardan das alteracións humanas grazas á condición de macizo rochoso de difícil acceso.

De cara á creación de novas figuras de protección, identifícase a noción de conservación da xeodiversidade como argumento máis efectivo á hora de reivindicar un novo estatus de protección do macizo. Son tamén frecuentes as referencias á desprotección ante especies invasoras ou alóctonas e a defensa dos endemismos (nomeadamente do *Quercus lusitanica*, carballo anano) fronte impactos ambientais das últimas décadas. Intimamente ligado cos anteriores, a conservación do patrimonio inmaterial remata por facer concluír ás entrevistadaa

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

que a figura adecuada para o macizo é o parque natural. As demais opcións son xulgadas como "arranxos" temporais e parciais que non satisfán as necesidades de conservación.

Figura 43. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso conservacionista da protección do Monte Pindo



Fonte: Elaboración propia

6.1.1 A singularidade do "deserto de pedra"

Á hora de evocar a súa primeira impresión do Monte Pindo, as persoas entrevistadas atribúenlle imaxes que camiñan desde descritivas definicións da súa "singularidade" como gran promontorio granítico (P-11; P-13) até unha máis profunda e emocional admiración pola súa "espectacularidade" (P-05; P-07) ou "inmensidade" (P-11). Nese sentido, o concepto "mole" semella bastante popular para condensar ambas as dúas ideas, sobre todo cando a persoa que observa está na base do monte ou a certa distancia.

> Unha mole granítica que *surxe* da nada e chega aos 630 m. [P-05]

> A viaxe de Cee ao Pindo para min era un *disfrute* total. Porque me fixaba no Monte, e dicía: "—*Jo*, que inmenso! Que pasada!". Porque vías unha mole rosa. Entón cando baixaba, xusto á altura, aínda que agora a *carretera* está un pouco cambiada, pero xusto á altura de Ameixenda, e vías todo o que é o mar, vías as Lobeiras, Fisterra e o Monte; e dicías: "—Que *inmensidá*!" [P-11]

> Eu sempre fun un amante da natureza, e sempre me considerei un neno e un adolescente privilexiado de nacer no Pindo e ter esta mole de cima de nós. [P-13]

A pedra granítica funciona como elemento monumentalizador e xera un discurso propio sobre a paisaxe do Monte Pindo. Recoñécese como elemento material, pero vira tamén en símbolo cultural.

> A xente queda *ca* pedra, que é o símbolo tamén do Monte Pindo e o *Pedreghal*. [P-09]

> Ufff, *lo tiene todo*! É un museo ao aire libre de formas graníticas. [P-11]

Un factor que axuda na construción do símbolo é a percepción cromática da pedra, pois privilexiase a cor "rosa" (P-10) ou "rosada" (P-09) que presenta só baixo determinadas condicións climáticas, sobre as gamas grises. Deste modo ponse de relevo dun xeito máis evidente o contraste entre a "mole" de granito e o seu contexto de vexetación (verde) e auga (azul).

Figura 44. Vistas da pedra do Monte Pindo con distintas tonalidades (I)

Fotografía: Valerià Paül (4/8/2007)

A altitude e a pendente son outras características físicas que veñen asociadas con frecuencia ao simbolismo desta montaña. É froito da especial "dureza" da rocha.

> [S]*ube* de 0 m, do nivel do mar, a 600 e algo, polo tanto, [...] é un sitio impresionante e espectacular. [P-05]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 45. Vistas da pedra do Monte Pindo con distintas tonalidades (II)

Fotografía: autoría propia (24/9/2022)

Indo máis ao concreto, cando a percepción se volve un acto plenamente consciente, atopamos descricións ben pormenorizadas, nas que se trata de explicar a configuración do monte mediante exercicios de abstracción que incorporan linguaxe proveniente das Ciencias Naturais. A equiparación que establece P-10 coa forma xeométrica dun "trapezoide cuadrilátero" semella bastante elocuente. Neste punto pode comprobarse un intenso traballo de campo e cartográfico dalgunhas das persoas entrevistadas.

> Eu o Monte Pindo compároo cun trapezoide cuadrilátero que ten tres *vertientes*: unha *hacia* o Pindo, outra *hacia* Carnota e outra *hacia* o río Xallas, é dicir, cuxo vértice é a Laxe da Moa. E despois esas *aristas* divídeno naturalmente en ladeiras. [P-10]

Equiparan tamén algunhas das persoas entrevistadas o monte ao granito. O modelado granítico, que noutros casos ficaría oculto, aquí está exposto como se dun "museo ao aire libre", citando P-11, se tratase.

> Pero o Monte Pindo, como vemos, é un conglomerado de rocas graníticas, duras, que están formando pequenas *cordilleras* e *valles* orientadas en todas direccións. [P-12]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O feito de o substrato rochoso estar completamente exposto neste monte facilita a observación de multitude de formas que inspiran significados diversos. A riqueza da microtoponimia das formas graníticas que presenta P-10 é precisamente un reflexo de que "cada pedra ten un nome".

Entre as xeoformas verbalizadas polas persoas entrevistadas distinguimos dúas escalas: dunha banda, macroformas, de grandes dimensións e que lle dan forma ao conxunto do macizo (penedos, domos, chairas); e, da outra, microformas, que consisten en pequenos elementos individualizables dentro do monte (bolos, tors, covas, taffoni). Neste senso, onde P-11 ve un "museo", P-01 emprega a metáfora de "laboratorio".

Preguntadas sobre elementos que destaquen na paisaxe, case que todas as persoas participantes subliñan a Laxe da Moa como a macroxeoforma por excelencia. Isto vai alén do entendemento puramente xeomorfolóxico, pois este gran domo granítico percíbese como o núcleo do territorio circundante. E, como punto máis elevado do macizo, deu lugar a un especial valor simbólico.

> O cumio, o *topo*, a Moa, é un lugar importante porque tes unha perspectiva de todo o que é a paisaxe. [...] Chegar ata o Pindo e non subir ata o *pico* é como se non estiveras no Pindo. [P-01]

Tamén nas entrevistas emerxe outra poderosa imaxe vencellada á Laxe da Moa. Ao contrario da opinión xeneralizada, que o asocia ao cabo de Fisterra, o último solpor de Galiza prodúcese no Monte Pindo. A observación deste fenómeno rodéao dun especial valor simbólico, disputándolle a un dos máis coñecidos *fines terrae* o seu papel.

> Demostrou [...] que onde se pon o sol en último lugar é na Moa, pola altitude, a lonxitude canto máis alto *estés* a perspectiva é máis profunda. [P-05]

Outro cumio importante para os participantes é o de Penafiel, ao norte da Laxe da Moa. Malia que topograficamente secundario en termos de altitude (383 m), concita un especial valor por albergar no pasado presuntamente un castelo e por posuír unha vista magnífica do Cadoiro ou Fervenza do Ézaro.

> E logo temos Pe[n]afiel, que está a 383 m sobre o nivel do mar. [...] [O]s dos *pueblos darriba* (Mazaricos*), chamábamoslle* O Castelo, porque aí houbo un *castillo*. [P-12]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 46. Baixada a última hora da tarde cara á vila do Pindo a carón do "Castelo" de San Xurxo

Fotografía: autoría propia (18/11/2017)

Un terceiro penedo significado polo seu potencial simbólico nas entrevistas é O Pedrullo, ao sur da Laxe da Moa. Tampouco chega aos 400 m de altitude, mais considérase o primeiro gran miradoiro e o máis accesible desde a costa. Nel localizábase, segundo os participantes, a outra fortificación relevante do macizo: o castelo de San Xurxo.

> O Pedrullo, Laxe da Moa, Penafiel e a Casa da Xoana. Por *nombrarche* algúns, que hai máis. Pero eses son os puntos esenciais que eu considero. [P-13]

Mesmo outras formas presentes no macizo do Pindo, non tan espectaculares pola súa suavidade, recollen a atención por parte das persoas entrevistadas. O Chan das Lamas é a única grande extensión chá que existe no macizo, presentada como un "altiplano" de orixe "lacustre" (P-01). Concíbese como un chanzo intermedio entre a costa e o cumio e é o lugar máis próximo á Laxe da Moa con acceso rodado.

> Xa digo a nivel de modelado granítico tes todas as formas que te podas imaxinar: depresións alveolares como O Chan das Lamas. [P-11]

Por exemplo, O Rego do Caldeirón destaca pola súa acumulación de grandes bolos graníticos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [H]ai unhas pedras moi grandes. [...] A min impresióname moito esa zona. Esa zona de aí que ves as pedras tan redondas como se as levara un torrente de auga, esa gústame moito [P-07]

Menos evidente para a vista é a existencia de flora que loita por facerse oco. De feito, a idea de biodiversidade emerxe nas entrevistas como un elemento sorprendente para as propias persoas participantes. Porén, semella que as persoas entrevistadas lle outorgan un alto valor precisamente pola súa escaseza, en contra da primeira impresión que xera a imaxe de pedra ubicua.

> [A] primeira vez que subín pensaba que había menos vexetación da que realmente hai. Porque desde fóra, claro, a imaxe que tiñas do Pindo era: aquel monte que é todo pedra, pero despois cando vas subindo pois hai *pinos*, hai carballos... [P-07]

A especie que maior atención recibe é o carballo anano (*Quercus lusitanica*). Emerxe como o principal motivo de diferenciación do Monte Pindo en termos de vexetación, xa que acolle a súa poboación máis setentrional a nivel mundial.

> E por suposto a que máis nos distingue é o carballo anano. [P-09]

Figura 47. Vista do "Castelo" de Penafiel desde a Laxe da Moa. En primeiro plano pode observarse parte do conxunto de pías, microxeoformas graníticas alveolares. Ao fondo á dereita, a cola do encoro de Santa Uxía (río Xallas), e á esquerda o parque eólico Ameixenda-Filgueira.

Fotografía: Autoría propia (6/3/2021)

O *Quercus lusitanica* é difícil de atopar, resulta pouco evidente a primeira vista. Tampouco se distribúe en grandes formacións de varios exemplares moi desenvolvidos, pola contra son pequenos bosquetes localizados en fendas (diaclasas) onde se acumulan sedimentos e se forma solo fértil.

> Pola zona do Pedrullo, antes de chegar á Moa, hai unhas *carballeiriñas enquencles*. [P-10]

Figura 48. Exemplar de carballo anano rodeado por eucaliptos e piñeiros na contorna de San Cibrán (Carnota), ao sur do Monte Pindo

Fotografía: Autoría propia (24/9/2022)

Apúntase ao carballo anano como un elemento que pode discutirlle á xeomorfoloxía a súa posición privilexiada como eixo patrimonializador. A paisaxe do Monte Pindo podería ser protexida exclusivamente pola presenza desta especie.

> [O] *Quercus lusitanica* é un elemento que *puf*... De feito eu creo que o Monte a importancia que se lle dá dentro do que son os LICs vén por aí. Non vén nin polas formas nin por nada, senón polo que contén esas formas, que eu creo que aí é un erro *mui* grande. [P-10]

As autóctonas están baixo a lupa porque se entende que están en retroceso ante o avance doutras que trouxo o ser humano. As especies invasoras están a expandirse polo Monte Pindo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sen aparente control, o cal mingua a autenticidade das xa de por si pequenas illas verdes do Pedregal.

> [A] *vegetación*, a autóctona, está desaparecendo polas plantas invasoras. [P-10]

Estes discursos introducen a idea de natureza como elemento illado da acción humana. Consideran que as limitacións de acceso ocasionadas pola orografía e o abandono son positivas en tanto que limitan as interferencias antrópicas.

> [L]o bonito del Pindo como postal típica si lo dijéramos es que está muy poquito tocado, es muy puro, como si lo dijéramos, está muy poco... Aunque, si conoces la historia del Pindo, sí está alterado [...], te da esa sensación de espacio apartado. De espacio poco... Quiero decir, no es como puede pasar en muchos parques naturales que tienes una rutas, sitios señalizados, turísticos. Es un sitio que casi te lo tienen que descubrir. [P-03]

Así, transmítese o entendemento do Monte Pindo como aquela superficie do macizo que non está directamente en contacto cos núcleos habitados. A esa área asígnanselle as valoracións máis elevadas en termos de pureza.

> Son apenas 1500 ha *acotadas* de monte virxe, o que podemos entender como monte virxe, porque claro, se ti amplías as 2500 ha, xa incluirías costas e incluso algún núcleo habitado. [P-02]

6.1.2 O pasado salvaxe do Monte Pindo: a natureza cando "cada pedra ten un nome"

A forma actual do macizo do Pindo está enormemente condicionada pola súa oroxenia particular; calquera alteración posterior semella anecdótica de ollarmos as súas dimensións. Esta constatación xeomorfolóxica emerxe neste discurso. Mesmo algunha persoa participante aventúrase a dicir que o granito nunca chegou a permitir a existencia de vexetación frondosa, polo que a faciana actual do lugar é moi semellante á orixinal, de xeito que se debería só a puros procesos físicos e climáticos de alteración da rocha que deron forma a unha "paisaxe granítica".

> Calquera vexetación que houbo no Pindo foi de copas baixas, que non perturba a vista da paisaxe. De maneira que sempre, na miña opinión, o que predominou foron as paisaxes graníticas. [P-01]

Remárcase a idade xeolóxica do Monte Pindo, mencionando con frecuencia que se trata dun macizo granítico de "millóns de anos" de antigüidade [P-01; P-02; P-11]. Da man desta datación asóciase certa atemporalidade do espazo, que parece, de acordo coas entrevistas realizadas, coma se non fose alterado co paso do tempo, senón que, simplemente, emerxese desde a profundidade para ser descuberto.

> [O] Monte Pindo é como é, leva en superficie pois aproximadamente uns 100 millóns de anos, pois como as murallas de Lugo, son tan grandes que non se poden destruír. [...] De maneira que a *sobrevivencia* do Pindo é: primeiro porque non depende da vexetación, é mínima e non sei se chegará ao 10% ou 15%; e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> despois porque a rocha ten unha consistencia tan dura que a permite *sobreviver* millóns de anos. [P-01]

No entanto, cando se pretende explicar a orixe do "Pedregal", como lle chaman algúns, aparecen explicacións alternativas á puramente xeolóxica, popularizadas a través da tradición oral e que confrontan a suposta inalterabilidade do macizo. Entre todas, destaca o mito dun grande incendio que tería arrasado case por completo a cobertura vexetal orixinal, deixando como resultado a actual paisaxe granítica espida.

> Que esas pedras, o Monte Pindo non *fui* sempre de pedras como é hoxe, cando tiña ese bosque de *robles* non había pedras. O *sea*, había máis terra, estaban as pedras cubertas e as pedras descubríronse co incendio ese que durou sete anos. [P-12]

En efecto, o ideal de natureza activado neste primeiro discurso ten un límite moi visual: a escaseza de vexetación. As persoas participantes formulan esa teoría dunha gran catástrofe en forma de incendio de sete anos de duración. Este evento debeu suceder hai, cando menos, centos de anos, e explica o descubrimento dunha montaña de rocha espida excepcional no seu contexto.

> [T]amén *dicen* que o Monte Pindo *antiguamente* era un gran bosque de *robles*, e que *estuvo* ardendo durante sete anos. [...] O Monte Pindo non *fui* sempre de pedras como é hoxe. [P-12]

A partir desa teoría catastrofista enténdense os seguintes impactos que foron erosionando a pureza do Monte Pindo. Unha das imaxes máis potentes en relación con ese pasado máis "salvaxe" introdúcese coa referencia a un conxunto de especies animais que simbolizan o ideal de natureza.

> [A]quí no Monte Pindo había aguias reais, había *buítres*, había lobos. *Entonces* permitíase, premiábase, acabar coas *alimañas*. *Entonces* toda esa gran variedade cinexética que había no Monte do Pindo, toda esa gran variedade de aves que había no Monte do Pindo, a ditadura que fixo? Fixo todo o posible para acabar con ela. [P-13]

Outras historias que pretenden explicar a orixe da configuración actual do monte remóntanse a lendas asociadas a espazos que serven de refuxio a personaxes de fantasía. As persoas entrevistadas mencionan a miúdo as covas como goridas de seres como o Xigante da Mina ou a Raíña Lupa. Precisamente as covas son consideradas un fenómeno estraño, debido ás características do substrato granítico. As apreciacións xeomorfolóxicas aparecen asociadas a valores culturais de tipo inmaterial, como no caso da Cova/Casa da Xoana ou da Cova da Fisa. En xeral, e aínda que neste primeiro discurso se destacan os elementos materiais da paisaxe, documentamos unha alta significación en termos de memoria histórica nestes mesmos lugares, en particular por mor do seu uso para agocho das persoas represaliadas ou fuxidas da comarca e mesmo de fóra dela.

> [D]e altura tamén terá os seus sete ou oito metros de alto. Que aí tamén podería haber estalactitas e estalagmitas! [P-12]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Pero despois as historias de *cuevas* (fuxidos) me *cautivou* tamén *muito*. Pero principalmente a fisionomía do monte, das pedras. [P-04]

Outras estruturas acasteladas ou *tors,* cun alto simbolismo para a poboación local, son verbalizadas con denominacións que dan conta do seu aspecto antropomórfico. Entre elas destaca a do "Xigante da Mina" pola súa localización central no medio do Chan de Lourenzo, na principal ruta de ascenso á Laxe da Moa. Outro *tor* que se destaca é o Outeiro do Narís, no sector sur do monte, e visible a grande distancia, polo que foi utilizado como punto de referencia, especialmente cando esta chaira era un lugar de paso obrigado para a veciñanza da zona.

Para este último cometido de orientación, e tamén como lugar de repouso nas longas travesías das pescas e das leiteiras cargadas con mercadorías, menciónase a existencia dunha pequena forma acastelada denominada "Onde se adora" (P-09). Neste punto presuntamente tamén paraban os cortexos fúnebres das persoas que morrían na aldea do Pindo camiño do cemiterio parroquial situado do outro lado. As connotacións sagradas do topónimo son evidentes, máis cando desde este lugar hai perfecta visibilidade do mar e do cumio da Laxe da Moa.

6.1.3 Desprotección

Retomando a cuestión da atemporalidade, emerxe a idea do Pedregal como un espazo no que o reloxo da historia se detivo nalgún punto a mediados do século XX. Cando esta visión do Monte Pindo como depositario do pasado dun territorio entra en contradición coa evolución actual de abandono, agroma a idea de "destrución".

> Nós vemos o Monte Pindo como unha cápsula do tempo, que se pode estudar, interpretar e vir, e se pode destruír. [P-02]

Nesa constatación dun risco de destrución das esencias do Monte Pindo as persoas participantes ubican o nacemento da AMPPN. Malia que a orixe formal desta asociación se sitúa no ano 2010, as persoas entrevistadas xa identifican todo un traballo previo a prol da protección, froito do cambio xeracional na poboación da zona. Constatouse que as mudanzas actuais traían consigo o risco de perda da memoria colectiva.

> [N]aceu unha xente preocupada polo monte e polo... por conservar o que sabían os vellos, que nós xa máis ou menos fomos perdendo. [P-09]

Mais a memoria colectiva non foi o único fundamento, pois tamén se activou a idea de montaña como obxecto patrimonial cun valor inherente. Neste caso foi o movemento ecoloxista que desde o comezo da proposta de parque natural asumiu a idea do Monte Pindo como montaña con proxección exterior.

> [E]mpezaba a montarse un pequeno grupo de ADEGA na zona, empezamos a facer unha visita polo Día Internacional *de las* Montañas, que foi a primeira vez que subimos o Monte Pindo cun grupo grande de persoas, e [vimos] que iso tiña un *interés* fóra das fronteiras de Carnota. [P-02]

Manter ese memoria do pasado é un dos obxectivos da declaración de parque natural e para acadalo resulta tamén importante limitar o acceso ao ámbito territorial.

> Eu en verán ou en inverno, *inda* que non suba *hasta* a Moa totalmente, agora con todas esas *carreteras* que abriron (Chan das Lamas), que algunhas, *bueno*... vamos *a* deixalo aí... [P-11]

Figura 49. Comezo dun roteiro interpretativo organizado pola Asociación Monte Pindo Parque Natural, con motivo do Día Internacional do Patrimonio

Fotografía: autoría propia (18/11/2017)

O crecemento do turismo no Monte Pindo pode ser visto como unha ameaza á tranquilidade. Confésasenos, neste punto, que os valores de "soidade" e "misterio" son en gran medida incompatibles cos grandes grupos de visitantes. Deste xeito, ráchase co hexemónico discurso do desenvolvemento do turismo como prioridade.

> [D]irás que é igual egoísmo propio ou patolóxico de non dar moito as cousas a coñecer, pero vivir tranquilamente e que as cousas se manteñan... Non digo vivir estancadas, pero se as cousas se fan mal..., pode ser un problema. [P-11]

Nestes discursos engádese un argumento que revela un paradoxo: mentres os actores con influencia na xestión do Monte Pindo se centran na promoción turística, o espazo continúa a estar esquecido en termos de intervencións reais sobre o terreo.

> *Ahora* está máis publicitado..., pero penso está moi abandonado, moito. [P-04]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A inexistente xestión do fluxo de visitantes está a poñer en xaque a imaxe promocional de lugar solitario e de desconexión. Esta denuncia indica, amais, o baleirado de contido da protección actual, até o estremo de considerar o monte un simple atractivo turístico para que "sub[a] moitísima xente ao monte" (P-11).

> Entón o uso que se lle dá agora é *pfff*... e sen ningún control. Eu creo que o que si recibe ultimamente é *muitísimas* visitas. Se por esa parte entendemos o Monte, por darlle un uso turístico, pois si, eu creo que hai demasiadas visitas e non controladas. *Eso* eu creo que é un perigo. [P-11]

No conflito aberto pola creación dun parque natural no Monte Pindo, segundo este discurso, están directamente implicados dous actores: a Xunta de Galiza e a AMPPN. A relación dista moito de ser equilibrada, como cómpre agardar cando se trata dunha administración que ostenta competencias teoricamente plenas na materia e unha asociación con pouco máis dunha década de existencia.

> *Bueno*, pois a min paréceme que non, a min paréceme que do Monte Pindo non se ocupa *nadie*. Eu non sei... Aí os do Pindo [AMPPN] querían *nombralo* parque natural, non? E *lucharon* e están *luchando* e tal, pero parece que a Xunta de Galicia non está polo labor. [P-12]

As persoas entrevistadas retratan o conflito aberto coa administración autonómica denunciando as limitacións que esta impón á actividade habitual da asociación: roteiros, conferencias e outras accións divulgativas do Monte Pindo. En concreto, con motivo do último grande incendio do ano 2013, que arrasou o macizo todo, a AMPPN tentou intervir directamente sobre o espazo polo que consideraron pasividade dos organismos responsables da rexeneración do lugar. As accións incluían, por exemplo, o mantemento de camiños ou a repoboación con especies autóctonas. Atopouse co veto da administración autonómica a esta e calquera outro tipo de labores, e non ofreceu alternativas.

> Se o goberno [Xunta] que tiña que coidar *esto* non fai nada, e aínda *encima* impide que as iniciativas que hai o fagan por eles, vexo o futuro bastante negro. [P-05]

Neste conflito amósanse os límites dunha asociación destas características cando a institución á que se lle demanda atención non comparte a mesma valoración do espazo a protexer.

> Es decir, tú lo que no puedes hacer es prohibir que se hagan cosas por parte de una asociación y no suplir esas necesidades. Desde luego a mí me da la impresión de que hay un interés en que ese patrimonio se fomente y se proteja. Y no estoy viendo que se esté llevando ninguna actividad en ese sentido por parte del gobierno autonómico. [P-03]

Malia todo, as persoas entrevistadas insisten na idea de "arborizar" con "autóctonas" como forma de renaturalizar o Monte Pindo.

> Os usos, nós, eu penso que os debemos enfocar por a*rborizar* o monte con vexetación autóctona. [P-09]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 50. Descubrimento dunha placa en homenaxe a José Barreiro Barral, autor da primeira obra monográfica sobre o Monte Pindo. O logo da Asociación Monte Pindo Parque Natural inclúe a folla do carballo anano, dando conta así do valor simbólico desta especie

Fotografía: autoría propia (30/5/2021)

Figura 51. Detalle da placa en homenaxe a Barreiro Barral

Fotografía: autoría propia (30/5/2021)

Todo parece indicar que ese camiño ten pouco percorrido a curto prazo, xa que a administración galega mantén unha postura inflexible e non autorizou no pasado accións similares.

> Yo para mí está muy claro cuando fue que la asociación quería reforestar, cuando fue lo del incendio. Dices: "No es que una asociación...". Yo entiendo que la respuesta de la Xunta es que una asociación no se tiene que meter. Pero, claro, es que tú tienes que hacerlo. Si tú no lo haces, alguien lo tendrá que hacer, o se deja morir ese patrimonio natural, cultural. [P-03]

Ante esta situación de bloqueo asúmese que só un cambio de opinión da Xunta e o subseguinte achegamento de posturas poderá propiciar a declaración de parque natural. Desde este punto de vista, o poder exércese nunha lóxica *top-down*.

> [S]e temos á administración en contra o traballo é moito máis difícil e sempre vai *a* haber *viciños* en contra. [P-09]

Outra persoa entrevistada retrata de xeito ben explícito o momento actual, equiparando a actuación do goberno autónomico co da administración franquista. Emerxe a cuestión do eucalipto e as repoboacións forestais como impactos ambientais que merecen especial atención.

> Ditadura, democracia, administración autonómica... non fixeron absolutamente nada. Nós pedímoslle que eliminen o eucalipto, unha especie *invasiva*, que eliminen outras dúas especies que son *invasivas* [...] e non fan nada. [P-13]

Este conxunto de persoas participantes chegou á conclusión de que a iniciativa está nun punto morto do que é moi difícil saír coa actual correlación de forzas. Existe unha ausencia de consciencia da poboación, que non participa ao nivel que esixe a situación. Atribúese este baixo envolvemento na causa a unha reducida valoración da natureza por parte do pobo galego. A natureza, acrecéntase, é algo distante.

> [E]u creo que aínda nos queda *muito* que camiñar, non hai unha conciencia como pode haber noutra zonas, sen ir máis lonxe, noutras zonas da Península Ibérica que hai máis unha *cercanía* e unha complicidade coa natureza que aquí non temos. Aquí nos falta esa educación. [P-11]

Ante o baleiro deixado polas administracións e por outras entidades sociais, a AMPPN parece erixirse na única entidade que actúa no Monte Pindo co obxectivo de coidalo.

> Os únicos que están traballando e se están preocupando polo monte son os da Asociación Monte Pindo Parque Natural. [P-05]

Conclúese que só un cambio de goberno podería propiciar o triunfo da iniciativa, un escenario moi difícil de prognosticar.

> Si no cambia el signo del gobierno de la Xunta, da la sensación de que se está lastrando esto, es decir, se está lastrando el que se puedan implementar figuras

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> mayores de protección. [...] Da la sensación de que está todo en mano de las urnas y no debería ser así. [P-03]

Fiando igualmente o resultado á posición da Xunta, as persoas entrevistadas debuxan outros escenarios de futuro máis optimistas onde a declaración de parque finalmente chega, pois "só é cuestión de tempo". Consideráse pois, que este é o escenario lóxico, un parque natural cuxa necesidade é obxectiva, salvo se o que se pretende é o uso político do seu bloqueo.

> Estamos nos prolegómenos dunha vitoria que só se *alarga* por ter un goberno na Xunta que non é receptivo con esta medida. [P-02]

> A figura de protección máis adecuada está bloqueada por intereses políticos e individualistas, mais é cuestión de tempo. [P-13]

6.1.4 Un parque natural para protexer o Monte Pindo

O debate sobre a creación do parque natural prodúcese a pesar de o Monte Pindo xa estar formalmente protexido pola Xunta desde 2004, tal e como se explicou no apartado 1.5. Esta designación débese para as persoas entrevistadas á presenza de especies endémicas e hábitats prioritarios. En termos de conservación da natureza, a pertenza á Rede Natura 2000 percíbese como un avance necesario respecto da situación previa.

> O Monte Pindo é un Lugar de Interese Comunitario. [...] [F]orma parte xunto con Carnota, polo interese que ten desde o punto de vista botánico, da vexetación. E o Monte non podía escapar, sobre todo se ten o carballo anano, o *Quercus lusitanica*, só por *eso i* porque ten *muitas* especies endémicas asociadas. [P-11]

Porén, percíbese que a inclusión dentro dos perímetros de protección da ZEC Carnota-Monte Pindo non trouxo avances na xestión do espazo. Segundo P-13 a AMPPN está "canalizando estas propostas" debido a que "eles (a Xunta) non teñen". Deste modo, estaría a asumir en solitario funcións propias da administración, como son o control de especies exóticas, a sinalización e limpeza dos camiños ou a vixilancia das agresións vandálicas.

> *Decímosllo* ao conselleiro, ao director xeral de protección da natureza, *plantexamos* todo este tema do eucalipto, estámolo canalizando nós, que nós *sepamos*. [P-13]

De acordo coas persoas entrevistadas, a iniciativa de declaración do parque natural non deu chegado alén, en parte, por mor dun baixo nivel de implicación da poboación local que atribúen á idiosincrasia propia da sociedade galega. Intúese o individualismo como lastre que debe ser compensado coas decisións directas da administración, seguindo unha lóxica *top-down*. Neste esquema os actores locais fican subordinados á vontade política de activar ou non a protección.

> Pero iso é coma todo, eu creo que en Galicia *ahora* todas as solucións teñen que vir, teñen que partir *de arriba*. *O sea*, a administración non pode cerrar os ollos e dicir: "*Eso* non vai comigo". Non! Nin sequera *chegha* con apoiar, non. [P-09]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E que tipo de xestión de parque natural tentarían implantar as persoas entrevistadas nesta primeira narrativa? Neste punto formulan un desexo de cambio en termos de renaturalización. A imitación dun teórico pasado, fixado por "estudosos", parece ser unha prioridade, malia o conflitiva que podería ser con especies autóctonas a día de hoxe protexidas.

> Os *estudiosos* saben que tipo de fauna e de flora había no parque. Non sei se sendo parque natural se intentaría restaurar en todos os aspectos ou se só sería un sitio de subir e ver *o* paisaxe desde arriba. [...] Ou procurar que sexa o máis parecido a como era antes. [P-07]

De se aplicar un modelo estrito de protección, o Monte Pindo deixaría atrás os incendios periódicos que azoutan o macizo. Nun espazo protexido baixo a figura de parque natural enténdese que o lume non terá cabida e a natureza "pura" irá gañando terreo.

> Yo creo que el daño del incendio se recuperará, a lo mejor se recuperará un poco esa imagen que tenía al principio cuando lo conocí, ese desarrollo de pureza tal vez, de espacio poco tocado o poco alterado. [P-03]

Pero na proposta de declaración de parque natural, di P-11, non se parte só do "misterio" da natureza salvaxe, senón desa constatación de que este lugar é importante para Galiza como país.

> De feito, non recordo *ahora* o ano exactamente, pero o Monte Pindo quixeron proclamalo como parque natural e creo que tiña aí case todo conseguido para que fose. Ou sexa, que vía[n] nel primeiro ese misterio, esa maxia, pero ao *mismo* tempo non só ese misterio e a maxia, senón que evidentemente valoraban algo máis. *Se sentían* como identificados, o querían poñer como un símbolo de identidade da propia Galicia. [P-11]

Malia que a proposta de creación dun parque natural "non é nova" (P-02) ―fora formulada previamente por organizacións ecoloxistas de ámbito galego― o paso da creación dunha asociación local para tal fin constituíu un caso inédito no seu momento. Ao grupo impulsor parecíalle absurdo que "viñera xente desde Santiago" (P-13) a conducir a iniciativa, e decidiron liderala desde o local.

Desa intención de remarcar a ligazón das comunidades locais co seu monte emerxe con forza a cuestión da apropiación. Realízase unha revisión en termos identitarios do nome da AMPPN, que pode estar a lastrar mesmo a lexitimidade da asociación nalgunhas localidades.

> Cometimos un error chamándolle co nome da asociación. Cremos que o Monte Pindo é do Pindo, non nos damos conta que é do Pindo, é de Quilmas, é de Caldebarcos... Sempre o noso monte, o monte é noso. [P-08]

6.2 PROTECCIÓN CON DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

As comunidades que bordean o Monte Pindo xa non fan o mesmo uso del que no pasado. Neste segundo discurso, as persoas entrevistadas constatan que os vencellos entre a poboación e o monte evolucionaron mais non desapareceron. Nesa liña represéntase unha paisaxe que ten valor por ser modificada e reinterpretada pola acción humana. Menciónanse

espazos de socialización e traballo das comunidades locais, nomeadamente os camiños, os prados e o mosaico agrícola. Dentro desas modificacións xa non só se citan os usos tradicionais, senón que tamén se consideran novos aproveitamentos compatibles coa protección do macizo. Nese sentido, destácase o potencial que teñen as vistas do e desde o Monte Pindo como punto simbólico da costa galega, mesmo "de obrigada visita"; ou a rica tradición escrita e oral, como posibles atractivos turísticos que están sen aproveitar.

En gran medida relacionado coas valoracións culturais dos elementos materiais da paisaxe, as persoas entrevistadas achegan un rico mundo inmaterial que segundo elas é preciso conservar a través da súa posta en valor. Recolléronse percepcións en chave persoal e colectiva, valores sentimentais e identitarios que os participantes asocian a determinados lugares do monte. Nesa liña, identifícase nos discursos analizados un proceso de construción do Monte Pindo como símbolo de Galiza, principalmente conducido desde fóra da montaña. Así, no Monte Pindo converxen de forma conflitiva miradas propias e alleas, xa que, en palabras de P-09, fai tempo que o ámbito de estudo "trascende" o local. Isto non quere dicir que as identidades locais deixasen de existir e de se construír ao redor do Pedregal. Moi ao contrario, das entrevistas extráese que permanece viva unha tradición oral local e diversa e, en consecuencia, tamén se desprende un certo medo a que esta esvaeza.

Téntase acadar a protección dun espazo que se xulga ameazado, o que implica responder a oposición de parte da poboación local cunha alternativa de desenvolvemento atractiva. O turismo devén unha actividade lexitimadora dun futuro parque natural que, acorde con este segundo discurso, serve á súa vez de ferramenta da dinamización económica dun territorio en crise. Formúlase como unha estratexia a longo prazo que estaría a aplicar a AMPPN para acadar a declaración de parque natural de xeito menos abrupto que no primeiro discurso. A promoción que traería a "marca" Monte Pindo Parque Natural é unha vía de revalorización do Pedregal, que xulgan que está a ser abandonado. Finalmente, algunhas das persoas entrevistadas conclúen matizando que esta promoción debe ter tamén un control, que pasaría a ser exercido coa estrutura propia dun parque natural. En

Figura 52. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso de protección como desenvolvemento do turismo no Monte Pindo.



Fonte: elaboración propia

consonancia, as medidas de protección que as persoas entrevistadas suxiren aplicar neste caso son máis graduais e menos restritivas.

6.2.1 Un monte conectado ás comunidades locais

Existe un acordo xeneralizado entre as persoas entrevistadas neste segundo discurso en canto á monumentalidade deste macizo. Esa calidade é perceptible aos seus ollos desde o mesmo momento en que establecen contacto visual con el: "Sales de esa curva y ves toda la playa y al fondo el Pindo presidiendo" (P-03). Para xustificalo, adoitan remarcar o contraste que acada este lugar a respecto da paisaxe da contorna. Preséntase como unha ruptura coa horizontalidade do mar e coas liñas suaves dos montes circundantes e, por extensión, debúxase como un lugar único en toda Galiza. Non resultaría doado obviar a calquera persoa que cruce a zona o protagonismo do Olimpo Celta.

> É unha montaña que destaca no que hai arredor, e ten a súa pintoresca. [...] Alucinei *cas* vistas, vese por un lado *Finisterre* e a praia toda de Carnota, son 7 km de praia. Vese *hacia* a zona de Santiago e Santa Comba, xa non sei onde se perde a vista xa. [P-06]

> *Me parece* que tan agreste coma este non vin eu. Home, vin cousas, pero non coma este, desta fisionomía, o pedregal este, bravo e bonito. [P-04]

Unha ampla maioría das visións recollidas acreditan en situar o espazo como un punto de referencia a escala galega. Malia iso, podemos apreciar dous enfoques diferenciados en chave identitaria: un primeiro que transcende o local para situalo como símbolo de identidade galega; e outro que prima a importancia do lugar para as comunidades inmediatas ao monte.

> Eu observo como que a xente o coñece máis, como que a xente mira máis para el, e como que para a xente ten moita máis importancia e moita máis transcendencia. Agora mesmo o Monte Pindo transcende ao que é os *pobos* da contorna, sabes? [P-09]

En primeiro lugar, o Olimpo Celta está a actuar como símbolo de identidade a unha escala máis ampla que a local. As persoas entrevistadas ollan para el en chave galega, e desde esa óptica a idea de "postal típica" conecta coa intención de representar os lugares que se vinculan con Galiza no seu conxunto.

> [E]s una postal típica para alguien que conoce Galicia, o incluso que ama Galicia. [P-03]

Curiosamente, cando se trata de establecer comparacións con outras paisaxes simbólicas de Galiza, emerxen lugares de montaña como O Courel ou Os Ancares, e outros de costa como Fisterra. Neste punto, a idea de unión entre o mar e a montaña (Figura 53) xorde neste discurso sobre o Monte Pindo para outorgarlle unha posición propia no imaxinario paisaxístico galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 53. Monte Pindo visto desde o areal de Carnota

Fotografía: autoría propia (30/5/2021)

> Realmente creo que non lle *envidia* nada a *Finisterre*, a Courel ou a sitios dese estilo. Non ten nin menos nin máis importancia. [P-06]

> E ten certos puntos do Monte Pindo que merecen mención, porque desde eses puntos pódese ver mar e terra, que era o que eles [os mouros da mitoloxía tradicional galega] usaban para *vigilar* e asaltar os barcos. [P-12]

Os discursos que emerxen das entrevistas non se limitan a Galiza. Tamén fan dialogar o Monte Pindo coas culturas celta e grega, reposicionando un territorio que ten sido considerado periférico no contexto galego e europeo. Este exercicio vén fundamentado, en palabras de P-12, na obra do Padre Sarmiento e na súa posterior interpretación por parte de Otero Pedrayo. Deste modo, as persoas participantes son conscientes do invento do mito.

> Porque claro, *dícese* tamén que o Monte Pindo *conócese*, chámase tamén como o Olimpo Celta, en relación *aos* celtas, que *dicen* que os celtas habitaron aquí, logo viñeron tamén os *griegos* e os romanos... Que o Monte Pindo, o nome Pindo, *según decía* o Padre Sarmiento, o nome de Pindo déronllo os *griegos*, por recordarse do Monte Pindo de Grecia, cando chegaron aquí os *griegos*. Porque *según* parece, *según decía* o Padre Sarmiento, este monte ten moita *semejanza* co Monte Pindo de Grecia. *Entonces* eles, por estes *paisajes*, recordándose do Monte Pindo, puxéronlle o nome de Pindo. [P-12]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [A]ntes, [non se coñecía] fóra de Otero Pedrayo, que foi aí quen descubriu o Olimpo Celta. [P-09]

As entrevistas evocan traballos seminais do Padre Sarmiento e, sobre todo, Otero Pedrayo, que coidan que iniciaron un camiño de idealización do macizo como unha montaña de proxección internacional, mais tamén como elemento de reafirmación dun pasado mítico que conectaría Galiza co mundo celta ou mesmo coa Grecia clásica. Nesa conexión do Monte Pindo coas culturas celta ou grega aqueles autores sustentan, segundo narran as persoas participantes, a diferenciación da identidade galega.

> Xa *muitos* intelectuais, xa non de agora, senón de... Poderíamos citar cantidade de xente interesada polo monte e que xa viña e que xa subía, e empezaron a consideralo como un Olimpo Celta, non? [P-11]

En segundo lugar, exprésase abertamente a disidencia con ese discurso importado desde as obras académicas. Estoutras perspectivas devolven a atención á poboación local, e máis concretamente ás "clases populares" que foron as que habitaron e traballaron o macizo. A súa visión ocupou historicamente un papel secundario nos discursos oficiais sobre o Olimpo Celta, creados ou lexitimados desde o que P-13 define como "a intelectualidade". Son voces críticas con esa visión externa idealizadora, e en certa medida elitista, que tiñan algúns dos primeiros autores que mencionaron o Monte Pindo.

> Moitos deses que falaban sobre el, Pai Sarmiento ou outros, logo descubrimos que nunca o viron, que falaban de oídas, do que dicían os veciños. E o Monte Pindo foi un *espacio* popular, que só usaban as clases populares como lugar de paso, de pastoreo. [P-02]

A tradición oral volve ocupar un lugar destacado deste segundo enfoque, pois nela atópanse interpretacións alternativas á xenealoxía *ilustrada* do Monte Pindo. Destaca un relato que atribúe algúns dos "misteriosos" restos arqueolóxicos do monte á existencia dos "mouros". Nas entrevistas non se chega a concretar a natureza deste pobo que rendería tributo, segundo a lenda que relatan, á Raíña Lupa. Malia a ser este un termo moi estendido en Galiza para referirse a seres mitolóxicos (Reigosa *et al.*, 2006), neste caso especúlase coa posibilidade de seren en realidade comunidades musulmás que habitaron a zona alta do Pindo antes da súa expulsión no século XV.

> No *siglo* XV da era *cristiana*, foron expulsadas esas xentes por *orden* dos Reis Católicos. [...] E esta xente que había no Monte Pindo non eran católicos. Suponse que eran *musulmanes* ou algo así, que tiñan unha *religión musulmana* ou *eso*, pero non se sabe exactamente que *religión* tiñan. [P-12]

A memoria histórica é outro vector fundamental nas interpretacións locais, persoais e colectivas, do Monte Pindo. As historias das persoas represaliadas que, baixo ameaza de morte, se refuxiaron entre pedras, emerxen cando a poboación local fala do monte. Xorden como parte da tradición oral que se lles transmitiu desde que eran crianzas. Ten unha maior difusión o termo "fuxidos" (P-05, P-06, P-09, P-12) que outros máis connotados politicamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [A]s historias que teño escoitado a miña *abuela* e á miña nai, coas típicas historias, cos típicos fuxidos da guerra. As historias que contaban dan xentes que *iban a* facer negocios por aí arriba, levando as cousas á cabeza. [P-05]

> E interesoume moito como a que se escapou na Guerra Civil, que se escondeu un montón de xente arriba. [P-06]

Para estas persoas entrevistadas, a imaxe xenuína do Monte Pindo reside nas historias da xente que o habitou, na memoria colectiva que se expresa na tradición oral. A idea de paisaxe que transmiten desde fóra a maioría das producións culturais (académicas ou non) pode ser útil desde o punto de vista da promoción, mais definitivamente son menos importantes na opinión destas testemuñas.

> A parte escrita é moi interesante, pero desde logo é menos valiosa que o que nos poida contar un vello que pastoreou ou unha muller que o tiña que atravesar para vender leite no *entorno*, eu estou moi centrado *neso*. [P-02]

Máis alén das contradicións entre olladas externas e internas, si é compartido un papel para o Monte Pindo: un miradoiro. Após coroado o cumio, este pasa de ser unha atracción cara á que mirar a se transformar nunha atalaia desde a que observar o horizonte marítimo. Este efecto dáse ao longo do ascenso, mais considérase especialmente atractivo na Laxe da Moa, que está a 627 m sobre o nivel do mar. Ademais, é unha posición idónea para observar o popular cabo de Fisterra, motivo que o conduce a ser considerado como o mellor miradoiro da Costa da Morte.

> Eu penso que [a xente] se queda coa imaxe cando chega ao cume, cando chega á Laxe da Moa. Chega arriba despois dun ascenso, tanto se é pola banda do Fieiro como pola banda do Pindo, un ascenso duro. [P-13]

No discurso das persoas entrevistadas, entran en diálogo o monte e o mar que o rodea polas súas caras oeste e sur. O mero feito de habitar na costa e/ou traballar no mar crea un lazo permanente co Monte Pindo, pois para a comunidade ribeirá xa deveu en punto de referencia que articula o seu día a día.

> [O]s mariñeiros antes de vir ao *mare* se *iban* situando cos picos do Monte Pindo. [P-06]

> No Pindo xa ves como somos, está o mar aquí e o monte encima, é incrible que non hai case separación entre eles. [P-08]

> Eu me levantaba e o primeiro que vía era... escoitaba o mar e vía o Monte." [P-11]

Esta aparente unidade de significados entre unha montaña e o mar que ten ao seu carón tamén se expresa no proceso de autoidentificación da poboación.

> E a miña relación [...] pois é como a maioría da xente de Caldebarcos. Teño lazos de *labregho* e lazos de mariñeiro... e ultimamente lazos de montañeiro. [P-09]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A relación do Monte Pindo coa súa contorna costeira tamén se concreta en formas do relevo moi próximas que forman parte do mesmo perímetro protexido de acordo con algunhas das delimitacións de espazos institucionalizadas que revisamos no apartado 3.2. As máis relevantes segundo as persoas entrevistadas son:

- Cadoiro do río Xallas
- Praia de Carnota
- Lagoa de Caldebarcos
- A Agra de Carnota
- Illas Lobeiras
- Cabo de Fisterra
- Monte Louro
- Monte Ruña

A posición da Laxe da Moa permite unha observación en 360º e, polo tanto, de todo o sector de costa que vai desde o Monte Louro até o Cabo Fisterra. Este feito impacta tanto en visitantes como na veciñanza, segundo subliñan as testemuños analizados.

> [O] lugar por antonomasia é a Laxe da Moa, é o lugar a onde todo o mundo quere chegar, incluso se vas a ver un castelo, o que queres é subir. Está a 627 m, como gran *mirador* da ría, como espazo central do macizo. [P-02]

En definitiva, cohabitan neste discurso dúas percepcións complementarias: unha externa e outra interna. Ambas conflúen nunha imaxe paisaxística do Monte Pindo que vai alén do material, que o valora en función de discursos académicos individuais mais tamén de vivencias colectivas, polo tanto, non exentas de contradicións.

> A min gústame velo como un todo, no que se unen os valores naturais que ten, os valores xeolóxicos que ten, os valores únicos da historia, o papel que *tuvo* na historia de Galicia como país, o papel que *tuvo* na formación da idiosincrasia do noso pobo, da nosa casta tradicional. [...] [E]n escasas 1500 ha temos resumidas *casi* todas as épocas do noso país. [P-02]

6.2.2 De lugar para o traballo a destino de lecer

As persoas entrevistadas verbalizan que os valores atribuídos ao Monte Pindo non son estáticos. Deste xeito, achamos que a súa evolución nas últimas décadas veu motivada fundamentalmente polos cambios na relación da poboación local co Pedregal.

> [O] Monte Pindo construíuse ao longo dos *siglos* pola tradición oral. E talvez canto máis *antiguamente* máis fundamental era ese papel. Porque era un lugar tenebroso, *siniestro*. Para moita xente *eso* era *obligatorio*, de paso, desde logo non tiña ningún uso lúdico que nós saibamos na nosa época. [P-02]

USC DE SANTIAGO

En primeiro lugar, os camiños do Monte Pindo eran entendidos como lugar de tránsito para os intercambios comerciais e de subsistencia das comunidades locais até mediados do século

XX. As mulleres protagonizaban algúns dos traballos máis duros, como o transporte de peixe e leite a través do monte, vía máis rápida de comunicación entre Mazaricos, as agras de Carnota e as aldeas do Pindo e Ézaro.

> Había un camiño *mui* importante, que era unha ruta *mui* importante. Eu aquí no mapa sempre *enseño* a ruta... *Mui* importante, chámase o Camiño das Pescas, das pescadoras. Que eran as que levaban o pescado nas *sestas*. [P-10]

Mais as historias narradas polas persoas entrevistadas tamén mencionan o manexo que se facía dos puntos de maior altitude. Sinálanse pequenas áreas chás na contorna da Laxe da Moa, a partir dos 500 m de altitude. Son o Chan de Lourenzo (onde se atopa o Xigante da Mina), O Chan da Moa e o Campo das Cortes. En todos eles P-04 transmite que ten aínda lembranzas persoais de facer uso dos recursos comunais. Lembra con exactitude a localización de moitos deses vestixios de prados húmidos e toxeiras, considerados o resultado dunha presión antrópica elevada no pasado.

> A ver, de *chaval* xa fora abaixo da Moa, a un lugar que lle chaman Rego da Moa ou Chan da Moa, por debaixo da Moa. Que fun con miña nai e mais cunha tía miña á leña, ao toxo. [P-04]

Antes do colapso do sistema agrogandeiro tradicional as escasas zonas do Pindo con vexetación estaban dominadas polas herbáceas e os pastos. A presión da cabana gandeira debeu ser importante, posto que existían numerosas disputas territoriais polo control das escasas terras fértiles e húmidas dos campos do Pindo.

> As ladeiras que daban a Mazaricos sempre foron aproveitadas polos pastores. E tiñan un límite natural, que era a zona de Pe[n]afiel, Moa... *Pero* despois *peleábanse*, porque os *animales* soltábanos e ían a comer hasta ladeiras do Pindo, de Carnota. E *peleábanse* entre eles. *Hubo muitos pleitos* sobre ese tema da gandería. [P-10]

> Todos os *viciños*, o que máis e o que menos, tiñan cabras e *ouvellas*, e andábamos polo Monte adiante *cuidando* dos *animales*. [P-12]

De acordo coas persoas entrevistadas, a presión gandeira sobre o Pindo mantívose en maior ou menor nivel até mediados do século XX, momento no que a ditadura franquista decide incluír o Monte Pindo nos seus plans de repoboacións forestais masivas. Nos testemuños analizados, trátase dun traumático punto de inflexión, a partir do cal se limita o acceso da veciñanza ao seu monte e este comeza a gañar superficie de mato e de especies pirófitas:

> E durante seis ou sete anos *estuvo* ese *guardia vigilando* o Monte para que non houbera *animales*. Pasados eses sete anos, *animales* non consentiron, pero abandonaron o monte, a Forestal abandonou o monte. [P-12]

> *Ahora* non hai máis que *vegetación*, pero *vegetación* invasoras: silvas, toxos e... xestas. Non está controlado, todo *eso* estaba controlado polos *animales*, como o caprino. [P-10]

> Desde o último incendio os eucaliptos expandíronse dunha maneira brutal. [P-05]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alén do eucalipto, verbalízase outra especie típica das repoboacións franquistas executadas pola "Forestal": o piñeiro de Monterrei. A paisaxe arborizada que resultou desa plantación, e que foi arrasada por sucesivos incendios, considérase un retroceso en termos estéticos e produtivos con respecto á paisaxe previa, en boa medida froito do pastoreo con cabras autóctonas.

> Entonces fui unha desgraza mui grande, porque si non se *houbera plantado* piñeiro de Monterrei, ao mellor estamos falando de que teríamos cabras do Monte do Pindo aquí. [P-13]

Figura 54. Campo das Cortes, unha das pequenas depresións que permitían o pasto de gando grazas á humidade que posibilitaba a abundancia de herba fresca, preto xa do cumio

Fotografía: autoría propia (6/3/2021)

Nas áreas máis próximas aos núcleos habitados e á liña de costa, que tradicionalmente estaban cultivadas de xeito intensivo, iniciouse unha dinámica de abandono que mudou a composición cromática da paisaxe, de tons marróns a tons verdes. Esta evolución vén acompañada de monotonía, posto que os ciclos vexetativos anuais deixan de ser tan evidentes:

> E eu teño imaxes de cando comecei a facer a carreira [...] e é que son de libro: todo cultivado, todo marrón... e *tu* agora vas, e todo verde, porque xa estamos en vexetación arbustiva e arbórea. Entón, a paisaxe que antes tiñas era unha paisaxe do *entorno* que cambiaba *estacionalmente*. [P-11]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Coa instauración da ditadura franquista tomouse unha decisión política de vital importancia para estas xentes que dependían, cando menos en parte, do Monte Pindo para sobrevivir. As vivencias asociadas ao traballo cotián ou ao tránsito polo monte desapareceron de xeito abrupto. No seu lugar, uniformizouse a paisaxe con especies consideradas foráneas.

> En primeiro lugar, nos anos 50..., non, no ano 36, co golpe de Estado que acabou coa república e veu o franquismo, a ditadura... a raíz da ditadura, penso que foi a gran desgraza, de toda España, pero en particular do Monte do Pindo. Porque empezaron a facer políticas contrarias ao Monte. Unha delas *fui*, do ano 50, a reforestación con piñeiro de Monterrei, un piñeiro foráneo, americano. [...] *I eso* que conlevou? A prohibición de pastorear no Monte. [P-13]

Aquel sector da poboación que viviu as consecuencias deste proceso de expulsión do Monte Pindo olla cara a el aínda polo seu valor produtivo. Consideran que deveu un lugar no que "non dá nada" (P-09; P-11).

> [A] miña nai lle tiña tamén un sentimento pois de cariño co Monte. Pero a xente máis maior *decía*: "—Se o Monte non dá nada! Non é como outros montes, é *muita* pedra." [P-11]

O cambio na forma de ollar o Pedregal envolve xa ás novas xeracións, que non valoran tanto o lugar pola súa capacidade produtiva como polo seu simbolismo identitario e como escenario de lecer. As condicións que se daban hai uns anos para a construción da memoria colectiva xa non se dan, son parte do pasado.

> [A]ntes atravesaban o monte enteiro para ir *a* vender peixe, subir ao monte *convertiuse* nun deporte nuns anos *p'acá*. Non dicías "Hoxe imos subir a Moa!" [P-08]

> Desde o punto de vista cultural, por suposto, o Monte xa ten outro simbolismo totalmente distinto, e a xente xa o mira doutra forma totalmente distinta, polo que significa, pola identidade. [P-11]

A tendencia demográfica regresiva fai saltar as alertas tamén da perda desta memoria colectiva que non se deu en transmitir ás últimas xeracións. As persoas entrevistadas consideran que ese fracaso se debe a unha ruptura entre a xente maior e a nova, que viviron e viven o Monte Pindo desde posicións moi distintas. Deste xeito, semella estarse a se desaproveitar a oportunidade de preservar estas vellas "historias" mediante producións culturais en formato actual, máis atractivo precisamente para a poboación nova.

> Eu penso que a xente maior cando contan as súas historias, eses aínda o viven doutra maneira. Aínda que non saben de determinadas cousas, do seu valor biolóxico, xeolóxico... danlle un valor histórico, que de aí podía saír...*mimá*! Literatura, películas...Pero as novas *xeneracións* é ao revés. [P-08]

O exercicio de contemplar a paisaxe convértese nun acto consciente, e deixa de estar condicionado polo traballo. Nese contexto, enténdese o ascenso ao Monte Pindo como un ritual que deben pasar os veciños da contorna.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> E xa subín tamén co meu fillo pequeno que ten dez anos para que vira, porque, claro, eu a primeira vez que subín non sei se tería vintetantos anos, pero díxenlle: "Vamos, que así velo desde pequeno." [P-07]

> [T]odo o mundo tiña que ir á Moa. Polo menos unha vez. Era como a Meca. Tiñas que subir arriba. [P-13]

Vencellado a ese cambio na percepción do lugar atópase nestas entrevistas o concepto de illamento e inaccesibilidade, secularmente entendidos como atrancos, e que agora se resignifican para converterse en aspectos positivos. Nese sentido, hai unha conexión cun modelo de turismo concreto.

> Seghuro que habería xente disposta a vivir aí unha semana, quince días, simplemente no Monte. Totalmente natural, sin nada. [P-09]

Eses aspectos presentados como positivos van alén dos visitantes e difúndense tamén entre a veciñanza, e nas pequenas incursións e paseos que realizan:

> [É] un *paisaje mui* bonito, e a min *ghústame muito faser* senderismo e *tar* en contacto coa natureza. [P-10]

No camiño da dignificación do Pedregal xogan un papel esencial os traballos académicos ou as artes. Porén, a ollos das persoas entrevistadas, constitúen logros insuficientes para o obxectivo de declaración dun parque natural. Semella que esa visión positiva calla máis entre visitantes que nas comunidades locais. Se o proceso debe xurdir desde a propia veciñanza e contar co maior consenso posible, as valoracións positivas deben chegar tamén a quen se opón á figura de protección. É preciso, como di P-02, que vexan a utilidade da protección porque se lle "pode sacar valor". Neste punto, aparece a persoa visitante como redescubridora do Pindo, un reforzo da valoración positiva que xa comeza a ter en parte da poboación local.

> A xente que vén de fóra *descubre* unha cousa nova, da que lle falaron, da que *liu*, da que *liu* poesía, ou da que sabe que por historia, ou que pode ter valores naturais. A xente de aquí vémolo como algo do que lle podes sacar valor. A xente de fóra veu coa súa pureza, non ten esas cargas *emocionales* ou eses prexuízos dos que vivimos moitos anos e que nos levan a desprecialo. É fundamental que a xente recupere o cariño, se é que algunha vez o tivo. [P-02]

> Creo que se vai avanzando porque ten que ver o turismo, porque a administración pódelle facer máis ou menos caso, pero se o turista lle dá importancia e o turista baixa do Monte falando ben do Monte, *entonces* o veciño di: "Ahh, *entonces* temos algo aí, carallo! *Entonces* fan ben facer *eso*!" É un pouco darlle valor ás cousas. [P-09]

Así é como os novos usos do Monte Pindo, en chave de lecer, están mesmo a mudar a imaxe que algunhas das persoas entrevistadas teñen da paisaxe do lugar. Evolucionaron desde interpretacións centradas na produtividade e na explotación de recursos naturais, herdadas dos seus antepasados, a outras que teñen máis en conta a estética do macizo. De novo, emerxe a figura das persoas externas como instigadoras destes novos significados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Hai unha serie de cousas que os que estamos ás portas non os vemos. A xente que está fóra valórao máis. Antes na época dos meus pais subíase *casi* por *necesidá, ahora súbese* por *placer, disfrutar* do que hai, do *entorno*, de cousas que non son *habituales* de encontrar en sitios de arredor. [P-08]

Nos últimos tempos as valoracións idealizadoras pasaron de estar reservadas a unha elite para difundirse, primeiro entre as persoas que se desprazan *ex professo* para percorrelo, e despois entre quen o habita:

> [E]so o escribiu nos libros (Otero Pedrayo) pero non *cheghaba* ao local. O local empeza a velo con outros ollos, e os de fóra empezan a velo tamén máis. Ou sexa, os de fóra axúdannos a velo tamén a nós. [P-09]

O confinamento por mor da pandemia do COVID-19 destapou as dimensións desta nova valoración. Nun contexto de limitación de movementos, a xente volveu mirar cara ao monte e utilizouno como lugar de "desafogo". A metáfora que equipara o Chan das Lamas co centro dunha cidade semella abondo reveladora do momento que vive en termos de afluencia de visitantes.

> [E]u creo que, co traballo que estamos facendo, empezan a velo doutra maneira. E, de feito, no confinamento [en 2020, por mor do COVID-19] o Monte foi un *desafogho mui* importante para todo o mundo. A Laxe da Moa... non é por nada pero as Lamas parecía a *Calle* Real da Coruña. [Risos]. Con *eso* xa che *digho* todo! [P-09]

Figura 55. O Monte Pindo visto desde a praia de Carnota, coa aldea de Caldebarcos á esquerda

Fotografía: autoría propia (18/4/2021)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.2.3 O turismo atrae a poboación local a causa da AMPPN

Segundo este discurso os actores involucrados na creación do parque son principalmente a asociación e a poboación local, ficando a administración como un actor estático, que se moverá só se a poboación local se involucra definitivamente. Malia tratarse dunha asociación con orixes abertamente ecoloxistas, a formulación de propostas con rendibilidade económica directa está orientada a atraer poboación local á causa da AMPPN.

> [L]a asociación está muy vinculada con la población, con los vecinos, o da esa impresión. Yo no sé qué porcentaje de vecinos están a favor o en contra de la asociación, pero sé que conectan con gente, llego a un acto allí y había gente allí, la gente se interesa. [P-03]

O papel que as persoas entrevistadas asignan á AMPPN é activo, vai alén do obxectivo inicial (e aínda necesario) de declaración dun parque natural. Existe vontade explícita de continuar a exercer presión despois, en concreto influíndo na futura xestión do espazo protexido mediante os organismos de participación que se crearían.

> Entonces nós o que buscamos é *eso*, buscar unha figura forte que *obligue* a administración, por *eso* nós na xunta consultiva do futuro parque queremos estar aí, para que non pase coma noutros parques naturais. Que ao mellor se crean parques naturais, pero tamén están aí un pouquiño esmorecendo, e nós queremos estar aí na xunta consultiva para ser un aguillón que estea na administración. [P-13]

As administracións non concitan neste punto unha valoración positiva nas persoas participantes. De feito, son percibidas máis ben como un actor pasivo. É certo que as persoas ligadas activamente á asociación atopan maior receptividade desde os concellos, por exemplo, que desde a Xunta, pero os compromisos que adquiren as corporacións locais son en gran medida circunstanciais e non se sosteñen no tempo cunha estratexia definida. Existe, iso si, un maior interese desde estas institucións por reclamar para si mesmas a posesión material do Monte Pindo e, máis concretamente, o reclamo turístico do Cadoiro do Ézaro.

> Aquí falta que os concellos aposten por unha estrutura, que o fixesen con intelixencia, para sacar un rendemento, sen aproveitarse da xente que ama o Pindo [...] e non isto de o Cadoiro [fervenza] é teu ou é meu, cousas que non se entenden. [P-01]

Constatan as persoas entrevistadas que a AMPPN non atopa só resistencias da administración para a consecución da súa finalidade principal. Tamén se detectan grupos de persoas detractoras da declaración que tenden a obstruíla. Rexístranse, así, diferenzas entre as aldeas que rodean o Monte Pindo:

> *Bueno*, aquí hai de todo, uns están a favor e outros están en contra. [P-12]

> A que está en contra, e iso que quede claro, é a do propio *pueblo* do Pindo; o resto de pueblos arredor, non. Se a poboación *estivera* a favor pois non sei, home que algo máis nos atenderían. [P-08]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [A] poboación local... tanto uns coma outros teñen razón, haberá uns que queiran poñer en valor os árboles verdes que hai na zona, *o paisaje*, pero creo que todos teñen a súa particular razón. [P-04]

Non hai consenso sobre a dimensión real do apoio á iniciativa entre a poboación local. Se ben para gran parte das persoas participantes o parque natural conta cun respaldo maioritario nos concellos da contorna, todas coinciden en sinalar que aquelas que se opoñen teñen o suficiente poder de presión como para manter bloqueado o proceso.

> E *estos* do Pindo eu non sei porque motivo hai uns que queren que *sea* parque natural e queren *cuidalo* e tal, e outro que non. Eu penso que os que queren que non, os que *dicen* que non, penso que é por algún *interés*. [P-12]

Coa intención de lexitimar ese suposto apoio veciñal á asociación, introdúcese no discurso unha enquisa telefónica realizada hai unha década na que unha maioría clara dos participantes eran favorables. Porén, as opinións dispares ao longo das entrevistas evidencian que non hai constancia firme do apoio popular co que conta, aínda máis cando cada testemuña afirma unha realidade ben diferente en función do seu contexto persoal.

> Se vistes as enquisas de Sondaxe, creo que no ano 2013... viches que unha media do 70% ou 75% estaban a favor do parque natural. [P-13]

O traballo coa poboación local céntrase en reverter o que as persoas entrevistadas consideran unha infravaloración do Monte Pindo sustentada no descoñecemento do seu propio territorio e no individualismo. Emerxe a noción de medo entre algúns sectores máis envellecidos. Se a iniciativa triunfase, o parque natural actuaría como un axente limitador dos usos, especialmente dos aproveitamentos económicos.

> Entón refórzase a mensaxe de que queremos que aí non se faga nada, que iso teña que ser unha reserva india, que nós queremos que pouco menos se representen espectáculos para os turistas. [P-02]

Trátase dun temor que se xulga infundado desde a asociación pero que inflúe en moitas persoas á hora de tomar partido publicamente.

> A min a xente me ten dito: "Estou a favor do parque natural, pero por favor non o comentes, que teño un negocio e non quero perder clientes". [P-13]

A difusión do Pindo como símbolo identitario e a súa comercialización en forma de marca turística poden ser aínda vistos con receo por parte dunha poboación local que mantén viva a súa propia memoria colectiva do lugar, que ás veces non encaixa coa imaxe que se vende. Neste conxunto de participantes emerxen voces que disputan esta resignificación en chave turística tentando evitar que, no camiño, se perda a autenticidade, o nexo co pasado.

> [S]e contabilizamos a xente que vai ao Monte Pindo, temos: por un lado aos que van ao Cadoiro de Ézaro e non saben nin o que é. Sacan unha foto, *eso* si. E os que van de excursións seguindo os roteiros clásicos. E despois xente dos *pobos*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> de arredor do Pindo, de Caldebarcos, do Ézaro, que consideran o Monte unha parte da súa vida, onde *iban* co *gado*. [P-01]

O envolvemento de máis poboación local na defensa da protección baséase na posibilidade de ampliar a oferta de postos de traballo vencellados ao turismo na zona. Para facelo é preciso diversificar a oferta aproveitando a diversidade de valores referida anteriormente. A creación dun parque natural semella unha ferramenta apropiada nese sentido.

> Fáloche das consecuencias que suporía un parque natural: *puestos* de traballo. [...] Non só enfocalo a turismo de roteiros e subir arriba, senón que darlle un valor para que *eso* traia consecuencias abaixo. Non vaiamos pensar que o Monte Pindo é subir á Moa. [P-08]

A diagnose derivada destas percepcións é que a día de hoxe o Monte Pindo semella ofrecer a quen o visita pouco máis que rutas de sendeirismo con vistas espectaculares. Formúlanse diversas posibles especializacións: turismo de natureza, científico, patrimonial ou deportivo.

> [T]al y como está a día de hoy yo creo que da para turismo de naturaleza, no solo senderismo, también turismo patrimonial. [P-03]

O problema é que mesmo antes de especializarse, aínda hai moito traballo por facer no que actualmente é o principal atractivo do espazo. O sendeirismo e os deportes de media montaña están abandonados, pois nin se realizan as tarefas esenciais para garantir a súa práctica de forma segura. A extensa rede de camiños non ten mantemento, polo que non permite o crecemento da actividade:

> [T]en un atractivo para o *senderismo*, que *tíñase* que practicar máis a *menudo*. Tiña que estar máis *señalizado*, que eu non sei, véxoo pouco *señalizado*. Poñer en valor todo, non só subir ao Pico da Moa, senón que tamén hai sitios interesantes, *o sea*, dentro do macizo. [P-04]

O punto positivo, apuntan as persoas entrevistadas, é que só cun pequeno esforzo por parte da administración, a diversidade interna que ten o Monte Pindo podería atraer un público amplo. Existe unha confianza nas posibilidades do macizo. Por exemplo, emerxe a fotografía como un dos principais medios de consumo de imaxes turísticas. A posibilidade de facer instantáneas orixinais debido á versatilidade do Pedregal colócase como un argumento para xustificar as posibilidades aínda non desenvolvidas en termos de turismo.

> [A] orografía que ten permite facer rutas distintas sen repetir as veces que queiras. E logo, en canto a fotografía, é un sitio espectacular porque cada día a luz é distinta, cada día os matices son distintos. [P-01]

Ábrese así a posibilidade dunha difusión masiva de imaxes que dignifiquen o lugar segundo un modelo estético comercializable. Porén, cando se entende o Monte Pindo como "produto" turístico, resulta fundamental crear ou mesmo recrear unha paisaxe de "postal", con todas as contradicións que este acto implica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Pois cando unha persoa ve unha postal e quere visitar aquel bosque, aquela fervenza, aquel río, iso ten importancia á hora de que nos compren o produto que estamos a venderlle á xente. Xa que todo se enfoca, ou se está a enfocar para ben ou para mal á vertente turística, pois poder ofrecer aos nosos visitantes a postal é importante, e poder aproveitar ese recurso. [P-02]

Outra desas posibilidades que se abren é a explotación intensiva das vistas panorámicas sobre o mar grazas á implantación de medios mecánicos de ascenso ou descenso no monte. Considérase un elemento de atracción de turistas, mais resulta preciso crear infraestruturas que faciliten este traxecto. Desde unha simple "tirolina" [P-09] até outras de maior impacto como un "funicular" [P-12] ou un "teleférico" [P-10].

> [E]u acabo de ir a un sitio, a onde fun eu?... Creo que foi en Menorca. Era un parque natural e tirolina, a ver... *Me refiro* a que podes facer un circuíto aéreo no enclave ese, e rodeándoo, e con accesos, ter accesos a determinados puntos, por exemplos a puntos onde se *aghochaban* os escapados da *gherra*, está alí ao lado. Depende como crees o *entorno*, pero podes crear un *entorno* atractivo onde podas ti desfrutar da natureza ao teu aire pero con facilidades. [P-09]

Trátase de actuacións cun importante impacto na paisaxe, defendida desde aquelas posicións máis proclives a un parque natural orientado á actividade turística e á captación de investimentos públicos.

> Está *sin* explotar turisticamente. [...] Teño aquí feito un *proyecto*, de subir desde onde está a Cascada, a través dun teleférico, e enlazar desde onde era o *cauce*, a central vella. [P-10]

Outras persoas tamén poñen sobre a mesa nas entrevistas a creación de accesos rodados que rachen o illamento do macizo e faciliten a chegada de visitantes. Ao referírense á única infraestrutura viaria que se adentra no macizo, xorden discrepancias entre aquelas persoas partidarias de facilitar o acceso para a xestión do monte, dunha banda, e quen prefire manter certo grao de inaccesibilidade como elemento de control do fluxo de visitantes, da outra.

> Acceso rodado a determinados puntos, si. Por exemplo, ao Chan das Lamas xa hai acceso rodado, o que pasa é que eses accesos téñense que manter no tempo, e *eso* costa tamén e aí estamos tamén [presionando] as comunidades de montes. [P-09]

6.2.4 Un parque natural que atraia e controle o turismo

A partir da declaración, abriríase un futuro máis prometedor en opinión das persoas entrevistadas neste discurso, no que entrarían en xogo melloras tanto desde o punto de vista da protección como do desenvolvemento local.

> É unha oportunidade desde o punto de vista de investigación, de quen somos, de onde vimos e a onde vamos, é unha oportunidade económica para a comarca. [P-02]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Percíbese que o lugar ten xa a día de hoxe unha alta afluencia turística, mais a veciñanza acha que non se beneficia deste fluxo. Segundo esta visión, a posible orixe deste escaso desenvolvemento da infraestrutura turística reside na pouca estima que ten a poboación local polo seu propio territorio.

> [É] un sitio importante, porque ten un potencial turístico importante, que está sempre subindo xente. E despois non tes practicamente nin onde durmir nin *donde* comer. É dicir, podería desenvolverse máis estrutura turística arredor para poder potenciar *eso*. Non vexo que a xente o valore como o debería valorar. [P-07]

Para avanzar no posicionamento comercial do Monte Pindo proponse seguir o modelo de parques naturais doutras montañas europeas. Enténdese que neses lugares acadouse o obxectivo pendente desta declaración. Seguindo P-05, isto consiste na retención durante máis tempo dos visitantes ao macizo. A día de hoxe son maioritariamente excursionistas e trataríase de conformar un verdadeiro turismo.

> Nos sitios que hai parques naturais hai unha gran cantidad de xentes que van *a* visitalos, polo tanto a hostelería e demais actividades que se poden formar de cara a visitar lugares protexidos é extraordinaria. Só hai que copiar o que están facendo noutros lados: Picos de Europa, *Pirineos*... [P-05]

O aumento de turistas está a se consolidar como un dos principais argumentos a favor do parque natural. Con motivo das accións para a promoción do espazo, xorden voces críticas fundamentadas na perda da valores esenciais do Monte Pindo.

> Paso de ir a un sitio natural a disfrutarlo para que esté lleno de gente. [...] [U]na cosa es que el turismo venga a disfrutar una cosa y otra cosa es que tú les estés ofreciendo un producto. Es decir, yo no creo que el Monte Pindo se pueda envasar y comercializar. [P-03]

Establecendo un paralelismo cun parque natural xa declarado, preséntase o escenario desexado en termos de control de visitantes.

> Nas Fragas do Eume hai *chavalas* e *chavales* que, sobre todo na época de máis afluencia no verán, están contabilizando a xente que está no parque, entendes? Están pagados pola administración, pero teñen un control. Nas Fragas do Eume hai un control de visitantes [...]. Aquí nin sabemos a xente que vai ao Monte. [P-13]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 56. Persoas practicando deportes acuáticos na Fervenza (ou Cadoiro) do río Xallas, no lugar de Ézaro (Dumbría). Situada ao norte da Moa, constitúe un exemplo singular de caída vertical de augas doces sobre o esteiro deste curso fluvial, xa en contacto co Océano Atlántico

Fotografía: autoría propia (24/9/2022)

De feito, un dos aspectos que retratan, segundo as persoas entrevistadas, a deficiente xestión deste espazo protexido é a inexistencia dun centro de recepción de visitantes que forneza información fiable e permita un contacto permanente da administración responsable co territorio que debe xestionar. Existe unha preocupación pola calidade das visitas en grupo organizadas nas condicións actuais e o impacto que estas poden ter na imaxe do Monte Pindo.

> E logo a xente vai alí e *lle contan* unha historia que tampouco é certa, de como se formou. Pero non hai un centro de interpretación e tería que habelo. Entón temos unha entrada moi dificultosa, chega a xente, faise unhas fotos, pero non queda con nada e non aprende nada, coa cantidade de material agora que se podería aprender. [P-01]

Xorden, neste punto, ideas para que o turismo deixe un impacto positivo na comunidade, que se poderían implantar de se aprobar a iniciativa. Albíscase a creación dunha marca territorial enfocada aos produtos con denominación de orixe baseados na recreación ou recuperación de actividades tradicionais xa perdidas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> [A]o mellor reintroducir a cabra común, volver co tema da apicultura, eu que sei... como fan noutros sitios, pois, *si* vén a cabra, virá o queixo, entendes? E virán produtos cunha denominación de orixe de parque natural. [P-13]

Dentro dos avances alcanzables a curto prazo que se formulan desde a iniciativa AMPPN, mentres a declaración de parque natural non chega, entra case calquera figura de protección. A idea é consolidar a institucionalización do Monte Pindo como lugar singular, xa sexa polos seus valores naturais, xeolóxicos ou como oportunidade de desenvolvemento local.

> Unha categoría non elimina a outra. O Monte Pindo pode ser reserva da biosfera, pode ser LIC, pode ser parque natural, pode ser... [P-13]

Así, a estratexia da AMPPN ante a negativa reiterada coa que se enfronta pasa por propor instrumentos de protección alternativos ao parque natural. Dese xeito pódese envolver a novos actores que reforcen a solicitude, como no caso das administracións locais co Espazo Natural de Interese Local (ENIL) ou o xeoparque.

> [P]odíamos ser paisaxe *protexido*, podíamos ser ENIL, antes de ser parque natural, ser ENIL... espazo de interese local. Presentámosllo ao Concello, e o concello anterior non podía porque lle *salía* moi caro ter que facer un *estudio* e tal. E non tiñan aquel. O novo alcalde fomos falar con el e tampouco mostrou *interés*, porque hai outros ocos onde meter os cartos, e non en facer un *estudio* para declarar un ENIL. Pero agora... Que o declara a UNESCO, *hombre*!, [...] xeoparque! Facer un xeoparque, que estamos *neso* [...] [E] as microrreservas, por exemplo. [P-13]

É precisamente o xeoparque o que aparece como unha alternativa máis viable en termos de consenso político dada a situación de bloqueo co goberno autonómico.

> Eu creo que a de xeoparque sería unha moi boa alternativa, traballando nese sentido. A de parque natural, eu creo que non hai *muito* interese por parte da Xunta de ser parque natural, *me dá* a min a impresión, nin nunca o houbo. E tampouco fixeron nada por ter ningunha... é que o Monte está abandonado á man de *Dios*. [P-11]

A modo prospectivo, ollando cara ao futuro, emerxen dúbidas sobre o sentido dun futuro parque natural. As prioridades semellan ser o desenvolvemento dun destino turístico máis que a protección de patrimonio natural e/ou cultural. Malia que a protección dos valores naturais está unida intrinsecamente a esta declaración, semella que o turismo fai decantar a balanza á hora de medir o éxito da figura. Quizais, neste punto debamos volver ao comezo, cando P-13 definiu o Monte Pindo como unha "illa de pedra nun mar verde".

> Home, máis futuro imaxino que terá o turismo, o *senderismo*, o das visitas á Moa e todo *eso*, pero non quita que, digamos a botánica, o que é os *árboles* raros tamén ten o seu..., pero penso que máis ten o turismo. [P-04]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3 O DISCURSO CONTRARIO AO PARQUE NATURAL NO MONTE PINDO

O Monte Pindo ten un réxime de protección que é albo de críticas en múltiples sentidos. Segundo a opinión maioritaria das persoas participantes nas entrevistas, a inclusión dentro da Rede Natura, que cumprirá dúas décadas en breve, non parece que influíse positivamente nas dinámicas de desprotección e abandono mencionadas en apartados precedentes. A iso súmase a aplicación de restricións, propias de calquera espazo protexido, mais sen apenas contraprestacións, situación que xera malestar na poboación local.

A partir das entrevistas, identificamos tres actores territoriais que se consideran implicados directamente no conflito sobre a declaración do parque natural: a Xunta de Galiza, a Asociación Monte Pindo Parque Natural e os detractores locais do parque natural; estes últimos non contan cunha organización formal evidente, aínda que aparecen agrupados en varias entidades heteroxéneas. Contabilizamos, pois, dous actores actualmente en contra da declaración (o primeiro e o último) e un a favor (a asociación, mencionada no medio).

Figura 57. Mapa de códigos verbalizados / emic (en verde) e analíticos / etic (en azul) do discurso contrario á protección do Monte Pindo



Fonte: elaboración propia

6.3.1 Un “pedregal” aínda pouco valorado

O abandono reflíctese en primeiro termo na extensión do mato sobre aquelas superficies das que se eliminou a presión gandeira ou sobre os espazos reforestados que arderon nos últimos decenios. A única excepción é algún camiño de acceso á Laxe da Moa, que amosa nitidamente o único uso que persiste.

> O Monte do Pindo *ahora* é unha selva. Sacando os *senderos fijos*, onde vai a xente á ruta, o demais é unha selva. [P-10]

> [D]esde mi punto de vista casi está todo a monte, casi no se si tiene uso forestal. [P-03]

A ausencia de vexetación de grande porte non semella contentar a quen agarda natureza salvaxe e a desaparición de pasteiros “limpos” tamén desagrada a quen aínda lembra o monte

USC DE COMPOSTELA

cun valor de uso gandeiro. Ambas as dúas percepcións indican unha inclinación por unha paisaxe verde fronte á pedra que predomina actualmente. A sucesión de incendios forestais, froito do abandono que denuncian, funciona como catilizador deste proceso de desvalorización do espazo. E se o "Pedregal" non ten nada que lle ofrecer á sociedade, por que protexelo?

> O abandono foi tal que incluso desprezan ese tipo de sitios. Por exemplo ao Monte Pindo chámanlle, ten un segundo nome, que é O Pedregal. Pedregal é como un espazo sen valor, cheo de pedras, que non ten nada que ofrecerlle á *sociedá*, que non é produtivo, que non é útil, porque parece ser que a pedra nese valor do mundo non tería valor, cando curiosamente a agra, que é o contrario, estaría abandonada. [P-02]

A apreciación de que a pedra "non dá nada", en referencia á produtividade dos solos das agras fronte ao "deserto de pedra" tamén emerxe como argumento para desbotar a necesidade de protexer o Monte Pindo.

> *Aquelo* é moita pedra, unha pedra rosada, pero *aquelo* non dá nada, non? [P-09]

Mesmo algunhas das persoas entrevistadas asumen con resignación a recorrencia dos lumes como unha dinámica froito do *status quo* actual.

> Ano, si e ano, non, aquí arde sempre. [P-08]

6.3.2 Cara a un Monte Pindo sen aproveitamentos e abandonado

Nalgúns casos as persoas participantes responsabilizan a propia poboación local desta ausencia de percepción positiva.

> Non valoran nada [a xente da zona]. *Aquelo* está todo abandonado totalmente. [P-10]

A recollida do estrume para manter as leiras no pasado é un dos usos tradicionais máis mencionados ao referirse ao Monte Pindo. Esta tarefa, xunto co pastoreo, era asumida habitualmente por crianzas. As últimas que levaron a cabo esta actividade, cronoloxicamente nos anos previos á repoboación forestal, son hoxe persoas idosas. Significativamente, reteñen un coñecemento moi vivencial do Monte Pindo, cunha memoria colectiva moi característica.

> [E]u creo que o Monte está totalmente abandonado. Totalmente abandonado. Eu creo que dende fai [...] 30 ou 40 anos, igual a xente do Monte o usaba, quero dicir, o usaba para coller *batume* [estrume]. [P-11]

De acordo co obtido nas entrevistas, a orixe dos incendios forestais sitúase precisamente nesa traumática transición dun aproveitamento intensivo do monte a unha prohibición do acceso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Incluso a Forestal tivo alí un *guardia* [...] *vigilando* que non houbera *animales* no Monte. [...] E despois quen se ocupaba do Monte? De *limpiar* os *senderos*, que non os *limpiaba nadie* e tal: o lume. [P-12]

A idea de "limpeza" asociada a un monte aproveitado en contraposición ao abandono actual denota a valoración positiva dunha paisaxe manexada pola poboación, entrando así en conflito con aquelas narrativas máis asociadas a unha natureza "virxe".

> [O] Monte traballábase, o Monte estaba limpo, *ibas* en *zapatillas* ao Monte. A raíz de que vén o gas, anos 60, 70, a xente empezou a meter bombonas de butano, deixouse de ir ao Monte a buscar leña, o Monte foise abandonando, *entonces* foi cando empezaron as queimas, por suposto intencionadas, e a invasión do eucalipto por todos lados. [P-13]

Hai tamén persoas que ven neste episodio de incendios regulares, froito do abandono, unha oportunidade para redescubrir o Monte. O feito de incendio despexar camiños que normalmente están cubertos de mato facilita a observación de lugares habitualmente inaccesibles e abre novas perspectivas do macizo.

> Eu creo que foi no 2000, 2005 se cadra, non sei. Foi nos anteriores incendios, aquel incendio grande que houbo dixemos: "*Bueno, vamos conocer* o monte, *vamos a* ver se somos capaces de converter isto en algo positivo, sacar algo positivo de que está todo queimado". *Entonces de aquela* empecei a patear o monte e levar xente vella, vellos ao monte. [P-09]

6.3.3 As interferencias políticas na loita pola declaración

Existen críticas tanto á AMPPN como á Xunta de Galiza por non faceren o suficiente para reverter o abandono. A falta de entendemento entre as partes ben pode estar motivada pola composición da primeira, xa que, malia ser unha asociación integrada principalmente por persoas nadas na zona, moitas delas residen actualmente fóra. Preguntadas sobre as iniciativas en marcha a favor da protección do espazo, as persoas entrevistadas recalcan a necesidade de involucrar máis xente se queren chegar a bo porto.

> Non, moi *puntuales*. [...] Os da asociación son todos de fóra. [...] E da administración non che falo porque é unha *desgracia*, abandona o monte, o mar e o que lle deixen. [P-09]

> Eu creo que debería ter máis apoio dos veciños, que *sea* o *pueblo* o que apoie a asociación para que a asociación *luche* coa administración para conseguir uns determinados propósitos. Agora, é como se a asociación fose un pouco por libre. [P-08]

Outra das críticas verbalizadas é a influencia dentro da AMPPN dos partidos políticos con representación na zona, nomeadamente o Bloque Nacionalista Galego (BNG). Desde este punto de vista, os conflitos entre partidos dificultan o avance na declaración do espazo protexido.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Eu creo que é un grupiño que se *metiu* nun tema político. Parque natural, si! E parque natural sería o ideal, pero *pa cheghar* a ese punto, ten en conta que ese

> *ghrupiño* de políticos encóntrase co outro *ghrupo* forte, que simplemente *pa* levar a contraria xa vén a *pelea*. [P-10]

Mais tamén se apunta, en dirección oposta, que aqueles actores locais opostos á declaración de parque natural están a ser influenciados polos intereses partidarios do Partido Popular (PP).

> [A] ver por que estades en contra, porque preto de 200 asociacións de todo o Estado que apoian a declaración do Monte Pindo, e unha asociación cultural que hai no Pindo non o apoia! Non se entende. [...] *O sea* que aquí penso que é unha cuestión política. Hai un sector do PP, do PP local de Carnota, que está en contra do parque natural. [P-13]

Neste contexto, as persoas entrevistadas identifican unha estratexia dos sectores opostos ao parque natural, que empregan unha suposta defensa do interese local fronte inxerencias externas. Deste xeito, a AMPPN é presentada como un actor estraño que é controlado por intereses alleos, poñendo en risco o equilibrio da comunidade local a través da imposición de instrumentos de protección.

> O noso *enemigo*, que tamén o temos, intentou non casualmente vendelo como un problema, parece que o feito de que veña xente de fóra a ver o Monte Pindo era como unha intromisión ás súas vidas. "—Que veñen a xente de fóra a dicirnos que ten que ser parque natural?" "—Que veñen da universidade, se total, aí non hai nada?" [P-02]

Esas visións deslexitimadoras da iniciativa baséanse nos apoios externos de organizacións ecoloxistas e políticas galegas aos que a AMPPN adoita recorrer. Podería argumentarse que esta entidade non é neutra. Mais as persoas entrevistadas, sen negar certo compoñente ideolóxico nos seus asociados, poñen o foco no carácter local e construtivo da proposta.

> Eles pensan que Monte Pindo (AMPPN) *naciu* para facerlle a guerra a [outra asociación local] pero non ten nada que ver. Monte Pindo naceu a raíz de que Sociedade Galega de Historia Natural e ADEGA [Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza] presentaran no ano 2010 unha proposta de parque natural, e unha serie de veciños, vinculados ao BNG a maioría, que dixo: "*Vamos a* apoialo desde o local". Que xa nos *fastidiaba* que viñera xente de Santiago a reclamar un parque natural no Monte do Pindo e aquí non se fixera nada. *Naciu* con esa idea, non para facerlle a guerra a ninguén. [P-13]

6.3.4 O medo ás restricións do parque natural

Alén da confusión que xeran en P-13 os cambios de denominación dos instrumentos de protección, resulta evidente o escepticismo que esperta o status actual.

> Non, non, que a Rede Natura está ben, pero sobre o papel... En realidade é algo que non vai a ningún sitio, porque se ti nunha *Red* Natura vas e... montas piscifactorías, entendes? Montas o que che saia da gana, ao final de contas... [P-13]

A aplicación de figuras de protección xa está a recibir, de feito, unha valoración moi negativa.

USC SANTIAGO DE COMPOSTELA

> É evidente que é unha figura fracasada, e é evidente que noutros países de Europa si puido ser útil, para Galicia, o xeito en que estivo xestionada pola Xunta, foi unha figura totalmente inocua, se non prexudicial. [P-02]

En canto ao futuro, que pasa pola declaración (ou non) do parque natural, preséntanse un escenario pesimista e crítico coa traxectoria da iniciativa AMPPN. Esta visión fundaméntase na capacidade da administración de controlar a situación. Baixo esa lectura, a entidade tomou un camiño equivocado ao perder incidencia na poboación local.

A estratexia aplicada pola AMPPN para acadar o seu obxectivo xera opinións contrapostas. A combinación de accións de divulgación e de reivindicación política resulta nun complexo equilibrio, no que os distintos xeitos de entender esta loita entran en conflito. Nese sentido, existen voces que preferirían unha maior aposta, por exemplo, na dinamización das rutas de sendeirismo.

> [E]les [as empresas turísticas] aproveitan desde fóra, en lugar de poñerse en contacto con xente que *conoce* o Pindo e lles pode axudar e lles pode guiar. Esa función que pensabamos que podía cumprir a Asociación Monte Pindo se rompeu nun momento determinado e non seguiu para diante. A idea nosa era facer guías, e por motivacións eu acho que económicas, non se puido facer. [P-01]

Por se isto fose pouco, evidénciase que a declaración de parque natural tal e como a formula a AMPPN é inviable desde a aprobación da *Lei 5/2019* (Presidencia da Xunta de Galicia, 2019). Esta norma veu ampliar a esixencia de extensión mínima para a declaración dun parque natural. Así, para cumprir coa lei, faise preciso ampliar o ámbito reclamado cara a núcleos habitados, para dese xeito poder acadar o limiar esixido.

> O maior problema que teñen os parques naturais é que, a excepción do Parque Peneda-Gerês, que é compartillado e é o máis grande, o resto é o tamaño, son moi cativos. O que se pode dicir é que o Monte Pindo é unha entidade moi pequena. [P-01]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

7 DISCUSIÓN

Para abordar esta discusión, os contidos estrutúranse seguindo a secuencia do marco teórico. Deste modo discutiremos sucesivamente os resultados en función de dúas bases teórico-conceptuais: a patrimonialización da paisaxe e as actitudes fronte a declaración de espazos protexidos. Unha vez feito iso, será posible contrastar o cumprimento das hipóteses e obxectivos que formulamos nun inicio no derradeiro capítulo desta tese de doutoramento.

7.1 PATRIMONIALIZACIÓN DAS PAISAXES

Á luz dos datos obtidos, confirmamos que a declaración de espazos protexidos susténtase en boa medida na activación de valoracións paisaxísticas a dous niveis: o social e o institucional. Séguese deste xeito o esquema común a todas as formas de patrimonialización formuladas por Davallon (2014), quen expón a necesidade dun proceso acumulativo de representacións positivas dos elementos antes de ser declarados patrimonio. De igual modo, nestes dous casos de estudo demostrouse que o nivel institucional exerce unha posición de poder á hora de cortar propostas xurdidas desde a sociedade, estean estas mellor ou peor organizadas.

Debido a que identificamos unha ampla pluralidade de representacións da paisaxe nas comunidades locais, inferimos que a circulación destas lecturas está a ser moi relevante na activación dos procesos de patrimonialización dos territorios estudados. Nestas dúas áreas de estudo emerxeron discursos concordantes co enfoque material, co inmaterial e tamén algúns discursos que se saen desa dicotomía paisaxística clásica. No entanto, hai algúns relatos máis presentes ca outros, polo que poden advertirse diferenzas notables na circulación de cada un deles.

Dentro da matriz de análise que presentamos nos capítulos de resultados, os núcleos temáticos de "percepción da paisaxe" e de "evolución da paisaxe" deitan luz sobre esta cuestión. Neles identificáronse posturas diversas que van desde o naturalismo sensible até o utilitarismo. Por un lado púxose a énfase en valoracións sentimentais e identitarias que vencellan Pena Trevinca e o Monte Pindo coa idea romántica de montaña. Polo outro, unha parte das persoas entrevistadas valoraron ambas paisaxes polos recursos que poden ofrecer ás comunidades locais. Obviamente non sempre se poden aillar unhas e outras en clave dicotómica, pois como aconteceu desde os tempos dos primeiros espazos protexidos do século XIX (Nash, 1989), emerxen chaves interpretativas que entenden a paisaxe nun sentido máis ambivalente (Nogué, 2010).

Reprodúcese ao longo das entrevistas unha tensión entre dous xeitos de concibir a paisaxe. Os discursos 5.1 e 6.1 son máis proclives a expresar unha percepción da paisaxe en chave puramente física. Resáltanse as formas do relevo como articuladoras da paisaxe, especialmente no caso do Monte Pindo, onde o protagonismo da vexetación circunscríbese á presenza esporádica de especies emblemáticas. Non cómpre menosprezar a importancia destas últimas pois, como indica Depraz (2008), unha ou dúas especies carismáticas poden servir de fío argumental na declaración de espazos protexidos.

A presenza de elementos físicos centrais na idea occidental de montaña (Debardieux *et al.*, 2015; Frolova, 2002), como a neve, o xeo ou o modelado glaciar son reseñables en Pena Trevinca, e están presentes de xeito máis ben residual no caso do Olimpo Celta, onde as formas graníticas monopolizan as chaves interpretativas da paisaxe. As persoas entrevistadas fan

USC DE SANTIAGO

alusións igualmente á vexetación e á súa ausencia para catalogar como de alta montaña a un e como unha mole impoñente ao outro.

En cambio, a paisaxe cultural, entendida na liña materialista de Sauer (1925), está moi pouco presente en ambos casos de estudo. Se cadra, pódese destacar a defensa da "limpeza" dos montes que realizaban os gandos no pasado, argumento moi presente nos discursos dos apartados 5.2, 5.3 e 6.3. Tamén, no caso daqueles discursos máis favorables ao turismo, ponse en valor a presenza de patrimonio arquitectónico, como as aldeas do teito de Galiza ou os muíños dos regatos que escorregan polas abas do Monte Pindo.

A atribución de valores inmateriais impregna gran parte dos resultados desta tese. Como sinala a xeografía humanística abordada no apartado teórico, a xeración de vínculos sentimentais co territorio moldea a imaxe que temos da realidade que nos rodea (Nogué, 2018; Tuan, 1974), e iso están a facer as persoas coas que conversamos cando nos remiten a sensacións de "illamento" respecto do mundo urbano, "soidade" buscada ou "perigo" fronte aos accidentes na práctica de montañismo.

Esas e outras sensacións, agardables nas montañas de acordo coa bibliografía de referencia, trazan dúas montañas romantizadas, no sentido de que están a ser idealizadas conforme a un patrón de montaña salvaxe ou sagrada (della Dora, 2017). O relato da *wilderness* (Zanolin e Paül, 2022; Cronon, 1996)) é particularmente intenso no caso de Pena Trevinca, pois estas montañas son continuamente comparadas nas entrevistas con outras montañas totémicas en Europa e o Estado español, como os Alpes ou os Picos de Europa. Estamos, pois, ante a fixación incipiente dun novo arquetipo, no sentido dado por Nogué (2008), de paisaxe galega. Trátase dunha liña non atopada por Paül (2019) nin Paül e Trillo Santamaría (2022), de xeito que esta tese de doutoramento permite achegar unha nova lectura da paisaxe galega non detectada até o de agora.

A cuestión identitaria aparece tanto a escala local como a escala galega. Por un lado, as persoas entrevistadas din defender as respectivas paisaxes como os seus lugares de referencia persoal e familiar, as súas paisaxes cotiás arredor das cales construen significados vitais. Esta interpretación identitaria localista ou mesmo intimista está moi presente ao longo dos capítulos de resultados, pois filtra de forma transversal gran parte das lecturas da paisaxe.

Por outro lado, ambas montañas parecen estar a consolidarse como símbolos de Galiza. E isto é de extraordinaria relevancia porque, de acordo coa nova Xeografía cultural, revisada no segundo capítulo, a elaboración de símbolos está na base da construción da paisaxe. Para o Monte Pindo xa advertiamos unha lectura neste sentido máis ou menos consolidada desde a literatura, con Martín Sarmiento e Otero Pedrayo como protagonistas. Pola contra, no caso de Pena Trevinca si que ultrapasou as nosas precaucións iniciais, cando no capítulo introdutorio considerabamos que a alta montaña galega estaba aínda lonxe de devir en elemento identitario, de acordo con Paül (2019). Neste sentido, resulta coincidente co explorado por Paül e Trillo Santamaría (2022), que xa adiantaban unha incipiente lectura da paisaxe galega nestas coordenadas.

A montaña como símbolo identitario emerxeu de forma transversal ao longo das entrevistas. Iso si, en xeral as persoas participantes consideran case sempre que non gozan da difusión que merecen no contexto galego. En liña co defendido por Paül *et al.* (2018: 191), os resultados indican que en dúas das montañas máis simbólicas de Galiza aínda non se produciu a "elevación" paisaxística e patrimonial necesaria para seren protexidas coa intensidade que cumpriría agardar. Iso si, interpretamos desde estas liñas que se están a dar pasos para que iso suceda no futuro.

En contraste con eses últimos argumentos, no apartado teórico tamén revisamos a importancia que acadou nos últimos decenios o enfoque non dualista da paisaxe, que supera a clásica división entre o material e o inmaterial. Coidamos que as persoas participantes transmitiron o seu sentido profundo da paisaxe, tal e como o formula Berque (2008), pois expresáronse múltiples interaccións subxectivas entre as persoas e a súa contorna. En realidade case nunca abrollou puramente un argumento naturalista ou culturalista, máis ben emerxeron códigos cunha proporción variable de hibridación entre o mundo material e o inmaterial. Deste xeito, os binomios cos que habitualmente se opera semellan resultar ianxeitados na análise realizada. Imponse, neste sentido, falar de paisaxe de forma abranguente (Nogué 2019; 2010) indo alén de conceptos e lóxicas separativos.

Alén das consideracións sobre as representación da paisaxe, no marco teórico presentamos o xogo da patrimonialización de Davallon (2014) como fundamento conceptual á hora de rastrexar a traxectoria na creación de espazos protexidos. Nel defínense as cinco fases a completar para podermos falar con propiedade dunha paisaxe patrimonializada —interese, estudo, declaración, organización do acceso e transmisión—, como tivemos oportunidade de analizar no apartado 2.1. Á luz dos resultados obtidos, consideramos que se ten avanzado en todas esas fases en maior ou menor grao, acadando un grao de recoñecemento colectivo importante. No entanto, achamos que aínda non o suficiente para forzar o recoñecemento como parque natural de ambas áreas de estudo.

Cómpre subliñar neste punto que Harrison (2015) apuntaba á valoración da sociedade como o requisito fundamental para podermos falar con propiedade da creación dun novo patrimonio. Se optamos por aplicar ese prisma nas nosas áreas de estudo veremos como este recoñecemento aínda non é o suficiente para facer irreversible a declaración como parque natural.

En liña co formulado por Capel (2014) sobre esa constitución do patrimonio, apréciase un desfase entre os avances no recoñecemento popular de Pena Trevinca e Monte Pindo e a institucionalización da súa protección. Hai 20 anos da declaración de ambos territorios como espazos protexidos da Rede Natura 2000, ao igual que o outro 12% da superficie total de Galiza, e podemos asegurar cos resultados na man que o balance non é do agrado das persoas entrevistadas. No mellor dos casos as persoas participantes consideran necesarias as restricións impostas desde a creación dos LIC, mais a ausencia de medidas de acompañamento e de investimentos condenan estes territorios a un papel moi secundario.

A declaración de ambos como ámbitos da Rede Natura 2000 non foi unha decisión individualizada, pois executouse a través dun decreto en conxunto con outros 65 espazos, como forma de cumprir unha obriga comunitaria. Tampouco se debeu a un proceso previo de interese e estudo, pois non existiu unha conexión efectiva entre a elección destes espazos e os traballos previos realizados *in situ* por apaixonados destas montañas, como Gonzalo Gurriarán ou Xosé María Barreiro Barral, entre outros. Como se ten tratado no apartado relativo ás áreas de estudo, a declaración destes ámbitos dentro da Rede Natura 2000 respondeu en exclusiva á protección de hábitats tomando como base os principais inventarios de especies a escala estatal.

Concordamos con Miguélez-Carballeira (2014) cando identifica un patrón disciplinante nas lecturas desta paisaxe reproducidas desde a institucionalidade autonómica. Esta situación faise patente cando algunhas persoas entrevistadas expresan a súa indignación por teren que respectar unha variedade de materiais moi restrinxida se queren mellorar a súa casa, mentres que outras industrias con alto impacto ambiental poden establecerse a só uns metros dos límites da Rede Natura 2000. Algunhas campañas lanzadas pola Xunta de Galiza (Figura 58) van exactamente nesa dirección, pois fixan o que o goberno considera o "verdadeiro estilo" dunha

Galicia rural manida até o extremo desde as primeiras campañas turísticas de comezos do século XX até a actualidade (Martins, 2020).

Se tiramos deste último fío, podemos identificar tamén esa contradición perversa, que sinalabamos no subapartado 2.1.3, no ciclo protección-desprotección capitalista (Daston, 2020; West *et al.*, 2007; Harvey, 1996). Parecen convivir a destrución da natureza e o consumo da mesma en forma de produto turístico, xerando así un delicado equilibrio no que os beneficios se reparten de xeito desigual e xeran frustración na veciñanza.

Figura 58. Campaña publicitaria da Xunta de Galiza orientada á difusión dun canon paisaxístico concreto para o rural

Fonte: Xunta de Galiza, 2021

Esta cuestión das restricións aos usos e mesmo ao libre acceso está moi presente en todos os discursos que fixemos emerxer nesta tese, pero moi especialmente nos apartados 5.3 e 6.3, que ao mesmo tempo son os máis cautelosos en referencia á declaración dun parque en ambos casos de estudo. Evidénciase igualmente unha presencia máis velada deste medo ás limitacións propias da conservación nos discursos de 5.2 e 6.2, pois neles a grandes rasgos defréndense os parques en función dos beneficios que poden obter as comunidades locais. Nalgunhas citas mesmo puidemos comprobar como se verbaliza abertamente que hai que combater os prexuízos que moita xente ten con este tipo de figuras, e o mellor xeito para iso é creando postos de traballo ou novas oportunidades de emprendemento.

Outras Galizas montañosas son posibles (Paül, 2019) e, con certeza, emerxen nos códigos identificados nas transcricións. Por unha banda sinalamos un discurso con clara influencia

montañeira onde se reivindica o teito de Galiza como valor intrínseco a protexer. Pola outra, unha lectura que entronca co simbolismo do Olimpo Celta, termo acuñado por Otero Pedrayo e que parece ter notable éxito. Da circulación destas e doutras visións aínda subalternas dependerá o avance no proceso de patrimonialización.

7.2 PARADIGMAS E ACTITUDES NA DECLARACIÓN DE ESPAZOS PROTEXIDOS

Os resultados desta investigación permiten identificar algúns dos paradigmas e das actitudes que se agardaban no apartado teórico. As entrevistas inciden de xeito recorrente nos paradigmas antropocéntrico e ecocéntrico de acordo con Depraz (2008) aínda que con formulacións discursivas moi plurais. No entanto, o paradigma biocéntrico está sorprendentemente moi pouco presente, desde logo menos do agardado tendo en conta que se trata de entrevistas a persoas en moitos casos envolvidas na loita pola protección das respectivas áreas de estudo.

O soporte ideolóxico destas iniciativas entronca coa ética social da natureza, en tanto que superan en certa medida os marcos clásicos da división entre as persoas e a natureza (Castree, 2001). Nas entrevistas formúlanse con frecuencia alternativas de concertación entre os intereses da poboación local e os obxectivos de conservación. Igualmente, son habituais as mencións aos usos tradicionais dos montes, en contraposición co abandono actual e cos impactos das grandes industrias extractivas. Consecuentemente, falando nos termos de Wiens (2009), en Pena Trevinca e no Monte Pindo procúrase a protección da paisaxe en sentido amplo, máis que a creación de illas de natureza virxe.

Se analizamos os resultados en función da contraposición orixinal dos espazos protexidos a finais do século XIX, é dicir, entre preservacionismo e conservacionismo nos termos de Phillips (2004), atoparemos que esta vella disxuntiva aínda está moi viva. Por unha banda, os discursos dos apartados 5.1 e 6.1 constrúen unha narrativa tendente ao preservacionismo, pois xulga a natureza como o obxecto de protección polo seu valor intrínseco. Por outra banda, os discursos do 5.2 e 6.2 adoptan unha posición conservacionista, pois son tendentes a compatibilizar protección con desenvolvemento económico e co turismo. Ese pragmatismo utilitarista conecta coas primeiras iniciativas de desenvolvemento turístico nos primeiros parques e reservas de Estados Unidos e das outras ex-colonias británicas (Kalamandeen e Gillson, 2007; Nash, 1989). En todo caso, o feito de que se atopen as dúas pulsións —a preservacionista e a conservacionista— ao mesmo tempo en cada lugar evidencia que non se poden entender como mutuamente exclusivas, senón que poden operar ao mesmo tempo de forma simultánea nun lugar dado.

A natureza que as persoas participantes queren protexer nestas dúas montañas construíuse en base a múltiples materialidades (Castree, 2003; Demeritt, 2002). Destacan tres: os ecosistemas de alta montaña, as formas graníticas e as especies vexetais emblemáticas (carballo anano, teixo, etc.). A primeira emerxe en Pena Trevinca, as segundas en Monte Pindo, mentres que as terceiras son compartidas. A combinación destes elementos configuran unha comprensión romántica da natureza de Pena Trevinca e do Monte Pindo, a reivindicación das súas vistas dramáticas, salvaxes ou virxinais (della Dora, 2017; Vaccaro e Beltrán, 2010).

Por outra banda, tamén hai ausencias discursivas relevantes, elementos que serían agardables en montañas en proceso de patrimonialización. No macizo de Trevinca existe o glaciarismo, mais este non está presente en xeral nas entrevistas. Polo xeral, este tipo de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

modelado emerxe con forza nas paisaxes de montaña como forma de lexitimación (Martínez de Pisón e Álvaro, 2014).

A idea de abandono do seu lugar de vida por parte das autoridade —verbalizada ou non— emerxe de maneira reiterada entre as persoas entrevistadas, mais especialmente entre aqueles escépticos e opostos á declaración dun parque natural. Polo xeral a súa orixe rastréxana en decisións políticas concretas, entre as que destacan 1) o déficit de infraestruturas, 2) a perda de control na xestión do monte, 3) o crecemento descontrolado da biomasa. Considérase que a protección da natureza tal e como foi aplicada até agora, lastrou as oportunidades de desenvolvemento.

Neste último caso cómpre subliñar que a Rede Natura 2000 é considerada como un fracaso, en tanto que non responde aos intereses de ninguén. Por unha banda, os discursos máis proteccionistas consideran que non hai unha protección activa da biodiversidade e a xeodiversidade. Pola outra, os discursos que enfatizan o desenvolvemento consideran que non se está a investir nada, e denuncian a ausencia práctica da administración ambiental no territorio. Todas estas visións poden enmarcarse dentro do que Büscher e Fletcher (2020) consideran o auxe do neoliberalismo na xestión de espazos protexidos. O baleirado de funcións nos organismos públicos parece ter moito que ver con esta situación (Cortés Vázquez e Beltrán, 2019), derivados dos recortes aplicados desde a crise de 2008, así como a nova retórica favorable á mercantilización dos "servizos ecosistémicos". As limitacións da Rede Natura 2000 en Galicia xa foron sinaladas por Rodríguez Rodríguez e Paül (2024) nun estudo de caso particular, de xeito que a presente tese de doutoramento reitera as súas inferencias para outros dous ámbitos de estudo.

Perante o esquema de actitudes proposto por Depraz (2008), cómpre destacar as favorables á declaración. Porén, si que se observa unha tendencia cara á desmobilización ou mesmo a indiferenza na cuestión, máis marcada no caso de Pena Trevinca. Nesta situación sen dúbida ten moita responsabilidade a constante negativa da Xunta de Galiza a discutir calquera posible declaración de parque natural, o cal abre, sen dúbida, unha nova etapa na historia da protección en chave natural-ambiental de determinados ámbitos de Galiza segundo descrita por Paül (2017a). Mesmo recollemos algunhas voces escépticas ante a posibilidade de crear un parque natural.

A defensa pechada que vén realizando a AMPPN no caso do Monte Pindo é quizais o mellor exemplo de como se pode avanzar no proceso de patrimonialización desde fóra das institucións públicas. De feito executan accións encamiñadas nos tres piares deste proceso identificado por Choay (1992): selección, conservación e transmisión. Desde un primeiro momento seleccionaron aqueles elementos prioritarios para a futura protección, formularon propostas para conservalos ―executaron accións de restauración ambiental sobre o terreo até que lles foi prohibido― e mantiveron actividades periódicas de transmisión destes valores a protexer. Deste xeito, e xa desde a perspectiva da creación do patrimonio elaborada por Harrison (2015: 36), esta asociación estaría a exercer "categorizing, curating, conserving [and] communicating", coa vista posta en lograr o recoñecemento máis amplo posible por parte da sociedade (Gómez Mendoza, 2013).

A repetida negación da protección por parte da Xunta de Galiza parece alimentar o ánimo mobilizador nuns casos e a desesperanza noutros. O conflito en Monte Pindo retroalimentouse durante unha década cunha sucesión de encontros entre a Xunta e a AMPPN, e as consecuentes mobilizacións desta última cando se freou o proxecto no Parlamento de Galiza. Esta espiral viviu o seu momento álxido no trienio 2012-2014, xusto

antes e despois do último gran incendio que asolou o macizo, pero co paso dos anos as persoas entrevistadas recoñecen que o conflito se enquistou. Prodúcese deste xeito a volta a unha disputa latente, en palabras de Depraz (2008).

Por que entón esa busca da categoría concreta de parque natural? Segundo o esquema internacional de categorías de protección (Dudley, 2008), os parques naturais aquí propostos encaixarían no espazos protexidos de tipo VI, ou "área protexida con uso sustentable dos recursos naturais". Podería alegarse, quizais por unha razón semántica, que o tipo II "parques nacionais" tamén está preto, especialmente dos discursos dos apartados 5.1 e 6.1, pero definitivamente o modelo de xestión que propón a definición da UICN afástao da proposta flexible e adaptada ás actividades humanas que propón a inmensa maioría das persoas que participaron nas entrevistas.

En liña co defendido en Paül *et al.* (2022), os resultados deste traballo apuntan a unha comprensión difusa das figuras de protección do patrimonio natural e cultural da UNESCO. No Monte Pindo emerxeu con forza nos últimos anos a proposta dun Xeoparque, como forma de aproveitar a mobilización social da AMPPN para lograr avances sen agardar ao cambio de postura da Xunta de Galiza. Malia a que conta cunha xustificación científica solvente (Costa Casais *et al*., 2015), o certo é que nas entrevistas concíbese máis como un recoñecemento en chave de dinamización e potenciación dunha marca territorial. Ademais, a proposta volveu chocar contra un muro, pois semella que o apoio político a este tipo de figuras vén determinado máis en coordenadas turísticas que en funcións dos valores a conservar.

Neste sentido, concordamos con Stolton e Dudley (2015) cando afirman que as actitudes ante a creación dos espazos protexidos dependen en gran medida da percepción dun beneficio potencial. Así, no caso de que as persoas partidarias sexan quen de transmitir á comunidade local que se verá beneficiada, é posible que o proceso de patrimonialización remate por fecharse satisfactoriamente para a súa causa. En vista das entrevistas, parece existir unha fractura respecto desta posibilidade. Por unha banda están os discursos que efectivamente defenden esta tarefa pedagóxica, de crear conciencia na poboación local sobre os réditos da protección. Pola outra, identificamos outros discursos máis ligados ao sentimento de pesimismo, ante o paso dos anos sen avances na materia. Estas últimas lecturas tenden en maior medida a colocar o foco na administración, e consideran que é máis ben aí onde se debe dar a batalla para facerlle ver a capacidade dos parques naturais de creación de sinerxias positivas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

8 CONCLUSIÓNS

A declaración de novos parques naturais é unha eterna materia pendente en Galiza. Ante a desesperada insistencia dos colectivos ecoloxistas nos últimos vinte anos —contados desde a última declaración de 2002, mais esta liña reivindicativa vén desde o momento seminal do ecoloxismo na década de 1970—, a realidade é que non existe actualmente a intención de ampliar a rede.. Todo semella indicar que o principal sustento argumental deste bloqueo exercido polo goberno autonómico é o suposto rexeitamento das comunidades locais á creación de figuras máis restritivas nos seus respectivos territorios[24]. Co traballo desenvolvido nesta tese de doutoramento demostramos que, se existir ese rexeitamento no seo da veciñanza destes lugares, este está lonxe de ser unánime.

Figura 59. Presentación dunha nova campaña de atracción de visitantes aos seis parques naturais e ao parque nacional de Galiza, titulada "7 días, 7 parques", na maior feira internacional de turismo (FITUR)

Fonte: Xunta de Galiza, 2022

Ironicamente, a Xunta emprega de forma intensa os poucos parques declarados (Figura 59) como marcas de promoción turística do patrimonio natural. A xulgar pola exigua superficie representada por estas figuras de protección, semella que se optou —sexa de xeito deliberado

[24] Neste sentido, as últimas declaracións públicas da Xunta sobre a declaración dun parque natural son as realizadas en 2016 pola entón Directora Xeral de Protección da Natureza. Tras unha xuntanza con membros da AMPPN, o alcalde de Carnota e profesores universitarios, Ana María Díaz declaraba que "no somos contrarios a la declaración de parque natural, aunque tiene que haber un aval científico y técnico y una concienciación social, porque implica restricciones" (*La Voz de Galicia*, 19/07/2016) Dispoñible en liña: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2016/07/29/monte-pindo-intentara-conseguir-macizo-reconocimiento-unesco/0003_201607B29C3992.htm [Consultado o 12/09/2024]

ou non— por reservarlle a menos do 1% do pais a exclusividade da representación da natureza prístina galega. Fóra diso atopamos un conxunto de espazos protexidos que representan aproximadamente o 12% do territorio, entre os que destaca a Rede Natura 2000, e que non acaban de atopar o seu acomodo dentro das representacións oficiais da paisaxe de Galiza.

Dentro dese último conxunto existen propostas de parques naturais nacidas desde o local e defendidas por entidades ou por persoas a título individual. Os principios que as fundamentan están lonxe de aferrarse a unha idealización da natureza á vista dos resultados obtidos. Tampouco se trata dunha renuncia á defensa dos valores naturais das paisaxes estudadas, senón que máis ben puidemos comprobar nesta tese que esa teima pola protección de Pena Trevinca e do Monte Pindo ancórase en primeiro lugar na vontade de desenvolver estas comunidades a partir dos seus propios recursos.

Con estes argumentos enriba da mesa, resulta difícil comprender a negativa a aumentar o mapa galego de espazos protexidos. Mesmo adoptando unha óptica utilitarista da protección, non sería difícil atoparlles acomodo na cada vez máis evidente instrumentalización turística da Rede de Parques Naturais (Figura 59). Algúns actores defensores dos novos parques realizan un esforzo consciente e mesmo estratéxico de modulación discursiva para facer ver a veciñanza que non teñen nada que temer coa designación das súas terras nesta categoría e para, ao mesmo tempo, tratar de disuadir á Xunta dos seus receos biocéntricos.

8.1 CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS E DAS HIPÓTESES DE PARTIDA

Após discutir as iniciativas de Pena Trevinca e o Monte Pindo coa teoría de partida, retomamos agora os obxectivos e as hipóteses formuladas no capítulo introdutorio. Procuramos así pechar o ciclo hipotético-dedutivo verificando se os nosos postulados exploratorios estaban no certo. É por iso que se fai necesario regresar agora ao punto de partida para interpretar o que esta investigación achega á cuestión.

Ao comezo desta tese de doutoramento propuxémonos estudar as representacións paisaxísticas asociadas a iniciativas locais de declaración de parques naturais na montaña galega (Obxectivo 1). En paralelo tamén procurabamos coñecer que argumentos manexaban as persoas participantes para soster estas propostas (Obxectivo 2), de xeito que se puidesen formular medidas de concertación entre as súas perspectivas e as esixencias propias dos espazos protexidos e, deste modo, reducir a conflitividade identificada nas áreas de estudo (Obxectivo 3).

Podemos dar por cumpridos até aquí os dous primeiros, cunha serie de matices que abordamos a continuación. No caso do terceiro obxectivo, o seu carácter puramente propositivo implicará a súa mobilización neste capítulo de Conclusións, en concreto será desenvolvido no apartado 8.3 que pecha o documento.

> **Obxectivo 1**: analizar o papel dos novos imaxinarios paisaxísticos da montaña galega nas propostas de declaración de parques naturais.

Acadamos este obxectivo na medida en que fomos quen de despregar nos dous casos de estudo unha investigación cualitativa fundamentada nun traballo de campo rigoroso. Alén da revisión documental e bibliográfica realizada como aproximación previa, salientamos as entrevistas sustentadas nunha metodoloxía consistente e a observación participante continuada ao longo de case cinco anos. Dese traballo en conxunto acabaron por emerxer lecturas paisaxísticas que considerabamos pouco ou nada exploradas até o de agora. Consideramos moi

relevante a achega realizada na identificación de relacións entre construción da paisaxe e protección da natureza.

> **Obxectivo 2**: estudar os argumentos de persoas e colectivos que impulsan novos parques naturais desde o local.

Estudamos estes argumentos de xeito continuo ao analizarmos cada unha das entrevistas. En efecto, moitas das veces permanecían velados, pois non se verbalizaban directamente, e foi aí onde se puxo de manifesto a importancia da análise a través de códigos. Alí onde foi posible, identificamos colectivos ou actores que están a configurarse como protagonistas dos fenómenos de patrimonialización da paisaxe. Esa ollada á transcendencia colectiva dos discursos, fronte á dispersión individualista estivo presente de xeito transversal ao longo de todo o traballo.

Deseguido, examinamos o cumprimento das hipóteses de partida. Podemos considerar confirmada a primeira, parcialmente refutada a segunda, mentres que a terceira non puido ser confirmada, mais tampouco desbotada.

> **Hipótese 1:** As propostas de creación de parques naturais estudadas están ligadas á emerxencia dunha nova representación da paisaxe de montaña en Galiza.

As persoas participantes reproduciron nas entrevistas unha serie de percepcións da paisaxe disonantes co habitual argumentario do movemento ambientalista galego. En primeiro lugar porque defenden espazos protexidos nos que o desenvolvemento das comunidades adquira protagonismo. A insistencia das persoas vinculadas á AMPPN en que non queren converter o lugar nunha "reserva india" evidencia a circulación de preconceptos negativos cara ás figuras de protección no seo das comunidades locais. Como arma fronte estes discursos, as persoas partidarias do parque natural asumen unha representación da paisaxe afastada dos ideais de natureza prístina: denuncian as restricións da Rede Natura 2000 sen contraprestacións, reivindican o pasado pastoril do lugar e resaltan os aspectos inmateriais como valores a preservar.

En Pena Trevinca observamos unha situación máis embrionaria, pois a representación da paisaxe deste macizo si participa en maior medida de argumentos que poderíamos considerar propios da natureza romántica. Identifícase o recurso á defensa dos sectores máis "salvaxes" fronte a aqueles que están a ser vítima de impactos ambientais, nomeadamente as minas da contorna e as repoboacións forestais. De todos xeitos, en relación co discurso tradicional da paisaxe en Galiza, a mera constitución de discursos paisaxísticos propios arredor da montaña máis alta do país significa un avance indiscutible.

> **Hipótese 2:** Os criterios supostamente obxectivos esgrimidos pola administración perante as propostas de declaracións de novos parques naturais agochan razóns ideolóxicas. Formúlase a hipótese dunha representación demasiado restritiva da natureza por parte da Xunta de Galiza, que opera por tras de xustificacións técnicas ou positivistas. Esta visión nesgada ponse de manifesto cando se confronta con emerxentes percepcións da poboación local, fundamentadas na compatibilidade de protección e actividades humanas.

Puidemos evidenciar grazas ao tratamento das entrevistas que, detrás da non declaración de novos parques naturais, subxace un conflito de representación paisaxística, cunha remarcada índole política. No caso de estudo de Pena Trevinca a conflitividade non ten un cauce organizado aínda, permanece en segundo plano como reinvindicación de colectivos montañeiros ou de actores relevantes a título individual. Mais si que se observa unha reivindicación do macizo como un dos últimos lugares de natureza salvaxe, nos que é posible

realizar montañismo e, en definitiva, onde a alta montaña galega acada a súa máxima expresión. Estas motivacións, no entanto, non son suficientes para afirmar que a Xunta de Galiza estea a adoptar unha posición abertamente de rexeitamento ao parque.

Onde si podemos dar por confirmada a hipótese é no Monte Pindo. Neste caso hai unha negativa da administración en base a argumentos restritivos. A situación vólvese verdadeiramente paradóxica, pois son os defensores dunha maior protección para o lugar os mesmos que demandan unha maior conciliación entre o desenvolvemento económico e os obxectivos de conservación deste espazo protexido que conta actualmente coa cualificación de ZEC.

> **Hipótese 3:** A delimitación de espazos naturais en Galiza segue a lóxica biocéntrica de conservación por exclusión do humano. Parece entenderse dun modo estrito a natureza, e por iso Galiza, que é vista como un país densamente habitado, non encaixa ben nese marco conceptual. Só de maneira illada, e certamente algo forzada, se atoparon redutos do que na tradición da Deep Ecology si entende como ecosistemas en estado natural ou semi-natural.

Non se puido dar por certa esta hipótese cos resultados na man. A xulgar polo exposto nas entrevistas, non existen grandes impedimentos entre a poboación local para aplicar un réxime de protección como o que representan os parques naturais. O bloqueo, por tanto, ten unha orixe diferente e en gran medida externa ás áreas de estudo: no caso de Pena Trevinca parecen estar en xogo intereses de actores económicos e do mundo cinexético. No Monte Pindo, as persoas entrevistadas apuntan máis cara a unha instrumentalización política a unha dobre escala local e autonómica. A Rede Natura 2000 é asociada ás impopulares restricións ao uso destas montañas, mais xa están en marcha desde hai tempo, polo que o debate se centra en que tipo de parque natural se implementaría.

8.2 APRENDIZAXES E LIMITACIÓNS IDENTIFICADAS

No apartado 1.5 repasaramos os antecedentes máis destacados en referencia aos espazos protexidos galegos. Nese momento identificabamos a necesidade de desenvolver en maior medida o coñecemento sobre a última fase na historia das figuras de protección do noso país. Os retos actuais a este respecto son enormes, pois vén de ser aprobada hai escasos anos unha nova lei autonómica que regula esta materia. En efecto, eses últimos anos poden considerarse de parálise no relativo ás declaracións, pero son de enorme interese en canto á circulación de novos discursos conservacionistas que fuxen da estratexia naturalista dominante até agora nos movementos de defensa dos espazos protexidos. Ao longo da década de 2010, co exemplo paradigmático da AMPPN aquí revisado, parecen abrirse novos debates sobre a compatibilidade do desenvolvemento das comunidades locais e a protección do patrimonio natural.

Os dous casos finalmente seleccionados permitiron contrastar o fenómeno das declaracións frustradas de parques naturais en Galiza e achegaron novas chaves para entender como se articulan estas propostas desde a cidadanía. Como xa explicabamos no apartado 1.5, quedaron outros dous futuribles parques sen tratar nesta tese. Consideramos de enorme interese abordalos nun futuro pois achamos que o contraste do Monte Pindo coa súa contraparte na serra litoral viguesa e o de Pena Trevinca coa de Ancares pode achegar novas perspectivas que nesta ocasión non fomos quen de debullar. A xeito prospectivo atrevémonos a imaxinar que a articulación de movementos a favor da declaración de espazos protexidos —se ben vive unha forzosa

hibernación— non se deterá mentres non se peche o ciclo de patrimonialización iniciado hai xa uns anos nestes catro espazos protexidos. Imponse, en fin, comprobar se as conclusións aquí obtidas se dan corroborado, ou, polo contrario, refutado, en casos asimilables. Igualmente, e alén dos dous casos previstos inicialmente e non abordados na práctica, outros espazos naturais protexidos galegos potencialmente convertibles en parque natural tamén poderían constituír futuros laboratorios investigadores coa óptica aquí ensaiada.

No tocante á metodoloxía despregada, o desenvolvemento de entrevistas semiestruturadas adquiriu sentido desde o momento en que permitiu manter conversas espontáneas con actores locais sen sobreimpoñer as ideas do propio investigador. Comprobouse de primeira man a relevancia de conducilas en espazos nos que a persoa participante se sinta cómoda e, a poder ser, na mesma área de estudo. Consideramos que é un método con marxe de maior implementación nun futuro en estudos similares, pois existe a posibilidade de continuar a realizar novas entrevistas noutras posibles áreas de estudo que xurdiron á calor de novas iniciativas similares de creación de espazos protexidos. Igualmente, se cadra sería unha vía interesante contrastar os resultados deste método con outros concomitantes tales como a elaboración de enquisas, en termos moito máis cuantitativos e positivistas.

De igual modo, a utilización dunha matriz de análise no momento do tratamento das entrevistas é valorada de forma globalmente positiva, pois ofreceu a oportunidade de organizar un fluxo de información que do contrario ficaría disperso. Ademais, revelouse como unha forma áxil de agrupar un gran número de códigos. Cómpre mencionar, neste sentido, que manexamos finalmente máis dun cento de códigos, cos que sistematizamos a análise de máis de 40 horas de gravacións. A achega das árbores de códigos para cada un dos discursos identificados —seis en total— consideramos que permite transmitir este fluxo de información de xeito moi visual.

No entanto, existe marxe de mellora nesta dirección. En efecto, cumpriría minimizar a sobreimposición de discursos ou clústers preconcibidos polo investigador. Resulta mester recoñecer que, malia a vontade en sentido contrario, é inevitable acomodar en certa medida algúns resultados aos preconceptos e nesgos propios. A disposición dos contidos que se pode observar no cadro analítico de cada un dos dous casos supuxo introducir dedución nunha fase de elaboración da tese que se pretendía máis indutiva. Honestamente, as vías dedutiva e indutiva non semellan operar de forma antitética, senón moito máis complementaria do que en aparencia se podería pensar.

Outro elemento a mellorar ten que ver, sen dúbida, co nesgo introducido na selección das persoas participantes. En parte foi consecuencia lóxica das limitacións propias da metodoloxía do *snowballing* (Cope, 2010), que significa priorizar a emerxencia orgánica de actores relevantes sobre o terreo. Mais tamén cómpre interrogarnos sobre a idoneidade de entrevistar actores da administración, que achegasen a visión propia da contraparte neste conflito de representacións paisaxísticas. Esta investigación só puido achegar a óptica desde o punto de vista das comunidades locais, polo que calquera discurso da administración responde ao que infiren externamente as persoas entrevistadas. Neste senso, as cuestións indicadas no apartado metodolóxico relativas á conformación da mostra "nesgan" irremediablemente os resultados obtidos.

Malia estas limitacións, consideramos que a aposta por unha lectura social dos espazos protexidos realizada nesta tese sae reforzada, pois permitiu responder algúns dos interrogantes formulados ao inicio e, asemade, abrir novas cuestións cara ao futuro. Sen este prisma dificilmente teriamos afondado nas representacións de actores locais, até o punto de consideralos os protagonistas da investigación. Os espazos protexidos son definidos por Depraz

(2008: 292) como "territoires de gestion social de la nature", unha afirmación coa que concordamos, pois implica asumir que as persoas e as súas representacións da natureza están detrás da definición dos obxectos de protección.

8.3 PROPOSTAS DE XESTIÓN DE CARA AO FUTURO

O último dos tres obxectivos principais fixados no capítulo introdutorio comprendía a formulación de propostas que faciliten a participación das comunidades locais nos procesos de declaración de espazos protexidos. Para concretalo eliximos o formato de decálogo de recomendacións, dirixido fundamentalmente á administración, mais elaborado á luz dos resultados obtidos a partir do traballo de campo en Pena Trevinca e no Monte Pindo. En conxunto, son dez ideas que permitirían orientar as políticas públicas en materia de espazos protexidos de acordo coas aspiracións das persoas entrevistadas e, ao mesmo tempo en coherencia co disposto na lexislación vixente. Polo tanto non se trata aquí de formular propostas maximalistas, senón máis ben medidas que poden ser executadas de forma inmediata ou a medio-curto prazo. Cremos, en definitiva, que este decálogo pode ser un bo punto de partida sobre o que fundamentar un cambio de rumbo no panorama da protección do patrimonio natural en xeral, e dos parques naturais galegos en particular.

DECÁLOGO DE RECOMENDACIÓNS

1. **Realizar estudos individualizados para cada un dos espazos protexidos susceptibles de seren parques naturais.** Até o de agora realizáronse valiosos traballos parciais sobre distintos valores de conservación dos espazos protexidos da RGEP e da Rede Natura 2000. A administración podería financiar de xeito estable a investigación neles coa intención de permitir unha sistematización dos traballos e editar unha serie de obras divulgativas a partir deles.

2. **Facilitar o acceso á información sobre a RGEP completa e centralizada, alén dos contidos turísticos actualmente dispoñibles**. Tanto os soportes dixitais como os materiais editados están centrados na promoción turística, mentres que a actividade dos órganos de xestión nin é accesible nin rende contas perante a veciñanza afectada.

3. **Declarar dous novos parques naturais na montaña galega**. De acordo con esta tese, podería iniciarse o proceso de declaración no Monte Pindo e Pena Trevinca de forma inmediata, pois existe un consenso civil suficiente para sustentalos desde a base.

4. **Aproximarse ás recomendacións da UE en materia de espazos protexidos ampliando a Rede Natura 2000 até 30% da superficie (Comisión Europea, 2021).** Un paso necesario para unha maior representatividade da biodiversidade, a xeodiversidade e a paisaxe.

5. **Ofrecer asistencia técnica e xurídica para os habitantes de espazos protexidos coa intención de facilitar o cumprimento das restricións.** Moitos dos conflitos detectados nas entrevistas entre veciñanza e as medidas de protección serían aliviados ofrecendo asesoramento e información.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6. **Dedicar fondos estables que garantan unha financiación suficiente das medidas de xestión contidas no PRUX dos parques naturais.** Pois detectouse ao longo dos Resultados que un dos principais temores da poboación local é a aplicación de restricións sen contraprestacións. Cómpre equilibrar os investimentos en chave turística e de promoción cos vencellados a intervencións que afecten directamente ao benestar da veciñanza e aos obxectivos de conservación. As condicións socioeconómicas evidenciadas urxen introducir a perspectiva de xénero e facilitar a inclusión social nas comunidades dentro dos perímetros de protección e as máis próximas a estes.

7. **Aplicar e dotar de medios as medidas (tanto vinculantes como orientativas) contidas nas DOT referentes á rede de espazos protexidos.** O instrumento principal de ordenación do territorio contén medidas concretas que fican en papel mollado se non se activan.

8. **Dotar de recursos aos organismos de xestión dos espazos protexidos**. A asignación orzamentaria destes departamentos autonómicos debe incrementarse para permitir cumprir as medidas anteditas.

9. **Descentralizar os espazos protexidos.** Especialmente as direccións dos parques, para facer deles figuras que aproximen a súa xestión e a súa toma de decisións á cidadanía directamente afectada.

10. **Facilitar o control cidadán e o exercicio dos dereitos en materia de transparencia referentes aos espazos protexidos.** Nese sentido, faise necesario retomar o diálogo co conxunto de actores involucrados na declaración e na xestión dos mesmos. Polo tanto, debe ser normalizada a actividade periódica de organismos colexiados que permiten a participación de organizacións sociais, nomeadamente o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e do Observatorio Galego da Biodiversidade.

Un bo xeito de iniciar a aplicación destas medidas podería ser precisamente a normalización dos órganos de participación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galiza. A Rede Galega de Espazos Protexidos é un caso paradigmático neste sentido, pois aparte da súa creación en 2016, pouco máis se sabe dela (De Luaces *et al*., 2020). Non existe unha representación efectiva de cada espazo protexido e, menos aínda, representantes das comunidades locais dos mesmos. As xuntanzas do órgano, de producírense, non transcenden á opinión pública e non poden ser fiscalizados pola veciñanza.

Outra proposta orientada á participación da sociedade nas decisións políticas é a descentralización dos espazos protexidos. Actualmente as direccións dos parques, os organismos encargados da xestión da Rede Natura 2000, ou o propio deseño dos instrumentos de conservación pivota arredor da sede da Consellería en San Lázaro. A presenza nos territorios afectados, non só de operarios e técnicos en tarefas puntuais, senón dos propios órganos de xestión axudaría a achegar a toma de decisións e a facilitar o diálogo.

A dotación de recursos económicos e de cadros de persoal estables para estes espazos protexidos reportaría, como se comentou nalgunhas das entrevistas, unha oportunidade para moitas persoas que acaban emigrando ante a falta de ofertas laborais no lugar. Así poderíase realizar unha convocatoria pública de emprego para cubrir determinados postos en distintas

